



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO  
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 6

2004

**Edita**    **Xunta de Galicia**  
**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**  
**Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades**

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria  
**CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ**  
Director Xeral de Política Lingüística  
**XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS**  
Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro  
**MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ**  
Director Técnico da área de Lingüística  
**GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ**

Estrada Santiago-Noia, Km. 3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.  
Tfno. +34 981 542 684    Fax. +34 981 542 553  
Enderezo electrónico    [paremias@cirp.es](mailto:paremias@cirp.es)  
[http: //www.cirp.es](http://www.cirp.es)

**Autor**    **VARIOS**  
**Título**    *Cadernos de Fraseoloxía Galega 6*

**ISSN:** 1698-7861 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

**ISSN:** 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

**ISBN:** 84-453-2769-0 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

**ISBN:** 84-453-3951-6 (Caderno 6)

**D. L.**    VG-1302-2004

Imprime:    Gráficas Numen  
                  García Barbón, 106. 36202 VIGO  
                  Tfno.: +34 986 222 653 - Fax: +34 986 220 298



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO  
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 6

**2004**

XUNTA DE GALICIA

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal  
Secretaria: María Álvarez de la Granja

## CONSELLO CIENTÍFICO

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)  
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)  
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)  
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)  
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)  
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)  
Luís González García (Universidade da Coruña)  
M<sup>a</sup> Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)  
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)  
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)  
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)  
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)  
António Nogueira Santos (Portugal)  
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)  
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Ferro Ruibal  
Ana García Lozano  
Marta Rodríguez Añón  
Cristina Veiga Novoa  
Ana Vidal Castiñeira

## Presentación

O número 6 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* ofrece cinco grupos de estudos. O primeiro compóñeno catro reflexións sobre a doutrina fraseolóxica de Valerii Mokienko (*Fraseoloxía eslava de V. Mokienko* por K. Morvay; *A relevancia da teoría da modelabilidade de Valerii Mokienko a través da súa monografía ‘Fraseoloxía Eslava’* por C. Mellado Blanco; e dúas aplicacións prácticas: *Aplicación da teoría de modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos* por E. Guerbek, V. Mokienko e K. Vlasákova; *Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas* por X. Ferro Ruibal). O segundo compóñeno reflexións verbo das *Colocacións verbais: estabilidade fraseolóxica vs. combinatoria sintáctico-semántica* por J.P. Larreta e da *Formalización lingüística dos adverbios compostos do catalán* por D. Català Guitart. O terceiro fórmalo traballos que analizan o vello labor fraseográfico (*Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos* por G. Conde Tarrío) pero tamén os novos métodos (*Extracción automática de colocacións e modismos* por A. Pamies Bertrán e J.M. Pazos Granada; *Estudo das colocacións a través da análise de corpus: un estudo práctico das colocacións co verbo galego “caer” e o correspondente inglés “to fall”* por M.C. Paz; *Por unha metafraseografía peninsular* por K. Morvay). Un dos problemas máis complexos da fraseografía e da tradución está nos niveis de uso, para a primeira, e no de correspondencia, para a segunda: a eles aluden o traballo *Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego* por X.M. Gómez Clemente e mais *O concepto “correspondencia” na tradución paremiolóxica* por J. Sevilla Muñoz, no cuarto bloque. Por último, a didáctica da fraseoloxía, ausente aínda en boa parte dos nosos estudos regrados, encontra aquí dúas propostas complementarias: *A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada* por M.I. González Rey e *Aplicacións didácticas dos refráns* por M.R. Soto Arias.

*Cadernos de Fraseoloxía Galega* procurará exhumar sempre algunha **recadádiva** galega inédita. Neste caso M<sup>a</sup> Carmen Paz Roca e Ana Vidal Castiñeira ofrecen o *Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco* que complementa a voluminosa edición do número 5 deste *Cadernos*.

A sección de **recensións** analiza cinco libros: *As locucións verbais galegas* (M. Álvarez de la Granja), *La phraséologie du français* (M.I. González Rey) *Fraseologismos somáticos del alemán* (C. Mellado Blanco), *Pequeno refraneiro alemán-galego* (M.E. Rodríguez León) e *Diccionario inglés y español de modismos (Las frases que Ud. necesita) A Spanish and English Dictionary of Idioms (The phrases you need)* (D. Carbonell). Asinan estas recensións J. Leiva Rojo, M. Álvarez de la Granja, Cristina Veiga Novoa (2) e Ana García Lozano respectivamente. Remata este número cunha breve *Noticia de traballos fraseolóxicos* que se están realizando en Galicia e que asina a Redacción.

Esta revista agradece as colaboracións recibidas e mailas que xa se anuncian e agradece tamén a atención con que a reciben diferentes investigadores e Universidades de Europa. E, como os cinco números anteriores xa están esgotados, informa que se poden baixar íntegros en formato PDF da nosa páxina na Rede <http://www.cirp.es/cdn/cfg/cfg.html>

As colaboracións para o vindeiro número deberán estar na Redacción antes do 30 de abril do 2005.

Como a conversión de formatos entre diferentes procesadores de texto non sempre é doada, CFG solicítalles ós futuros colaboradores que se atean estritamente ás normas de estilo, que se inclúen ó final deste número.

O Consello de Redacción

# Índice

|                                                                                                                                                                                                   |                |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| <b>ESTUDOS .....</b>                                                                                                                                                                              | <b>9</b>       |
| CATALÀ GUITART, Dolors: <i>Formalización lingüística dos adverbios compostos do catalán .....</i>                                                                                                 | 11             |
| CONDE TARRÍO, Germán: <i>Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos .....</i>                                                                                 | 27             |
| FERRO RUIBAL, Xesús: <i>Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas .....</i>                                                                                                       | 57             |
| GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María: <i>Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego .....</i>                                  | 81             |
| GONZÁLEZ REY, M <sup>a</sup> Isabel: <i>A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada .....</i>                                                                                              | 113            |
| GUERBEK, Ekaterina et alii: <i>Aplicación da teoría de modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos.....</i>                  | 131            |
| LARRETA ZULATEGUI, Juan Pablo: <i>Colocacións verbais: estabilidade fraseolóxica vs. combinatoria sintáctico-semántica .....</i>                                                                  | 141            |
| MELLADO BLANCO, Carmen: <i>A relevancia da teoría da modelabilidade de Valerii Mokienko a través da súa monografía Fraseoloxía Eslava (1980/trad. 2000) .....</i>                                 | 149            |
| MORVAY, Károly: <i>Por unha metafraseografía peninsular .....</i>                                                                                                                                 | 159            |
| MORVAY, Károly: <i>Reflexións verbo da ‘Fraseoloxía eslava’ de V. Mokienko .....</i>                                                                                                              | 169            |
| PAMIES BERTRÁN, Antonio e PAZOS GRANADA, José Manuel: <i>Extracción automática de colocacións e modismos .....</i>                                                                                | 191            |
| PAZ ROCA, M <sup>a</sup> Carmen: <i>Estudo das colocacións a través da análise de corpus: un estudo práctico das colocacións co verbo galego “caer” e o correspondente inglés “to fall” .....</i> | 205            |
| SEVILLA MUÑOZ, Julia: <i>O concepto “correspondencia” na tradución paremiolóxica .....</i>                                                                                                        | 221            |
| SOTO ARIAS, M <sup>a</sup> do Rosario: <i>Aplicacións didácticas dos refráns .....</i>                                                                                                            | 231            |
| <br><b>RECADÁDIVA .....</b>                                                                                                                                                                       | <br><b>251</b> |
| PAZ ROCA, M <sup>a</sup> Carmen e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana: <i>Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco .....</i>                                                                               | 253            |

|                                                                                                                                                                                                           |            |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| <b>RECENSIONS E BIBLIOGRAFÍA .....</b>                                                                                                                                                                    | <b>265</b> |
| ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María. <i>As locucións verbais galegas</i> . Por Jorge Leiva Rojo .....                                                                                                             | 267        |
| CARBONELL BASSET, Delfín: <i>Diccionario inglés y español de modismos (Las frases que Usted necesita) A Spanish and English Dictionary of Idioms (The phrases you need)</i> . Por Ana García Lozano ..... | 271        |
| GONZÁLEZ REY, M <sup>a</sup> Isabel. <i>La phraséologie du français</i> . Por María Álvarez de la Granja .....                                                                                            | 272        |
| MELLADO BLANCO, Carmen. <i>Fraseologismos somáticos del alemán</i> . Por Cristina Veiga Novoa .....                                                                                                       | 275        |
| RODRÍGUEZ LEÓN, M <sup>a</sup> Esmeralda: <i>Pequeno refraneiro alemán-galego</i> . Por Critina Veiga Novoa .....                                                                                         | 279        |
| <i>Noticia de traballos fraseolóxicos feitos en Galicia ou en curso de elaboración dende o ano 2000 e que están inéditos, en prensa ou en elaboración</i> . Polo Consello de Redacción .....              | 285        |



**Estudos**



## Formalización lingüística dos adverbios compostos do catalán

Dolors Català Guitart<sup>1</sup>

Universitat Autònoma de Barcelona

Neste artigo presentámo-la formalización lingüística dos adverbios compostos do catalán nun dicionario electrónico que será implantado en sistemas de tratamento automático das linguas. No marco teórico do léxico-gramática, propoñémo-la súa definición e a súa clasificación baseada na súa estrutura interna. Describiremos tamén a microestrutura do dicionario (incluíndo informacions semánticas).

The aim of this paper is to present the linguistic formalization of frozen compound adverbs in an electronic dictionary designed for Catalan-Spanish machine-translation software. Within the framework of lexicon-grammar, we propose their definition and their classification based on their internal structure. We describe also the microstructure of the dictionary (including semantic information).

O estudo das expresións fixas suscita nos últimos anos o interese de numerosos investigadores, pois lonxe de constituíren un fenómeno illado no discurso, a súa frecuencia de emprego mostra o papel que desempeñan na lingua e ata que punto os enunciadores recorren a elas. Con respecto a isto, Mel'čuk sinala:

*un natif parle en phrasèmes [...] cependant, à cause de leur caractère imprévisible et capricieux, aucune des branches reconnues de la linguistique (sémantique, syntaxe, morphologie) ne s'occupe des phrasèmes! Cela se comprend, étant donné que les phrasèmes doivent être étudiés conjointement par toutes les disciplines linguistiques: ils ont habituellement un sémantisme assez exotique et difficile à décrire, leur syntaxe est souvent différente de celle des*

---

<sup>1</sup> Traducido por Cristina Veiga Novoa.

*syntagmes libres, et même leur morphologie a ses traits particuliers* (Mel'čuk 1993: 84).

O proceso diacrónico da fixación sempre interesou ós lingüistas. A informatización dos datos lingüísticos nos dicionarios electrónicos, así como o tratamento automático das linguas, puxeron en evidencia a importancia das expresións fixas e marcaron unha mudanza de óptica. Os traballos de Maurice Gross (1982), seguidos dos de Gaston Gross (1996), permitiron analizar profundamente o fenómeno da fixación común a estas secuencias ó daren descrições sistemáticas do seu funcionamento.

No marco das investigacións realizadas pola sección Lexicologie Contrastive et Sémantique Formalisée do grupo de Lingüística Aplicada a las Linguas Románicas da Universitat Autònoma de Barcelona, con vistas á construción dun dicionario electrónico das expresións fixas dentro do sistema INTEX, centrámolo no noso interese nos adverbios compostos do catalán en particular. Os adverbios compostos constitúen unha das categorías máis heteroxéneas dentro do conxunto destas expresións. Situámonos daquela na perspectiva do lingüista informático, cuxa función é dar unha descrición formalizada da súa lingua de traballo.

Por iso, presentaremos en primeiro lugar os postulados de base e a noción de adverbio que subxacen ó noso estudo. De seguida definiremo-lo adverbio composto e finalmente describiremo-lo módulo de adverbios organizados en 16 clases a partir da súa estrutura interna, tamén evocaremos-la microestrutura do dicionario electrónico.

## **1. Marco teórico**

### **1.1. O léxico-gramática**

O noso marco de referencia é o do léxico-gramática, baseado na teoría transformacional de Z. S. Harris (1976), tal e como foi elaborado por Maurice Gross (1975, 1990) e desenvolvido por Gaston Gross (1995, 1996), sobre todo nas cuestións relativas á semántica. O principio de base é que as propiedades sintácticas das palabras do léxico deben analizarse no marco da frase elemental. Este principio opónse á práctica lexicográfica corrente, que localiza o sentido nas palabras e supón a descrición sistemática e a formalización estrita das frases de base da lingua, a partir das cales poden derivar tódalas secuencias que pertencen a esta lingua. O programa do léxico-gramática consiste en describir cada palabra da lingua nunha frase elemental e enumerar tódalas transformacións desta frase. Estas descrições están formalizadas nuns dicionarios electrónicos que serán implantados en sistemas de tratamento automático das linguas.

Tamén somos tributarios de certas propostas feitas por I. Mel'čuk no marco da teoría Sentido-Texto, principalmente no tocante á descrición dos semifrasemas.

### **1.2. Noción de adverbio: xeneralidades**

O adverbio ten suscitado e suscita un interese constante por parte dos gramáticos e lingüistas. O adverbio constitúe unha clase moi heteroxénea, razón pola que provoca unha grande disparidade de opinións no que respecta á súa definición e clasificación.

Gran parte dos autores subliñan que os límites desta categoría son confusos. Bosque (1996: 26) considéaa un verdadeiro “cajón de sastre”. Pottier afirma:

*Il semble que l'on ait mis dans les grammaires sous la rubrique 'adverbes' tous les mots dont on ne savait que faire. La liste n'est jamais close et on n'en donne pas de définition intégrante* (Pottier 1962: 53).

Considerado como clase de palabras ou como función sintáctica, o adverbio non foi delimitado de maneira clara. A tradición gramatical considera os adverbios como circunstanciais que non poden ser confundidos cos argumentos: estes son esenciais e aqueles facultativos. Esta oposición non é moi evidente. Por unha banda, observamos que numerosos verbos transitivos teñen un complemento que pode ser suprimido:

- 1) *Pau menja* (*E + una amanida + un guisat*)

Por outra banda, algúns verbos seleccionan obrigatoriamente un adverbio:

- 2) *Pau es porta* (*bé + mal + com un sant*)
- 3) *Pau actua* (*correctament + com cal + com Déu mana*)
- 4) *\*Pau es porta*
- 5) *??Pau actua*

Nesta frase o adverbio forma parte da definición mesma do operador, pois non se pode suprimir. Con todo, na frase seguinte:

- 6) *Pau treballa* (*bé + malament*)

o adverbio é un predicado cuxo argumento é a frase e o sentido é “el treball de Pau és (bo + dolent)”.

Polo tanto, vemos que usos sintacticamente diferentes son reagrupados baixo a mesma categoría gramatical. Como definir entón os adverbios?

Maurice Gross alargou a noción tradicional de adverbio achegándoa á de complemento circunstancial. Seguindo este postulado, englobamos baixo o termo de adverbio xeneralizado os complementos máis ou menos facultativos da frase ou do verbo, adverbios que teñen propiedades combinatorias restrinxidas respecto ás das formas libres, por exemplo:

*Así que prefiero oír su cantinela como quien oye llover* (Etxebarria 1998: 33);

e que están comprendidos nas tres categorías da gramática tradicional: os adverbios, palabras únicas elementais (*bé, mal*) ou derivados (*esgarrifosament*), os complementos circunstanciais ou grupos nominais preposicionais (*a gatamau, per art d'encantament*) e as proposicións subordinadas circunstanciais (*en menys que gruny un camell*); e tamén algunhas exclamacións, onomatopeas e conxuncións que teñan propiedades adverbiais como a mobilidade. Esta noción pode representarse coa fórmula xeral dos grupos preposicionais: *Adv = Prép Dét N Modif*.

## 2. O adverbio composto

Os adverbios compostos reciben diversas denominacións, tal como *adverbios fixos*, *locucións adverbiais*, *expresións adverbiais*, *unidades fraseolóxicas* ou *adverbios idiomáticos*, que a miúdo son o reflexo de puntos de vista teóricos diferentes. Citaremos algunhas definicións interesantes que ilustran estas denominacións.

Casares fala de *locuciones* e defíneas como combinacións de unidades que significan en bloque. Salienta o aspecto semántico ou o significado da secuencia, que é o produto do significado dos seus elementos constitutivos, mais parece esquecer-lo aspecto sintáctico:

*combinaciones estables de dos o más términos que funcionan como elemento oracional y cuyo sentido unitario no se desprende, sin más, de la suma del significado de sus componentes* (Casares 1950: 170).

Alarcos Llorach emprega tamén o termo *locuciones adverbiales*, aínda que o punto de vista é case exclusivamente morfolóxico. Opón as unidades simples ás unidades complexas, pero as nocións de fixación e de non-composicionalidade do sentido parecen menos presentes nas súas análises, como se pode ver na seguinte afirmación:

*Otras unidades que funcionan como adverbios se revelan al análisis como compuestas por una preposición unida a sustantivos, adjetivos o adverbios: apenas, enfrente, encima, de prisa, despacio, debajo, acaso, afuera, adentro, etc. Si se consideran estas unidades como adverbios, no hay ningún fundamento para no estimar como tales también otros conjuntos análogos, aunque la grafía mantenga separados sus componentes: a veces, a golpes, en tanto, a oscuras, de pronto, de súbito, de veras, de frente, de manos, por fuera, etc. A estos compuestos (y otros más complejos: a duras penas, sin ton ni son, a pies juntillas, de hoz y de coz) que funcionan como adyacentes circunstanciales, suele aplicárseles el término de locuciones adverbiales* (Alarcos 1994: 133).

Pola súa parte, M<sup>a</sup> Ángeles Álvarez Martínez emprega a denominación *expresiones adverbiales*. Para ela o adverbio constitúe un paradigma reducido que se alarga cos adverbios en *-mente* e mercé ás expresións que reciben o nome de adverbiais e que teñen unha función adverbial. O adverbio é considerado como unha unidade simple e a expresión adverbial está composta por varios elementos:

*Puede afirmarse, así, que se está ante un adverbio cuando el segmento está formado por una sola palabra y cuando puede presentar adyacentes nominales tanto pospuestos como antepuestos. Por el contrario, habrá expresión adverbial cuando el segmento esté formado por dos o más palabras y no pueda presentar adyacentes nominales ni antepuestos ni pospuestos* (Álvarez 1994: 23).

Estas expresións adverbiais poden estar constituídas por combinacións máis ou menos fixas de preposicións e de substantivos ou participios (*en paz*, *a escondidas*), de dúas preposicións (*en contra*), de preposicións e adverbios (*de repente*)...

Para Gloria Corpas as *unidades fraseológicas* son aquelas combinacións estables de palabras cuxos trazos distintivos son a polilexicalidade, a alta frecuencia de aparición, a

institucionalización, a estabilidade e a idiomaticidade. Distingue tres grupos de unidades: as colocacións, as locucións e os enunciados fraseolóxicos. Dentro das locucións sitúa as locucións adverbiais que teñen unha función circunstancial:

*Los estudios de fraseología clasifican tradicionalmente como locuciones adverbiales a UFS<sup>2</sup> de estructura muy diversa. Frecuentemente se trata de sintagmas prepositivos que, por cuestiones de índole semántica o funcional, parecían tener cierta relación con la gramática del adverbio... La mayoría de las 'locuciones adverbiales' o 'modos adverbiales' tradicionales de la filología española son sintagmas prepositivos [...] no debe sorprender que, en calidad de elementos oracionales, este tipo de locuciones suelen cumplir la función de complementos circunstanciales (Corpas 1996: 99-100).*

Canto a Leonor Ruiz (1998), esta considera que as unidades fraseolóxicas se caracterizan pola fixación e a idiomaticidade. Tales propiedades son graduais e poden combinarse entre elas para dar lugar a expresións totalmente fixas e idiomáticas (*a la virulé*), parcialmente fixas e idiomáticas (*a mano*), etc.

Estes últimos autores teñen en conta a dupla dimensión da fixación: a fixación sintáctica (unha secuencia fixa pode ser libre ou presentar certas restricións) e a fixación semántica (o sentido dunha secuencia pode ser composicional ou non).

Para rematar, podemos afirmar con Gaston Gross que:

*Une séquence est figée du point de vue syntaxique quand elle refuse toutes les possibilités combinatoires ou transformationnelles qui caractérisent habituellement une suite de ce type. Elle est figée sémantiquement quand le sens est opaque ou non-compositionnel, c'est-à-dire quand il ne peut pas être déduit du sens des éléments composants. Le figement peut être partiel si la contrainte qui pèse sur une séquence donnée n'est pas absolue, s'il existe des degrés de liberté (Gross, G. 1996: 154).*

Así, dende un punto de vista sintáctico, os adverbios compostos teñen o mesmo funcionamento ca un adverbio simple, mais trátase de unidades polilexicais cuxa estrutura interna é obxecto de restricións de natureza diversa e cuxa significación pode ser máis ou menos opaca. Os adverbios compostos opóñense ás construcións libres desde un dobre punto de vista. Unha construción libre desemboca nunha interpretación literal, xa que o seu significado se deduce dos elementos que a compoñen. A modificación destes últimos ou a inclusión doutros termos facilitan, polo tanto, a actualización do enunciado. Alén diso, as construcións libres teñen a capacidade de constituíren paradigmas sinonímicos, mentres que as locucións fixas se caracterizan polo bloqueio e a ausencia de actualización. Maurice Gross dinos ó respecto:

*La structure globale des adverbes figés ne diffère pas de la structure des adverbes libres, soit (A) Prép Dét N Modif avec toutefois l'exception des adverbes formés d'un seul mot, classés en PADV (e.g. auparavant, partout, vite).*

---

<sup>2</sup> UF = unidade fraseolóxica.

*La différence avec les structures libres réside dans les possibilités de variation des éléments de A, les uns par rapport aux autres.*

*Une manière générale de définir des expressions figées consiste à convenir que lorsque deux éléments d'une construction (ici A) sont fixes par rapport à l'autre, alors la construction (ici l'adverbe) est figée. Outre ce critère de forme, des intuitions de sens interviennent également (Gross, M. 1986: 40)*

Por conseguinte, os adverbios presentan propiedades limitadas en relación cos adverbios libres. Veremos, non obstante, que presentan tamén numerosos trazos distintivos. Describiremos estas propiedades, que se aplican dunha maneira máis ou menos rigorosa segundo o grao de fixación da secuencia, constatando de feito a existencia dun contínuum entre as secuencias libres e as fixas. Unha análise pormenorizada destas características permitiranos peneirar mellor o fenómeno da fixación e defini-los adverbios compostos. De aí que distingamos diferentes niveis: semántico, sintáctico, morfolóxico, fonético e pragmático. Esta separación é puramente operacional e os trazos que mencionaremos están imbricados entre eles formando un todo. Gaston Gross afirma acerca disto:

*Le figement sémantique et le figement syntaxique sont deux aspects d'un même phénomène qu'il convient de ne pas séparer de façon artificielle (Gross, G. 1996: 8)*

## **2.1. Definición do adverbio composto a nivel semántico**

Desde un punto de vista semántico, distinguimos diferentes tipos de fixación. En primeiro lugar, existen adverbios compostos cuxo sentido é composicional, aínda que constitúen un marco fixo para a expresión de certo tipo de contido semántico. A súa fórmula semántica podería ser descrita como 'a' + 'b' = 'ab'. Trátase especialmente de certas secuencias que expresan un punto no tempo ou no espazo:

- 7) *L' 1 de gener de 2004*
- 8) *A les cinc del matí*
- 9) *A 22 graus de latitud nord*

En segundo lugar, existen adverbios compostos cuxos compoñentes están semanticamente presentes, mais nos que atopamos ó mesmo tempo un engadido imprevisible de sentido. Cunha fórmula semántica do tipo 'a' + 'b' = 'abc', trátase dos *cuasifrasemas*, segundo a terminoloxía de Mel'čuk (1993) :

- 10) *[Pau parla] amb coneixement de causa*

Existen tamén adverbios compostos absolutamente non composicionais dende o punto de vista semántico, que responden entón á fórmula 'a' + 'b' = 'c', cuxo sentido non inclúe o sentido de ningún dos seus constituíntes, trátase dos *frasemas completos*:

- 11) *[Varen anunciar la seva boda] a bombo i platerets*



A continuación agrupamos baixo a etiqueta de *semifrasemas* ou colocacións numerosos adverbios compostos que expresan un valor semántico determinado como a intensidade, a atenuación, a avaliación... cuxa expresión léxica está condicionada pola unidade lingüística sobre a que se aplican, a cal está fixada e se chama palabra clave. Deste xeito, dise correntemente *sord com una tàpia* pero non *sord com una paret*; nada no semantismo ou sintaxe do lexema SORD forza esta elección, a expresión correspondente non é previsible e debe aprenderse tal e como é.

Os semifrasemas responden á fórmula ‘a’ + ‘b’ = ‘ac’, na que o sentido *ac* inclúe o sentido dun dos seus constituintes (*a*) pero non o outro. Así, na frase seguinte:

- 12) [*Pau riu*] *com un boig* = ‘moitísimo’

A forma *a* presenta o sentido *a* correspondente a *riure* e combínase coa forma *b* que, no canto de presenta-lo seu sentido habitual (privación do xuízo), vehicula o sentido ‘intensidade’. Dende un punto de vista semántico o conxunto equivale a ‘moitísimo’.

Mel’çuk propón as funcións lexicais como instrumento de descrición das colocacións. Nós retivémo-las seguintes funcións lexicais: **Magn**, **Bon**, **Ver** e **Pos**; a función **Anti** e **Culm**; e outras funcións máis complexas como **LocCentr**.

A función **Magn**, ‘intenso’, ‘nun grao elevado’, serve para intensifica-lo sentido da palabra clave:

- 13) [*Plou*] *a bots i barrals*  
14) [*Pau menja*] *a tentipotenti*

As funcións **Bon**, **Ver** e **Pos** introducen un compoñente de avaliación:

**Bon** expresa unha loubanza estándar:

- 15) [*Pau està*] *com peix a l’aigua*  
16) [*Pau posa Aina*] *fins al cel*

**Ver** é un confirmador, esta función indica que algo é correcto:

- 17) [*Pau ho sap*] *de bona font, de bona tinta*  
18) [*Pau actua*] *amb plena consciència*

**Pos** expresa a avaliación positiva do actante da palabra clave:

- 19) [*Pau ofereix la seva casa*] *de bon cor*  
20) [*Pau ensenya el seus treballs*] *amb molt de gust*

A función **Anti** combínase facilmente con outras funcións, sobre todo con **Magn**, **Bon** e **Ver**, para formar funcións máis complexas:

- 21) [*Pau menja*] *com un pardalet* (**AntiMagn**)  
22) [*Pau és més delicat*] *que ungla d’ase* (**AntiBon**)

- 23) *[Pau s'ha disgustat] sense raó (AntiVer)*

A función **Culm** indica o punto culminante:

- 24) *[Pau treballa] a esclat de mort*

A función **Epit** dá adxectivos semanticamente baleiros:

- 25) *[Pau l'ha vist] amb els seus propis ulls*

A función **Centr** expresa 'o centro de':

- 26) *[Va passar] en ple estiu*

Finalmente, temos adverbios compostos cuxa forma e sentido son transparentes aínda que fixos en relación cunha situación de comunicación precisa, os *pragmatemas*:

- 27) *A reveure*

- 28) *Amb molt de gust*

## 2.2. Definición do adverbio composto a nivel sintáctico, morfolóxico e léxico

Dende o punto de vista sintáctico, os adverbios fixos distínguense dos adverbios libres en que as modificacións sintácticas están lexicamente condicionadas. Esta característica maniféstase pola suspensión das regras operacionais da sintaxe libre. Deste xeito, os compoñentes xeralmente non poden permutar:

- 29) *Pau complia les ordres del director a ulls clucs*

- 30) *\*Pau complia les ordres del director a clucs ulls*

Tampouco poden ser suprimidos ou substituídos por un sinónimo:

- 31) *\*Pau complia les ordres del director a ulls*

- 32) *\*Pau complia les ordres del director a ulls tancats*

Non aceptan expansión e non se poden inserir elementos novos:

- 33) *\*Pau complia les ordres del director a ulls clucs de servidor*

- 34) *\*Pau complia les ordres del director a ulls ben clucs*

O comportamento morfolóxico dos adverbios compostos é moi diverso. Observamos certas restricións gramaticais. Dunha maneira xeral, o xénero e número son invariables:

- 35) *\*Pau complia les ordres del director a ull cluc*

- 36) *A ull nu [coneix la gent a una gran distància]*

- 37) *\*A ulls nus [coneix la gent a una gran distància]*

Xeralmente o determinante tamén é invariable:

- 38) *[Li agrada viatjar] a l'aventura*

- 39) *\*[Li agrada viatjar] a una aventura*

Por último, e dende un punto de vista léxico, os adverbios caracterízanse pola presenza de palabras non ambiguas, é dicir, que non existen fóra da expresión fixa, as cales simplifican o recoñecemento automático:

40) *De bell antuvi [Pau va agrair la participació de tots]*

Os adverbios compostos presentan tamén préstamos de diversas linguas, principalmente do latín:

41) *[Pau es va casar] in extremis*

### 2.3. Definición do adverbio a nivel fonético e pragmático

A nivel fonético os adverbios compostos caracterízanse por numerosos trazos expresivos que facilitan a súa fixación na lingua, como por exemplo a aliteración, a rima interior e a repetición de elementos da fórmula:

42) *[Pau explica el seu problema] de viva veu*

43) *[Pau arriba] a misses dites*

44) *[Pau guanya els diners] de gota en gota*

No plano pragmático observamos que o recurso ós adverbios compostos é moi importante, tanto na lingua escrita coma na lingua oral. De feito, están presentes en calquera clase de discurso e en tódolos rexistros lingüísticos, quer dun xeito literal quer alterando a súa forma en diferentes graos.

Por todo o que acabamos de ver, podemos defini-los adverbios como unidades polilexicais moi frecuentes na lingua cuxa estrutura interna é obxecto de restricións de natureza diversa e cuxa significación pode ser máis ou menos opaca. Estas restricións aplícanse de modo máis ou menos rigoroso segundo un grao de fixación máis ou menos elevado da secuencia; efectivamente, conséntase un contínuum entre as secuencias libres e as secuencias fixas.

## 3. Dicionario electrónico de adverbios compostos

### 3.1. Clasificación

A partir da estrutura interna dos adverbios que se desprende da noción de adverbio coma unha secuencia teórica *Prép Dét N Modif*, propuxemos, seguindo a Maurice Gross, unha organización dos adverbios en dezaseis clases formais segundo a combinación dos elementos da fórmula. As súas propiedades morfosintácticas foron establecidas e descritas en matrices binarias. Nesas táboas márcanse as transformacións admitidas para un adverbio dado mediante o signo (+) e as transformacións prohibidas mediante o signo (-).

Os adverbios que censamos constitúen un módulo dentro do sistema de dicionarios electrónicos do español, concretamente o das palabras compostas ou DELAC. O cadro que figura a continuación presenta o estado actual dese módulo. Neste artigo non teremos en conta a clase PADV, que corresponde ós adverbios simples.

| Tables | Structures                   | Exemples                                      | Effectifs |
|--------|------------------------------|-----------------------------------------------|-----------|
| PADV   | Adv                          | finalment                                     | 2.070     |
| PC     | Prép C                       | d'amagatotis, a balquena                      | 660       |
| PDETC  | Prép Dét C                   | a la bestreta, en una corredissa              | 203       |
| PAC    | Prép Adj C                   | de bell nou, de bona tinta                    | 93        |
| PCA    | Prép C Adj                   | amb les dents esmolades, a hora baixa         | 92        |
| PCDC   | Prép C de C                  | a entrades de fosc, a les negres de la nit    | 117       |
| PCPC   | Prép C Prep C                | de gom a gom, per misses a dir                | 88        |
| PCONJ  | Prép C Conj C                | per nap o per col, amb tots els ets i uts     | 97        |
| PCDN   | Prép C de N                  | al caliu de, a mercè de                       | 170       |
| PCPN   | Prép C Prep N                | gràcies a                                     | 38        |
| PV     | Prép V W                     | sense mirar prim, sense tardar                | 73        |
| PF     | P (phrase figée)             | vingui el qui vingui, que si naps que si cols | 58        |
| PECO   | més (Adj) que C, (Adj) com C | més brut que un fregall, coent com una ceba   | 330       |
| PVCO   | (V) com C                    | menjar como un bou, fondre's com una candela  | 266       |
| PPCO   | (V) com Prép C               | descansar com a cal sogre, com de fet         | 20        |
| PJC    | Conj C                       | i un nap, i tant                              | 43        |
|        |                              | TOTAL                                         | 4.418     |

A táboa PC abrangue 660 adverbios de forma Prép C, na que C é o elemento fixo, como en *d'amagatotis*, *a balquena*. Este elemento é xeralmente un nome (*d'arrel*), aínda que pode tratarse dun adxectivo (*de valent*, *de ple*), un participio (*d'amagat*) ou un adverbio simple (*per poc*).

A táboa PDETC contén 203 adverbios de forma Prép Dét C, por exemplo: *a la bestreta*, *en una corredissa*. O determinante máis utilizado é o definido nas cinco formas flexionadas: *amb el temps*, *a la gatzoneta*, *a l'atzar*, *amb els peus*, *a les acaballes*.

As dúas táboas seguintes presentan un modificador de tipo adxectivo situado diante ou despois do elemento fixo. PAC comprende 93 adverbios como *de bona tinta* e PCA comprende 92 adverbios como *amb les dents esmolades*, *a hora baixa*. O elemento fixo

corresponde case sempre a un nome, agás nalgúns casos nos que temos un adxectivo (*de bell nou*).

As dúas táboas seguintes reúnen os adverbios cuxo modificador corresponde a un complemento preposicional introducido pola preposición *de* na clase PCDC, como en *a entrades de fosc* ou *a les negres de la nit*, e por unha preposición diferente de *de* na clase PCPC, por exemplo: *de gom a gom*, *per misses a dir*.

A táboa PCONJ contén 97 adverbios de forma Prép C Conj C. Trátase, en xeral, da unión de dúas formas adverbiais, dous adverbios da clase PADV (*ara i adés*), dous adverbios da clase PC (*sense ordre ni concert*) ou dous PDETC (*al cap i a la fi*). Algúns destes adverbios son simétricos (*anys i panys*). A conxunción máis frecuente é *i*, seguida de *o* e doutras formas como a negativa (*sense més sal ni més oli*). Tamén pode haber xustaposicións (*barrim, barram*).

O complemento das dúas clases seguintes é libre, está introducido pola preposición *de* na clase PCDN, como en *al caliu de* ou *a mercè de*, e por unha preposición diferente de *de* na táboa PCPN, por exemplo: *gràcies a*; podemos recoñecer-las chamadas locucións preposicionais.

A clase PV abrangue 73 adverbios con contido frástico cuxo suxeito non está explícito; o verbo pode ser un infinitivo, un participio ou un imperativo, como en: *sense mirar prim*, *sense tardar*.

A clase PF contén 58 adverbios con contido frástico cuxo suxeito é explícito, por exemplo: *peti qui peti*, *que si naps que si cols*. A prosodia desempeña un papel fundamental nestes adverbios. Hai adverbios de tipo exclamativo ou interrogativo.

As tres táboas seguintes conteñen as instrucións comparativas. A táboa PECO recolle 330 adverbios que se aplican sobre un adxectivo, como: *més brut que un fregall*, *coent com una ceba*. Gran parte destes adverbios ten un valor intensivo. Na clase PVCO establécese a comparación a partir dun verbo que é case sempre único, por exemplo: *menjar como un bou*, *fondre's com una candela*. A clase PPCO comprende un grupo reducido de adverbios que se aplican tamén sobre un verbo pero que comportan unha preposición, como en: *descansar com a cal sogre*, *com de fet*.

Finalmente, a táboa PJC está constituída por 43 expresións introducidas por unha conxunción como *i un nap*, *i tant*. Completan a frase principal e non teñen as posibilidades de permutación adverbial.

### 3.2. Microestrutura

A microestrutura do dicionario está constituída por diferentes categorías de informacións. Trátase de informacións referentes ós compoñentes do adverbio, ós trazos sintáctico-semánticos, ás propiedades do adverbio, á diasistemática e ós equivalentes de tradución. A primeira información corresponde ós compoñentes do adverbio (*Prép, Dét, C, Modif*, p.ex. /a/el/primer/son).

Atribúenselle a continuación as informacións relativas ós trazos sintáctico-semánticos do suxeito da frase, que poden ser *humano, animal, vexetal, concreto, abstracto, locativo ou temporal*.

Vén despois o verbo que se combina con este adverbio, presentado en forma infinitiva cos complementos eventuais:

45) [*Agafar Nhum*] *en braços*

46) [*No entrar*] *de cap manera*

A información seguinte está constituída polas propiedades transformacionais do adverbio, as cales lembramos brevemente:

A primeira propiedade anotada [*de (modo + maneira) C-a*] indica unha transformación posible do adverbio. Esta propiedade aplícase ás clases PC, PDETC e PADV.

47) [*La candidatura es va aprovar*] *per unanimitat* = [*La candidatura es va aprovar*] *de manera unànime*

48) [*Pau parla*] *amb respecte* = [*Pau parla*] *de manera respectuosa*

A segunda propiedade [*C a-mente*] sinala outra transformación posible. Esta propiedade atribúese á clase PC e PDETC.

49) [*La candidatura es va aprovar*] *per unanimitat* = [*La candidatura es va aprovar*] *unànimement*

50) [*Pau parla*] *amb respecte* = [*Pau parla*] *respectuosament*

A terceira propiedade apuntada [*Conj*] é propia das clases PADV, PC, PDETC, PAC e PCA. Subliña o eventual efecto anafórico do adverbio (deíxe textual), polo que o consideramos adverbio-conxunción:

51) [*Pau estudia*] *en conseqüència*

52) [*Pau va marxar*] *per tant*

As frases 51 e 52 non son frases completas, pois esixen un contexto frástico do tipo:

53) [*Pau vol aprovar*], *en conseqüència*, [*estudia*]

54) [*Aina s'ha enfadat amb Pau*], *per tant*, [*aquest ha marxat*]

A cuarta propiedade aplícase ás clases PCA e PAC. Sinala a omisión posible do modificador:

55) [*Los niños andan*] *en fila india* = [*los niños andan*] *en fila*

A quinta propiedade [*Prép Dét Adj C*] indica a posibilidade de antepoñe-lo modificador e aplícase á clase PCA:

56) [*Pau canvia de treball*] *per voluntat pròpia* = [*Pau canvia de treball*] *per pròpia voluntat*

A sexta propiedade indica que o segundo elemento pode borrarse. Esta propiedade corresponde ás clases PCDC, PCPC, PCONJ, PCPN e PCDN:

57) *[Pau ho ha dit] amb segones de canvi = amb segones*

A sétima propiedade indica a posibilidade de substituí-lo segundo elemento por unha completiva. Atribúese ás clases PCDN e PCPN.

58) *[El consultarà] en cas de dubte = [el consultarà] en cas que hagi dubte*

A oitava propiedade anotada [*de V<sub>0</sub> W*] indica a posibilidade de que o adverbio introduza un verbo en infinitivo seguido ou non do seu complemento. Atribúese ás clases PCDN e PCPN:

59) *[Pau va agafar Pere] per por d' una caiguda = [Pau va agafar Pere] per por de caure*

A novena propiedade indica a posibilidade de substituí-lo segundo elemento polo adxectivo xeral. Corresponde á clase PCDN: *en benefici de tots = en benefici general*

A décima propiedade indica a posibilidade de substituí-lo segundo elemento polo adxectivo posesivo:

60) *[L'accident va ocórrer] als ulls de Pau = [L'accident va ocórrer] als seus ulls*

O noso dicionario contén tamén informacións diasistemáticas tales como: informacións diatópicas (*val, mall, men*), diacrónicas (*anticuado, neol.*), diafrecuentativas (*p.us., desus.*), diastráticas (*fam., vulg.*), diatécnicas (*Med, Agri, Equ, Taur*) e diaintegrativas (*lat.*). Velaquí algúns exemplos:

61) *[Això és] com oli en un cresol (Val)*

62) *[Aina és més puta] que les gallines (vulg.)*

63) *[Pau treballa] a escarada (dr. treb.)*

64) *[Es van casar] in extremis = (lat.)*


Por último, incluímos un campo destinado a recibirlos equivalentes de tradución en español que funcionan como punteiros cara a un dicionario electrónico español concibido coa mesma formalización. Con todo, os semifrasemas non están asociados a un equivalente de tradución, senón a un conxunto de etiquetas metalingüísticas restrinxidas. É posible aplicar un sistema de cálculo na lingua de chegada baseado nesta formalización.

Presentamos dúas entradas do dicionario a modo de exemplo:

| N0   | V      | PREP | DETC | C           | De manera C-a | C-a-mente | Conj | Equivalentes     | diasistema |
|------|--------|------|------|-------------|---------------|-----------|------|------------------|------------|
| Nhum | actuar | A    | la   | desesperada | +             | +         | -    | A la desesperada | -          |

| N0   | V     | Adj      | Conj | Det | C       | Fl   |
|------|-------|----------|------|-----|---------|------|
| Nhum | Esser | xerraire | Com  | una | cotorra | Magn |

Contemplámo-la posibilidade de introducir sistematicamente informacións semántico-funcionais mediante diversos reagrupamentos (Blanco 2000) como as variantes, as series parasinónicas, os adverbios con casas abertas e os semifrasemas. Construímos autómatas para representalos. Este tipo de autómatas, en combinación cos dicionarios, pode aplicarse ós textos en operacións de recoñecemento e redución de ambigüidades:



serie parasinónimos *barat*

Reagrupamos tamén aqueles adverbios que teñen un valor aspectual dado. Estes grupos permitíronnos enriquece-lo noso dicionario, o cal só contiña ó principio informacións morfosintácticas. Deste xeito, os diferentes tipos de modificación adverbial para o predicado *parlar* poderían ser:

variantes: a borbolls, a borbollades, a borbollons

(para)sinónimos: de broma, de per riure

casa aberta: en el Poss fur intern

modificacións de maneira: a la clara, a mitja veu, a cau d'orella, entre dents, pels dintres, amb el nas, amb el cor a la mà, sense embuts, sense pensar, de per broma, amb llengua de prata

modificacións aspectuais: *tot el sant día*, *sense parar*, *día i nit* (duración), *a cops*, (iterativo)

diferentes tipos de intensidade: *pels descosits*, *per les butxaques*

laudatoria: com un ángel, com un llibre, com un sant

antilaudatoria: com un carreter, a tort i a dret, sense to ni so

vericondicional: amb coñecemento de causa

relacional: per boca de



En último lugar, estudámo-las clases semánticas dos predicados (en especial os verbos) sobre os cales poden aplicarse os adverbios retidos no dicionario, o que facilitou o desdoblamento de certas entradas correspondentes a diferentes empregos dunha forma dada. Coidamos que o interese deste tipo de reagrupamentos é obvio, xa que permite non só establecer grupos máis finos, senón tamén salienta-las propiedades sintácticas, semántico-aspectuais e eventualmente discursivas que serían comúns a diferentes grupos de adverbios.

#### 4. Conclusións

A formalización lingüística que propuxemos permitiunos establecer un léxico informatizado, cuxo obxectivo é dar instrumentos completos de descrición lingüística indispensables no tratamento automático, mais útiles tamén para a tradución automática ou a didáctica das linguas.

Observamos que, no marco do tratamento automático das linguas, as propiedades sintácticas non eran suficientes para xerar tódalas frases correctas. Por iso, dotamos ó noso dicionario de informacións semánticas a través de diversos grupos de entradas lexicais: as variantes, as series parasonómicas, os semifrasemas e os adverbios *con casas abertas*, que representamos por autómatas de estado finito.

Pensamos que tódalas informacións que introducimos a nivel lexicográfico deberían permitir mellorar considerablemente os resultados dos sistemas de tratamento automático.

#### 5. Bibliografía

- ALARCOS LLORACH, E. (1994): *Gramática de la lengua española*. Espasa-Calpe, Madrid.
- ÁLVAREZ MARTÍNEZ, M. A. (1994): *El adverbio*. Arco Libros, Madrid.
- BLANCO, X. (2000): “Les dictionnaires électroniques de l’espagnol, Delass et Delacss” en *Lingvisticæ Investigationes* 23,2000,201-218.
- (2001): “Regroupements sémantiques dans un dictionnaire d’adverbes composés en espagnol” en *Lingvisticæ Investigationes* XXIV/2,2001,167-182.
- BLANCO, X. e CATALÀ, D. (1998): “Quelques remarques sur un dictionnaire électronique d’adverbes composés en espagnol” en *Lingvisticæ Investigationes* XI/2,1998,213-232.
- BOSQUE, I. (1996): *Las categorías gramaticales*. Síntesis, Madrid.
- CASARES, J. (1950): “Introducción a la lexicografía moderna” en *Revista de Filología Española* Anejo LII,1969.
- CATALÀ, D. (2002): “Una classe d’adverbs compostos del català” en *Cuadernos de Filología* Anejo XLIV,2002,47-58.
- CORPAS, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.
- ETXEBARRIA, L. (1998): *Beatriz y los cuerpos celestes*. Destino, Barcelona.
- GROSS, G. (1995): “Une sémantique nouvelle pour la traduction automatique. Les classes d’objets” en *La tribune des industries de la langue et de l’information électronique* 17-18-19.
- (1996): *Les expressions figées en français*. Ophrys, Paris.

- GROSS, M. (1975): *Méthodes en syntaxe*. Hermann, Paris.
- (1982): “Une classification des phrases figées du français” en *Revue Québécoise de Linguistique* 11/2, 1982, 151-185.
- (1986): *Grammaire transformationnelle du français* III. *Syntaxe de l’adverbe*. Asstril, Paris.
- (1990): “Sur la notion harrissienne de transformation et son application au français” en *Langages* 99, 1990, 33-56.
- HARRIS, Z. (1976): *Notes du cours de syntaxe*. Le Seuil, Paris.
- MEL’ČUK, I. (1993): “La phraséologie et son rôle dans l’enseignement/apprentissage d’une langue étrangère” en *ELA*. Didier Érudition, Paris, 82-113.
- (1994): “Fonctions lexicales dans le traitement du langage naturel” en CLAS, A. E BOUILLON, P.: *TA-TAO: Recherches de pointe et applications immédiates*. FMA/AUPELF-UREF, Beyrouth / Montréal, 193-219.
- POTTIER, B. (1962): *Systématique des éléments de relation*. Klincksieck, Paris.
- RUIZ GURILLO, L. (1998): “Una clasificación no discreta de las unidades fraseológicas del español” en WOTJAK, G. (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Iberoamericana, Madrid, 13-37.

## **Hernán Núñez (1555) e Gonzalo de Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos**

Germán Conde Tarrió

Universidade de Santiago de Compostela

En 1555 publicouse en Salamanca *Refranes o Proverbios en Romance*, obra póstuma de Hernán Núñez de Toledo y Guzmán (1475-1553), voluminoso traballo no que se documentan 8.557 formas sentenciosas, das cales 134 son galegas. Un século máis tarde, concretamente en 1627, o paremiólogo Gonzalo de Correas (1571-1631) editou o seu *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana* na que se atopan unhas 18.000 paremias: só 54 son galegas. A pesares dos múltiples erros gramaticais que se atopan nas paremias galegas, consecuencia do descoñecemento que ámbolos dous autores tiñan da nosa lingua, o seu traballo foi de vital importancia na preservación dunha parte do noso acervo cultural e mesmo constitúiu a base sobre a que se sustentarían os refraneiros posteriores.

*Refranes o Proverbios en Romance* is a voluminous work containing 8,557 proverbs, from which 134 are of Galician origin. That work by Hernán Núñez de Toledo y Guzmán (1475-1553) was posthumously published in 1555 in Salamanca. In 1627, almost one hundred years later, the work *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana* by Gonzalo de Correas (1571-1631) was published containing 18,000 proverbs – only 54 of them are Galician proverbs. Although the Galician proverbs included in both works contain several grammatical mistakes –due to the fact that both authors had no knowledge of the Galician language– these books have been essential for preserving Galician cultural heritage and have even been the basis on which latter proverb collections were made.

## 1. Introducción

As primeiras recompilacións de paremias en castelán aparecen no século XIV, ben en manuscritos como o *Romancea Proverbiorum*, contra 1350, ben en obras literarias tales como *El libro de Buen Amor*, *El conde Lucanor*, etc.

Tamén neste século XIV comézase a debuxa-lo perfil do paremiólogo con Sem Tob de Carrión (Shepard s. XIV/1986), aínda que será a comezos do século XVI co Marqués de Santillana e os seus *Refranes que dicen las viejas tras el fuego* (1508) cando esta figura adquira unha certa categoría: xunto ó labor de recollida de paremias hai neste autor unha preocupación pola súa selección.

Erasmus, na súa obra *Adagiorum Collectanea* (1500), senta as bases sobre o uso adecuado que hai que darlle ó refrán, clasifica as paremias segundo unha orde temática, anota a carón de cada forma a obra e o autor na que esta se encontra, etc. Ó paremiólogo esixeselle unha maior profundación no estudo de cada forma sentenciosa: estamos no comezo dunha paremioloxía cun certo aire científico.

O século XVI é o século dos grandes refraneiros en lingua castelá: Pedro Vallés amosa unhas 4.300 paremias no *Libro de los refranes copilado por el orden del A.B.C.* (1549); Sebastián de Orozco, unhas 3.146 formas no seu *Teatro Universal de Proverbios* (segunda metade do século XVI); Juan de Mal Lara, uns 1.000 refráns repartidos en 10 centurias, na *Philosophia Vulgar* (1568); etc.

De entre tódolos paremiólogos deste século sobresaie Hernán Núñez de Toledo y Guzmán [1475 (Valladolid) -1553 (Salamanca)], tamén coñecido polos alcumes de *El Comendador*, *El Comendador Griego* –xa que foi Comendador da Orde de Santiago e ocupou a cátedra de grego na Universidad de Salamanca– e *El Pinciano*, cualificativo que xorde por nacer en Valladolid, lugar denominado noutros tempos Pincia.

En 1555, dous anos despois da súa morte, aparece publicada en Salamanca *Refranes o Proverbios en Romance*, unha voluminosa obra paremiolóxica que consta de 8.557 formas sentenciosas.

O século XVII non pareceu moi interesado polo refrán, aínda que podemos encontralo nalgunhas obras literarias: *La vida de Guzmán de Alfarache* (1599-1604), *Don Quijote de la Mancha* (1605/1615), etc.

O paremiólogo máis importante deste século foi Gonzalo de Correas [1571 (Jaraíz de la Vera, Cáceres) – 1631(Salamanca)], persoa dunha cultura moi ampla: estudou Teoloxía (ordenouse sacerdote en 1601) e chegou a ser catedrático de hebreo (1601) e de grego (1615) na Universidad de Salamanca.

En 1627 publicou o seu *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana*, na que se atopan unhas 18.000 paremias.

En Galicia sábese moi pouco do refrán na Idade Media; deixando de lado as poucas formas sentenciosas que aparecen nos documentos históricos ou relixiosos da época, o caudal paremiolóxico máis importante que atopamos nesta época débémollos ás *Cantigas*:

“De longas vias, mui longas mentiras”:

[aqu]este verv’antigu’é verdadeiro,

(Brea 1996: Nuno Fernandez (Torneol?), 106,7)

Como diciamos na edición crítica da obra de Hernán Núñez (Combet et alii 2001: I,311), ó esplendor desta poesía lírica oponse un período, dende finais do século XV ata finais do XVIII, no que o galego sofre un acantoamento que o fai desaparecer dos ámbitos cultos, sobrevivindo só nas xentes do ámbito rural: son os “séculos escuros”.

No século XVI, “século de ouro” da paremioloxía castelá, atopámonos cun feito significativo na cultura galega: paremiólogos non galegos insiren nas súas obras formas sentenciosas da nosa lingua.

En 1569, Lorenzo Palmireno publica en Valencia os *Refranes de mesa, salud y buena crianza: cogíalos de muchos autores y conversaciones*, que ó noso entender (Conde 1999: 59) conteñen seis paremias galegas.

Coma no caso anterior, o Comendador Hernán Núñez tamén se fixo eco das paremias galegas, pero de maneira máis exhaustiva, polo que o seu conxunto se deu en chamar o primeiro refraneiro galego.

Este mesmo proceso repítese no século XVII: Gonzalo de Correas, o gran paremiólogo en lingua castelá, introduce no seu traballo un abondoso corpus pertencente á paremioloxía galega.

Uns trinta e dous anos despois da obra de Correas, concretamente en 1659, Iacobi Howell publicou en Londres un libro que leva por título *Lexicon Tretraglotton and English-French-Italian-Spanish Dictionary...*, no cal se poden atopar 4 formas sentenciosas galegas (Conde 2001: 24).

Nestes séculos XVI e XVII hai que subliñar tres feitos de gran relevancia na paremioloxía, aínda que non hai que esquecer outros como o anticlericalismo, a forte carga erótica das formas sentenciosas, etc.:

- A carreira que emprenderon tódolos paremiólogos para amosar un maior número de formas sentenciosas ós seus lectores. Para lograr esta fama non dubidaban, ademais de facer un traballo de recollida, en comprárllelos á xente ou en plaxiárllelos ós seus rivais. Combet (1971:136) fálanos dunha:

*Lutte qui s'est déroulée à l'époque en vue de la possession des proverbes. Hernán Núñez les achetait, si l'on en croit Mal Lara. Quant à Pedro Vallés, il aurait tout simplement plagié le Comendador, à moins que ce ne soit l'inverse. On verra plus loin Gonzalo Correas, assis sur son fauteuil sur le pont du Tormes, à Salamanque, donner pour chaque refrán une piécette aux paysans en route vers le marché de la ville [...] Il y a mieux: Hernán Núñez, malgré sa réputation de vertu, va être l'objet d'attaques encore plus venimeuses: le Docteur Juan Páez de Castro, chroniqueur et chapelain d'honneur de Philippe II, prétend à son tour avoir été pillé par le Comendador...*

- O puritanismo dalgúns paremiólogos (Mal Lara e Correas), quizais temerosos de teren que dar conta dos seus feitos á “Santa Hermandad”, choca de fronte con aqueles que transcribiron as formas sentenciosas tal e como eran usadas polo pobo (Hernán Núñez e Pedro Vallés).

Mal Lara (1996 [1568]: 38), partindo da idea de que “la escriptura es indicio de lo que tiene cada uno en su pecho”, ataca publicamente a Hernán Núñez, o seu antigo mestre:

*Muchos, con voluntad grande de acumular refranes, no tuvieron aquellas consideraciones que deven tener los que escriven cosas que andan en manos de muchos, porque aunque no tenga respecto el que escribe, sino a sí mismo, había de escribir limpio y honesto [...] y [...] si aquella obra es para señoras, para donzellas, para niños, para personas que tienen vergüenza, no ha de ser tan desbocado el que escribe que lo diga todo, [...]*

permitíndose así xustificar unha obra que carece de rigor paremiolóxico:

*Assí miré yo, que ay refranes suzios y limpios, honestos y deshonestos. Los quales se devían escoger, porque diferencia ay de hablar a escribir, y también, que ay refranes que no osarán salir del aposento, y algunos se quedan en casa perpetuamente, que de otra manera los escogeremos para escribirlos, y más en nuestro romance, pues que la lengua nuestra no sufre que se escriban deshonestidades.*

Correas, que non chega ó tradicionalismo de Mal Lara, inventa fórmulas para presentarlle ós seus lectores as paremias escabrosas. Así, por exemplo, a forma de Hernán Núñez:

*A coño hodido, y a cabeza quebrada, nunca faltan rogadores* (H: 2v)

aparece codificada en Correas, indicando este autor que os que non saiban resolve-la adiviña poden recorrer á obra de Hernán Núñez, xa que alí está claramente explicitada:

*A k4ñ4 h4dzd4 i a kabeza kebrada, nunka faltan rrogadores.*

Klaro lo eskrivió el Komendador. (C: 22)

- Intento por parte dos paremiólogos de que se lles recoñeza o seu traballo, xa que a recollida de “ditos das vellas” se tiña como algo menor. Vallés (1549: Prólogo del autor) esixe un respecto para o seu traballo, apoiándose en que as formas sentenciosas foron empregadas durante a historia da humanidade por persoas cultas:

*Y sime boluiere a replicar diciendo qes cosa de poco tomo aver copilado dichos de uiejas. Engaña se: pues lo mismo hizo Aristoteles el primero de todos (segū refiere Laertio) despues Chrysippo: Zenodoto [...] Y si buelue porfiando, que los usan uiejas: No es assi, porque usa dellos: Homero: Platon: Demosthenes: Plutarcho: Tullio: Quintiliano, Horatio: Ouidio: Terentio: y grandes Emperadores [...] Pues porque yo dexare de tratar doctrina tan usada? Y si Aristotiles siendo philosopho tã sabio copilo dellos: y los enxere en sus obras como cosa preciosa [...] porque dize q solas las uiejas usan refranes?,*

teoría que tamén sostera León de Castro (H 1555: Prólogo del Maestro León), discípulo de Hernán Núñez, a quen este lle encomendara a publicación do seu refraneiro ante a chegada da morte:

*De manera que pues q los mas sabios delos hombres en tanto tuuieron los Refranes, y tanta autoridad les dieron, iuzgo que el Comẽdador Hernan Nuñez mi maestro no se empleó en cosa baxa como a mi y a otros podia parescer.*

## 2. Corpus paremiolóxico galego no refraneiro de Hernán Núñez e no de Correas

Para estuda-las formas que aparecen en Hernán Núñez e en Correas como galegas encadramos estas nos seguintes apartados:

### 2.1. Formas que se anotan nos dous refraneiros como galegas

- *As veces ruyn gadela roy boa correa.*

El Gallego. A las veces ruyn perrilla roẽ buena cuerda. (H: 1r<sup>1</sup>)

➤ *A las veces, rruin kadela rroe buena korrea.*

“Kadela” es “perra” en Galizia. (C: 10)

- *A cabeza do budio, ante ti a põ, y a da boga, ante tua sogra.*

El Gallego. La cabeza del budiõ, (pescado) ante ti la pon; y la de la boga, ante tu suegra. (H: 2r)

➤ *La kabeza del barvo i del budiõ, ante ti la pon; i la de la tenka, ante tu suegra.*

“Budiõ” es pez de buena kabeza, no la tenka. (El) gallego dize, i astur(iano): “*La kabeza del budiõ ante ti la pon, i la de la boga ante tua sogra*”. (C: 230)

- *A fazenda do crego, da a Deus, e leua a o demo.*

El Gallego. La haziẽda del clerigo, da la Dios, y quita la el demonio. (H: 3v)

➤ *A facenda do krego, dala Deus, e lévala o demo.*

El gallego. (C: 14)

- *Ala me leue Deus, donde ache dos meus.*

El Gallego. (H: 6v)

➤ *Alá me leve Deos, donde ache dos meos.*

Gallego. (C: 8)

- *Antes torto, q cego del todo.*

El Gallego. (H: 11v)

➤ *Antes torto ke zego del todo.*

El gallego. “Antes tuerto ke ziego”; “Antes tuerto ke del todo ziego”. (C: 66)

- *A volpe va por o millo, e nõ come, mas dalle con o rabo, e sacode.*

---

<sup>1</sup> O manuscrito de Hernán Núñez [H] numérase por folio, retro (r) ou verso (v). Correas [C] numeraba por páxinas e a numeración das páxinas que nós presentamos correspóndese coa paxinación antiga, segundo a publicación de Combet (1967). Para identifica-las abreviaturas que empregaremos en adiante, véxase no final do artigo o apartado “Abreviaturas e bibliografía”.

El Gallego. La zorra va por el mijo, y no come: mas da le con la cola, y sacude. (H: 17r)

➤ *La zorra va por el mijo i no kome, mas dale kon el rrabo i sakude el grano.*  
(C: 222)

Blanco Pérez (1994: 51) analiza esta paremia e dinos que, ademais de atoparse documentada en Sobreira, en Saco e Arce e en Valladares<sup>2</sup>, onde se transcribe en dúas coplas:

*Alá vai, vela alá vai      a raposa polo prado,  
Alá vai, vela alá vai      co rabico levantado.  
Alá vai, vela alá vai      a raposa polo millo:  
Ela comen non o come      pero vaino destruindo,*

“aínda perdura na tradición oral da montaña luguesa, onde se segue a cantar na actualidade unha versión semellante”.

- *Berça porque no coziche? porq no me meciche.*

El Gallego. Berça porque no coziste? porque no me meciste. (H: 18r)

➤ *Verza, ¿por ké no koziche? — Porke no me meziche.* (C: 677)

Aínda que Correias non o precisa, cremos que esta paremia é galega, xa que na mesma páxina aparece a súa tradución ó castelán:

➤ *Verza ¿por ké no koziste? — Porke no me meziste.* (C: 677)

e mesmo podemos documentala abondosamente nos refraneiros actuais:

*Verza ¿por que non cocches (cociches, cuciche)? - Porque (antes) non me remexeches (meteches, meciche).* (S: 329; Sm: 43,342; X: 162, 2245; Z: 45)

- *Mando e faxe, escusaras paje.*

El Gallego. (H: 73r)

➤ *Manda e faxe, eskusarás paxe.*

El asturiano i gallego. (C: 698)

- *Donde muytos scopen, lama fan.* (H: 37r)

➤ *Donde muchos eskupen, lodo hazen.* (C: 409)

Esta paremia, empregada por Rosalía de Castro, como sinalou López Navia (1992: 25, nota 2), no poema 12 dos *Cantares Gallegos*:

*Coida miña meniña  
das prácticas que dás  
que donde moitos cospen, lama fan,*

é unha forma moi consolidada hoxe en día nos nosos refraneiros:

---

<sup>2</sup> Tamén aparece en Gippini Escoda (1991: 47).



*Onde moitos cuspen (cospen) lama fan.* (E: 109; L: 50, 678; Q: 46; S: 320; Sm: 54, 412; X: 418, 7551; Z: 188),

se ben tamén se atopan nos portugueses:

*Onde muitos cospem lama fazem.* (C: 283, 104; M: 408)

En Hernán Núñez, anotada como portuguesa, aparece tamén a forma *donde moitos mijaõ lama faz.* (H: 35v), que así mesmo atopamos con forma castelá en Correas: *donde muchos mean, lodo hazen.* (C: 409)

- *Mal va a chorte, do buey vello non tosse.*

El Gallego. Mal va al cortijo, do buey viejo no tosse. (H: 74r)

➤ *Mal va a la korte donde el buei viexo no tose. Mal va à korte do buei vello non tose.*

El gallego. “Korte” es nonbre antikísimo en España, ke nos keda de los Griegos ke poblaron aká, en Galizia i otras partes, i en Portugal, adonde oi se usa mucho, i kiere dezir: establo, zahurda, estanzia de ganado, i alverge de xente; de donde se dize “kortixo”, eredad de labranza kon kasa i paxares i troxes; lo mesmo ke “kinta”, ke también prozedió del griego “koite”, ke mudó una letra en “korte”, i kedóse kon la mesma sinifikaziõn. Los bueies viexos son de más fuerza ke novillos i vakas, i debaxo desta metáfora se entiende ke donde no ai onbre viexo no ai govierno ni konsexo. Por no entender el nonbre “korte” en la sinifikaziõn dicha de “koite”, “kubil”, “morada kualquiera”, le tomaron por “la Korte” donde está el Rrei, i éste también es griego, de “kurios”, señor, i de akí “Kuria” rromana; i dixeron: “Mal va a la Korte donde el viexo no tose”; i así es mui usado; i es verdad ke si zerka del Rrei no ai onbres viexos de esperienzia i zienzia, no avrá buen govierno ni autoridad. (C: 695)<sup>3</sup>

- *Muyto pode o mocho, sobre o seu soto.*

El Gallego. Mucho puede el mochuelo, en su soto. (H: 79v)

➤ *Muito pode o m(o)cho sobre o seu soto.*

El mochuelo. Gallego. (C: 744)

- *No ay tal viço, como pam de trigo, e leyte mociço.*

El Gallego. No ay tal vicio, como pan de trigo, y leche no desnatada. (H: 85r)

➤ *No ai tal vizio komo leche kon nata i pan trigo.*

En Galizia, ke ai poko trigo, es prezado porke lo más komen zenteno. (C: 297)

- *No Março abrigo, nozes e pan trigo.*

El Gallego. En Março es abrigo, nuezes y pan trigo. (H: 85r)

➤ *No marzo, abrigo, nozes e pan trigo.*

Gallego. (C: 322)<sup>4</sup>

---

<sup>3</sup> Tamén atopamos outras formas como:

- *Mal va a la Korte donde el viexo no tose.*

Porke govierno de mozos es malo, komo lo fue el de Rroboán, hixo i suzesor de Salomón. (C: 695)

- *Mal va a la troxe donde el buei viexo no tose.* (C: 695)

<sup>4</sup> Aparece unha tradución desta paremia:

- *En marzo, el abrigo, nuezes i pan trigo.*

- *Non eo mel, para boca do asno.* (H: 85v)
  - *No es la miel para la boka del asno.* (C: 302)

Esta paremia, moi documentada nos distintos refraneiros europeos, é recollida por Correas na súa forma castelá, mentres que Hernán Núñez opta pola galega, como se pode ver nos riscos da escritura, e aínda sobrevive neste refraneiro:

*Non é o mel para a boca do burro.* (G: 250, 620; X: 388, 6912).

*Non se fixo o mel para o fuciño do porco.* (G: 250, 620; L: 46, 608; X: 334, 5797; Z: 157).

- *O demo a os suyos quiere.*  
El Gallego. (H: 89r)
    - *O demo a los seus ker.*  
“El demo a los suios kiere”. Gallego. (C: 198)
  - *Pedra de ygreja, oro goteja.*  
El Gallego. La piedra de la Iglesia oro gotea: Quiere dezir que los clerigos son ricos. (H: 93v)
    - *Pedra de igrexa, oro gotexa.*  
Gallego. (C: 597)<sup>5</sup>
  - *Por Sant Andre, toma o porco por, o pe.*  
El Gallego. Entiende para matar le, que es entonces la mantança: aunq otros la adelantan por Sant Lucas. (H: 96r)
    - *Por San André, toma o porko por o pé.*  
Gallego i portugués. (C: 608).
  - *Quando fueres a Coledero, leua o pan no capelo.*  
El Gallego. Coledero es lugar cerca de Mõterey en Galizia, dl Abad de Celanoua: Otros dizen, quando fueres a Nuzedo, leua o pan no capelo, y dizen ser Nuzedo lugar cerca de Monte rey, del Conde de Mõte rey. (H: 99v)
    - *Kuando fueres a Koledero, lleva pan en el kapelo.*  
Otros dizen: “Kuando fueres a Nuzedo...”; otros: “Kuando fueres a Torbeo, lleva pan en el seno”. Lugares son de Galicia, zerka de Monterrei. (C: 561)
- Cremos, como asegura Hernán Núñez, que esta paremia é galega debido a que fai referencia a poboacións da nosa terra, sobre as cales di Combet (1967: 445, nota 255): “Figuran Nuzedo y Torbeo en el Censo de población (prov. de Orense). Coledero: topón. no registrado”.
- *Quando o trigo he louro, he o barbo como vn touro.*  
El Gallego. Quando el trigo esta loro, es el barbo como vn toro. (H: 101r)
    - *Kuando el trigo está loro, es el barvo komo un toro.*  
“Loro” es: tostado. Gallego. (C: 553)
  - *Quãdo fueres a Torbeo, leua do pan no seo.*

---

En Galizia, porke es mes venroso, i suele ser áspero, i ai poko ke hazer entonzes. (C: 159)

<sup>5</sup> Así mesmo, está documentada a paremia: *Texa de igrexa, oro gotexa.* (C: 647)

El Gallego. (H: 102r)

➤ *Kuando fueres a Torbeo, lleva pan en el seno*<sup>6</sup>. (C: 561)

- *Quem fez a Lugo, fez a Astorga, e a ponte de Cigarrosa, e leuou hua pedra no capelo, con que fez a Coronatelo.*

El Portogues. (H: 103v)

➤ *Kien hizo a Lugo hizo a Astorga, i la puente de Zigarrosa, i llevó una piedra en el capelo, kon ke hizo a Koronatelo.* (C: 518)

Bouza-Brey (1955: 231) inclúe estas formas no refraneiro galego e mesmo indica a confusión que tiveron os dous paremiólogos entre *Andorra* e *Astorga* nas seguintes variantes castelás:

- Quien hizo a Lugo, hizo a Andorra, y hizo el castro Dalventosa. (H: 107v)

➤ Kien hizo a Lugo hizo a Andorra i hizo a Kastrodalventosa. (C: 518)

Este desatino xeográfico se cadra foi debido a que ámbolos dous paremiólogos eran descoñecedores da xeografía galega, feito que se manifesta así mesmo nalgũa outra forma sentenciosa cando se nomean como galegas, por exemplo en Correas, poboacións doutras Comunidades:

➤ *En Luarka i Kodillero, las muxeres beven primero.*

Son lugares en Galizia vezinos a las Asurias; i es matraka. (C: 149)

Revisados os mapas de Ojea (Anveres, 1603 e Amsterdam, 1635), o *Gallaecia Regnum* (Amsterdam, 1611) e o *Gallicia* (Amsterdam, 1630), non atopamos neles ningunha referencia a que nesta época estas dúas poboacións pertencesen ó Reino de Galicia.

Nalgúns dos refraneiros de hoxe en día tamén se recollen estas formas como galegas:

*Quen fez a Lugo, fez a Astorga e a ponte de Cigarrosa, e levóu unha pedra no capelo, con que fez (a) Coronatelo.* (E: 69/70; S: 56, 30)

- *Quen mata arbela, mays sabe quela.*

El Gallego. (H: 104v)

➤ *Kien chirivía mata, por barragán se kata.*

“Chirivía” es avezilla pekeña mui inkietá; el Komendador la llama “churuvía”. Otro tal dize el gallego i portugués: “**Quien mata la chirunbela, más sabe ke ella**”<sup>7</sup>.

Otros dizen “albéloa”, i “arbela”. (C: 517)

- *Quen tẽ co chore, cada dia morre.*

El Gallego. Quien tiene quien le llore, cada día muere. (H: 105r)

➤ *Kien tiene kien le llore, kada día morre.*

Del gallego i portugués. (C: 506)

- *Se non dorme meu ollo, folga meu osso.*

El Gallego. (H: 118r)

➤ *Se non dorme meu ollo, folga meu oso.*

---

<sup>6</sup> Mesma explicación que para *Quando fueres a Coledero, leua o pan no capelo.* (H: 99v)

<sup>7</sup> En Hernán Núñez (H: 106r) tamén aparece a forma *Quem mata chirumbela, mais sabe que ela*, pero neste caso indícase que pertence á paremioloxía portuguesa.

Gallego. (C: 340)

- *Si dorme o ollo, sino descansa o osso.*

El Gallego. (H: 121r)

➤ *Si duerme el oxo; si no, deskansa el oso; [o el] korpo.*

Imitando el gallego. (C: 352)

- *Somos gallegos, y no nos entendemos.* (H: 122r)

➤ *O somos gallegos, o no nos entendemos.* (C: 197)

Esta forma incluímosla no refraneiro galego xa que, segundo Bouza-Brey (1955: 233-234), ten a súa orixe nun dito de Payo Martínez Barbeito, nobre galego que asistiu á toma de Almería, (1412) e tamén porque, coma nos casos anteriores, se pode ver nos refraneiros galegos modernos:

*Somos gallegos e non nos (os) entendemos.* (N: 102; P: 383),

aínda que tamén se atopa nos portugueses:

*Somos galegos e não nos entendemos.* (C: 400, 424; M: 569)

- *Tras maa percura, vñ a maa vñtura.*

El Gallego. Tras la mala diligencia, o poco recaudo viene la mala ventura. (H: 126r)

➤ *Tras mala prokura, viene la mala ventura.*

Esto es: tras el deskuido i floxedad viene la nezesidad. Lo contrario: “La buena dilixenzia es madre de la buena ventura”. “Prokura”, en Aragón, es: el poder para negocios; en Galizia: la dilixenzia i prokuraziñ<sup>8</sup>. (C: 666)

- *Van los clerigos a los concejos, traen los cucos en los capellos.*

Dizen esto los gallegos, porque en su tierra van los clérigos la Semana Sancta a sus obispos, y a la buelta dizen esto, porque es entonces el tiempo en que vienen los cucos. (H: 128r)

➤ *Van los klérigos a los konzexos, traen los kukos en los kapelos.*

Dizen esto los gallegos, i en aldeas, porke los kuras van a sus Obispos por la Semana Santa, o pasada la Paskua, i a la buelta, por ser abril, pes kuando vienen los kuklillos. (C: 674)

Ambos autores recoñecen a orixe galega desta paremia, pero tanto Hernán Núñez coma Correas preséntana como castelá. Opinamos, como antes o fixera Bouza-Brey (1955: 234-235), que efectivamente esta forma pertence á nosa paremioloxía e mesmo hoxe en día está suficientemente documentada nos nosos refraneiros:

*Os cregos que van a o consello levan ó cuco no capelo.* (E: 86)

¿*Van os cregos ó concello? Tran o cuco no capelo.* (E: 86; S: 59, 52; Z: 248)

- *Vino de Cacabellos, faz cantar aos vellos.* (H: 129r)

➤ *Vino de Kakabelos, faz cantar aos vellos.*

En Galizia i Port[ugal]. (C: 684)

---

<sup>8</sup> Correas recoñece na explicación que dá desta paremia que esta forma era coñecida en Galicia, onde mesmo ten un significado concreto a palabra *prokura*.

Esta paremia, que é galega para Correas, é castelá para Hernán Núñez. Pensamos que tanto polo tema que trata, que como ben di Bouza-Brey (1955: 235) fai referencia a “una serie de elogios de los vinos gallegos, entre los que se incluyen los del Bierzo, como los de Orense, Vieite, etc.”, como pola súa grafía hai que incluíla na paremioloxía galega, onde actualmente se documenta, e non na portuguesa, onde non a atopamos:

*Viño de Cacabelos faz cantar aos vellos.* (V: 58, 503)

## **2.2. Formas galegas en Hernán Núñez que non aparecen en Correas como consecuencia da perda dalgúñas follas do manuscrito inicial**

Combet (1967: XXIV) sinala no “Prólogo” da súa edición da obra de Correas a ausencia dun bo número de paremias que se atopaban “entre las páginas [...] 388 y 389, 484 y 485 de la numeración de Gallardo”<sup>9</sup> e para tentar paliar este feito toma dos refraneiros de Vallés, de Hernán Núñez e de Mal Lara “todos los refranes que podían haber cabido, en vista de sus palabras iniciales, en las cuatro hojas desaparecidas”.

Con tódolos nosos respectos para Combet, cremos que é moi aventurado reconstruír parte dun refraneiro con restos doutros, aínda que teñamos claro que Correas se “inspirou” nos refraneiros de Vallés, de Hernán Núñez e de Mal Lara, xa que tamén hai que supoñerlle una recollida pola súa conta.

Así pois, pensamos que é máis doado deixa-las cousas como están e explicitar neste traballo que 12 formas sentenciosas de Hernán Núñez non teñen correspondencias en Correas pola desaparición destas páxinas:

- *De monte mao, fuste no mao.*

El Gallego. De mal monte, vn palo en la mano. (H: 30v/31r)

- *De tal niño, tal paxariño.*

El Gallego. (H: 31r)

- *De bestia mular, e de home de paso falar.*

El Gallego. (H: 32r)

- *De ruyñ maderá, nunca boa estela.*

El Gallego llama a la astilla estela. (H: 32r)

- *Quem en Mayo no merenda, cos mortos se encomenda.*

El Gallego. El que en Mayo no merienda, con los muertos se cuenta. (H: 103v)

- *Quem iugata co ferro, iugata co demo.*

El Gallego. Quien burla con el hierro, burla con el demonio. (H: 104r)

- *Quen non te esforço, fuge mas que corço.*

El Gallego. (H: 104v)

---

<sup>9</sup> Bartolomé José Gallardo (1776-1852) foi quen en 1830 fixo unha copia parcial do manuscrito orixinal do Comendador, que ó cabo sería o único documento que se conserva da obra de Correas, xa que o orixinal acabou por perderse en Salamanca.

- *Quen non ten quen mande, yrga se e ande.*  
El Gallego. (H: 104v)
- *Quen se calara, e pedras apañara, tẽpo vinrra que as espargera.*  
El Gallego. (H: 105v)
- *Quen non traballa, non ten ni migalla.*  
El Gallego. (H: 105v)
- *Quem deyxa a vila po la aldea, o ollo vey a maa estrea.*  
El Gallego. Quien dexa la villa por la aldea, a ojo vee la mala estrea. (H: 106r)
- *Quem se posa na pedra, no cu leua a mancela.*  
El Gallego. Quien se posa en la piedra, en el culo saca la manzilla. (H: 107v)

## **2.3. Formas galegas en Hernán Núñez e en Correas que non aparecen documentadas no outro refraneiro**

### **2.3.1. Refraneiro de Hernán Núñez**

- *A acha tira pra racha.*  
El Gallego. La astilla parece a la raza. (H: 1r)
- *A leña torta, o bilorta, o fogo a aposta.*  
El Gallego. La leña tuerta, o enhetrada, el fuego la adoba. (H: 9r)
- *A vna pãcada, sale o can do moynon.*  
El Gallego. A un palo, sale el perro del molino. (H: 17r)
- *Como home he naldea, loguo vey as casas.*  
El Gallego. En llegando el hombre a la aldea, luego vee las casas. No acontecse assi en la ciudad, por estar cercada. (H: 26v)
- *Darope, que tempo he.*  
El Gallego. Aguijar, que tiempo es. (H: 29r)
- *De boun boa prẽda, e de o mao no fies nada.*  
El Gallego. De bueno buena prenda, y del malo no fies nada. (H: 37v)
- *Neto e neto, beue Maria o feltro.*  
El Gallego. De quartillo en quartillo, beue Maria el hieltro. (H: 81r)
- *No chao de coçe, que nõ puder andar choute.*  
El Gallego. (H: 87r)
- *O leyte sin pã, fasta a porta vay.*  
El Gallego. Entiende por la puerta la vltima tripa por do sale la hez de lo comido. O leyte es la leche. (H: 89r)
- *O por home, o por cã, o por lupo, leuate a spata no puño.*  
El Gallego. O por hõbre, o por perro, o por lobo, lleua te essa espada en el puño. (H: 89v)
- *O home quinchar, si for vello, pra morrer, si moço, pra sanar.*

- El Gallego. (H: 90r)
- *Os vilaios Caldelaos, desque non ten q comer, lamben as maos.*  
El Gallego. (H: 90v)
  - *Os pardos y os rebelloos, poucos son boos.*  
El Gallego. (H: 90v)
  - *O tu non queres, o tu non podes, o tu non traes oleyte nos foles*<sup>10</sup>.  
El Gallego. (H: 91r)
  - *O tolo o môte, o cordo o moyño.*  
El Gallego. Al loco al môte, al cuerdo al molino. Entiende, los han de embiar. (H: 91r)
  - *Por San Pedro da quadrela, saya coobra de su a pedra.*  
El Gallego. Por San Pedro de cathreda, sale la culebra d debaxo dela piedra, porque comiença el calor. (H: 95v)
  - *Por o rabo da culler, sube o gato a aola.*  
El Gallego. Por el rabo dela cuchar, sube el gato ala olla. (H: 98r)
  - *Quen fizer de min escarauello, non farey del espello.*  
El Gallego. (H: 105r)
  - *Quen quiser quemar a casa sen sentir, vse sartaña e vse candil.*  
El Gallego. A la sarten llama sartaña. Y dize esto el refran, por la carestia grande del azeite en aqlla tierra, y en lugar del vsan de lo gordo del puerco. Y qmar toman aqui por destruyr. (H: 105r)
  - *Quem perdeu e no achou, co demo andou.*  
El Gallego. (H: 105r)
  - *Quem mas no pode, a as vñas acode.*  
El Gallego. (H: 105r)
  - *Vacoriño en celeyro, no quer cõpañeyro.*  
El Gallego. El cochino en la troxe, no quiere compañero. (H: 127v)

### 2.3.2. Refraneiro de Correas

- *Al mozo nuevo, del pan i del guevo; al mozo viexo del pan i del leño.*  
En Galizia dizen: “**del pan i del demo**”. Kexas son del mozo antigo en kasa. (C: 50)
- *Entre Todos Santos i Nabidad, es invierno de verdad. Entre Santos e Natal faz inverno keroal.*  
Gallego. (C: 167)
- *O maio sin turbóns, komo ome sin kollóns.*  
Gallego i portugués. (C: 199)

---

<sup>10</sup>Blanco Pérez (1994: 51) sinala que esta paremia “ten a configuración rítmica e métrica dunha muiñeira”.

- *Si io dixera “No kiero, no kiero”, no fuera io amiga del krego.*  
Preziávase de serlo; i baxó de Galizia este rrefrán. (C: 346)
- *Febrero korruskero, marzo ventoso, abril lluvioso, maio loro, kubierto de oro.*  
Del gallego. “Loro” es: pardo eskuro. (C: 414)
- *File o demo, ke io tres kamisas teño.*  
El gallego. (C: 415)
- *Fillo de ome, no kome; fillo alleo, nunka cheo.*  
Lleno<sup>11</sup>. (C: 415)
- *Fillo de mezkino, más tiene mimo ke ensino.*  
Ke es kriado kon rregalos i mimos, i no ensinanza, i eso tiene<sup>12</sup>. (C: 415)
- *Barvero nuevo, en la barva do demo.*  
Es del gallego. (C: 428)
- *Katalina, si vos eu kollo, voso pai será meu sogro*<sup>13</sup>. (C: 473)
- *Ke si naon me fora por moxar as botas, eu me fora konvuskio a rregar as ortas*<sup>14</sup>. (C: 479)
- *Kien puede ser todo seo, ser de otre es ser sandeo.*  
Por: sandío, nezio<sup>15</sup>. (C: 499)
- *Kome de teo, i viste de teo, i llámate meo.*  
Imita al gallego. (C: 536)
- *Kuando el perro kiere a la kadela, mucho la promete de la farela.*  
“Kadela” es perra en Galizia; “farela”, pan de salvados, ke allá se llaman “farelos”; dellos se kueze pan para los perros, i se llaman en Kastilla “perrunas”. (C: 553)
- *Pan i nozes, saben a amores.*  
El gallego. “Nozes” por “nuezes”. (C: 582)
- *Tanto me kier o fillo da uva, tanto me kier ke todo me derruba.*  
Gall[ego]<sup>16</sup>. (C: 641)
- *Vento de marzo i chuvia de abril karregan el karro i el kostruil.*  
Es: la troxe i vasixas en ke se echa el pan. El gallego. (C: 679)

---

<sup>11</sup> Cremos que pola súa forma esta paremia é galega, aínda que tamén ben puidera ser portuguesa.

<sup>12</sup> Mesma explicación que no caso anterior.

<sup>13</sup> Esta paremia considáramola galega xa que presenta a súa tradución ó castelán: *Katalina, si vos prendo, vuestro padre será mi suegro.* (C: 473)

<sup>14</sup> Tamén aquí nos atopamos coa súa forma en castelán: *Ke si no me fuera por moxar las botas, io me fuera kon vos a rregar las guertas.* (C: 479)

<sup>15</sup> Cremos, como Combet (1967: 409, nota 120), que esta paremia pode ser galega ou portuguesa, xa que aparece traducida noutra parte do refraneiro: *Kien puede ser suio todo, en ser de otro es loko.* (C: 499)

<sup>16</sup> Correas dános unha variante desta forma sentenciosa: *Tanto me kier o fillo do branko, tanto me kier ke todo me kaio.* (C: 641)



- *Véstete do teu e chámate meu.*  
“Vístete de tuio, [i] llámate mío”<sup>17</sup>. (C: 679)

## 2.4. Formas galegas en Hernán Núñez que en Correas se explicitan como castelás ou portuguesas

- *A boda nen a baptizado, no vaas sin chamado.*  
El Gallego. A boda ni a baptismo no vayas sin ser llamado. (H: 1v)  
➤ *A boda ni a bautizado, no vaías sin ser llamado.*  
Es: bautizo, o bateos<sup>18</sup>. (C: 17)
- *A concello mao, camp de pao.*  
El Gallego. Lo que el Castellano dize, A concejo ruyn, campana de madero. (H: 2v)  
➤ *A konzexo malo, kanpana de palo.*  
Ke en el mal govierno nada ai bueno<sup>19</sup>. (C: 22)
- *Alo vay serodio con temporao, mays nõ na palla nen o grao.*  
El Gallego. Alla va lo tardio con lo temprano, pero no en la paja, ni en el grano: que aunq fueron vna cosa misma lo tardio y temprano engastar se lo vno y lo otro, fueron diferentes en la paja y en el grano. (H: 8v)  
➤ *Allá va lo tardío kon lo tenprano, mas no en la paxa ni en el grano.*  
Ke todo á pro, mas no tal. (C: 89)
- *A maa vezina, da a agulla sin liña.*  
El Gallego. La mala vezina da el aguja sin hilo. (H: 9v)  
➤ *La mala vezina, da la aguxa sin liña.*  
Esto es: sin hebra. (C: 242)
- *Amigos y mulas, fallescen a as duras.*  
El Gallego. Faltan en los trabajos. (H: 10r)  
➤ *Amigos i mulas, fallezen a las duras.*  
Ke faltan en las okasiones del trabaxo; ke los buenos amigos kon difikultad o nunca faltan, komo a las vezes los deudos i los más amigos lo suelen hazer; i ke las mulas, rrespeto de otras kavalgaduras, son para más i no faltan, si no es ke el trabaxo sea mui eszesivo. Tanbién la frase “fallezen a las duras”, suena ke faltan en las difikultades; i entenderáse entonzes no de los buenos amigos, keriendo dezir los de estotros rrefranes: “Amigo por amigo, mi pan i mi vino”; “El mexor amigo es el dinero en mi bolsiko”. Kon el primer sentido alaba los buenos amigos; i kon el segundo se kexa ke no aia amistad en todos zierta. (C: 84/85)
- *A noyte da boda, qual a achares, tal a toma.*  
El Gallego. (H: 11r)

---

<sup>17</sup> Aquí a tradución ó castelán xa se fai na explicación que o autor dá da paremia.

<sup>18</sup> Variante:

*A bodas i a niño bautizado, no vaías sin ser llamado.*  
Porke no enfades. (C: 17)

<sup>19</sup> Variante:

*A konzexo rruin, kanpana de madero.*  
Otros dizen: de madera. (C: 22)

- *La noche de la boda, kual la hallares tal la toma.* (C: 221)
- *A quem Deus quer bem, o vento lle apaña a leña.*  
El Gallego. (H: 13v)
  - *A kien Dios kiere aiudar, el viento le apaña la leña.* (C: 20)
- *A quen queres mal, comelle o pan, y a quen ben, tamen.*  
El Gallego. (H: 13v)
  - *A kien kieres mal, kómele el pan; i a kien bien, tanbién.* (C: 21)
- *A quen matares o padre, no lle cries o fillo.*  
El Gallego. (H: 13v)
  - *A kien matares el padre, no le kries el hixo.* (C: 22)
- *A vaca que ño come cõ os boys, ou comeu ãte, o come despoys.*  
El Gallego. La vaca que no come con los bueyes, o comio antes, o come despues. (H: 16r)
  - *La vaka ke no kome kon los bués, o komió antes, o kome después.*  
Dízese por la muxer ke está en kasa i kome kada rrato lo ke kiere i no a la mesa. (C: 239)
- *A verdade, anda na heredade.*  
El Gallego. La verdad anda en la heredad. Entiende claridad. (H: 17r)
  - *La verdad anda en la eredad.* (C: 239)
- *Ay ten a gallina os ollos, do ten os ouos.*  
El Gallego. Ay tiene la gallina los ojos, do tiene los huevos<sup>20</sup>. (H: 17r)
  - *Allí tiene la gallina los oxos, donde tiene los huevos i pollos.* (C: 91)
- *Boos e maos, manten ciudad.*  
El Gallego. Buenos y malos mantiene la ciudad. (H: 19r)
  - *Buenos i malos mantiene la ziudad.* (C: 451)
- *Bo es, bo es, con quen tra lo lar non ses.*  
El Gallego. Bueno eres, bueno eres, con quien tras el huego no conuerses. (H: 19r/19v)
  - *Bueno es, bueno es, kon kien tras el lar no estés.*  
El no tratado. (C: 450)
- *Bon vay o romeiro, desquelle esquece o bordon.*  
El Gallego. Bueno va el romero, quando se le oluida el bordon. (H: 19v)
  - *Bueno va el bretón, kuando se le olvida el bordón; [o] Bueno va el rromerón, kuando olvida el bordón.*  
Ke á bevido bien. (C: 451)
- *Cõ este maço de robre, a quẽ por los seus fillos se faxer pobre.*  
El Gallego. (H: 25r)
  - *Kon este mazo de rroble, a kien por sus hixos se hiziere pobre.*

---

<sup>20</sup> O refraneiro de Hernán Núñez tamén presenta unha forma portuguesa desta paremia:  
*Onde la gallina tene los ovos, allá se la van los oxos.*  
Tomado del port[ugés]. (C: 201)

Entiéndese: le den. Ai padres ke dan todo lo ke tienen a los hixos kuando los kasan, i lo hazen mal porke lo lazeran. (C: 524)

- *Cregos, frades, pegas e choyas, do a demo tas quatro joyas.*

El Gallego. Clerigos, frayles, picaças y grajas, do al diablo tales quatro joyas<sup>21</sup>. (H: 28r)

➤ *Kregos, frades, pardales e choias, donde notáis kuatro xoias*<sup>22</sup>. (C: 573)

- *Cuyta faz vella choutar.*

El Gallego. Cuyta haze a la vieja trotar. (H: 28v)

➤ *Kuita faz a la viexa trotar.* (C: 29)

- *Deus nos dia con que riamos, e non sejan fillos charros.*

El Gallego. Dios nos de con que riamos, mas non sean hijos bouos. (H: 33r)

➤ *Dios nos dé kon ké rriamos, i no sean hixos bovos i sandios; [o hixos] charros {i sandios}.* (C: 395)

- *Día de Sant Nicolao, esta la neue de pao en pao, ou si ño esta no chao.*

El Gallego. (H: 35v)

➤ *Día de San Nikolás está la nieve de palo en palo; i si no, está en lo llano.*

Ke es: en el suelo. (C: 392)

- *Do demo a todos, dixo o que araua con os lobos.*

El gallego. (H: 36v)

➤ *“Do al diablo a todos”, dixo el ke arava kon lobos.* (C: 403)

- *Donde allos ha, viño auera.*

El Gallego. Llama los ajos allos. (H: 37r)

➤ *Donde axos á, vino avrá.*

Dízese “á” por “ai”. (C: 406)

- *Dos lobos a vn cam, ben o comeran.*

El Gallego. (H: 37r)

➤ *Dos lobos a un kan, bien lo komerán.* (C: 410)

- *Ele ali, e o cu a a porta.*

El Gallego. Hele alli, y el culo a la puerta. (H: 41r)

➤ *Hele allí, i el kulo a la puerta.* (C: 778)

- *Entre Março e Abril, sale o cuco de cubil, con a neue no quere vir.*

El Gallego. Entre Março y Abril, sale el cuclillo del cubil, con la nieue no quiere venir. (H: 50r)

➤ *Entre marzo i abril sale el kuko de kubil; kon la nieve no kiere venir.* (C: 167)

- *Eyqui no ay touca, donde lobo saya.*

El Gallego. Aqui no ay bosque, de do salga lobo. (H: 52r)

---

<sup>21</sup> En Correas aparece esta traducción como paremia: *Klérigos, frailes, pegas i graxas, do al diablo tales kuatro alhaxas.* (C: 574)

<sup>22</sup> Variante: *Klérigos, frailes, pardales i chovas, ¿dónde vais, las kuatro xoias?* (C: 574)

- *Akí no ai mata donde lobo salga.*  
Para kitar miedo<sup>23</sup>. (C: 77)
- *Gardete deus de can librel, e de casatorre, e d muller rabidona.*  
El Gallego. Guardete dios del perro, que es lebel, y de torrecasa, y de muger que trae luengo rabo. (H: 53v)  
➤ *Guárdete Dios de perro lebel, i de kasatorre, i de rrabidueña muxer.*  
El lebel es mui komedor i kostoso; de pobres hidalgos o eskuderos ke biven kasatorre no suele aver buena vezindad; “rrabidueña” llaman por desdén a la muxer entre ziadadana o hidalga, i suelen ser enfadosas kon nezesidades i presunzió. (C: 424)
- *Gata ruuia, qualas faze taes as cuida.*  
El Gallego. Gata bermeja quales las haze, tales las piensa. (H: 53v)  
➤ *Gata rrubia, kuales las haze, tales las kuida.* (C: 420)
- *Home reñidor, caualo corredor, odre de bon viño, nunca dura muyto.*  
El Gallego. (H: 57r)  
➤ *Onbre rrifador i kavallo korredor, kuero de buen vino i bestia de andadura, nunka mucho dura.* (C: 203)
- *Ieada sobre lodo, neue fasta o jollo.*  
El Gallego. Elada sobre lodo, nieue hasta la rodilla. (H: 59v)  
➤ *Elada sobre lodo, nieve hasta el hinexo.*  
La rrodilla. (C: 140)
- *Iornada de mar, non he de tayxar.*  
El Gallego. Iornada de mar, no se puede tassar. (H: 60r)  
➤ *Xornada de mar, no se puede tasar.* (C: 378)
- *La muller e a truyta, por la boca se prende.*  
El Gallego. (H: 61v)  
➤ *La muxer i la trucha, por la boka se prende, toma i achucha.* (C: 248)
- *Laça larga por a neue, no ay diablo que a leue.*  
El Gallego. (H: 62v)  
➤ *Lanza larga por la nieve, no ai diablo ke se la lleve.* (C: 254)
- *Mas ha namarra, que fazer la e furala.*  
El Gallego. Mas ay en la almadana, que hazer la, y horadalla. (H: 72v)  
➤ *Más ai en la almádana ke hazella i horadalla. Más ai en la marra ke hazella i horadalla.*  
“Almádana” i “marra” es une maza de hierro grande para kebrar i partir las peñas i sakar las losas i piedras, i es menester fuerza para governalla i dar el golpe bien. (C: 699)
- *Mal vay a o passariño, que anda en mao do miniño.*

---

<sup>23</sup> Variante: *Akí no ai soto de do salga lobo.* (C: 77)

- El Gallego. Mal va el paxarillo, que anda en mano del muchachillo. (H: 75r)  
 ➤ *Mal va al paxarillo kuando anda en mano del niño.* (C: 695)
- *Meu parente he Pero bo, quanto me ha, tanto lle eu so.*  
 El Gallego. Mi pariente es Pero bueno, quanto me ha, tanto le soy. (H: 76r)  
 ➤ *Mi pariente es, pero bué: kuinto mea, tanto le é.*  
 “Bué” por “bueno”. (C: 731)
- *Mentre moça bẽ passar, despues que vella choutar.*  
 El Gallego. Miẽtra moça, bien passar: despues que vieja, trotar. (H: 76v)  
 ➤ *Mientras moza, bien pasar; despuẽs ke viexa, trotar.* (C: 735)
- *Moça rincha d yra, oputa o parleyra.*  
 El Gallego. Llama rincha de yra ala que se rie mucho. (H: 78v)  
 ➤ *Moza rrisadera, o puta o parlara.* (C: 740)
- *Moça mañanenga primero ergue o cu que a cabeça.*  
 El Gallego. La moça que madruga mal, primero yergue el culo que la cabeça. (H: 78v)  
 ➤ *Moza mañanera, primero ierge el kulo ke la kabeza.* (C: 740)
- *Nalleo soto, vn pao ou otro.*  
 El Gallego. En ageno soto, vn palo u otro. (H: 80v)  
 ➤ *En axeno soto, un palo u otro.* (C: 141)
- *Nem de sabugueyro bon vençello, nem de cuñado bon consello.*  
 El Gallego. Llama sabugueyro al sauco, y vencello dizen al atadero. (H: 81r)  
 ➤ *Ni de saũko buen venezexo, ni de kuñado buen konsexo.* (C: 284)
- *Non ha tal feitizo, como o bo seruicio.*  
 El Gallego. No ay tal hechizo, como el buen seruicio. (H: 83r/83v)  
 ➤ *No ai tal hechizo komo el buen servizio.* (C: 298)
- *Nos ollos de miña sogra, vejo eu quando o demo a toma.*  
 El Gallego. En los ojos de mi suegra, veo yo quando el demonio la toma. (H: 84r)  
 ➤ *En los oxos de mi suegra, veo io kuando el diablo la entra.* (C: 149)
- *Non da quen ten, se nõ quẽ quer ben.*  
 El Gallego. No da quien tiene, sino quien bien quiere. (H: 84v)  
 ➤ *No da kien tiene, sino kien bien kiere<sup>24</sup>.* (C: 313)
- *Non erra quen a os seus semella.*  
 El Gallego. No yerra, quien a los suyos paresce. (H: 85v)  
 ➤ *No ierra kien a los suios semexa.* (C: 305)
- *No niño do can, no cates lo pã, nẽ no fucinõ da cadela cates la manteyga.*  
 El Gallego. En la cama del perro, no busques el pan, ni en el hocico de la perra, no busques la manteca. (H: 86r)

---

<sup>24</sup> Variante: *No da kien tien, sino kien bien kier.* (C: 313)

- *En la kama del kan no buskes el pan, ni en el hoziko de la perra no buskes la manteka.* (C: 147)
- *O mao vaa e veña, e o boo nunca se perda.*  
El Gallego. El malo vaya y venga, y el bueno nunca se pierda. (H: 89r)  
➤ *El malo vaia i venga, i el bueno nunca se pierda.*  
Marido, i otras kosas. (C: 132)
- *O pan trigo, o centeo, mas val na barriga, que no seo.*  
El Gallego. El pan de trigo, o de centeno, mas vale en el vientre, que en el seno. (H: 89v)  
➤ *El pan, trigo o zenteno, más vale en la tripa ke en el seno.* (C: 123)
- *O peixe do Mayo, a quẽ cho pedir dallo.*  
El Gallego. El pece de Mayo, a quiẽ te lo pidiere, da lo. Porque en tal tiẽpo el pescado es dañoso. (H: 89v)  
➤ *El peze de maio, a kien te le pidiere, dalo.* (C: 125)
- *Officio de aluardeyro, mete palla, e saca dineyro.*  
El Gallego. (H: 90r)  
➤ *Ofizio de albardero: mete paxa i saka dinero.* (C: 172)
- *O home cordo, non le quema o porro.*  
El Gallego. Al hombre cuerdo, no le quema el puerro. (H: 90r)  
➤ *Al onbre kuerdo no le kema el puerro.*  
Buen aviso kontra delikados manxares. Tambiẽn dize ke no le kome por ser mala comida; i ke no se pika de dichos. (C: 41)
- *O leyto e o viño, fay o vello meñino.*  
El Gallego. La leche, y el vino, hazẽ al viejo niño. (H: 90v)  
➤ *La leche i el vino, hazen al viexo niño.*  
Porke es rregalo para ẽl. (C: 219)
- *O rozin no Mayo, bolue se caualo.*  
El Gallego. Por el vicio del verde. (H: 90v)  
➤ *El rrozin en maio, buélvese kavallo.* (C: 137)
- *O sako redondo, tanto lleua como o longo.*  
El Gallego. (H: 90v)  
➤ *El sako rredondo, tanto lleva komo el longo.*  
I a vezes más. (C: 105)
- *Por marido reyña, e por marido mezquiña.*  
El Gallego. Que cual es el marido, tal es la muger en el estado. (H: 96v)  
➤ *Por marido rrexina, i por marido mezkina.*  
Suzede a las muxeres kon bueno o mal marido. “Rrexina” es: rreina. (C: 617)
- *Por Sant Luca, alça o boy da suca, mata o porco e tapa a cuba.*  
El Gallego. Por Sant Lucas alça el buey del sulco, mata el puerco, y atapa la cuba. (H: 97v)  
➤ *Por San Lukas, suelta el buei de la koiunda, mata el puerko i tapa la kuba.*  
(C: 609)

- *Quando comieres antes q vaas a ygreja, despoys non te pornã a mesa.*  
El Gallego. (H: 102r)
  - *Kuando komieres antes ke vaias a la iglesia, después no te pondrán la mesa; o no te pornán la mesa.* (C: 563)
- *Quando fueres a Concello, acorda no teu, e deixa o alleo.*  
El Gallego. Quando fueres a concejo, ten acuerdo de lo tuyo, y dexa lo ageno. (H: 102v)
  - *Kuando fueres a konzexo, akuerda en lo tuiro, i dexa lo axeno.*  
Ke prokures tú azertar, i no zensures a los otros. (C: 561)
- *Quẽ calça a spola, a fibilla afora.*  
El Gallego. Quiẽ calça la espuela, hala de dexar heuilla a fuera. (H: 103r)
  - *Kien kalza la espuela, la hevilla dexe afuera.* (C: 489)
- *Quem mal quer os seus, no querra ben os alleus.*  
El Gallego. Quien mal quiere a los suyos, no querra bien a los agenos. (H: 103v)
  - *Kien mal kiere a los suios, no kerrá bien a ningunos.* (C: 512)
- *Quem tuuer remoliño na testa, non yra comigo a a festa.*  
El Gallego. Tienẽ esta señal por señal de mal hombre. (H: 104v)
  - *Kien tuviere rremolino en la testa, no irá konmigo a la fiesta.*  
Tiénenlo por señal de altivez i señorío. Al propósito suzedió ke estando en Toledo el infante don Alonso, huido de su ermano el Rrei do Sancho, i saliendo una vez a kavallo kon el Rrei moro Alimaimón, uno de los moros ke ivan detrás, hablando de la xentileza i buena apostura del Infante, le vio una gedexa levantada en la kabeza i dixo al ke iva a su lado: “Este á de ser un gran Rrei”, kolixiéndolo por la gedexa del kabello; i lo fue desde a poko, i ganó después a Toledo. (C: 508)
- *Quem con demo anda, o boy se lle esmouca.*  
El Gallego. Quien con el demonio anda, el buey se le descuerna. (H: 105r)
  - *Kien kon el diablo anda, el buei se le deskuerna; o manka.* (C: 494)
- *Rami nom de souto, se nõ vos sera otro.*  
El Gallego. Ramillo de soto, si no vos, sera otro. Que do ay copia dela cosa, ay lugar de escoger. (H: 115r)
  - *Rramillo de soto, si no vos, será otro.*  
Ke en kopia de kosas ai lugar de eskoxer la ke más agradare, komo un rramo en arboleda espesa. (C: 754)
- *Si ques bon consello, pideo a home vello.*  
El Gallego. (H: 118v)
  - *Si kieres buen konsexo, pídele al onbre viexo.* (C: 355)
- *Tal terra andar, tal pã manjar.*  
El Gallego. (H: 122v)
  - *Tal tierra andar, tal pan manxar.* (C: 636)
- *Tanto diran heyilas, heyilas, que vengán quendas Geneyras.*  
El Gallego. Tãto diran helas helas, que vengán las kalendas de Enero. Quiere dezir, el primer dia. (H: 123v)

- *Tanto dirán “helas, helas”, ke vengan las kalendas eneras.*  
Es: el primero día de enero. (C: 640)
- *Tempo ha a choca, e tempo ha que a joga.*  
El Gallego. Tiempo ay para la chueca, y tiempo para quien la juega. (H: 124r)
  - *Tienpo á la chueka, i tienpo á kien la xuega.*  
Por: “...tiene...” (C: 649)
- *Truyta cara, nõ he sana.*  
El Gallego. (H: 126v)
  - *Trucha kara no es sana.* (C: 672)
- *Vayse o ouro, pro thesouro.*  
El Gallego. Vase el oro al thesoro. (H: 127v)
  - *Vase el oro al tesoro.*  
Lo ke: “El dinero se va al dinero”. Porke kon el kaudal se granxea i gana, i no sin él.  
(C: 672)
- *Vilao farto pe dormente.*  
El Gallego. El villano harto, el pie entumido. (H: 129r)
  - *Villano harto, pie entumido.* (C: 685)
- *Vos dona yo dona, quen botara a porca fora.*  
El Gallego. (H: 130v)
  - *Vos dueña, io dueña, ¿kién echará la puerka fuera?* (C: 686)

## 2.5. Formas galegas en Correas que en Hernán Núñez se documentan como castelás ou portuguesas

- *Amor, tos i fuego, deskúbrese luego; o deskubre a su dueño.*  
El gallego: Amor, fogo e tose, a seu dono deskobre. El humo deskubre donde está el fuego.  
(C: 86).
  - *Amor, foguo, e tosse, a seu dono descobre.*  
El Portugues. El amor, y el huego, y la tosse, a su dueño descobre. (H: 10r)
- *Otro kome las nozes, i io tengo las bozes.*  
Imitado del gallego o portugués; solemos korrutamente imitar los lenguaxes de las nazionez vezinas; demás ke esto es antiguo del Rreino de León “nozes” por “nuezes”. (C: 208).
  - *Outre come as nozes, e eu teño as voces.*  
El Portugues. Otro come las nuezes, y yo tengo las voces. (H: 91r)
- *Lo perriño e lo moziño, donde los hizieron bien allí los kata.*  
Este rrefrán es de entre rraia. Estótro, de Galizia i Portugal: “*Lo mi niño e lo bakoriño, donde le dan el bokadiño*”. (C: 269)
  - *Lo perriño e lo moción, donde les hizieren bien, allí los cata.* (H: 69r)
- *No son tanto las nozes komo las bozes.*  
El gallego. (C: 312)
  - *Mas es el ruydo, q las nuezes.* (H: 73v)
- *Kompañía de tres, el demo la fez.*



Gall(ego). (C: 532)

- *Compañia de tres, o demo a fez.*

El Portugues. (H: 25v/26r)

➤ *Pekeño machado derriba gran karvallo.*

Gall(ego): el rroble. (C: 598)<sup>25</sup>

- *Pequeno machado, derruba graon caruallo.*

El Portugues. Pequena segur derrueca gran robre. (H: 94v)

➤ *Teña porkos e no teña ollos.*

Gall(ego). (C: 647)

- *Teña porcós, e naõ teña ollos.*

El Portugues. Tenga puercos, y no tenga ojos. (H: 124r)

## 2.6. Casos especiais

Dúas paremias, unha de Hernán Núñez e outra de Correas, estimamos que están mal catalogadas dentro da paremioloxía galega:

- A pesar de que Hernán Núñez considera esta forma como galega (non aparece documentada en Correas):

*Iado de nouiella, y potro de yegua viella.*

El Gallego. Que llama jado al bezerro, y nouiella a la bezerra. (H: 59r),

cremos que habería que incluíla na paremioloxía asturiana, xa que esta grafía e a súa presenza nos refraneiros modernos desta lingua (*xatu de nuviella y potru de yegua vieya*), e non nos galegos, así o aconsellan.

- Na seguinte paremia Correas, coa expresión “es de entre rraia de Portugal”, parece querer indicar que a paremia podía pertencer tanto á lingua galega como á portuguesa:

➤ *No kiero bakoro kon chukallo.*

Es de entre rraia de Portugal, tomado de allá. “Bakoro” es: puerko; “chukallo”, zenzerro, porke no le sienta el dueño de axena eredad si a ella fuere, i le lleve prendado. (C: 316-317),

feito que non foi corroborado no século anterior por Hernán Núñez, quen a sitúa na paremioloxía lusitana:

- *Naom quero bacoro, con chucallo.*

El Portugues. No quiero cochino con sonaja. (H: 80r)

Esta paremia non a atopamos documentada nos refraneiros galegos modernos, pero si nos portugueses:

*Não quero bácoro com (nem o) chocalho.* (C: 261, 507; D: 95; M: 337)

---

<sup>25</sup> Correas dá así mesmo a tradución ó castelán desta forma na paremia *Pekeño machado derriba gran kastaño.* (C: 598)

## 2.7. Paremias que falan da maneira de ser dos galegos

Nos dous refraneiros a figura da nosa xente non sae ben parada, mesmo parece que hai un elemento xenófobo contra os galegos:

- *A pesar de gallegos; [o] A pesar de rruines.*  
Afirma ke fue hecho, o será. (C: 23)
  - *Orense, Orense, buen pan i buen vino, i mala xente.* (C: 200)
  - Mete el gallo en tu muladar y hazer se te ha heredero.  
De otra manera. *Mete en tu pajar el Gallego, hazer se te ha heredero.* (H: 76r).
    - Mete el gallo en tu paxero, i hazérsete a eredero.  
Porke eskarvará la paxa i no la dexará de provecho para los ganados, i demás deso dexará plumas en ella i si las komen las bestias enfermarán i se morirán. Otros dizen: “Mete el gallo en tu muladar, i hazérsete á eredero”, porke derramará el estiérkol i te dará ke hazer. Algunos dizen: “*Mete al gallego en tu paxar, i kererte á eredar... o hazérsete á eredero*”, porke an ganado opinión algunos mozos gallegos para toda la nazió ke kuando les pareze toman lo ke pueden i se pagan de su mano de la soldada i se akoxen. (C: 728)
    - *Mete en tu paxar al gallego, i hazérsete á hixo eredero.* (C: 728)
  - *Ni perro, ni negro, ni moço Gallego.* (H: 81v)
    - *Ni perro, ni negro, ni mozo gallego.* (C: 287)
  - *El moço del Gallego, que andaua todo el año descalço y, por vn dia, qria matar al çapatero.* (H: 42v)
    - *El mozo del eskudero gallego, ke andava todo el año deskalzo, i por un día kería matar al zapatero.* (C: 135)
  - *A juezes Galizianos, cõ los pies en las manos.*  
Los pies entiende de aues presentadas. (H: 4v)
    - *A xuezes galizianos, kon los pies en las manos.*  
Entiéndese: kon el presente de aves asidas por los pies kon las manos. Es mui usado en Galicia i en otras partes los pobres labradores presentar de lo ke tienen a los superiores, i si tienen pleito, a los xuezes. Del uso de akella rrierra nazió el rrefrán; i a los xuezes ke se dexan sobornar se llamarán “gallizianos” por “falsos”, komo las mulas i bestias de Galicia, ke lo son más ke las de otra parte. (C: 12)
- e as galegas:
- *Andar, gallegas, en kinze días katorze leguas.* (C: 62)
  - *Moza gallega, nalgas i tetas.* (C: 740),
- se ben a nosa “xente granada” queda libre de toda sospeita:
- *Antes puto ke gallego.*  
Matraka kontra gallegos, porke la xente baxa suele enkubrir su tierra por aver ganado deskrédito. La xente granada de allá es mui buena. (C: 66)

Tanto Hernán Núñez como Correas incluíron nos seus refraneiros os tópicos que circulaban sobre Galicia:

- *A Gallego pedidor, Castellano tenedor.* (H: 3v)
- *A gallego pedidor, kastellano tenedor.* (C: 15)

pero tamén recolleron aquelas paremias, aínda que escasas, que amosaban o positivo do pobo galego:

- *Paz de Gallego, tēla por aguero.* (H: 93r)
- *Paz de gallegos, tenla por aguero.* (C: 588)
- *Prenda de gallego vale dinero.*  
Porke asegura la deuda. (C: 630)

e as bonanzas da nosa terra:

- *Galizia es la huerta, y ponferrada la puerta.* (H: 53v)
- *Galizia es la guerta, i Ponferrada la puerta.* (C: 419)

e dos nosos mares:

- *La sardina Galiziana, y el pescado de Yrlanda.* (H: 63r)
- *La sardina, galiziana; i el peskado, de Irlanda.* (C: 222)

## 2.8. Paremias que abordan a forma de falar dos galegos

Non podían faltar nestes refraneiros as paremias referidas á nosa forma de falar, que certamente non son aquelas que Correas nos presenta coa aclaración “imitan ó galego”, xa que estas máis que “imitar” o que fan é “traducir”:

- *Kome de teo, i viste de teo, i llámate meo.*  
Imita al gallego. (C: 536)
- *Si duerme el oxo; si no, deskansa el oso; [o el] korpo.*  
Imitando el gallego. (C: 352),

senón aquelas que tentan reproducir, xeralmente nun ton burlesco, a nosa fala:

- *Gallego, ¿fuiste oi a misa? —Sí, si a Dios plugo, i seia loado.—¿Viste a Dios? —No miré en tanto.* (C: 420)
- *Gallego, buélvete moro, i darte é dos rreales. —No keiro. —Darte é dos i medio. —Ora dad aká, fillos e muller i todo.* (C: 420)
- *Gallego, ¿kiés ir a misa? —No teño zapatos. —¿Kiés ir a la taverna? —Aki teño kuarto kuartos.* (C: 420) *¿Aiunáis, gallego? —Sí, a pesar de o demo.* (C: 32)

Nin na biografía de Hernán Núñez nin na de Correas hai datos significativos para poder afirmar que estes paremiólogos coñecían a lingua galega. Así pois, temos que supoñer que as paremias que recollen da nosa lingua chegan a eles por diversas vías: quizais a través dos seus alumnos, quizais polas xentes que se desprazaban a realiza-la sega a Castela (“os alugados”), quizais polos que ían ás feiras salmantinas, etc. A figura de Correas sentado nunha cadeira na ponte do Tormes comprando paremias ós que ían ó mercado é unha proba do que acabamos de dicir.

Este descoñecemento da lingua fixo que nas formas sentenciosas galegas que nos presentan estes dous paremiólogos poidamos anotar erros de dous tipos:

**2.8.1. Fonéticos.** Hernán Núñez<sup>26</sup>, se cadra como consecuencia dunha recollida oral, presenta un bo número de palabras aglutinadas, que son claramente transcricións fonéticas:

- Bon vay o romeiro, *desquelle* esquece o bordon. (H: 19v)
- *Darope*, que tempo he. (H: 29r)
- Mas ha *namarra*, que fazer la e furala. (H: 72v)

**2.8.2. Gramaticais**, que se manifestan:

**2.8.2.1.** nas vacilacións que se producen no emprego das contraccións:

- *As* veces ruyn gadela roy boa correa. (H: 1r)
- Amigos y mulas, fallescen *a as* duras. (H: 10r)
  - A facenda *do* krego, dala Deus, e lévala o demo. (C: 14)
  - Antes torto ke zego *del* todo. (C: 66);

**2.8.2.2.** na utilización de formas diferentes dunha mesma palabra:

- A vna pãcada, sale o can do *moynon*. (H: 17r)
- O tolo o môte, o cordo o *moyño*. (H: 91r)
  - Alá me leve *Deos*, donde ache dos meos. (C: 8)
  - A facenda do krego, dala *Deus*, e lévala o demo. (C: 14);

**2.8.2.3.** na aparición de castelanismos nas paremias galegas:

- Ay ten a *gallina* os ollos, do ten os ouos. (H: 17r)
  - Pedra de igrexa, *oro* gotexa. (C: 597)

Recollémo-los seguintes casos concretos deste tipo que se documentan con frecuencia nos dous refraneiros:

**2.8.2.3.1.** o pronome persoal *eu*, que aparece así documentado en Hernán Núñez:

- Outre come as nozes, e *eu* teño as voces. (H: 91r)

e en Correas:

- Katalina, si vos *eu* kollo, voso pai será meu sogro. (C: 473),

pero que tamén pode aparecer como *io* en Correas:

- File o demo, ke *io* tres kamisas teño. (C: 415)

ou coa forma castelá *yo* en Hernán Núñez:

---

<sup>26</sup> Os exemplos que aquí presentamos son de Hernán Núñez, xa que seguimos no noso estudo o texto orixinal. A obra de Correas por nós empregada, peneirada por Combet, presenta grandes diferenzas respecto á orixinal.

- Vos dona *yo* dona, quen botara a porca fora. (H: 130v);

**2.8.2.3.2.** o emprego indiscriminado das formas do artigo en galego e en castelán:

- *La* muller e *a* truyta, por *la* boca se prende. (H: 61v)

➤ *O* demo a *los* seus ker. (C: 198);

**2.8.2.3.3.** a alternancia de emprego da forma galega e da castelá nas conxuncións *y(i)* / *e* e *o* / *ou*:

- Iado de nouiella, *y* potro de yegua viella. (H: 59r)

- O leyto *e* o viño, fay o vello meniño. (H: 90v)

➤ Pan *i* nozes, saben a amores. (C: 582)

➤ No marzo, abrigo, nozes *e* pan trigo. (C: 322)

- A vaca que ño come cõ os boys, *ou* comeu ãte, *o* come despoys. (H: 16r)

O refraneiro galego de Hernán Núñez é máis fiel á nosa lingua có de Correas, xa que neste moitas das paremias que aparecen explicitadas como galegas se nos presentan case completamente traducidas ó castelán:

➤ La kabeza del budiõ ante ti la pon, i la de la boga ante tua sogra. (C: 230)

deixando nalgúns casos algunhas palabras en galego, que xeralmente facilitan a rima interna:

➤ El sako rredondo, tanto lleva komo el *longo*. (C: 105)

e que son traducidas ó castelán se o autor considera que o lector non as vai comprender:

➤ Kuando el perro kiere a la *kadela*, mucho la promete de la *farela*.

“Kadela” es perra en Galizia; “farela”, pan de salvados, ke allá se llaman “farelos”; dellos se kueze. (C: 553)

Nalgúns casos, para manter esta rima interna na tradución dunha forma sentenciosa ó castelán, Correas debe recorrer á aférese:

➤ Mi pariente es, pero *bué*: kuinto mea, tanto le *é*. (C: 731)

- Meu parente he Pero bo, quanto me ha, tanto lle eu so. (H: 76r);

á incorporación de novas palabras ás paremias:

➤ La muxer i la trucha, por la boka se prende, *toma i achucha*. (C: 248)

- La muller e a truyta, por la boca se prende. (H: 61v);

e mesmo ó cambio de palabras:

➤ En los oxos de mi suegra, veo io kuando el diablo *la entra*. (C: 149)

- Nos ollos de miña sogra, vejo eu quando o demo a toma. (H: 84r)

**2.8.2.4.** Correas, como el mesmo indica ó longo da súa obra, inspirouse en numerosas ocasións no refraneiro de Hernán Núñez:

➤ Mal para kien habla, i peor para kien kalla.

- El Komendador<sup>27</sup>. (C: 694)  
➤ Muera gata i muera harta.  
Pónele el Komendador, i nunca le oí a nadie<sup>28</sup>. (C: 743)

Moitas das formas que Hernán Núñez presentou como galegas aparecen en Correas traducidas ó castelán, pero sospeitosamente estas traducións, e mesmo as explicacións que Correas dá destas paremias, son copias case literais do que escribira no século anterior Hernán Núñez:

- Tanto diran heyilas, heyilas, que vengan quendas Geneyras.  
El Gallego. Tãto diran helas helas, que vengan las kalendas de Enero. Quiere dezir, el primer dia. (H: 123v)  
➤ Tanto dirán “helas, helas”, ke vengan las kalendas eneras. (C: 640)

Para rematar este traballo, constatamos que no refraneiro de Hernán Núñez hai 134 paremias galegas (129 recoñecidas como tales polo autor e 5 que, ó noso entender, tamén son galegas) e en Correas 54 (40 admitidas polo autor e 14 que para nós son galegas). Hai unha paremia de Hernán Núñez, cualificada por este como galega, que nós opinamos que pertence á paremioloxía asturiana e outra de Correas, anotada como “de entre rraia de Portugal”, que nos parece que se debe incluír na paremioloxía portuguesa.

Como xa afirmamos noutra ocasión, o refraneiro galego está en débeda con estes dous estudosos, xa que foron quen de salvagardar unha parte do noso patrimonio cultural, que doutro xeito quizais tivese desaparecido. Ademais, esta recollida tamén foi de grande importancia para os paremiólogos posteriores, xa que lles serviu de base para elaboraren os seus refraneiros.

### 3. Abreviaturas e bibliografía

- [C] CHAVES, P. (1928/1945): *Rifoneiro Português*. Editorial Domingos Barreira, Porto.  
[D] DELICADO, A. (1923): *Adagios Portugêses reduzidos a lugares communs*. Livraria Universal, Lisboa.  
[E] GIPPINI ESCODA, E. (1991): *Refraneiro Galego*. Edicións do Castro, A Coruña.  
[G] CONDE TARRÍO, G. (2001): *Diccionario de refráns. Correspondencias en castelán e francés*. Galaxia, Vigo.  
[H] NÚÑEZ, H. (1555): *Refranes o proverbios en romance, qve nnevamente colligio y glosso el Comendador....* Casa de Juan de Cánova, Salamanca.  
[L] LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1983): *Refraneiro Galego*. Edicións Castrelos, Vigo.  
[M] MACHADO, J. P. (1998): *O grande livro dos provérbios*. Notícias, Lisboa.  
[N] VALLADARES NÚÑEZ, M. (1890/1989): “Refrás proverbios e dicires gallegos recollidos pol-o que firma e non contidos n-a Gramáteca d’o señor Saco Arce” en *A Monteiro* 60,1890,62-63; 61,1890,69-70; 62,1890,76; 63,1890,85-86; 64,1890,93-95; 65,1890,99-103. [Edic. facs. (1989). Xunta de Galicia, Pontevedra].

---

<sup>27</sup> *Mal para quien habla, y peor para quien calla*. [H: 73r]

<sup>28</sup> *Muera gata, y muera harta*. [H: 79r]

- [P] LEIRAS PULPEIRO, M. (1970): “Refranes Gallegos, no comprendidos en la colección del señor Saco y Arce, ni en la publicada en la Revista ‘Galicia’ por el Sr. Valladares” en FRANCO GRANDE, X. L.: *Obra completa*. Galaxia, Vigo, 376-399.
- [Q] QUINTÁNS SUÁREZ, M. (1992): *Refraneiro Galego*. El Correo Gallego, Santiago de Compostela.
- [S] SACO Y ARCE, J. A. (1890): “Refráns galegos” en *A Monteira* 43,1890,341-342; 44,1890,349; 45,1890,358; 46,1890,365-366; 47,1890,372-373; 49,1890,389-390; 52,1890,411-412; 54,1890,11-12; 56,1890,29-30; 57,1890,37-38; 59,1890,52-53. [Edic. facs. (1989). Xunta de Galicia, Pontevedra].
- [Sm] SACO Y ARCE, J. A. (1987): *Literatura popular de Galicia (Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos)*. Diputación Provincial de Ourense, Ourense.
- [V] *Refraneiro do Viño. 505 sentenzas recollidas do pobo* (1968). Edicións Castrelos, Vigo.
- [X] FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro Galego Básico*. Galaxia, Vigo.
- [Z] ZAMORA MOSQUERA, F. (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Galaxia, Vigo.
- BLANCO PÉREZ, D. (1994): *Historia da Literatura Popular Galega*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- BOUZA-BREY TRILLO, F. (1955): “El refranero gallego del comendador Hernán Núñez, primera colección paremiológica de Galicia (siglo XVI)” en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI/4,1955,450-472.
- BREA, M. (coord.) (1996): *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, 2 Vols. Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- COMBET, L. (1967): *Gonzalo Correas. Vocabulario de refranes y frases proverbiales (1627)*. Institut d’Études Ibériques et Ibéro-américaines de l’Université, Bordeaux.
- (1971): *Recherches sur le Refranero Castillan*. Les Belles Lettres, Paris.
- COMBET, L., SEVILLA MUÑOZ, J., CONDE TARRÍO, G. e GUIA I MARÍN, J. (2001): *Hernán Núñez. Refranes o proverbios en romance. Edición crítica*. Guillermo Blázquez Editor, Madrid.
- CONDE TARRÍO, G. (1997): *Estudio comparativo de las paremias en francés, castellano y gallego* (tese de doutoramento, inédita). Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Francesa e italiana, Santiago de Compostela.
- (1999): “Aproximación a la historia paremiológica gallega: S. XVI” en *Proverbium* 16,1999,37-60.
- (2000): “La parémiologie française, castillane et Galicienne au XVIIe siècle. Correas ‘galicien’ ” en CASAL SILVA, M<sup>a</sup> L., CONDE TARRÍO, G., LAGO GARABATOS, J., PINO SERRANO, L. e RODRÍGUEZ PEREIRA, N.: *La lingüística francesa en España camino del s. XXI*. Arrecife, Madrid, 281-293.

- (2002): “Le proverbe galicien et portugais chez Hernán Núñez (XVIe siècle)” en QUITOUT, M.: *Proverbes et énoncés sentencieux*. L’Harmattan, Paris, 33-47.
- CONDE TARRÍO, G. e LAGO GARABATOS, J. (1999): “Les premières documentations du proverbe en français, castillan et galicien” en GARCÍA-SABELL TORMO, M<sup>a</sup> T., MÍGUEZ BEN, M., MONTERO CARTELLE, E., VÁZQUEZ BUJÁN, M. E. e VIÑA LISTE, J. M<sup>a</sup>: *Homenaxe ó profesor Camilo Flores I*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 389-405.
- CORREAS, G. (1627/1967): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales (1627)*. Institut d’Etudes Ibériques et Ibéro-Américaines de l’Université de Bordeaux, Bordeaux.
- ERASMO, D. (1500): *Adagiorum Collectanea*. Éd. J. Philippi, Paris.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1976): “A inserción do ‘verbo antigo’ na literatura medieval galego portuguesa” en *Boletín Auriense* VI, 1976, 355-366. [Homenaxe a Xesús Taboada Chivite]. Reed. en FILGUEIRA VALVERDE, X. (1990): *VI-Adral*. Edicións do Castro, Sada, 13-31. Reed. en FILGUEIRA VALVERDE, X. (1992): *Estudios sobre lírica medieval: Traballos dispersos (1925-1987)*. Galaxia, Vigo, 165-182.
- HOROZCO, S. de (1986): *Teatro Universal de proverbios*. Universidad de Salamanca, Salamanca.
- HOWELL, J. (1659-1660): *Lexicon Tetraglotton and English-French-Italian-Spanish Dictionary*. Samuel Thomson, London.
- LÓPEZ DE MENDOZA, I. (Marqués de Santillana) (1508-1995): *Refranes que dizen las viejas tras el fuego*. Edition Reichenberger, Kassel.
- LÓPEZ NAVIA, S. A. (1992): *O repertorio galego dos refranes o proverbios en romance do Comendador Hernán Núñez (1555)*. Consello da Cultura Galega, Lugo.
- MAL LARA, J. de (1568/1996): *Philosophía vulgar. Obras Completas I*. Biblioteca Castro, Madrid.
- MARQUÉS DE SANTILLANA: V. LÓPEZ DE MENDOZA.
- SHEPARD, S. (s. XIV/1986): *Sem Tob. Proverbios morales*. Clásicos Castalia, Madrid.
- VALLÉS, P. (1549): *Libro de refranes copilados por el orden del A B C. En el qual se contienen quatro mil y trezientos refranes. El más copioso que hasta oy ha salido impresso*. Casa de Juana Millán, Çaragoça.



## Explicitación e implicitación fraseolóxica: notas galegas

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Seguindo os camiños abertos pola doutrina de Valerii Mokienko verbo da ampliación ou compresión fraseolóxica que el denomina explicitación e implicitación, propóñense a discusión algúns criterios novos para detectar en qué dirección se moven certos fraseoloxismos en linguas que, coma a galega, por circunstancias políticas carecen de suficiente documentación histórica: a estatística de frecuencias, a *lectio difficilior praeferenda*, a matización humorística ou correctora, a existencia de formas *pleniores* diverxentes, que un refrán inserto nunha cantiga apareza en glosas diferentes, que teña discontinuidade sintáctica ou imáxica co resto da cantiga ou que vaia introducido por un *verbum dicendi* ou *sentiendi*.

Following the paths opened by Valerii Mokienko's doctrine about the enlargement or compression in phraseology -in his words expliciting and impliciting- we bring to discussion some new criteria to detect in which direction some idioms are moving in languages which, like Galician, lack enough historical documentation due to political circumstances: statistics from frequency tables, the *lectio difficilior praeferenda*, the humorous or correcting nuances, the existence of divergent *plenior* forms, the fact that a proverb inserted in a *cantiga* can show up in different poems, that it presents a discontinuity in its syntax or imaging in relation to the rest of the *cantiga* or that it is introduced by a *verbum dicendi* or *sentiendi*.

Valerii Mokienko <sup>1</sup>descubriume cos seus dous libros, *Fraseoloxía eslava* (Mokienko 2000a) e *As imaxes da lingua rusa* (Mokienko 2000b) unha nova maneira de observa-lo caudal fraseolóxico. Fronte á visión estática da fraseoloxía, que hipertrofia a necesaria fixación, Mokienko desvela a evidencia dunha mobilidade que el concreta en seis dicotomías: *estabilidade / inestabilidade, modelabilidade / inmodelabilidade, implicidade / explicitade, imaxibilidade / inimaxibilidade, expresividade / neutralidade e sincronía / diacronía*. Quérolle render homenaxe cunhas notas sobre explicitade e implicidade na fraseoloxía galega, que deberán sumarse ós exemplos galegos paralelos dos rusos que xa puxemos na introdución e nas notas da versión galega (Mokienko 2000a: 11-16, 201-317).

### 1.1. Limitacións da fraseoloxía diacrónica

Ningunha colección fraseolóxica escrita, por rica que sexa, nin o total das coleccións publicadas ou inéditas constitúen o corpus fraseolóxico total dunha lingua. A presenza dunha unidade fraseolóxica (UF) nunha colección depende de que, cando lle cadrou saltar no uso oral, houbese un interlocutor que reparase nela, que se arredase momentaneamente da conversa para anotala, que despois a engadise a outras formando primeiro unha colección persoal, que co tempo esa colección medrase ata o punto de ser tan estimable que alguén pensase en facela pública, antes de desaparecer esquecida, extraviada ou queimada. En Toledo en 1936 queimouse unha imprenta eclesiástica e nela ardeu a edición completa, xa lista, do refraneiro galego do P. Gumersindo Placer, que contiña 20.000 refráns sabiamente comentados e con paralelos noutras linguas: nunhas horas perdeuse para sempre todo, mesmo o manuscrito orixinal. Como se ve, para que unha UF apareza rexistrada téñense que dar tantas circunstancias favorables, que case se pode dicir que a presenza dunha UF nas coleccións é aleatoria: o habitual é que nelas apareza só a parte máis rechamante do corpus fraseolóxico e que as UF de menor frecuencia de uso oral, as de menor extensión xeográfica ou de menor orixinalidade (é dicir, a maior parte) chamen pouco a atención cando saltan no uso oral e que, en consecuencia, tarden en rexistrarse ou que nunca se rexistren. Sendo isto así, a fraseoloxía diacrónica é difícil e as súas conclusións son aproximativas e provisionais, porque nunca ninguén dispón de tódolos datos. Mesmo así, paga a pena intentala.

É certo que o uso de grandes córpora cos máis avanzados programas informáticos rebaixou a nosa dependencia destas anotacións aleatorias pero, aínda así, moitos córpora conteñen maioritariamente textos previamente escritos e boa parte da mellor fraseoloxía, polo seu nivel e rexistro, ten dificultades para aparecer por escrito. Isto disequilibra o corpus. E, se a iso lle sumamos que moitas linguas aínda non dispoñen de bases informáticas cun corpus abundante e equilibrado, as dificultades persisten. É seguro que

---

<sup>1</sup> En lei dereita debo recoñecer que con anterioridade, e mesmo entre nós, xa outros fraseólogos trataran ese problema, como se pode ver, por ex., na bibliografía que verbo disto cita García-Page (2004:37-44) pero a Mokienko cábelo o mérito de se-lo primeiro en estudar de maneira sistemática este asunto e de tratar de establecer algúns criterios que obxectivamente permitan saber se a mobilidade vai no sentido da explicitación ou no da implicación.

nun futuro próximo a informatización directa da voz humana permitirá introducir nos corpos a lingua oral (debates televisivos, p.ex.) e chegaremos a ter un corpus equilibrado da lingua actual. Pero a lingua do pasado dificilmente resucitará: os fraseoloxismos que algunha vez existiron pero que desapareceron (dando lugar a outros ou non) sen que algunha vez alguén os puxese por escrito, nunca van aparecer: velaí a dificultade da fraseoloxía diacrónica.

## 1.2. O caso galego

A fraseoloxía diacrónica é especialmente mala de facer en galego, porque razóns políticas impediron que se escribise a lingua galega dende principios do século XVI ata o último terzo do século XX. É certo que algúns galegos se rebelaron contra esa norma non escrita pero rixidamente mantida durante o que chamamos *séculos escuros* (do XVI ó primeiro terzo do XIX): son gloriosas excepcións coma a do P. Sarmiento no XVIII. É certo que dende mediados do XIX, un a un, foron aparecendo poetas, novelistas, etnógrafos, lingüistas, economistas e políticos ata constituíren un movemento social que culminou no final do XX na autonomía política de Galicia e na normalización do uso da lingua galega en tódolos ámbitos da sociedade galega moderna. Pero aquel silencio gráfico dos séculos escuros, unido á censura política (e autocensura) dos séculos XIX e XX constitúen un longuísimoo túnel<sup>2</sup>. Por esa razón no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP) estamos empeñados en unificar nunha base de datos tódalas pequeniñas coleccións fraseolóxicas dispersas do XIX e do XX, para formármolo Tesouro Fraseolóxico Galego (TFG).

## 2. Estabilidade e inestabilidade

A pesar de que o noso TFG cadra bastante co corpus fraseolóxico vivo, é dicir, é relativamente sincrónico, aínda permite catar algo da mobilidade fraseolóxica que convive coa fixación. Collámo-lo refrán galego de máis frecuente aparición e botémoslle unha ollada á fixación e á mobilidade.

| Nº | Refrán                                              | Frec. |
|----|-----------------------------------------------------|-------|
| 1  | <i>Xente nova e leña verde, todo é fume.</i>        | 65    |
| 2  | <i>Xente nova e leña verde, todo che é fume.</i>    | 1     |
| 3  | <i>Xente nova e leña verde, toda é fume.</i>        | 3     |
| 4  | <i>Xente nova e leña verde, todo se volve fume.</i> | 9     |
| 5  | <i>Xente nova e leña verde, todo se volve fumo.</i> | 1     |
| 6  | <i>Xente nova e leña verde, todo é fume nela.</i>   | 2     |
| 7  | <i>Xente nova, leña verde, todo é fume.</i>         | 7     |
| 8  | <i>Xente nova, leña verde, todo se volve fume.</i>  | 2     |
| 9  | <i>Xente nova, leña verde, todo fume.</i>           | 1     |
| 10 | <i>Xente nova e rama verde, todo é fume.</i>        | 1     |

<sup>2</sup> Os nosos primeiros refráns, fóra os que aparecen insertos na poesía medieval (frecuentemente denominados *verbo antigo*), son os que aparecen inventariados nos refranceiros casteláns (ou, mellor, panhispánicos) de Núñez (séc. XVI) e Correas (XVII) que neste mesmo número de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* analiza Conde Tarrío.

|    |                                                               |   |
|----|---------------------------------------------------------------|---|
| 11 | <i>Xente nova e rama verde, todo se volve fume.</i>           | 1 |
| 12 | <i>Xente nova e rama verde, todo se volve fumo.</i>           | 1 |
| 13 | <i>Xente moza e leña verde, todo é fume</i>                   | 3 |
| 14 | <i>Xente moza e leña verde, todo é fumo</i>                   | 2 |
| 15 | <i>Xente xove e leña verde, todo é fume.</i>                  | 1 |
| 16 | <i>Xente xoven e leña verde todo se compón de fumo.</i>       | 1 |
| 17 | <i>Leña verde e xente moza todo é fume.</i>                   | 5 |
| 18 | <i>Leña verde e xente nova todo é fume.</i>                   | 6 |
| 19 | <i>Leña verde e xente nova todo é fumo.</i>                   | 1 |
| 20 | <i>Leña verde e xente nova vaixe en fumes.</i>                | 1 |
| 21 | <i>Leña verde e xente nova, vólvese toda fume de contado.</i> | 1 |
| 22 | <i>Leña verde, xente nova, todo é fume.</i>                   | 1 |
| 23 | <i>Toxo verde e xente nova, todo é fume.</i>                  | 2 |

As 118 entradas que desta paremia a día de hoxe (6/2004) ten o TFG do CIRP exemplifican tanto a fixación do significado e dos significantes coma a mobilidade destes. Delas, a 1 é a máis frecuente e seguramente a básica pola notable fixación que demostra en 65 refraneiros diferentes dos séculos XIX–XXI pero, se ben se mira, hai tamén unha notable variación. *Xente nova* (106 veces) é maioritario fronte a *xente moza* (10), *xente xove* (1) e *xente xoven* (1). *Leña verde* (114) é maioritario pero pode alternar con *rama verde* (3 / 10,11,12) e con *toxos verde* (1 / 23). A estrutura *todo é*, referida a un suxeito feminino, mantense 96 veces (19 das 23 variantes) e só en dous casos (3,21) se modifica en *toda*. O verbo *é* mantense en case todas (por veces co dativo *che*) e só alterna con *volve* (4,5,11,12,21) e algunha vez con *compón* (16) ou co sintagma *vaixe en* (20). O *fume* vai sempre en singular e só unha vez aparece en plural (20); o dialectal *fumo* aparece 6 veces (5,12,14,16,19). E aínda hai que anota-los once casos de asíndeton (7,8,9,22) e o caso de elisión do verbo (9).

Como se ve, a paremia posiblemente máis fixada na memoria do pobo galego ten tamén unha importante mobilidade e o pobo utilízala con manifesta liberdade. Esta paremia, da que existen 65 testemuños rigorosamente idénticos, convive con outros 53 testemuños e 22 variantes en sinonimia case perfecta. Precisamente porque todo está fixado na memoria colectiva, todo é susceptible de variación sen altera-la estrutura e a mensaxe: velaí a relación dialéctica estabilidade / inestabilidade de que fala Mokienko.

## 2.1. Non tódalas variantes escritas constitúen mobilidade fraseolóxica

Insisto en que cómpre non confundi-lo corpus fraseolóxico dunha lingua co total de unidades recollidas por escrito nas diferentes coleccións fraseolóxicas. Ó dito en 1.1 e 1.2 hai que engadir que algunhas delas medran por acumulación (un refrán que entra nun *Refraneiro* nunca máis sae del, aínda que xa ninguén o use) e, polo tanto, as coleccións que posteriormente recollan o anterior, como é o caso de Martínez Kleiser no español (Martínez 1953) e non exclúo o noso TFG, conteñen UF das que ninguén está en condicións de certifica-la supervivencia no uso nin a morte. Nestes casos, coma en toda transmisión manuscrita, pódense producir e prodúcense erros que dan lugar a unidades fantasma que nunca existiron na oralidade aínda que pasen duns paremiólogos a outros.

Aínda que, como dixen, as fontes fraseolóxicas galegas son maioritariamente do século XX, podemos poñer un caso galego.

Hernán Núñez en 1555 recollía este refrán galego: *No chao de coce, que non puder andare, choute*. Saco y Arce en 1868 na súa *Gramática* (Saco 1967 [1868]: 224) recólleo así: *No chao da coce, quen non puder andare onte*. Se na versión do comendador había unha errata (*coce* por *couce*), na de Saco aparece unha segunda (*onte* por *choute*) coa que o refrán xa é totalmente incomprensible. O caso é que en 1958 aparece un remendo que non sei se é atribuíble ó pobo ou ó colector: Eladio Rodríguez (1958,1,663) recolle esta versión: *No chao dá hoxe couces, o que non podía andar onte*. Agora volve ser comprensible pero, se ben se mira, a súa mensaxe é completamente nova e podemos dicir que é un refrán novo, a condición de que se comprobe que corre xa na boca do pobo e que non é un amaño de Eladio Rodríguez. No seu momento eu deino por bo e no meu *Refraneiro* (Ferro 1987: 355,6232) coloqueino baixo o tema *lamento*.

Pero hoxe supoño que as cousas eran doutro xeito. A palabra opaca (*coce*) probablemente é en H. Núñez unha castelanización de *couce*, que vén do latín *calcem* (lembramos *calculus* ‘pedriña’, *calzada* ‘camiño empedrado’, *calceteiros* son en Portugal os pedreiros especializados en pavimentar con pequenos cubos de pedra). Menos comprensible é que nas mans de Saco y Arce *choute* se convertese en *onte*. Pero en 1987 sae a publicación póstuma dunha segunda obra de Saco y Arce (Saco 1987: 347) que nos revela que ese *onte* fora unha errata (segunda errata), posto que el sabía latín e comprendeu ben o significado orixinal, así que nestoutro libro, agora publicado, escribira a versión orixinal de Núñez (*N-o chao de coce, quen non puder andare, choute*) engadindo esta explicación: “Parece decir que en mal camino, el que no puede andar, de saltos”.

Este tipo de reelaboracións, son, como digo, variacións características da transmisión manuscrita e nada teñen que ver co que estamos a falar, de reelaboracións orais e anónimas de textos fixados e consabidos. Era importante separalas.

### 3. Explicitación e implicación

#### 3.1. O concepto

Deamos, logo, un paso máis. Mokienko sinala que esa mobilidade da unidade fixada pode ter dúas direccións posibles: a ampliación ou a diminución do seu tamaño e denomínaas respectivamente *explicitación* e *implicación*. O profesor ucráino salienta que sempre se percibiron con máis facilidade os casos de implicación (se cadra, porque a lei de economía lingüística os fai máis frecuentes) e que é mérito de Potebniá ter sinalado xa hai tempo a existencia do proceso contrario, o de explicitación (Mokienko 2000a: 202). Por esa razón quero ofrecer máis exemplos deste proceso ca do outro.

Un caso xa antigo de explicitación paneuropea parece ser este. O emperador Vespasiano tivo a idea de investi-lo seu diñeiro na creación de váteres públicos de pago en Roma. O

seu fillo Tito reprochoulle a indecencia do negocio. Pero cando chegaron os primeiros ingresos, deulles a cheira-las moedas ós seus críticos dicindo *Non olet*<sup>3</sup> (Suetonius: *Divus Vespasianus* 23,3). A frase fíxose proverbial e moi posiblemente de aí naceron os refráns *Pecunia non olet* que Xuvenal elabora: *Lucri bonus est odor, ex re qualibet* ('O olor da ganancia é bo, veña de onde viñer') (Iuvenalis I-II dC: 14,204-205). Chega a nós nesta forma: *Ben cheira o diñeiro aínda que veña dun esterqueiro*. Velaí a explicitación<sup>4</sup>.

O problema está en saber en que dirección se move a unidade fraseolóxica. Cando temos unha unidade menor (que chamarei *forma minor*) e outra maior (*forma plenior*) ¿como saber se a primitiva era a forma máis ampla ou a máis breve? ¿como saber se estamos ante unha explicitación ou ante unha implicación? A implicación parece o proceso máis frecuente e tamén o que é máis doado documentar pero, ás veces, parece claro que o proceso é o contrario<sup>5</sup>. Mokienko (2000a: 201-318) ofrece exemplos e criterios.

Que facer cando, coma no caso galego, a documentación histórica é escasa? Vou intentar aplicar algúns outros para ver se, aínda así, facemos algo de luz.

### 3.2. ¿Índices de frecuencia como indicio de implicación ou explicitación?

Vexamos unha paremia galega coas variantes (Var.) recollidas no TFG do CIRP co seu número de aparicións e coa data das respectivas coleccións fraseolóxicas onde as encontramos.

| Var. | Refrán                                                             | Aparicións | Datas de documentación                                       |
|------|--------------------------------------------------------------------|------------|--------------------------------------------------------------|
| 1    | <i>Na terra do meu home o que non traballa non come.</i>           | 17         | 1953 (2), 1954 (4), 1957 (4), 1958 (3), 1960, 1990 (2), 2003 |
| 2    | <i>Na terra daquel home o que non traballa non come.</i>           | 8          | 1868, 1881, 1908, 1950, 1957 (2), 1970, 1977                 |
| 3    | <i>Na terra deste home o que non traballa non come.</i>            | 3          | 1805, 1978, 1983                                             |
| 4    | <i>Na terra do home o que non traballa non come.</i>               | 3          | 1954, 1957, 1994                                             |
| 5    | <i>Na terra do meu home quen non traballa non come.</i>            | 3          | 1972, 1977, 1999                                             |
| 6    | <i>Na terra daquel home o que non traballa non come.</i>           | 2          | 1957, 1977                                                   |
| 7    | <i>Na terra daquel home quen non traballa non come.</i>            | 2          | 1888, 1983                                                   |
| 8    | <i>Aquel que non traballa, non come na cunca e dorme na palla.</i> | 1          | 1955                                                         |

<sup>3</sup> Ben mirado o sonado *Non olet*, que se atribúe a Vespasiano, é unha cita implícita porque o texto orixinal di literalmente o seguinte: *Reprehendenti filio Tito, quod etiam urinae vectigal commentus esset, pecuniam ex prima pensione admovit ad nares, sciscitans num odore offenderetur; et illo negante: 'Atqui', inquit, 'e lotio est'.* (O seu fillo Tito díxolle que era feo poñer un imposto sobre o uso das latrinas. Cando recibiu o primeiro diñeiro deste imposto, fíxolle cheirar unha moeda e preguntoulle se lle cheiraba mal. Tito díxolle que non. E el retrucou: '¡Pois vénche do mexo!') (Suetonius: *Divus Vespasianus* 23).

<sup>4</sup> Outro refrán que vén da época romana e que se explicitou en galego é o de *Nemo sua sorte contentus vivit*. A forma que corre en galego é *Ninguén está contento coa súa sorte* e a explicitación, que recolle Eladio Rodríguez (1958:3,344), é *Ninguén está contento coa súa sorte, mentras non vén a morte*.

<sup>5</sup> Maria Conca estudou, p. ex., un caso claro de explicitación na fraseoloxía catalana (Conca 1999:139-141).

|    |                                                                          |   |      |
|----|--------------------------------------------------------------------------|---|------|
| 9  | <i>En terra daquel home o que non traballa non come.</i>                 | 1 | 1908 |
| 10 | <i>Na casa da muller o que traballa quere comer.</i>                     | 1 | 1983 |
| 11 | <i>Na casa daquel home o que non traballa non come.</i>                  | 1 | 1970 |
| 12 | <i>Na casa do home o que non traballa non come.</i>                      | 1 | 1983 |
| 13 | <i>Na terra da miña muller á quen non traballa non lle dan de comer.</i> | 1 | 1950 |
| 14 | <i>Na terra de meu amo o que non traballa non come.</i>                  | 1 | 1958 |
| 15 | <i>Na terra do home quen non traballa non come.</i>                      | 1 | 1983 |
| 16 | <i>Na terra do meu home o que non traballa non come.</i>                 | 1 | 1950 |
| 17 | <i>Na terra do meu home o que non traballa non come.</i>                 | 1 | 1951 |
| 18 | <i>Na terra do pobre quen non traballa non come.</i>                     | 1 | 1960 |
| 19 | <i>Na terra, amén, amén, o que non traballa non come.</i>                | 1 | 1960 |
| 20 | <i>O que non traballa na casa daquel home non come.</i>                  | 1 | 1990 |
| 21 | <i>O que non traballa que non coma.</i>                                  | 1 | 1961 |
| 22 | <i>Quen non traballa non come.</i>                                       | 1 | 1900 |
| 23 | <i>Quen non traballa que non coma, nin se vista de boa roupa</i>         | 1 | 2003 |
| 24 | <i>Veú unha lei, e non de Roma: quen non traballa que non coma</i>       | 1 | 2003 |

Esta paremia presenta 55 entradas con 24 variantes<sup>6</sup>. Pero se as ordenarmos por orde cronolóxica de primeira documentación nun rexistro paremiolóxico, o cadro quedaría así: 3 (1805...), 2 (1868...), 7 (1888...), 22 (1900), 9 (1908), 13 (1950), 16 (1950), 17 (1951), 1 (1953...), 4 (1954...), 8 (1955), 6 (1957...), 14 (1958), 18 (1960), 19 (1960), 21 (1961), 11 (1970), 5 (1972...), 10 (1983), 12 (1983), 15 (1983), 20 (1990), 23 (2003), 24 (2003).

Como se ve, o carácter aleatorio da aparición nun rexistro paremiolóxico fai que nin a variante maioritaria sexa a máis antiga nin a máis antiga sexa a maioritaria. A maioritaria aparece por primeira vez en 1953 e a máis antiga en 1805 (data da morte do P. Sobreira, que a anotou) e non reaparece ata pasados 173 anos (1978).

As formas máis rotundas e sentenciosas son as máis breves (21 e 22) pero nin son as máis frecuentes nin parecen as máis antigas; en cambio, as máis longas son as máis frecuentes e parecen as máis antigas. Isto resulta estraño, porque o sintagma *Na terra de este/aquel/o meu home* non engade ningunha riqueza semántica pero, se ben se mira, ese engadido, irrelevante para o significado, era necesario para converterla paremia en

<sup>6</sup> Curiosamente non aparece unha variante ben verosímil (*O que non traballa non come*) que usa o escritor Darío Xohán Cabana neste texto dialogado: “-¿Lou non queres traballar? ¡*O que non traballa non come*, meu Severiño!” (Cabana 1992: 98). Aparece no CORGA e no *Tesouro informatizado da lingua galega* (TILG).

bimembre e rimada e, por parte, está presente na inmensa maioría dos rexistros, que corresponden a toda a xeografía galega.

Nótese que *este home* é unha locución pronominal de xénero masculino que significa ‘eu’, así que *Na terra deste home* equivale a ‘na miña terra’. Non volve aparecer. Por que? Porque non a pode usar unha muller; así que é verosímil que aparecese a variante *Na terra do meu home* (que é a maioritaria e que podería indicar un maior uso do refrán por parte das mulleres). Sucesivamente íran aparecendo outras variantes (*daquel / do home, do pobre, de meu amo...*) e que a variante de uso por parte de homes *Na terra da miña muller* obrigase a cambia-lo indicativo *come* no infinito *comer* da variante 13 (e posteriormente a recreación 10, que realmente xa é outro refrán). Polo tanto hai razón para pensar que a forma máis antiga (3) sexa a primitiva e tamén para que o sexa a maioritaria (1).

Ende ben, neste caso, podemos dar un salto de 1.700 anos no tempo, porque Paulo na súa segunda *Carta ós Tesalonicenses* (3,10) xa usa este refrán na forma *Se alguén non quere traballar, que tampouco coma*<sup>7</sup>. É verosímil que máis dunha vez nestes 20 séculos os sacerdotes nas homilías litúrxicas usasen esta frase e que así entrase na conversa ordinaria e laica. Ora ben, a forma bíblica non utiliza a forma en indicativo (*come*) senón a forma en imperativo (*coma*) e esa é a forma presente na variante 21, unha das dúas máis breves.

En vista disto, a miña hipótese é que a forma máis antiga é a 21 (*O que non traballa que non coma*) e despois a 22 (*Quen non traballa non come*) e que, fixada esta, aparecen a 3 (*Na terra deste home o que non traballa non come*) e maila 1 (*Na terra do meu home o que non traballa non come*) e que despois foi aparecendo o resto das variantes, pero que a 21 e maila 22 deberon estar sempre presentes polo osíxeno que lles daba a repetición anual litúrxica.

A conclusión é que nin a estatística de frecuencias nin a data de aparición no TFG nos ofrecen unha ferramenta de fiabilidade indiscutible para establecer prioridades cronolóxicas, dado o carácter aleatorio destas documentacións (que afirmei en 1.1). Coido, a pesar de todo, que a combinación das dúas axuda, no caso galego, a clarificar cal foi a evolución nos últimos 200 anos. Son unha ferramenta que cómpre manexar con sentidío para adiviñar en que dirección se moveron as UF.

### 3.3. *¿Lectio difficilior praeferenda?*

Outro criterio no que se podía pensar é o que manexa a crítica textual cando tropeza con variantes en diferentes copias manuscritas dun mesmo texto e trata de establecer cal foi a forma primitiva: *lectio difficilior praeferenda* (‘debe contarse como máis antiga a lectura máis difícil’). Este principio baséase na observación psicolóxica de que todo copista tende a retocar aquelas palabras que lle parece que están mal escritas para facelas comprensibles no momento no que el copia.

---

<sup>7</sup> Na Vulgata *si quis non vult operari nec manducet*.



Se aplicamos este principio ó cadro anterior, vemos que a unidade maior (1) é bimembre e ten rima, dúas características de boa parte do refraneiro, pero o primeiro elemento ten ritmo iámbico e o segundo case dactílico: os dous ritmos danse mal e sospeito que a escasa harmonía dos dous ritmos (que podíamos considera-la *lectio difficilior*) foi precisamente a que impulsou o pobo a seguir buscando novas variantes que arredondasen a paremia, mellorando o ritmo, a rima e a brevidade. Como se ve, polo cadro anterior, os falantes experimentaron numerosas variantes e mesmo intentaron (16 e 17) substituír *home* por *muller*, acadando un ritmo menos imperfecto pero sempre imperfecto e iso axudou a que as variantes breves (21 e 22) nunca deixasen de correr no uso oral. De feito aínda que estas só se documentan en 1900 e 1961, temos unha proba indirecta de que xa corrían con anterioridade: en 1891 o escritor Aureliano Pereira desconstrúe o refrán neste texto: “qu'a vertú non val diñeiro, qu'o honrado é un infiliz, siñor o pillo con cartos, quen n'os ten un zarramplín; qu'o *que traballa, non come* i á conta del viven mil” (Pereira 1891:126). Esta reelaboración rectificadora da mensaxe do refrán esixe a preexistencia do refrán *O que non traballa non come* que non aparece en ningún refraneiro pero que, como vimos na nota 4, utiliza Darío Xohán Cabana.

O principio de *lectio difficilior praeferenda* poderíase aplicar tamén a aquelas palabras que se foron facendo minoritarias ou resultan arcaicas (é dicir, son *lectiones difficiliores*), como é o caso do pronome *connosco* (do latín *cum + nobiscum*), palabra que foi perdendo uso e que recentemente revive porque a rescatou o estándar normativo pero que no uso oral espontáneo aínda é moi minoritaria. O refrán *En agosto sol posto, noite connosco / noite conozo / non te conozo* alude a que en agosto xa é perceptible a mingua dos días. Pero ¿cal é a orixinal? Neste caso, a *lectio difficilior* tanto pode ser *conozo* (porque este verbo non adoita admitir unha unidade de tempo como obxecto directo) coma *connosco* (polas razóns ditas). É posible que sexa *connosco* porque en Viana do Bolo, onde Ana Vidal asegura que nunca se usa a palabra *connosco*, alí o refrán corre na variante *conozo*.

Tamén debería considerarse *lectio difficilior* a máis restrinxida xeograficamente. Para o refrán que empeza *Nin bo Xan nin bo Pedro...*<sup>8</sup> hai tres remates: *nin boi marelo encima do rego / nin boi marelo por riba do rego / nin bo lameiro por riba do rego*. ¿Cal é a orixinal? Neste caso, a *lectio difficilior* é *lameiro*, por ser palabra de menor extensión xeográfica, fronte ós seus sinónimos *prado* ou *braña*. Supoño, por iso, que a forma primeira debeu de ser *bo lameiro* (e teríamos así o adxectivo *bo* aplicado a tres substantivos) e que despois veu o *boi marelo*, sintagma de uso en toda a xeografía da lingua galega. O refrán faise algo escuro: ¿por que está mal un boi marelo por riba dun rego? ¿quizais porque, se o rego leva auga, haberá boa herba por baixo do rego pero non por riba? Habería que comprobar, para estarmos seguros, que nos lugares nos que o refrán se recolleu como *boi marelo* a palabra *lameiro* é inusitada.

---

<sup>8</sup> Lorenzo (1973: 107,1463) dá a seguinte cantiga: *Nin bo pedro, / nin bo burro negro / nin bo lameiro / por riba do rego* e explica que o *pedro* é o intestino goso do porco que, pola súa pouca dura, consómese axiña (*Ibidem* 246,477).

Do feito de que a manipulación propia da transmisión escrita ten como obxectivo facer comprensible ¿debemos concluír que na transmisión oral funciona sempre o mesmo mecanismo psicolóxico e que, en consecuencia, a forma máis comprensible é a máis moderna? Paréceme excesivo. Na transmisión oral a variación nalgúns casos chega ó viero choído dunha forma inintelixible que se fosiliza no uso e esa mesma inintelixibilidade, paradoxalmente, parece ser un factor que axuda á súa fixación: *noite conozo* é en si algo anómalo pero corre de boca en boca. Na Compostela da miña infancia as meniñas urbanas brincaban cunha canción popular que dicía *Ambó ató / materilerilerile / Ambó ató / materilerileró*: ningunha delas sabía o que dicía pero non deixaban de cantala. Tempo andando descubrín que a canción era francesa e di así: *J'ai un beau bateau / Ma tant'tire, lire, lire, / J'ai un beau bateau / Ma tant'tire, lire, lo. / Le nôtre est plus beau / Ma tant'tire, lire, lire / Le nôtre est plus beau / Ma tant'tire, lire, lire, lo.*

Así que o principio da *lectio difficilior praeferenda* pode axudar pero tampouco é de absoluta fiabilidade para establecer prioridades cronolóxicas na transmisión fraseolóxica.

## 4. Explicitación: algunhas pistas

### 4.1. O humor, factor de explicitación

En Galicia un dos factores de constante explicitación é a mirada irónica. O fraseoloxismo consabido medra en palabras cun retruque irónico ou coa contraposición dunha observación que complementa a afirmación básica e que, deste xeito, auméntalle a validez universal. Así:

| Forma <i>minor</i> canónica                              | Forma <i>plenior</i> , explicitada polo humor que lle dá maior veracidade e validez                                     |
|----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Non hai mal que cen anos dure.</i>                    | <i>Non hai mal que cen anos dure nin corpo que o ature.</i>                                                             |
| <i>A porta do rezador non botes trigo a secar ó sol.</i> | <i>A porta do rezador non botes trigo a secar ó sol pero, á porta do que non reza nada, non botes trigo nin cebada.</i> |
| <i>Con pan e viño anda o home camiño.</i>                | <i>Con pan e viño anda o home camiño pero, con xamón, non ten comparación.</i>                                          |
| <i>Tras do traballo vén o descanso.</i>                  | <i>Tras do traballo vén o descanso mais tamén vén o cansancio.</i>                                                      |

| Forma <i>minor</i> canónica                       | Forma <i>plenior</i> ou explicitada que engade un matiz corrector                                                                                                                                                                                                 |
|---------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Sorte haina sempre.</i>                        | <i>"Sorte haina sempre", dice o que a ten.</i>                                                                                                                                                                                                                    |
| <i>De grandes ceas están as sepulturas cheas.</i> | <i>De grandes ceas están as sepulturas cheas; e, de pasar sen elas, sepulturas a rodar.</i>                                                                                                                                                                       |
| <i>A lúa de outubro sete lúas cubre.</i>          | <i>A lúa de outubro sete lúas cubre; e non vai como pinta senón como terceira ou quinta. A lúa non é como a pinta senón como primeira e quinta, e, si coma quinta e octava, coma comezou, acaba.<br/>A lúa de outubro sete lúas cubre; e, se chove, son nove.</i> |

|                                           |                                                          |
|-------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| <i>En boca pechada non entran moscas.</i> | <i>En boca pechada non entran moscas nin arañas.</i>     |
| <i>Sarna con gusto non pica.</i>          | <i>Sarna con gusto non pica, pero mortifica.</i>         |
|                                           | <i>Sarna con gusto non pica, o conto é sarna sen el.</i> |

Por veces, o engadido consiste en nega-la afirmación co que emerxe unha nova mensaxe tamén válida. Así acontece con *Todo o que cae na rede é peixe* e que se usa para dicir que de todo se aproveita algo, que quen é agradecido a todo lle saca proveito, pero velaí a corrección: *Todo o que cae na rede non é peixe*; a mensaxe, máis que contraditoria, é complementaria: cómpre distingui-las cousas para non dar por boas cousas prexudiciais.

As correccións, por veces, implican unha mirada máis humorística. Véxanse estes dous: *O que moito aperta, pouco colle*. E véxase a corrección: *O que pouco colle, pouco aperta*. Vexamos outro caso, no que un refrán provoca o nacemento doutro refrán corrector: *Vou toma-los baños que, se non me sanan, lavo*. Velaí a corrección: *Deixa o mar onde está; lávate en augardente que millor será*<sup>9</sup>.

Supoño, polo tanto, que, cando a forma *plenior* representa unha matización ou corrección da forma *minor*, estamos ante un caso de explicitación.

#### 4.2. Da locución ó refrán

En 1545 Diego Hermosilla escribía:

*Como fuere el negocio que se requiere secreto, entre muchos se podrá mal guardar; mas si no hay en él este peligro, mientras más moros más ganancia: que siendo muchos aunque algunos den en la herradura no faltará quién dé en el clavo, y suele un rústico en una cosa hablar más al propósito que el político y ciudadano, como bien lo dijo Horacio (Hermosilla 1545: 102).*

Catro anos máis tarde Hernán Núñez xa incluía no seu refraneiro *Una en el clavo y dos en la herradura*. En galego temos *Dar unha no clavo e cen (cento / outra) na ferradura* e Vázquez Saco explica que “censura a los que hablan mucho y generalmente fuera de propósito” (VSACO 2003: 261,6.443). Temos tamén a versión en refrán: *Castigo de dura: unha no cravo i-outra na ferradura*.

É moito máis coñecida a versión en locución tanto en galego coma en castelán pero dela hai as versións explicitadas que, citando a Rodríguez Marín, ofrece Vázquez Saco (*Ibidem*): *Dar una en el clavo y ciento en la herradura es mala acertadura*; e mesmo *Castigo de dura: una en el clavo y otra en la herradura*.

O feito de que o predicado non estea fixado (*es mala acertadura / castigo de dura*), dando así lugar a mensaxes distintas, convida a pensar que estamos ante unha explicitación. Non sería difícil atopar máis casos nos que unha locución se converte en refrán pola vía de poñerlle un predicado que a converta en afirmación de valor universal.

<sup>9</sup> O refrán *O que con nenos se deita, lixado / mexado / cagado se levanta / ergue* ten unha reelaboración moderna e urbana que non chega a ser explicitación: *O que con nenos se deita, o traxe ó tinte*.

### 4.3. Explicitación de fórmulas

Tamén coas fórmulas se poden producir explicitacións. A fórmula *¡A outro can con ese óso!* xa a anotaba en castelán en 1454 o Marqués de Santillana: *A otro perro con ese hueso* (López 1454: 2r,34). O Corpus Diacrónico del Español (CORDE) da Real Academia Española permítenos ver algunhas continuacións coma *A otro perro con ese hueso: que yo sé lo que me sé* (Anónimo de 1492) / *que este ya está roído* (Correas 1627) / *y a Dios que me mudo* (Juan de Luna 1619) / *que yo no lo roeré* (P. Isla 1758). En galego temos dúas extensións semellantes á de Correas: ..., *que ese xa vai roído* / ..., *que este xa está roído!*

Tamén aquí o feito de que a forma *plenior* sexa infrecuente e careza de fixación leva a pensar que a forma *minor* é a orixinal e que, polo tanto, estamos ante un caso de explicitación.

### 4.4. Do refrán á cantiga

Vázquez Saco dá como refrán *Agora que non hai sardiña ¿qué farán os cataláns?* (VSACO 2003: 489,12.715). E engade sen precisa-la cita que, segundo dixo Casto Sampedro, a xente redondeouno máis tarde en forma de cantiga popular como *Agora que non hai sardiña ¿qué farán os cataláns?* / *Andarán pol-a ribeira* / *Tirando pedras aos cans*<sup>10</sup>.

Aínda non sendo a frase inicial un verdadeiro refrán, vale ben de exemplo da convicción común de que por veces os refráns se converten en cantigas na boca creadora do pobo<sup>11</sup>.

---

<sup>10</sup> Non dei coa publicación na que tal dixo Casto Sampedro pero menos encontro esa primeira parte como refrán autónomo. Implicaría, para selo efectivamente, que esa unidade fraseolóxica tería que ter uso autónomo, máis como fórmula que como verdadeiro refrán. O que si encontramos é outras variantes desa tal cantiga, na que precisamente o que varía é a primeira parte do presunto refrán. *Cando non hai que pescar / ¿qué farán os cataláns, / andarán pola ribeira / tirando pedras aos cans* (Cabanillas 1951: 228). Reaparece posteriormente como *Cando non hai que pescar / ¿qué farán os cataláns? / Andarán pola ribeira / tirando pedras ós cans*. (Alonso 1972: 91) e *Cando non hai que pescar / que farán os cataláns / andarán pola ribeira / tirando pedras ós cans* (Lema 1993:14).

Alonso Montero recolle outra variante: *Este ano no hai sardiña. / ¿Qué farán os cataláns? / Andarán pola ribeira / tirando pedras ós cans*. (Alonso 1972: 93). E Schubarth e Santamarina aínda recolleron recentemente outra variante en Outes: *Qué farán os cataláns / qu'este ano non tén sardiña / andarán polos camiños / tirando pedras ós cans* (Schubart 1988: 4,2,285).

<sup>11</sup> Lorenzo (1973: 245,467) ofrece varios casos de explicitación. Primeiro, da cita bíblica Mt 6,26 (*Ollade para as aves do ceo: nin sementan, nin seituran, nin recollen en arcas e, con todo, son mantidas polo voso Pai Celestial*) nace a c. 1428 (*Moza probe e ben vestida / moito me dá que pensar: / Dios só viste aos paxariños / porque non saben fiar*). Ben mirado, os dous primeiros versos son un refrán coñecido (do que el mesmo cita a variante: *Moza probe e ben vestida, mal me cheira a chamusquina*) e os outros dous condensan a idea bíblica. Segundo exemplo, do proverbio bíblico *O preguiceiro mete a man no prato pero cánsase de leva-la á boca* (Prov 26,15) nace a cantiga dialogada galega 1949 -*Perguiciña, queres pan?* / - *Quero, quero, se mo dan.* / - *Pois vai buscalo coitelo.* / *Ai, non señor, non quero* (Lorenzo 1973: 261,643). O propio Lorenzo (1973: 260,630) relaciona o refrán *A muller composta quita o home de outra porta coa súa cantiga* 1916 *Peina o cabelo, Maruxa, / non seas tan perezosa, / que o cabelliño peinado / quita o noivo de outra porta.*

Un ano antes da publicación das dúas referidas obras de Mokienko, Domingo Blanco e Germán Conde publicaban cadanseu traballo verbo da relación entre refrán e cantiga (Blanco 1999: 203-233; Conde 1999: 143-148). Neles, aínda sen chamarlle *explicitación* e *implícitacion*, xa analizaban con certo detalle eses procesos entre refráns e cantigas, a presenza de refráns en cantigas medievais e mesmo o asunto dos refráns cantados. Véxase o apartado “Refráns que deron en cantigas” (Blanco 1999: 215-216). Nin é casual que ata a fin da Idade Media *refrán* significase a frase coral que se repetía en fin de estrofa e que, moi probablemente, naceu do uso litúrxico, concretamente dos cánticos graduais, nos que un cantor canta estrofas e o pobo repite constantemente unha frase sentenciosa ou desiderativa. Esa frase coral probablemente é o modelo do que saíron as cantigas populares e profanas que glosan refráns ou que condensan a súa mensaxe nun refrán.

Nestes casos a pregunta volve ser ¿como sabemos se é o refrán o que orixina a cantiga, é dicir, cando a cantiga glosa un refrán preexistente (explicitación) ou cando o refrán pola súa concisión e carga semántica se independiza conseguindo que o pobo o repita separadamente e converténdose en subproduto afortunado desa cantiga (implícitacion)? Formularei unha hipótese para sometela a debate.

Vamos a un caso. Vázquez Saco considera que *Quen ten amores non dorme* é un caso de refrán que provocou explicitación; mesmo varias explicitacións, e díxo así:

En varias coplas lo ha glosado la musa popular: *Funme deitar a durmir / ó son da auga que corre, / e a auga foime dicindo: / quen ten amores non dorme. // Quen ten amores non dorme / eu tamén así facía / agora que non os teño / durmo de noite e de día. // O mar anda que desanda, / anda que desaparece / quen ten amores non dorme, / quen non-os ten, adormece* (VSACO 2003: 210,5052).

Rodríguez López dá unha versión case idéntica á de VSACO, tamén recollida en Lugo: *Quen ten amores non dorme / eu así tamen facía / agora que non os teño / durmo de noite e de día* (RODLO 1900: 63). No disco *Unha noite non é nada* do grupo musical Treixadura aparece esta versión: *Quen ten amores non dorme, / Quen non os ten adormece, / Quen os ten lonxanos chora, / Quen os ten preto padece*. Outras versións usan Fuxan os Ventos e Berrogüetto. E na *Gran Enciclopedia Gallega* aparece estoutra versión *Choran nenas en San Cosme, o que ten amores lonxe, non sei cómo sono dorme*<sup>12</sup> (Rábade 1974: 2,65 s.v. amor).

Sorprendentemente ese refrán común a galego, portugués, castelán<sup>13</sup> e italiano<sup>14</sup>, non aparece nas coleccións paremiolóxicas. Estamos, polo tanto, ante un refrán que ningún paremiólogo anotou como tal refrán. ¿Cabe pensar que ninguén o escoitou como frase

<sup>12</sup> López Taboada recolleu en Bergantiños esta variante *Cantan os galos en Laxe, / choran os nenos en Corme / o pai que ten moitos meniños / non sei como sono dorme*.

<sup>13</sup> En <http://www.cororondaltamira.com/Cancionero/aguadelriocorre.htm> recollen *Agua del río corre y la de fuente arremansa / Quién tiene amores no duerme / Quién no los tiene descansa*.

<sup>14</sup> *Chi ama non dorme*.

exenta, independente dos versos que o glosan? Parece imposible porque o feito de que teña glosas diferentes, convida a pensar na súa autonomía. Nese caso o máis probable é que este sexa un caso no que a glosa ou explicitación acaba fagocitando o refrán, sen que isto impida que poida aparecer noutras glosas.

Teríamos xa dúas claves para saber se estamos ante unha explicitación. A primeira, aparición do refrán en glosas diferentes e diverxentes. A segunda, a discontinuidade sintáctica: a sentenza do primeiro verso non ten continuidade sintáctica co resto da cantiga (verbo en terceira persoa –*ten*– fronte a verbo en primeira nos restantes versos –*eu... facía, teño, durmo*). Pero aínda hai unha terceira: a existencia dun *verbum dicendi* ou *sentienti* (de dicir ou de percibir ou opinar) que introduza o refrán, tal como hai na primeira copla que cita Vázquez Saco, e a *auga foime dicindo*: ... Tal acontece tamén nestoutra cantiga: *Polas terras en que andiven / anque non recordo o nome / vin ben crariño que en todas / quen non traballa non come* (RODLO 1900: 325). Vexamos estoutro caso: *Costureira sen dedal / din que cose pouco e mal; / a miña moza non-o ten / e fai as costuras mal* (Lorenzo 1973: 65,670). O refrán está documentado con 41 entradas no TFG<sup>15</sup> se contamos as variantes, pero o *verbum dicendi* *din que* chega para ver que o autor da copla está utilizando un refrán consabido para sobre el construí-la totalidade da cantiga.

Pero aínda podemos dar un paso máis. O refrán pode iniciar unha cantiga, como referente co que despois se compara outra situación. Collámo-lo refrán *Non cuspas pró ceo, que che cae na cara*. Del podemos citar estas variantes: *Non cuspas ó aire que che cai na boca. Non cuspas para o ceo que che cae na cara. Contra o ceo nunca cuspas que á cara che ha de caer. Contra (d) o ceo non cuspas que na cara ten de che caer. O que cuspe ó aire, na cara lle cai. Cuspín ó ceo e caíume na cara. O que alto cuspe, á cara se lle volve. O que cuspe arriba caille na cara. O que cuspe moi alto, caille na cara. O que cuspe ó aire, na cara lle cai. O que mal cuspe, en si o ve*. Todas estas variantes xa documentan abondo a autonomía do refrán. Pero, cando aparece inserto nunha cantiga, aínda se pode percibir outro elemento. Así, nesta que recolleu Rodríguez López (RODLO 1900: 444): *Contra o ceo nunca cuspas / que á cara che ha de caer / que si has decir faltas doutro / ningunha en ti ha de haber*. Non hai continuidade de

<sup>15</sup> Indico o número de aparicións no TFG de cada variante. *Costureira sen dedal cose ben e aperta mal* (1). *Costureira sen dedal cose pouco e cose mal* (2). *Costureira sen dedal cose pouco e esto mal* (1). *Costureira sen dedal cose pouco e iso / eso mal* (4). *Costureira sen dedal cose torcido e mal* (1). *Costureira sen dedal, cose ben pero aperta mal* (1). *Costureira sen dedal, cose pouco e aperta mal* (1). *Costureira sen dedal, cose pouco e cose mal* (5). *Costureira sen dedal, cose pouco e mal* (1). *Costureira sen dedal, cose pouco e todo mal* (1). *Costureira sin dedal cose ben i-aperta mal* (1). *Costureira sin dedal cose pouco e aperta mal* (1). *Costureira sin dedal cose pouco e cose mal* (2). *Costureira sin dedal cose pouco e faino mal* (1). *Costureira sin dedal cose pouco e mal* (2). *Costureira sin dedal cose pouco i-aperta mal* (1). *Costureira sin dedal cose pouco i-aquel mal* (1). *Costureira sin dedal cose pouco i-eso mal* (2). *Costureira sin dedal cose pouco i-esto mal* (1). *Costureira sin dedal moito cose e pouco val* (2). *Costureira sin dedal, cose pouco e cose mal* (1). *Costureira sin dedal, cose pouco e faino mal* (1). *Costureiriña sin dedal, cose pouco e cose mal* (1). *Costureiriña sin dedal, moito costa e pouco val* (1). *O que cose sin dedal, cose pouco e mal* (1). *Alfaiate sen dedal cose pouco e iso / eso mal* (2). *Alfaiate sin dedal cose pouco e mal* (1). *Cociñeira sin delantal, é como a costureira sin dedal* (1).

imaxe entre o refrán e o que realmente é a intención semántica da cantiga: condena-la maledicencia. Parece máis verosímil que é o refrán o que desencadeou o consello que expresan os versos 3 e 4. A discontinuidade imáxica, polo tanto, é outro indicio de que estamos ante unha explicitación do refrán. Unha variante dun refrán antifeminista<sup>16</sup> é o que deu lugar a esta cantiga: *Canta cuco, canta cuco / na rabela do arado; / as mulleres antre os homes / é un gando mal gardado*. Da posición inicial ou final do refrán na cantiga non me parece que se poida tirar ningunha dedución incontestable, aínda que a posición inicial faga máis verosímil a explicitación. Curiosamente nalgunhas cantigas encontramos refráns que só nelas aparecen<sup>17</sup>. O papel do refrán nunha cantiga, en moitos casos, é ser unha razón na que apoiar unha actitude.

*Gustar, gústame ás moreas, / pero tocante a casarme / miña nai sabe un refrán: / o boi solto ben se lambe (1). Non hai cantiga (cántiga) no mundo / que non teña o seu refrán; / nunca ninguén faga conta / senón do que ten na man ~ mau (8).*

Hai tamén cantigas con *verbum dicendi* e con probable (non seguro) refrán que se inclúe para sustentar unha actitude<sup>18</sup>, aínda que, noutros casos, a cantiga rectifica o refrán<sup>19</sup>. Resumirei o dito ata o de agora.

<sup>16</sup> As mulleres, gando que o demo non quixo gardar. A muller e a cabra, de día ceibalas e de noite gardalas. A muller por moito que a garden non está millor gardada. Todo pode ser menos gardar unha muller, se ela quere.

<sup>17</sup> Hai que vivir alegre / que di o refrán: / que ó que vive triste / o mesmo lle dan. (1). Si queres vivir tranquilo / e libre de preocupación, / hai un refrán que asegura: / vivirás na diversión. (1). Moitos vellos saben decir / un refrán moi apropiado: / un señorito sen rendas / haino en calquera lado. (1).

<sup>18</sup> A auga da terra de arriba / todos din que é moi fría, / e agora que a estou bebendo / ¡que boas rapaciñas cría! (1). Din que a lúa é / astro de namorados, / eu sempre que miro ó ceo / chove ou está nublado. (1). Din que do ceo vén / a semente da cepa; / xa que o viño é divino, / bebamos o que nos quepa. (1). Din que o negro é cor de loito / e o encarnado de alegría, / vistete moza de verde / e serás a espranza miña. (1). Din que os Pepes son santos, / e os demais pecadores; / por eso eu quero ser santa / e en Pepe teño os amores. (1). Disque hai mulleres / que, como as figueiras, / unhas maduran no verau / e outras na primavera. (1). Non quero ser muíño / nin varrer no tremiñado, / porque din que no outro mundo / piden contas do roubado. (2). O viño do Ribeiro / ten fama de trouleiro, / e o de Ribeiras / din que é falangueiro. (1). Os homes din que as mulleres / son moi malas de aturar; / se iles todos saben eso, / pra qué as van a precurar? (1). Os suspiros dun enfermo / din que moi tristes son; / os que dou por ti, meniña, / non teñen comparación. (1). Teño unha leira moi cerca / dunha do señor xuíz; / puxen pleito no xuzgado / e din que se perdeu (perdeuse) a lei. (2). Todos me din que te deixe / que m'has de dar mala vida; / ¿onde irás, boi, que non ares / senón á cortadoría? (4). Xa moito pensamos, señor cura, / e non queremos pensar máis, / pois, disque son mellores, / os que en quente e sin pensar se fan. (1).



|             |                                                                  |                                                                              |
|-------------|------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|
| Se o refrán | aparece en glosas diferentes                                     | o refrán sería anterior á cantiga e estaríamos ante un caso de explicitación |
|             | ten discontinuidade sintáctica co resto da cantiga               |                                                                              |
|             | ten discontinuidade imáxica co resto da cantiga                  |                                                                              |
|             | vai introducido por un <i>verbum dicendi</i> ou <i>sentiendi</i> |                                                                              |

Queda aquí esta hipótese esperando debate. Sei ben que caberían outras e o lector estará pensando mesmo nunha máis obvia (que o refrán se documente con anterioridade á cantiga) pero esa maior antigüidade documental non garante que fose así no uso oral, porque os documentos tardan en rexistra-los usos orais e os rexistros non son sistemáticos; polo tanto, a maior antigüidade da documentación escrita é aleatoria e sempre provisional, porque a calquera hora pode aparecer un documento novo que contradiga a opinión establecida. E, por parte, no caso galego ese método é case impracticable polos xa aludidos séculos escuros.

Unha hipótese máis verosímil, pero sempre hipótese, sería que, cando non hai continuidade da imaxe entre o refrán e o conxunto da cantiga e o refrán inicia a cantiga, esteamos ante unha explicitación; nos outros casos (hai continuidade imáxica, con ou sen precedencia do refrán), páreceme máis verosímil que esteamos ante unha implícitación.

Recordarei finalmente unha cantiga galega que é moi explícita verbo disto que estamos a falar: *Non hai cantiga no mundo / que non teña o seu refrán; / nunca ningún faga contas / senón do que ten na mau* (Lorenzo 1973: 110,1507).

## 5. Implícitación

A implícitación parece moito máis frecuente. Por unha lei de economía o falante omite, por consabida, unha parte e o interlocutor tamén evoca esa parte implícita<sup>20</sup>. Vázquez Saco recolle esta unidade: *Por un clavo perdeuse unha ferradura; por unha ferradura, un cabalo; por un cabalo, un cabaleiro; por un cabaleiro, unha guerra; e por unha guerra, un reino*. É moito máis común a forma breve *Por un clavo perdeuse unha ferradura*. A expresión é antiga e panhispánica, porque xa en 1636 Gómez de Tejada escribía:

<sup>19</sup> *Os mariñeiros traballan / todo o día sen cansar, / despois din que o peixe é caro / cando o teñen que comprar. / Non saben os señores / que se queixan por pagar, / que sufrimentos pasamos / para podelo pescar* (2). *Dende que o amor se me foi / so teño no peito lume; / e din que ausencia non mata; / non mata, pero consume*. (4). *Din que o amor é alegre, / eu digo que non é certo: / dende que eu teño amor / solo paso sofrimento*(1). *Din que o amor é ventura / e quen o dixo minteu, / morro polos teus amores / e vivo nun padecer* (1). *Din que o cono non tén fondo / o cono seu fondo ten / se o carallo non lle chega / ¿o cono qué culpa tén?* (2). *O mal d'amor non ten cura / e todos me din que a ten. / ¿Tomar outra moza nova? / N'a quero, pero heina ter*. (1). Todo o dito acontece tamén con paremias xeográficas de circulación moi restrinxida, coma estas: *Din que Pontella é rico / mentío ben quen o dixo / qu'inda día de San Bras / foi festexar a Santiso* (1). *Din que Villarvente é feo / porque non ten balcóns; / pero ten nenas bonitas / que aledan os corazóns* (1). *Din que Xesta é moi fea / porque non ten balcóns, / pero ten rapazas guapas / que alegran os corazóns* (1).

<sup>20</sup> Xaquín Lorenzo e Bouza Brey discutiron sobre se *Fun do mar e vin do mar / i o teu liño sen fiar; / que figueches, calaceiro, / cada ano seu regueiro* era unha cantiga ou era fragmento do coñecido conto no que a lavandeira, paxaro da neve, lle di ó labrego o que ten que facer para non ser un folgazán. Lorenzo recolleo como cantiga e velaí a implícitación de todo un conto en catro versos (Lorenzo 1973: 233,346).



*Por un clavo se pierde una herradura, por una herradura un caballo, por un caballo un caballero, por un caballero una compañía, por una compañía un tercio, por un tercio un ejército, por un ejército un reino; y aun esto se puede acrecentar, que por un reino la religión, y por la religión el Cielo.* (Gómez 1636: 315v).

É doado detectar que se trata de implicitación, cando nun lugar de Galicia detectámo-la forma plena e noutras só se usa a forma comprimida co consabido aumento da desmotivación que a achega á arbitrariedade do signo lingüístico. Así, para manifestar incredulidade ante o que outra persoa acaba de dicir, en Lugo úsase a fórmula *¡Santa Lilaina pariu por un dedo: certo será pero eu non cho creo!* e en 1951 Millán (1951: 202) recollía esta variante: *Santa Lilaina paréu por un dedo: / átemo aquí, miña nai, si llo creo!* E López Taboada en Bergantiños: *Santa Lilaina pariu por un dedo: certo será pero crer non o creo!* Pero noutros lugares de Galicia só corre a forma minor *¡Santa Lilaina pariu por un dedo!* e Liliana Martínez asegúrame que hoxe en Portomouro xa se exclama simplemente *¡Santa Lilaina!*<sup>21</sup> Ora ben, cando en Portomouro se pregunta por que se exclama como invocando esa santa inexistente, ninguén sabe xa dar razón: o signo lingüístico fíxose convencional e mesmo arbitrario.

Como se ve, no proceso de implicitación o falante omite unha parte por consabida e o interlocutor tamén evoca esa parte implícita. Co paso do tempo a parte implícita vaise esvaecendo na memoria colectiva das novas xeracións e, se alguén rescata a parte omitida, poden resultar dúas unidades xa distintas. A implicitación produce un escurecemento e desmotivación da UF e este é un feito moi característico do proceso. Cando nun mesmo día se suceden contratempos inesperados, en Caritel exclaman *¡Hai días que nin co paraguas!* A xente nova pode non percibir que iso é unha implicitación dunha explicitación, porque a unidade inicial era verosimilmente *Hai días que non se pode saír da casa*. Verosimilmente nalgún momento se lle puxo un engadido intensificador *nin coa paraguas*. Probablemente a mesma dirección implicitadora teñen

<sup>21</sup> Millán ofrece unha longa nota que empeza así:

*Tampouco a bendita Santa Lilaina, a quen os ditos do pobo levan e traen pra enriba e pra embaixo, tén ermida n-este mundo nin no Céo morada. Pois Santa Lilaina, como atal santa, xamáis foi nin é. Finxéuna a fantasía do pobo pra dous servizos, ó que semella: primeiro, pra encomendarlle o espirital padroádigo das xentes boas e parviolas; segundo, pra escusar a irreverenza de invocar unha Santa verdadeira cando, n-unha cuestión de po[u]co avío, houbérase de nomear algunha.*

*Do primeiro modo, que recorda á castelán Santa Simplicia, parece que vái citada n-este dístico, popular, de gaita galega:*

*“Santa Lilaina paréu por un dedo:  
átemo aquí, miña nai, si llo creo!”*

*E da segunda maneira, cal unha Santa X, unha Santa Ningunha, n-esta frase de “Andrómenas” [...]:  
“Pra conquistar o seu anxeio o mesmo falaba nun mitin anticlerical como figuraba na presidencia da procisión de Santa Lilaina” [...].*

*N-esta Santa Lilaina, sin dúbida, tomou corpo beatífico o sb lilaina “baratija, fruslería, cosa de poco valor, dicho o hecho insustancial” (Millán 1951: 202).*

Crespo Pozo recolle a cantiga *Sempre me andas preguntando / de qué romería veño; / veño de Santa Lilaina, / de Santa Lilaina veño* e explica que *lilaina* é unha “voz que expresa mucho y nada; palabra comodín, que supongo una reduplicación de la anterior [leria]” (Crespo 1982: 3.284 s.v. ‘palabrería’).

*Afogar en pouca auga* (común e recollido, p. ex. no século XX por Vázquez Saco) e *Afogar en pouca auga sabendo nadar* (no XIX por Carré Aldao). Ou *O vagar fai culleres y-o que non ten que facer sacha o alcacer* e *O vagar fai culleres / O xeito fai culleres*.

### 5.1. Implicitación e escurecemento

O escurecemento e desmotivación da UF, provocado pola implicación, pode orixinar controversias gratuítas, como pode se-lo caso do refrán *Abril augas mil*. Os meteorólogos constatan que, segundo as estatísticas pluviométricas de Galicia, abril non é o mes máis chuvioso do ano. ¿Significa iso que o refrán é un refrán importado de Castela, onde o clima é diferente? Coido que, aínda sendo certa a afirmación pluviométrica, que outro refrán corrobora<sup>22</sup>, pode ser innecesario postula-la importación do refrán. Este refrán (que tamén é dos de máis alto índice de frecuencia de aparición, se contámo-las súas variantes<sup>23</sup>) procede dun conto popular que di que dunha vez un rei<sup>24</sup>, querendo engrandece-lo patrimonio do seu reino, mandoulle a un ourive facer unha escultura en ouro macizo que fose honra do reino e mais dos seus artesáns. E o ourive ordenou de facer un carro tirado por bois en ouro macizo. Cando o deu rematado, o rei expúxoo á admiración pública e todo o mundo lle dicía que non había cousa máis bonita e máis valiosa no mundo. Así foron pasando tódolos súbditos e viaxeiros, ata que veu un labrego (que na tradición oral galega é un labrego galego, segundo Vázquez Saco) e, despois de miralo e remirallo, díxolle cos debidos respectos:

*Xaneiro xeadeiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril augas mil, maio pardo e San Xoán claro valen máis cóos bois e o carro.*

<sup>22</sup> *En abril augas mil: todas xuntas non apagan un candil* que recolleu Bieito Fernandes do Palheiro en Grou (Lobios) (Manuscrito inédito. Arquivo fraseolóxico do CIRP).

<sup>23</sup> Se contámo-los que aparecen polo menos en tres coleccións distintas, temos estes datos: *Polo abril, augas mil* (3 veces). *Por abril augas mil* (4). *Abril augas mil coadas por un mandil* (6). *Abril augas mil* (9). *En Abril augas mil* (50). Total:72 (Ferro 2002).

<sup>24</sup> ¿Que rei era este? Un refrán trata de encher o baleiro desta incógnita. Di así: *As catro escarchas de xaneiro, as catro nevadas de febreiro e as doces augas de abril valen máis que o coche de Santo Rei David*. Tamén esta versión: *Un torbón en abril vale máis c'on carro d'ouro do rei David*. Tamén Fernández Rei (2003:462) recolle o nome deste rei en Vilarín do Castelo, O Trobo (A Fonsagrada) (*As escarabanas de marzo i-as augas de abril valen máis có carro do rei David / Valen máis as augas de abril có carro do rei David*).

Non lle coñezo base bíblica a este asunto e coido que *David* é un nome de rei que rima con *abril* e acabou: non hai máis porqué; e, de feito, Laureano Prieto (1978:46) dá unha versión distinta acontecida en Madrid entre un galego e o bispo de Madrid (Madrid tamén rima con abril). En castelán temos isto: *Más vale agua de abril que los bueyes y el carro del rey David*. / *Más vale un agua entre abril y mayo, que toda la plata que hay en el Ocho*. (R. Marín en VSACO 2003:138,3219) e Vázquez Saco explica que “Ocho” es el famoso relicario de la Catedral de Toledo”. É frecuente que o labrego do conto sexa un labrego galego.

Fernández Rei (*Ibidem*) aínda cita outro informante de Pontevedra que asegurou que este refrán se refire ó regalo dun boi e mais un carro de ouro ofrecidos en miniatura ó rei de España.

### Outras versións din que dixo:

*Xaneiro xeadeiro, febreiro manadeiro, marzo pardo, San Xuan claro, valen máis cós bois i o carro.*

*Xaneiro xeadeiro, febreiro revolvedeiro, marzo ventoso, abril choviñoso, maio pardo e san Xoán craro valen(lle) máis cós seus bois i-o carro.*

*Val máis un turbón de abril que os bois e o carro e quen vai nil<sup>25</sup>.*

Por falta de espazo non podo referir tódalas variantes pero si debo sinalar que nalgúnhas non se fala de bois senón de mulas: *Maio pardo e San Xoán claro, val máis que usté, as mulas e o carro; Xaneiro xabreiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso,*

---

<sup>25</sup> Gumersindo Placer contou isto en *El obrero de Nazaret* (Año II, Núm. 17, Junio de 1929, 19-20) con estas palabras:

*Y así como nuestros conocimientos no manan solamente de la experiencia, así el refrán proviene también de otras fuentes. Entre éstas, las más usadas suelen ser las fábulas, cuentos populares, e historias viejas. Y el refrán coge de todo eso, como en síntesis, unas veces la moraleja, otras el personaje, y muchas el rasgo más saliente.*

*Esto sucede en aquel refrán: Mayo pardo e San Juan claro, valen máis qu'as mulas y-o carro; que tiene una bella historia.*

*Se cuenta que un rey oriental, cansado de la corte, quiso correr las tierras en busca de sabiduría. Hizo un carro de oro, uncióle dos mulas también de oro, y marchó.*

*Cierto día que pasaba por una aldea gallega donde un paisano labraba sus campos, paróse ante él y le dijo: Decid, buen hombre, ¿qué cosa habrá, que valga más que mi carro y las mulas que lo arrastran? El labrador, ofuscado por tanto brillo, y extrañado por la pregunta, miró a sus campos y dijo al rey: Mayo pardo e San Juan claro, valen máis qu'as mulas y-o carro.*

*Acuciado el rey por la respuesta, quiso saber su sentido. Y el paisano, señalando sus campos, dijo: Señor, si la cosecha es buena, como en Mayo es el tiempo propicio para la germinación, conviene que este mes sea pardo, es decir, nuboso. Pues con la lluvia se pudrirían las cosechas, y con mucho calor se agostarían y no podrían crecer.*

*Después de Mayo pardo, conviene que San Juan (Junio), sea claro; es decir, cielo claro, limpio y soleado, para que los frutos alcancen su máxima madurez. Dadme ¡oh rey! unos campos con estas condiciones y no os envidio vuestro tesoro.*

*Admirado el rey de tan sabia contestación, písole en la cabeza su propia corona, y picó a las mulas, que marcharon cascabeleando entre los frutos.*

Vázquez Saco recolle refráns complementarios p. ex.: *San Xoán e maio son as chaves do ano* (VSACO 2003: 115,2716; 119,2819-2821; 133,3116; 139,3252). Aínda que outros recollen *Abril e maio fraguan o ano*.

*maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro. Parece que se localizan maiormente na provincia de Lugo*<sup>26</sup>.

A intención do labrego era dicirle que cando cada mes trae o seu tempo ideal, as anadas que se recollen son enormes, porque a agricultura axeitou os cultivos a ese ritmo climático. E, se as anadas son as mellores, teñen un valor moi superior ó dunha escultura de ouro gardado no pazo do rei, porque as anadas son un ben para tódalas familias do reino. Por iso di que, se xaneiro é frío e seco (*xeadeiro*), se febreiro é suave (*amoroso*), se marzo é ventoso, se en abril chove ben, se maio está cuberto (porque é o mes das aradas e é bo que non faga sol para poder traballar a gusto e algúns días de choiva axudan a descansar e a humedece-la terra revolta) e se en xuño non chove, tódalas plantas darán o seu mellor froito: e iso vale moito.

Que isto é así, reafirmano refráns paralelos coma *Marzo esparabazo, abril mollado, maio pardo e San Xoán craro, valen un carro de ouro cargado; Unha auga de abril e dúas de maio valen máis que os bois e o carro ou Unha auga de maio e tres de abril valen por mil. Xaneiro xieiro, en febreiro en cada rego o seu regueiro, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Juan claro valen máis que canto levas tu no teu carro; Xaneiro xeadeiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Juan claro valen máis que un carro de ouro. Porque Chovendo en abril hai cosecha a cadril. A auga de abril enche o carro e o carril. E, pola contra, O polvo de abril non é de reis. Lama de agosto e polvo de abril fan toca-las huchas coma o tamboril: é dicir, as huchas nas que se garda o cereal para todo o ano estarán baleiras e soarán coma tambores. E por iso Falten as augas de todo o ano e non as de abril e maio, que ten moitas variantes: Veñan augas mil e non falten as de abril; Veñan cen mil e non falten as d'abril; Chóvame a min en abril e maio e chóvache a ti o resto do ano. Por iso se di que Marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e san Xoán claro son as milliores regras do ano (ou as chaves do ano) ou Xiada de xaneiro, neve de febreiro, trebón de marzal, chuvia de abril e ventiño de maio, ano cabal che traio. López Taboada recolleu en Bergantiños Auga de abril, cada gota vale mil / veña de onde queira vir.*

---

<sup>26</sup> Outro exemplo sería: *Xaneiro xabreiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas e o carro*. A das mulas é a versión que Fernández Rei (2003: 462) recolle en diferentes lugares da provincia de Lugo: Costantín (Baralla) (“Vindo un castellano de Castilla cun carromato e seis mulas moi grandes díxolle a un labrego gallego: ‘por lo que tienes no te cambio las mulas y el carro’. E contestoulle o gallego: ‘Con xaneiro xeadeiro, febreiro nevarreiro, marzo sollarzo, abril mollado, maio pardo, san Juan claro valen máis que tus mulas y tu carro’”); na Pobra do Brollón (“Díxolle un labrego a un que tiña unhas mulas de ouro e pensaba que nada podía valer máis: *Xaneiro escabroso, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e san Juan claro valen máis cá mula i-o carro*”); na Pobra de San Xiao (Láncara) (“Un rei que veu a Galicia e preguntoulle a un gallego que non había cousa mellor que o montaje do carro de ouro del e díxolle o gallego que había outra cousa que valía máis: *Marzo airoso, abril chuvioso, maio pardo e san Juan claro valen máis que as mulas e o carro*”); nos Pacios, Proendos (Sober) (*Xaneiro xeadeiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Juan claro valen máis cá mulas i-o carro*); en Santa Comba (Lugo) (*Xaneiro xiadeiro, marzo espigardo, abril chuviñoso, un maio pardo i-un san Juan claro, vale máis este ano que as mulas i-o carro*); e en Taboada (*Xaneiro xiadeiro, marzo amoroso, abril chuviñoso, un maio pardo i-un san Juan claro, vale máis este ano que as mulas i-o carro*).

E aínda matizan máis os refráns. Esa auga debe vir maina, mansa. Por iso un refrán di que *As augas de abril non deben encher un barril; En abril aguas mil pero que quepan todas dentro dun barril / que non salgan do seu carril*. E máis explícito aínda: *Abril, augas mil, coadas por un mandil*.

*Abril augas mil*, polo tanto, non é un refrán que exprese unha afirmación estatística, senón un desexo. A súa verdade está na afirmación de que a choiva se optimiza caendo nese mes no que os agricultores tanto desexan a auga na súa xusta proporción. O refrán condensado non caracteriza o mes, senón o que os agricultores esperan dese mes que consideran chave do ano<sup>27</sup>: esa é a súa verdade de valor universal.

Este mecanismo de condensación, que Mokienko denomina implicitación, pode producir este escurecemento do refrán inicial e dar lugar a percepcións equivocadas ata o punto de que a encriptación é moitas veces o resultado normal da implicitación. Quen recorta un refrán por economizar palabras dá por suposto que o interlocutor coñece o que el elide e mais non sempre é certo. Cando o interlocutor non coñece o contido elidido, a unidade fraseolóxica vólvese críptica e enigmática.

Poñerei algún caso máis. Meu pai dicíame moitas veces *¡Asubía que vai vento!* Nunca entendín por que mo dicía: só sei que mo dicía cando me quería consolar por un fracaso pequeno pero irremediable. A fórmula comprendina mellor o día que dei coa versión íntegra en Moreiras (1977:38): a versión completa resultou ser *¡Asubía que fai vento, tamén eu asubiaba cando era do teu tempo!* e agora penso que meu pai quizais sabía de sobra o que sempre elidía.

Caso semellante é o de *¡Espera!* Meu pai dicía sempre *¡Espera que tamén eu esperei!* Dunha vez pregunteille que era o que el esperara e, por fin, díxome que antes a frase enteira era *¡Espera que tamén eu esperei que miña nai me parise!* co que a expresión se fai máis rica e motivada<sup>28</sup>. A lei da economía da linguaxe impulsa a simplificalo que todos saben; pero a forza de simplificalo todo o mundo, chegan novas xeracións que xa descoñecen o contido elidido e a frase queda truncada e faise enigmática ou resólvese nunha simple palabra (*¡Espera!*) carente xa de toda condición literaria.

Miña nai con certa frecuencia utilizaba o sintagma *Cansado coma un raposo*. Varias veces lle preguntei pola motivación desta comparanza e ela dicíame que tampouco a sabía, que sempre o oíra usar así cando se falaba de alguén que estaba ou viña moi canso. Tempo andando oín a continuación *Cansado coma un raposo de arrastra-lo rabo*. A primeira vista parece que este remate non lle engade claridade ningunha á expresión, porque, en principio, o rabo é parte natural do corpo, non unha carga. Sen embargo, os que coñecen os andares dos raposos saben que unha das moitas mañas que o raposo

<sup>27</sup> De feito Vázquez Saco comenta o refrán *Abriles e mulos engañan a todos* coas seguintes palabras: “La traición de abril, si niega las lluvias mansas, que, con mayo le convierten en llave de todo el año, se comparan con las traiciones de los mulos” (VSACO 121,2846).

<sup>28</sup> Co tempo descubrín que a expresión está viva en Portugal e meu pai nunca antes fora a Portugal (Fonseca 1924: 198).

utiliza para librarse dos perseguidores é correr varrendo o chan co rabo para borra-las súas propias pisadas e ese exercicio si que debe de cansar moito. A implicación pode desmotiva-lo fraseoloxismo.

A encriptación ás veces altera o texto cun certo eufemismo malintencionado no que o falante xoga co interlocutor. A fórmula *¡Deus che dea o que che falta!* pode entendela para ben o receptor, pero na realidade o emisor encripta algo esencial e que a carga de malicia *¡Deus che dea o que falta: na cabeza cornos e no cu cagallos!* Carme López Taboada dime que recolleu en Bergantiños con mellor rima: *¡Deus che dea o que deu ás cabras: na cabeza cornos e no cu cagallas!*

Algunha vez me ten pasado de ofrecerlle a alguén a proba dalgunha cousa de comer e recibir o seguinte comentario: *Eu do queixo non che me queixo*. Nese caso na miña xeración aínda é posible que, seguindo a broma, o interpelado, é dicir, eu, remate a frase cunhas palabras e un sorriso. Pero na dos meus fillos xa non haberá, se cadra, ningún que saiba que a frase completa que o primeiro falante mutila e encripta é *Eu do queixo non che me queixo: quéixome que é pouco queixo*, na que se xoga dúas veces con dúas palabras homófonas.

## 6. Bibliografía

### 6.1. Referencias de internet

[www.rae.es](http://www.rae.es) para o *Corpus Diacrónico del Español (CORDE)*.  
<http://corpus.cirp.es/corga/> para o *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)*. (Páxina creada e dirixida por M<sup>a</sup> Sol López Martínez e Francisco García Gondar).  
<http://www.ti.usc.es/TILG/> para o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)* do Instituto da Lingua Galega. (Páxina creada e dirixida por Antón Santamarina).

### 6.2. Outras referencias

[RODLO] RODRÍGUEZ LÓPEZ, J. (s.d.; circa 1900): *Colección de cantares gallegos*. Manuscrito inédito do arquivo da Real Academia Galega.

[VSACO] VÁZQUEZ SACO, F. (2003): “Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

ALONSO MONTERO, X. et alii (1972): *Refrás da nosa xente*. Ediciones Celta, Lugo.

BLANCO, D. (1999): “Do refrán á cantiga” en ÁLVAREZ, R. e VILAVEDRA, D. (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero II*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela; 203-233.

CABANA, D. X. (1992): *Vidas senlleiras*. Xerais, Vigo.

CABANILLAS, R. (1951): *Antífona da Cantiga. Comentarios filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo*. Galaxia, Vigo.

CONCA I MARTÍNBEZ, Maria: “Relacions interactives entre unitats fraseològiques” en *Paremia* 8, 1999, 137-141.

CONDE TARRÍO, G. (1999): “El refranero gallego y la lírica tradicional” en *Paremia* 7, 1998, 61-68.

- CRESPO POZO, J. S. (1982): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario (galaico-portugués)* III (L-P). Ediciós do Castro, Sada.
- FERNÁNDEZ REI, F. (coord.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Fundación Pedro Barrié de la Maza - Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela.
- FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro galego básico*. Galaxia, Vigo.
- (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. La Voz de Galicia. Biblioteca 120, n.119, A Coruña.
- FONSECA LEBRE, J. da (1924): *Locuções e modos de dizer usados na província da Beira Alta apresentados sob a forma de diálogo*. Livraria Clássica Editoria, Lisboa.
- GARCÍA-PAGE, Mario (2004): “De los fines y confines de la fraseología” en GONZÁLEZ CALVO, J.M. e outros: *VIII Jornadas de Metodología y didáctica de la lengua española: las unidades fraseológicas*. Universidad de Extremadura. Departamento de Filología Hispánica, Cáceres, 23-79.
- GÓMEZ DE TEJADA, C. (2000 [1636]): *León prodigioso*. Abraham Madroñal (edición electrónica), Madrid. (recollido do CORDE en [www.rae.es](http://www.rae.es)).
- HERMOSILLA, D. (1545): *Diálogo de los pajes en que se trata de la vida que a mediados del siglo XVI llevaban en los palacio ... Seve Calleja, Miraguano*, Madrid. (consultado en [www.rae.es](http://www.rae.es)).
- IUVENALIS (I-II dC): *Saturae*.
- LEMA BOUZAS, L. (1993): *Ditos e cantigas mariñeiras. Edición realizada con motivo do I Encontro de embarcacións tradicionais*. Galicia 93, Museo do Pobo Galego e outras entidades, Santiago de Compostela.
- LÓPEZ DE MENDOZA, Í. (Marqués de Santillana) (1995 [1454]): *Refranes que dizen las viejas tras el fuego*. Hugo Bizarri, Reichenberger, Barcelona.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1973): *Cantigueiro popular da Limia Baixa*. Galaxia, Vigo.
- MARQUÉS DE SANTILLANA: V. LÓPEZ DE MENDOZA.
- MARTÍNEZ KLEISER, L. (1953): *Refranero general ideológico español compilado por Luís Martínez Kleiser, individuo de número de la Real Academia Española y publicado por acuerdo de la corporación*. Madrid.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I. (1951): “Comentos filoloxicos” en CABANILLAS, R.: *Antífona da cantiga*, Galaxia, Vigo.
- MOKIENKO, V. (2000a): *Fraseoloxía eslava*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- (2000b): *As imaxes da lingua rusa*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- MOREIRAS SANTISO, X. (1977): *Os mil e un refrás galegos do home*. Alvarellos, Lugo.
- PEREIRA, A. (1891): *Cousas d’a aldea, versos gallegos*. Andrés Martínez Salazar Editor, La Coruña. (<http://www.ti.usc.es/TILG/>).
- PRIETO, L. (1978): “Contos de cregos” en *Boletín Auriense* VIII, 1978, 46.
- RÁBADE PAREDES, Xesús (1974): “Amor” en *Gran Enciclopedia Gallega* 2, 63-65.

- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano I*. Galaxia, Vigo.
- SACO [Y] ARCE, J. A. (1967 [1868]): *Gramática gallega*. Imprenta de Soto y Freire, Lugo. [Cito pola segunda edición de Gráficas Tanco, Ourense 1967].
- (1987) *Literatura popular de Galicia (Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos)*. Edición e estudio preliminar de Juan Luis Saco Cid . Diputación Provincial, Ourense.
- SCHUBARTH, D. e SANTAMARINA, A. (1988): *Cancioneiro Popular Galego* 4,2. Fundación 'Pedro Barrié de la Maza. Conde de Fenosa'. La Coruña.
- SVETONIUS (I-II dC): *De Vita XII Caesarum C. Suetonii Tranquilli. Divus Vespasianus*.



## **Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego**

Xosé María Gómez Clemente

Universidade de Vigo

O uso das unidades fraseolóxicas nunha determinada lingua é mostra dun alto nivel de competencia. Para acadar os usuarios ese nivel, teñen que coñecer perfectamente non só os valores semánticos das unidades fraseolóxicas, senón tamén os seus valores pragmáticos, entre os que está a connotación de nivel de lingua. É necesaria unha descrición destes usos para orientar os usuarios. Neste traballo pretendemos facer unha aproximación a este tema por medio da análise das unidades fraseolóxicas tal e como aparecen nos textos. O establecemento dos rexistros dos textos onde aparecen as unidades é fundamental para poder chegar a unha descrición dos usos da fraseoloxía. Pretendemos establecer os rudimentos dunha metodoloxía de análise, baseada na tipoloxía dos textos e os seus temas, que nos afaste da intuición que se descobre nas enquisas verbo da consideración das unidades fraseolóxicas.

Making use of idioms when speaking a certain language shows a high level of competence. In order to attain such a level, language users must know perfectly not only the semantic features of idioms but also their pragmatic features, being one of them the connotation of language level. It is necessary to make a description of such uses to guide speakers. In this paper we aim at approaching this topic through the analysis of phraseological units just as they appear in texts. The determination of the register of the texts where idioms occur is essential to be able to come to a description of uses in phraseology. Our aim is to establish the basics of a method of analysis based on the type and subject of texts, which takes us away from the intuition that can be seen in enquiries on the consideration of idioms.

Hai uns anos, cando o profesor Xesús Ferro ingresou na Academia, leu un interesante discurso sobre a fraseoloxía galega, fundamental para os que nos dedicamos ao ensino da lingua, e salientou o feito de que “o deslinde de niveis (culto, normal, popular, vulgar) era un dos enfoques polo que se podía orientar o estudo das unidades fraseolóxicas en Galicia (Ferro 1996: 18). Luís González García (1995: 16) explica claramente cal é o problema que configura este obxecto de estudo:

*Non tódalas expresións fixadas se poden empregar en tódalas ocasións, aínda que sexan sinónimas. Cada modismo está asociado a unha serie de connotacións que restrinxen o seu emprego a circunstancias especiais (diferencias diafásicas) ou a distintos niveis socioculturais (diferencias diastráticas). O ben falar, como poñen de relevo as modernas escolas lingüísticas, non só consiste en coñecer-la gramática da lingua. Antes ó contrario, falar axeitadamente pidenos ter en conta o que é conveniente en cada lugar, diante de cada persoa ou tema.*

O traballo de delimitar estas diferenzas diastráticas e diafásicas na fraseoloxía galega aínda non está feito: non hai estudos fraseolóxicos nos que se faga unha análise pragmática das locucións<sup>1</sup> e os dicionarios galegos, tanto os xerais como os específicos, non marcan polo de agora as unidades fraseolóxicas.

Este traballo pretende contribuír minimamente a definir a connotación dos niveis de lingua a través da análise dos rexistros dos textos e a súa variación estilística. Non se vai discutir sobre a orixe popular ou culta das unidades fraseolóxicas porque soborda os límites da nosa investigación. Voume centrar en analizar algúns exemplos de uso de determinadas unidades fraseolóxicas, exclusivamente do nivel das locucións<sup>2</sup>, para comprobar en que tipos de textos se utilizan, a que temas se asocian, cales son integrantes das situacións de comunicación, na medida en que se poidan establecer, e cales son os niveis de lingua que se poden describir a partir destes datos. Non pretendo chegar a conclusións definitivas sobre este tema, algo que sería imposible; gustárame, sobre todo, establecer un posible marco teórico e práctico de traballo para poder falar, sobre datos reais, acerca dun tema importante tanto en fraseoloxía coma en lexicoloxía.

---

<sup>1</sup> Isto non quere dicir que non haxa traballos sobre fraseoloxía galega baseados nun corpus escrito (Álvarez de la Granja 2003a) ou oral (Martínez Seixo (dir.) 2000) que teñen outros obxectivos.

<sup>2</sup> O establecemento dunha tipoloxía clara sobre as unidades fraseolóxicas é un dos temas que aínda se discuten arreo na fraseoloxía teórica. Saliento as clasificacións de Casares (1950), Zuluaga (1980), Corpas Pastor (1996, 1998) Conde Tarrío (1999) (centrada esta última no nivel das paremias) e Álvarez de la Granja (2003a, 2003b). Zuluaga, Corpas e Álvarez de la Granja coinciden en distinguir dous grandes niveis: locucións e enunciados fraseolóxicos (aínda que Corpas engade as “colocacións” e Álvarez de la Granja “as expresións ponderativas fixas”). As locucións, o nivel que nos interesa neste estudo, son “aqueles fraseoloxismos que funcionan como elementos oracionais, isto é, que non constitúen de seu actos de fala, senón que se insiren dentro de actos de fala. Do mesmo xeito que os elementos oracionais monolexicais, as locucións clasifícanse tendo en conta o seu funcionamento no discurso e o tipo de significado que lles é propio” [Locucións substantivas, adxectivas, adverbiais, verbais, preposicionais, conxuntivas, pronominais]”. (Álvarez 2003a: 20-22).

## **1. Caracterización xeral dos rexistros e dos niveis de lingua**

Antes de pasar á análise dos datos, que son a cerna deste traballo, temos que deseñar un pequeno marco teórico que está baseado en dous conceptos moi relacionados:

### **1.2. Rexistros e xéneros textuais**

O concepto de rexistro nace na lingüística angloamericana e defínese como “una abstracción útil que liga las variaciones de la lengua con las variaciones del contexto social” (Gregory e Carroll 1986: 107). Polo tanto, é un dos esteos dos estudos da sociolingüística. Beaugrande (1993: 18) defíneo dunha maneira que amplía as perspectivas de análise (sociolingüística, psicolingüística, estilística): “a register is essentially a set of beliefs, attitudes or expectations about what is or is not likely to seem appropriate and be selected in certain kinds of contexts”. Son precisamente estas “crenzas, actitudes ou expectativas” sobre o que “semella apropiado ou debe ser escolleito en certo tipo de contextos” as que condicionan o uso dunha determinada forma lingüística, as que condicionan o uso da fraseoloxía, ou deberían selo.

Biber e Finegan (1994: 7) expresan claramente onde hai que centrarse para a análise do rexistro:

*What unites the work of linguistics working on register is the centrality of text viewed in its context of social situation. Register entails text and implies a relationship between text and context. Register analysis explores the link between linguistic expression and social situation, with a view towards explanation. Hence neither sentences independent of their text nor texts independent of their social context will suffice; word lists will not suffice; intuitions will not suffice. Only a text suffices as an object of register analysis, and knowledge of the context in which it was created in register analysis unless they form part of a text embedded in a social context. For spoken registers, the text is typically a transcript. For written registers, the text is given.*

A cita é interesante porque establece como marco da análise dos rexistros o texto e salienta o feito das relacións entre a expresión lingüística (as unidades fraseolóxicas forman parte desa expresión lingüística) e o contexto social. Tamén cómpre destacar que se desbotan como fonte “suficiente” de análise as listas de palabras e a “intuición” que ás veces queda reflectida nas enquisas que se fixeron para establecer os rexistros dos textos e os niveis de lingua.

O método de análise que utilizarei será o deseñado por Biber (1994: 31-56) pero con algunhas restricións, aínda que tamén me basearei nos métodos tradicionais de clasificación dos estudos de rexistro con córpora, baseados especialmente en categorías textuais e categorías temáticas (Biber 1994: 37).

O autor citado diseña un gran sistema que ten en consideración sete parámetros para a análise do rexistro: 1. características comunicativas dos participantes; 2. relacións entre emisor e receptor; 3. lugar da comunicación; 4. canal; 5. relacións dos participantes co texto; 6. propósito e obxectivos; 7. tema ou materia.

Non imos utilizar todos os parámetros que se establecen neste marco de análise para o noso traballo, aínda que tentaremos describir algúns deles cando falemos máis abaixo da tipoloxía textual que se asocia aos determinados rexistros que imos empregar para describir os posibles niveis de lingua das locucións.

Xa que o propósito desta contribución é facer a descrición devandita, cómpre facermos algunhas indicacións previas sobre o concepto *nivel de lingua*:

## 1.2. Niveis de lingua

Cando falamos de niveis de lingua en fraseoloxía, coma en lexicoloxía, estamos a falar de valores semánticos secundarios, especialmente de connotación. A connotación é para Bloomfield un valor semántico suplementario (1979: 151), un valor engadido ao signo en función das relacións que este mantén cos usuarios e os contextos sociais do seu emprego (a relación co concepto de *registro* é evidente). O lingüista americano afirma que unha unidade ademais de significar pode remitirnos ao nivel de lingua, un dos elementos da súa clasificación tripartita da connotación xunto cos *tabús* e os *graos de intensidade* (1979: 155-157). A lexicógrafa francesa Rey-Debove, ao analizar problemas da sinonimia, considera que cómpre estudar os niveis de lingua como elementos dunha situación que se asemella a unha especie de “multilingüismo” individual, baseado no idiolecto, pero con evidentes relacións con fenómenos sociais:

*Les niveaux de langue sont bien un phénomène social et non pas individuel: on les signale dans les dictionnaires. Néanmoins une sorte “multilinguisme” est forcément pratiqué par chacun, dans la communication, et il est bien difficile de décider de la synonymie si on ne connaît pas l’idiolecte de l’énonciateur* (Rey-Debove 1997: 98).

Biber (1994: 41) inclúe dentro do marco de análise dos rexistros comentado anteriormente un apartado aberto denominado “Topic/Subject”, que recolle o parámetro de “Level of discussion: specialized/general/popular”. Esta é a indicación máis achegada ao que nós queremos describir, aínda que non coincide exactamente, dentro do sistema de análise do lingüista americano.

Outro parámetro que debería ser tido en conta para describir os niveis de lingua é o da connotación expresiva ou afectiva. Constátase que hai múltiples factores que poden condicionar o establecemento dunha marca de nivel para unha determinada unidade lingüística (sociais, culturais, persoais, etc.). Salvador Gutiérrez (1992: 118-124) afirma, con respecto á connotación afectiva, que é un feito de fala, non de lingua, e que depende do falante. Polo tanto, non hai que describila para ningunha unidade lingüística do léxico ou, tamén por extensión, da fraseoloxía. Outros autores, polo contrario, danlle unha importancia especial á función expresiva que adquire un signo cando entra en relación con outro. J. A. Martínez (1975: 192-194) afirma que eses valores poden chegar a ser sistemáticos e polo tanto codificables.

En realidade, malia estarmos de acordo con Martínez, debemos recoñecer que a sistematización dos niveis de lingua é complicada por estaren moitas veces condicionados por factores idiolectais (Gutiérrez e Rey-Debove). É difícil establecer as

estremeiras entre un nivel e mailo outro, e entre as diversas divisións que se poden fixar dentro dun mesmo nivel, especialmente en linguas coma a nosa, que viviu e vive unha situación anormal. Na galega e, en xeral, noutras linguas, o problema xorde sobre todo cando o lingüista tenta achegarse ao nivel subestándar da lingua (que podemos caracterizar en liñas xerais como “familiar”, “popular”, “coloquial” e “vulgar”) debido á certa confusión que existe sobre a súa delimitación con respecto ao estándar e, especialmente, entre os diferentes rexistros que abrangue. Neste nivel cómpre a inclusión desta significación secundaria. Debemos ter presente a constatación de Ullmann (1977: 291-297) de que neses niveis a ambigüidade e imprecisión de significado é moi significativa.

O problema complica aínda máis cando nos decatamos de que este tipo de información quedou ao arbitrio do lexicógrafo, ou dun hipotético compilador de fraseoloxía, que tivo que aplicar criterios subxectivos para describila como a súa competencia lingüística ou a súa formación académica, e outros como a adecuación á finalidade que persegue o seu traballo. Ademais, calquera autor pode sentir a eiva que se nota na tradición lexicográfica á hora de atribuír estas marcas e, asemade, existe o problema engadido de que as linguas evolucionan rapidamente e, ás xeirais, palabras que antes eran consideradas vulgares pasan a ser dun rexistro superior ou viceversa. A dificultade para establecer claramente as marcas diafásicas e diastráticas é a que motivou unha situación un tanto anárquica á hora de definir as condicións de uso de determinadas unidades lingüísticas. En realidade, a plasmación desta información nun dicionario, de calquera tipo, presenta moitos problemas teóricos e prácticos que ata o de agora a lingüística non deu solucionado<sup>3</sup>.

Malia existiren estes problemas, toda esta información foi tida en conta en diversas obras lexicográficas para marcar os lemas e, polo tanto, é relativamente normal ver nelas indicacións que se utilizan para definir a connotación, un valor eminentemente de uso. Porén, non en todos os dicionarios aparecen as mesmas marcas e nótase unha certa confusión á hora de deseñar para elas sistemas homoxéneos<sup>4</sup>. Debido a isto, numerosos lexicógrafos, tentando de establecer un sistema coherente, teñen feito propostas para incluír un sistema completo de marcación que defina a connotación en sentido amplo

<sup>3</sup> Sobre os problemas das indicacións de niveis de lingua pódese consultar G. Haensch (1982: 195-97).

<sup>4</sup> Fixemos unha pescuda nalgúns dicionarios galegos co seguinte resultado: O *Diccionario normativo galego-castelán* (Monteagudo 1988) define dúas marcas de rexistro subestándar: *familiar* e *popular*. Non establece ningunha marca para caracterizar os rexistros que están por riba do estándar. O *Diccionario da Lingua Galega* (García 1990) da Real Academia Galega define tamén as dúas marcas: *familiar* (“un rexistro de lingua non formal, como o que é habitual na conversación familiar”) e *popular* (“refírese ós termos propios da linguaxe usada nas esferas populares ou en rexistros non coidados”). Ademais, nas observacións que aparecen ao longo do dicionario rexístrase a caracterización de palabras que se consideran dun nivel superior ao da entrada e á indicación de *vulgar*. O *Diccionario Xerais da Lingua* (Navaza 1993) define, así mesmo, as dúas marcas, *familiar* e *popular*, correspondentes ao subestándar e ningunha para os rexistros elevados. O *Diccionario* de Alonso Estravís (1995) define *familiar*, *popular* e *vulgar* para o nivel subestándar e *poético* para un nivel elevado. O *Diccionario Xerais de Sinónimos* (Castro 1995) establece unha marca para un nivel superior ao estándar, *poético*, e dúas para niveis do subestándar: *familiar* e *popular*. O *Diccionario de sinónimos da lingua galega* (Noia 1997) tenta establecer unha serie de marcas para o léxico que recolle, co fin de establecer sinónimos. Utiliza *vulg.*, *fam.*, *vulg.*, *cul.* recoñecendo as dificultades para a súa atribución.

nun dicionario. Norri (1996: 2) fai referencia ás propostas feitas por lexicógrafos de tradición anglosaxona para os dicionarios ingleses. A máis completa delas inclúe 9 categorías e ten certa semellanza co esquema de Biber (1994): historia (se un termo está vivo ou non), madurez (a idade dos falantes que empregan un termo); asociación (cun determinado grupo de falantes, profesional ou non); relación co lector ou oínte (se un termo é formal ou non); medio (oralidade/escrita); actitude (eufemismo); territorio (marcas rexionais); posición social (estándar/non estándar); responsabilidade (conformidade coas expectativas que unha determinada situación produce).

Ata aquí vimos algúns problemas que poden presentar as marcas de nivel de lingua cando se inclúen nos dicionarios: a dificultade na delimitación de niveis, a disparidade de criterios á hora de atribuír as marcas, etc. Fronte a todo isto, deberanse adoptar algunhas solucións que, dende logo, non serán definitivas.

En primeiro lugar, habería que chegar a un acordo para saber que denominacións deberían aceptarse como marcas de nivel. En principio, poderíase partir de algo que todo o mundo coñece e acepta: a existencia dun nivel lingüístico esmerado (que se podería definir en liñas xerais como *culto*, desbotando as marcas *poético* ou *literario*, un nivel estándar (que en principio non levaría marca) e outro subestándar, que podería ser definido como *coloquial* (a marca *familiar* sería demasiado difícil de precisar) e *vulgar*, esta marca sobre todo para o léxico tabuizado porque coidamos que habería un certo acordo en atribuírlla (Ettinger 1982: 386). A primeira obxección que se pode presentar a esta proposta sería a seguinte: que criterio se debe utilizar para adscribir correctamente estas marcas aos vocábulos? Coidamos que deberíamos conxugar o que nos ensina a tradición lexicográfica, no caso da fraseoloxía cando exista esta tradición, mesmo que sexa incompleto e confuso, coas condicións de uso das unidades nos textos e, en menor medida, coa opinión dos falantes a través de enquisas sistemáticas.

## 2. O estudo dos niveis de lingua na fraseoloxía

Gloria Corpas (1996: 166-167) explica no seu coñecido manual, referíndose ás paremias, que:

*En el caso del español, el uso de paremias lleva aparejado connotaciones de diverso tipo, por más que éstas no suelen recogerse en los diccionarios. En primer lugar, y en cuanto a las “connotaciones estilísticas” se refiere, gran parte de las paremias (no así las citas y algunos tipos de enunciados de valor específico) se asocian con niveles culturales bajos y con inferioridad social.*

É esta unha constatación que se pode ampliar para toda a fraseoloxía, porque a fraseoloxía está asociada, por un número elevado de usuarios da lingua, a un mundo que está sufrindo cambios vertixinosos, concretamente ao mundo rural, que segue considerándose en certo grao dunha maneira pexorativa. Daquela, a percepción espontánea que se ten dos niveis de lingua asociados ás unidades fraseolóxicas leva a consideralas dun nivel coloquial, con diversas gradacións (popular ou vulgar). Por riba disto, é triste comprobar que en moitas publicacións de tipo escolar, dirixidas ao ensino da lingua tanto para nativos coma para estranxeiros, se asocia un estilo “coloquial” non formal á utilización de unidades fraseolóxicas. Esta situación non se corresponde coa

realidade lingüística: a fraseoloxía utilízase en calquera tipo de texto e en calquera situación comunicativa (véxanse os datos que logo presentaremos para matizar esta afirmación).

O establecemento de niveis de linguas en fraseoloxía podería facerse seguindo as indicacións que nos dan os dicionarios (tal e como apuntamos antes) pero, ende mal, non existen tales no ámbito galego, aínda que xa si en español. E se as houber, se cadra presentarían os mesmos problemas que os comentados anteriormente (confusión, falta de coincidencia entre distintas fontes lexicográficas ou excesiva intuición)<sup>5</sup>. Con todo, penso que a dificultade non nos debe arredar do esforzo.

Se estas marcas non existen aínda en galego, si comezan a aparecer, como dixemos, noutras linguas coma o español. Martínez Marín (1998: 127-137) fai unha descrición dos usos pragmáticos da fraseoloxía que se comezaron a introducir en certas obras lexicográficas españolas. Refírese, entre outras, ao dicionario de Varela e Kubarth (1994), que é o primeiro en falar do chamado *ámbito de aplicación*, definido como un sistema de tres pólas: ámbito restrinxido, formal e informal. O propio Martínez Marín define estes ámbitos como importantes pero que “non esgotan todo o repertorio dos que teñen pertinencia no uso da lingua” (Martínez Marín 1998: 131 n. 11). Parece que o sistema do *Diccionario Salamanca* (Gutiérrez Cuadrado 1996) que establece 25 marcas pragmáticas (V. a relación en Martínez Marín 1998: 134) é o máis axeitado.

As enquisas que se fan sobre este tema, aínda que necesarias, non deitan demasiada luz. Fixen unha comprobación mínima entre o meu alumnado sobre as unidades que aparecen abaixo e indiqueilles que fixasen, polos datos que aparecían nos textos, tres niveis (popular/coloquial, medio/formal e vulgar/baixo). Paseilles o cuestionario a 26 persoas pero só recibín 15 respostas e moitas delas incompletas. Os resultados son confusos, xa que se nota que non existen grandes unanimidades no que atinxe ao establecemento de marcas de nivel:

|                                    | Pop/col | Med/form | Vulg/baixo |
|------------------------------------|---------|----------|------------|
| <i>por fas ou por nefás</i>        | 8       | 5        |            |
| <i>andar as cousas coma o demo</i> | 7       | 4        | 2          |
| <i>andarlle ó rabo a alguén</i>    | 8       | 1        | 1          |
| <i>remar e remar e caer no mar</i> | 2       | 7        |            |

<sup>5</sup> Verbo disto gustárame reproducir as palabras de A. M<sup>a</sup>. Tristá que contestaban unha pregunta miña sobre as marcas de rexistro nos dicionarios de fraseoloxía que se estaban a elaborar en Cuba:

*Ben, eu creo que ó igual que no galego ou en case tódalas linguas que estamos traballando, as marcas ou os rexistros estilísticos son importantes e as dificultades creo que deben ser máis ou menos as mesmas. É dicir, hai unha gran diversidade de criterios e un trata de buscar o criterio dos máis para atopar un, que pode ser que sexa o certo. Pero, por exemplo, nós temos moitas discusións sobre iso, sobre como... ben, as tabuizadas coñecémolas. Esas son fáciles. As vulgares máis ou menos, porque a todo o mundo lle soan vulgares algunhas. Pero, de todas maneiras, por exemplo as de nivel literario son dunha discusión tremenda, porque todo depende do nivel da persoa á que un lle pregunta e o familiarizada que está con esa locución ou con esa combinación. En fin, que eu creo que non é nada fácil e ademais o resultado sempre vai ter problemas, sempre vai haber xente descontenta co resultado, pero hai que dar un. E despois de que se edite, que diga a xente se si ou se non, e acéptanse proposicións (Ferro 1998: 318).*

|                                         |   |   |   |
|-----------------------------------------|---|---|---|
| <i>non facer fume nun sitio</i>         | 6 | 4 |   |
| <i>andar cos ollos revirados</i>        | 4 | 5 | 1 |
| <i>andar á caxota</i>                   | 7 | 1 | 1 |
| <i>andar ó leilán</i>                   | 6 | 1 |   |
| <i>non lle caer algo a alguén a pau</i> | 1 | 5 |   |
| <i>andar á vaicheboa</i>                | 7 | 1 | 1 |
| <i>andar na volta de fóra</i>           | 5 | 4 |   |
| <i>non lle quenta-lo rabo á porca</i>   | 7 | 1 | 2 |
| <i>ser pillado na allada</i>            | 6 | 2 | 1 |
| <i>andar en malas andadas</i>           | 3 | 5 | 1 |
| <i>andar alguén polo seu pé</i>         | 1 | 7 |   |
| <i>andar alguén con panxoliñas</i>      | 6 | 4 |   |
| <i>andar polas portas</i>               | 6 | 2 |   |
| <i>andar sen tentos</i>                 | 5 | 5 |   |
| <i>andar na grade</i>                   | 6 | 5 |   |
| <i>andar a levalas</i>                  | 2 | 3 | 1 |
| <i>te-la cabeza chea de aires</i>       | 4 | 2 | 1 |
| <i>andar coa canga abaixada</i>         | 5 | 3 | 1 |
| <i>andar feito un azacán</i>            | 7 | 3 |   |
| <i>andar en linguas</i>                 | 5 | 5 | 1 |
| <i>deixar arar o gando</i>              | 3 | 5 |   |

Como se pode comprobar, a maioría das respostas levan a considerar as unidades fraseolóxicas como pertencentes a un nivel coloquial ou vulgar baixo. Isto estaría en liña co descrito por Corpas para as paremias. Non chama a atención a adscripción a un rexistro vulgar das unidades con palabras que teñen un certo léxico tabuizado, e aquí tamén se coincide con Tristá (V. p. 5) (*andar coma o demo, quantarlle o rabo á porca*). O que sorprende, en certo sentido, é a aparente contradición entre aquelas respostas que establecen un nivel medio/formal para unidades que tamén son consideradas como populares ou vulgares. É significativo que *andar en linguas* ou *andar cos ollos revirados* se considere tanto popular e vulgar como de rexistro formal, ou que *andar na volta de fóra* apareza como popular ou de rexistro medio ou formal. Non pretendo considerar esta pequena proba como definitiva para nada, xa que non é significativa polo número de respostas recibidas. O que si quero salientar é o feito de que este tipo de investigacións, mesmo as realizadas con grandes cantidades de datos, levan a enfrontarnos directamente co idiolecto do entrevistado, co seu coñecemento da fraseoloxía, coa súa intención sobre os posibles usos pragmáticos, cos prexuízos que poidan existir á hora de utilizar o discurso repetido se se asocia con connotacións negativas dunha determinada lingua (económicas ou sociais), coa falta de modelos que se poidan imitar e mesmo coa educación e a extracción social.

Xa que os datos sobre o nivel de lingua que nos poden fornecer os dicionarios galegos son escasos e que o método das enquisas non deita resultados suficientemente fiables, aínda que non desbotables, queda fixarse nos textos, nas condicións de uso das unidades fraseolóxicas en actos comunicativos reais. Nesta liña, cómpre recoñecer que o estudo dos niveis de lingua está intimamente relacionado coa estilística, disciplina que se ocupa



dos contidos afectivos dos feitos de expresión (Bally 1909-1951). Foi Gläser (1986) quen defendeu o termo *fraseoestilística* para situar os estudos de fraseoloxía sobre o texto e o estilo do texto, entendido este como o uso que se fai dos significados expresivos, adecuado a cada situación en todos os niveis do sistema lingüístico, co fin de transmitir unha mensaxe e producir un efecto pragmático correcto (Ruíz 1997: 38).

### 3. Análise dos datos da fraseoloxía galega

Para poder falar dos rexistros e os niveis de lingua asociados a unidades fraseolóxicas galegas, tentarei facer unha descrición dun pequeno corpus do nivel das locucións, extraído do Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)<sup>6</sup>. Consulte un total de 176 unidades fraseolóxicas do nivel das locucións que aparecían recollidas en López Taboada e Soto Arias (1995) e obtiven documentación nun total de 65 (un 36,9%). O criterio de elección desas unidades, e non doutras, non foi sistemático e deixei levar por unha certa intuición sobre aquelas que poderían, en teoría, ter un uso máis frecuente nos textos galegos e tamén polo feito de seren unidades que manexo adoito tanto nas miñas clases coma no meu uso persoal da lingua. Recoñezo que se podería facer a análise cun ramallo doutras locucións escolleitas por outros criterios.

Presentarei primeiro os datos, clasificados por tipo de textos e polos temas que tratan estes textos para, a seguir, facer algúns comentarios sobre os niveis de lingua.

#### Cadro I

##### Unidades fraseolóxicas e rexistros textuais

**Ficc:** Textos literarios; **TXO:** Texto xornalístico de opinión; **TXR:** Texto xornalístico de redacción; **TXL:** Texto xornalístico en formato de libro; **TE:** Texto especializado; **TD:** Texto de divulgación

|                                          | FICC | TXO | TXR | TXL | TE | TD |
|------------------------------------------|------|-----|-----|-----|----|----|
| [100] <i>a cachón</i>                    | 91   | 6   | 1   | 0   | 2  | 0  |
| [95] <i>a oito</i>                       | 2    | 8   | 3   | 2   | 9  | 1  |
| [71] <i>de vagariño</i>                  | 42   | 23  | 4   | 0   | 1  | 0  |
| [68] <i>a esgalla</i>                    | 35   | 18  | 2   | 14  | 0  | 0  |
| [53] <i>a mantenta</i>                   | 49   | 4   | 0   | 0   | 0  | 0  |
| [53] <i>á espreita</i>                   | 45   | 5   | 3   | 0   | 0  | 0  |
| [29] <i>a fume de carozo</i>             | 25   | 2   | 0   | 0   | 1  | 1  |
| [23] <i>de cotado (que)</i>              | 19   | 3   | 0   | 0   | 0  | 1  |
| [15] <i>a fío</i>                        | 15   | 0   | 0   | 0   | 0  | 0  |
| [14] <i>ás apalpadas</i>                 | 14   | 0   | 0   | 0   | 0  | 0  |
| [12] <i>deixarse de lerías</i>           | 12   | 0   | 0   | 0   | 0  | 0  |
| [10] <i>botar/sacar a lingua a pacer</i> | 8    | 2   | 0   | 0   | 0  | 0  |
| [10] <i>a velas vir</i>                  | 5    | 5   | 0   | 0   | 0  | 0  |
| [9] <i>como un lóstrego</i>              | 8    | 2   | 0   | 0   | 0  | 0  |
| [7] <i>con pés de la</i>                 | 6    | 0   | 0   | 0   | 1  | 0  |

<sup>6</sup> O CORGA, consultable en [www.cirp.es](http://www.cirp.es), consta nestes momentos de máis de 17 millóns de palabras. É un corpus ponderado, o que nos permite ver diferentes tipos de textos. Está clasificado por temas, feito que nos facilita utilizar un dos parámetros da nosa análise.

|                                            |         |         |        |        |        |         |
|--------------------------------------------|---------|---------|--------|--------|--------|---------|
| [7] <i>botar lume polos ollos</i>          | 7       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [6] <i>cantar as corenta</i>               | 5       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [5] <i>(a)baixar/cortar os fumes</i>       | 4       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [5] <i>calar coma un peto</i>              | 5       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [5] <i>custar un ollo da cara</i>          | 4       | 0       | 0      | 0      | 1      | 0       |
| [4] <i>a por de</i>                        | 3       | 0       | 0      | 0      | 1      | 0       |
| [4] <i>a rebolos</i>                       | 4       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [4] <i>poñer/estar con cara de pao</i>     | 3       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [4] <i>dar as boqueadas</i>                | 3       | 0       | 0      | 0      | 1      | 0       |
| [4] <i>andar/estar nos biosbardos</i>      | 4       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [3] <i>meter os cans na bouza</i>          | 2       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [3] <i>andar á miñoca</i>                  | 3       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [3] <i>nó gordiano</i>                     | 1       | 2       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [3] <i>dar coa porta nos fuciños</i>       | 3       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [3] <i>cun pé na cova</i>                  | 3       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [3] <i>andar levado do demo</i>            | 3       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>en porrancho</i>                    | 2       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>a canchapernas</i>                  | 2       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>a carreiriña dun can</i>            | 0       | 1       | 0      | 0      | 1      | 0       |
| [2] <i>a paso de boi</i>                   | 2       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>a unlla de cabalo</i>               | 2       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>a paso de can</i>                   | 2       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>comungar con rodas de muiño</i>     | 1       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>estar (borracho) coma unha cuba</i> | 2       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>a conta da vella</i>                | 1       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>mallar coma no centeo verde</i>     | 1       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>custar ferro e fariña</i>           | 2       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>a ferro e fouce</i>                 | 0       | 2       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>de moito pendello</i>               | 2       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [2] <i>entre a espada e a parede</i>       | 1       | 0       | 1      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>e boca de xerro</i>                 | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>aberto de xenio</i>                 | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>á pillota</i>                       | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>(vir) con díxome-díxome</i>         | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>co adaxo de</i>                     | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>falar os sete falares</i>           | 0       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>por fas ou por nefás</i>            | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>andar ó leilán</i>                  | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>estar na allada</i>                 | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>andar con panxoliñas</i>            | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>coma se cantase un carro</i>        | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>o demo e a nai</i>                  | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>custar algo ferro e fouce</i>       | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>chover a cimbraceos</i>             | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>dar a roncha</i>                    | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>darlle ó beo</i>                    | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>darlle á mollada</i>                | 0       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>quedar moito rabo por esfolar</i>   | 1       | 0       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| [1] <i>quedar tocado do nabo</i>           | 0       | 1       | 0      | 0      | 0      | 0       |
| TOTAIS (673)                               | 530     | 93      | 14     | 16     | 17     | 3       |
|                                            | (78,7%) | (13,8%) | (1,9%) | (2,3%) | (2,5%) | (0,44%) |

## Cadro II

## Unidades fraseolóxicas e temas

**Ficc.** Textos literarios; **EP.** Economía e política; **CS.** Ciencias sociais; **AC.** Actualidade; **DE.** Deportes; **CT.** Ciencias e Tecnoloxía; **CA.** Cultura e Artes; **OU.** Outros; **TU.** Turismo

|                                        | FICC | EP | CS | AC | DE | CT | CA | OU | TU |
|----------------------------------------|------|----|----|----|----|----|----|----|----|
| [100] <i>a cachón</i>                  | 91   | 0  | 5  | 0  | 0  | 1  | 3  | 0  | 0  |
| [95] <i>a eito</i>                     | 72   | 8  | 8  | 1  | 2  | 1  | 3  | 0  | 0  |
| [71] <i>de vagariño</i>                | 42   | 4  | 13 | 1  | 4  | 2  | 4  | 0  | 0  |
| [68] <i>a esgalla</i>                  | 35   | 10 | 2  | 3  | 14 | 0  | 5  | 0  | 0  |
| [53] <i>a mantenta</i>                 | 49   | 0  | 1  | 0  | 0  | 1  | 1  | 1  | 0  |
| [51] <i>á espreita</i>                 | 45   | 4  | 2  | 1  | 0  | 0  | 1  | 0  | 0  |
| [29] <i>a fume de carozo</i>           | 25   | 1  | 0  | 0  | 1  | 0  | 1  | 0  | 1  |
| [22] <i>de contado (que)</i>           | 19   | 2  | 2  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [15] <i>a fio</i>                      | 15   | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [14] <i>ás apalpadas</i>               | 14   | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [12] <i>deixarse de lerías</i>         | 12   | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [10] <i>botar/sacar a lingua</i>       |      |    |    |    |    |    |    |    |    |
| <i>a pacer</i>                         | 8    | 0  | 0  | 2  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [10] <i>a velas vir</i>                | 5    | 2  | 0  | 2  | 0  | 0  | 1  | 0  | 0  |
| [9] <i>como un lóstrego</i>            | 8    | 0  | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [7] <i>con pés de la</i>               | 6    | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [7] <i>botar lume polos ollos</i>      | 7    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [6] <i>cantar as corenta</i>           | 5    | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [5] <i>(a)baixar/cortar os fumes</i>   | 4    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 1  |
| [5] <i>calar coma un peto</i>          | 5    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [5] <i>custar un ollo da cara</i>      | 4    | 0  | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [4] <i>a por de</i>                    | 3    | 0  | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [4] <i>a rebolos</i>                   | 4    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [4] <i>poñer/estar con cara de pao</i> | 3    | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [4] <i>dar as boqueadas</i>            | 3    | 0  | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [4] <i>andar/estar nos biosbardos</i>  | 4    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [3] <i>meter os cans na bouza</i>      | 2    | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [3] <i>andar á miñoca</i>              | 3    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [3] <i>nó gordiano</i>                 | 1    | 2  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [3] <i>dar coa porta nos fuciños</i>   | 3    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [3] <i>cun pé na cova</i>              | 2    | 0  | 0  | 0  | 0  | 1  | 0  | 0  | 0  |
| [3] <i>andar levado do demo</i>        | 2    | 0  | 1  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [2] <i>en porrancho</i>                | 2    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |
| [2] <i>a canchapernas</i>              | 2    | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  | 0  |

|                                              |            |           |           |           |           |          |           |          |          |
|----------------------------------------------|------------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|----------|----------|
| [2] <i>a carreiriña dun can</i>              | 0          | 1         | 1         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>a paso de boi</i>                     | 2          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>a unlla de cabalo</i>                 | 2          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>a paso de can</i>                     | 2          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>comungar con rodas de muiño</i>       | 1          | 0         | 1         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>estar (borracho) coma unha cuba</i>   | 2          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>a conta da vella</i>                  | 1          | 0         | 1         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>mallar/mazar coma no centeo verde</i> | 2          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>custar ferro e fariña</i>             | 2          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>a ferro e fouce</i>                   | 0          | 0         | 0         | 1         | 0         | 0        | 1         | 0        | 0        |
| [2] <i>de moito pendello</i>                 | 2          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [2] <i>entre a espada e a parede</i>         | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 1        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>a boca de xerro</i>                   | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>aberto de xenio</i>                   | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>á pillota</i>                         | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>(vir) con díxome-díxome</i>           | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>co adaxo de</i>                       | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>falar os sete falares</i>             | 0          | 0         | 1         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>por fas ou por nefás</i>              | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>andar ó leilán</i>                    | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>estar na allada</i>                   | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>andar con panxoliñas</i>              | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>coma se cantase un carro</i>          | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>o demo e a nai</i>                    | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>custar algo ferro e fouce</i>         | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>chover a cimbraceos</i>               | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>dar a roncha</i>                      | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>darlle ó beo</i>                      | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>darlle á mollada</i>                  | 0          | 1         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>quedar moito rabo por esfolar</i>     | 1          | 0         | 0         | 0         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| [1] <i>quedar tocado do nabo</i>             | 0          | 0         | 0         | 1         | 0         | 0        | 0         | 0        | 0        |
| <b>TOTAIS:(673)</b>                          | <b>530</b> | <b>39</b> | <b>42</b> | <b>12</b> | <b>21</b> | <b>7</b> | <b>20</b> | <b>1</b> | <b>1</b> |
|                                              | (78,7%)    | (5,7%)    | (6,2%)    | (1,7%)    | (3,1%)    | (1%)     | (2,9%)    | (0,1%)   | (0,1%)   |

Vistos os anteriores datos, imos facer unha análise baseándonos en dous grandes parámetros i) xéneros e rexistros textuais (tipos) e ii) temas, para comprobar se podemos definir as súas connotacións estilísticas e expresivas que definen os niveis de lingua.

### **3.1. Xéneros e rexistros textuais<sup>7</sup>**

A atribución xeral dos rexistros fíxose sobre todo pola canle de distribución dos textos, prensa e libro, polos participantes, especialmente o emisor, e polo nivel de especialidade con que se transmite a información. Establecín os seguintes grupos:

#### **3.1.1. Texto de ficción (novela e teatro) [FICC]**

Quizais sexa este o rexistro menos definido. Nun texto de ficción poden aparecer reproducidas múltiples situacións conversacionais que fan que non se poidan concretar moitos parámetros necesarios para a análise dos niveis de lingua, se non se fai un estudo moi polo miúdo. Teñen un emisor concreto, o escritor, pero non está dirixido, en principio, a un tipo especial de receptor. Con todo, son textos que poden ter un obxectivo determinado, primeiramente o lecer pero tamén a concienciación sobre un determinado tema, que están revisados e planificados, que teñen un baixo nivel de argumentación ou persuasión e que non presentan temas específicos, aínda que na novela se poidan definir subxéneros. Un autor literario ten, en principio, unha alta competencia na lingua que manexa e é quen de utilizar recursos expresivos para caracterizar distintos niveis estilísticos.

Os datos que nós rexistramos levan a considerar que este xénero textual é o máis axeitado para a aparición da fraseoloxía galega e isto posiblemente sexa igual para outras linguas coma o inglés e se cadra un pouco menos para o francés (Corpas 1996: 166). Rexistramos un total de 530 ocorrencias de unidades fraseolóxicas do nivel das locucións. Tamén aparecen todas as unidades consultadas agás 5: *a carreiriña dun can*, *a ferro e fouce*, *falar os sete falares*, *darlle á mollada*, *quedar tocado do nabo*. Estraña que non se documenten *a carreiriña dun can* e *falar os sete falares*, dúas das locucións que, en teoría, son das máis coñecidas polos falantes de lingua galega. As máis rexistradas son as locucións de tipo adverbial (*a cachón*, *a oito*, *de vagariño*, *a esgalla*, etc.), aínda que este feito tamén se albisca nos outros tipos de textos. Se cadra, a fácil inclusión destas unidades nun texto, xa que teñen un carácter de modificador verbal ou adxectivo, motive o seu amplo rendemento.

#### **3.1.2. O texto xornalístico de opinión [TXO]**

Este tipo de texto ten un receptor máis definido, está planificado e revisado, busca obxectivos concretos cun alto nivel de argumentación. Está definido por temas o que en certos casos pode facer que se acheguen aos textos especializados de divulgación [TD], dependendo do emisor e dos destinatarios, malia que tamén é frecuentemente o lugar de presenza de marcas idiolectais. Polo tanto, en principio, é un tipo de texto que permite a aparición de todo tipo de locucións (véxase, coma tal, *quedar tocado do nabo* [TN 1-5-97. Bieito Iglesias] unha locución con connotacións claramente vulgares). Rexistramos 93 ocorrencias de locucións, aínda que vemos que o número de unidades rexistradas é sensiblemente menor có que aparece nos textos literarios (24 de 67) e as ausencias son tan significativas como *andar ós biosbardos* (especialmente) ou *andar con panxoliñas* e outras.

---

<sup>7</sup> Véxase un estudo semellante para o inglés en Gläser (1998: 125-145).

### **3.1.3. O texto xornalístico en formato libro [TXL]**

É unha crónica periodística extensa, de carácter divulgativo e moi cercana ao texto de opinión. Son frecuentes as marcas idiolectais. Quizais sexan textos con destinatarios máis definidos e cun maior nivel de argumentación. Rexistramos 16 ocorrencias do nivel das locucións, 14 delas nun mesmo texto e referidas a unha mesma unidade (*Historia do Deportivo*, loc. *a esgalla*), feito este que limita en certa medida os datos presentados. Os outros dous casos quedan para a locución *a oito*.

### **3.1.4. O texto xornalístico de axencia ou redacción [TXR]**

É un texto que se centra na divulgación da información. Non ten un emisor determinado e presenta un grao medio/alto de formalidade, cun nivel elevado de argumentación e non se presta á utilización de marcas idiolectais. Quizais sexa un dos tipos de textos máis interesantes para a análise dos niveis de lingua porque a presenza do emisor é limitada. Rexistramos 14 ocorrencias de locucións de 6 unidades distintas; o número maior de ocorrencias sexa, novamente, nas locucións adverbiais máis coñecidas.

### **3.1.5. O texto de especialidade [TE]**

Trátase de textos de especialidades variadas, cun emisor altamente cualificado, sen presenza en principio de marcas idiolectais, e cuns destinatarios tamén cualificados. Incluímos aquí calquera texto en formato de libro que tivese un grao de especialización determinado, dende o apartado de ciencias sociais (con especial incidencia) ata a ciencia e a tecnoloxía. Teñen un alto nivel de argumentación. Rexistramos 17 unidades do nivel das locucións, delas só 9 distintas (dun total de 67). A ausencia dun emisor que active as características idiolectais da súa lingua, como se albisca nos TXO, parece que reduce a posibilidade de aparición dun gran número de unidades fraseolóxicas.

### **3.1.6. Texto de divulgación [TD]**

É un tipo de texto que presenta un emisor e un receptor determinados, cun nivel medio de dificultade na argumentación. En realidade, é difícil distinguir este tipo de textos dalgúns dos que clasificamos como de especialidade. Decidín clasificar como TD aqueles que tiñan un tema que en principio non era moi especializado. Rexistramos 3 ocorrencias de tres unidades diferentes e, xa que logo, non son moi significativos.

**3.2.** Tamén considerei os temas (apartado 7 do esquema de Biber [1994] ) para analizar as ocorrencias das unidades fraseolóxicas. Respetei as clasificacións que fai o propio CORGA, aínda que poidan ser discutidas, coma tal:

**3.2.1.** Ficción. Realmente non se pode considerar un tipo de textos nos que se poidan definir temas, xa que poden ser moi variados e cualificados en subxéneros literarios.

**3.2.2.** Ciencias sociais: é o tema máis recorrente do noso corpus. Inclúense textos variados sobre socioloxía, historia, ensaio sobre literatura, opinión en xeral, etc. Transmítense estes temas a través de textos de opinión, principalmente, ou a través de textos de especialidade (especialmente a Historia). Rexistramos 42 ocorrencias de 16 unidades diferentes.

**3.2.3.** Economía e política: estes dous temas, que quizais se poidan confundir en certos casos cos de ciencias sociais, rexistran 39 ocorrencias de 14 unidades diferentes, principalmente en textos de opinión, aínda que tamén en textos de redacción ou axencia.

**3.2.4.** Deportes: Rexistramos 21 ocorrencias, 14 das cales nun mesmo texto (*Historia do Deportivo*) e para unha mesma locución (*a esgalla*). O resto son textos de opinión ou redacción. Só aparecen documentadas 4 locucións diferentes. O deporte comentado é, evidentemente, o fútbol.

**3.2.5.** Cultura e artes: as 19 ocorrencias de 8 unidades diferentes sobre estes temas rexístranse en textos de opinión, aínda que hai algún caso illado de textos de redacción e especialidade.

**3.2.6.** Actualidade: é esta unha categoría do CORGA que abrangue textos sobre sucesos e noticias de impacto sobre temas variados, pero non exclúe opinión sobre política ou economía. Rexistramos 11 ocorrencias de 8 unidades diferentes.

**3.2.7.** Ciencias e tecnoloxía: as 7 ocorrencias, de 6 unidades diferentes, destes temas rexístranse en textos de opinión, redacción e especialidade. Hai que recoñecer que non posúen un alto nivel de especialización, agás, se cadra, os dous textos de especialidade (unha guía de mariscos e un manual de saúde).

**3.2.8.** Turismo: é unha categoría que podería ser incluída en actualidade. As 2 ocorrencias, de dúas unidades diferentes, son moi pouco significativas.

**3.2.9.** Outros: 1 ocorrencia sobre o tema da biografía (TXO).

## **4. O establecemento do nivel de lingua**

Para o establecemento do nivel de lingua tentarei conxugar os dous criterios, o dos xéneros ou rexistros textuais e o dos temas tratados, partindo da seguinte premisa:

Unha unidade terá un rexistro neutro ou formal, ou será adscrita a varios rexistros á vez menos aos vulgares, cando as súas ocorrencias estean repartidas por máis grupos da tipoloxía textual e atinxan un maior número de temas; polo contrario, pertencerá a un rexistro máis coloquial ou máis formal se as súas ocorrencias se centran en determinados rexistros e temas concretos (máis ou menos especializados).

Tamén temos que partir, para todas elas, do feito de que hai unha gran diferenza entre as ocorrencias entre os textos de ficción e os outros tipos de textos. Isto pode afectar ás conclusións que poidamos redactar. Por último, temos que partir da advertencia de que os textos literarios son susceptibles de incluír unidades de diversos graos de formalidade. Cumpiría un exame de cada un dos exemplos (530), análise que soborda os límites deste traballo.

Por razóns de espazo, e por seren máis significativas, só analizaremos aquelas locucións que teñan máis de 10 ocorrencias.

### ***a cachón***

É unha locución adverbial que significa ‘moito’. En principio, espontaneamente, podemos pensar que non ten ningún tipo de connotación de nivel de lingua determinada e que, xa que logo, podería pertencer a múltiples niveis. Porén, notamos que hai unha diferenza moi grande entre os exemplos rexistrados en ficción e o resto. O indicador máis alto, despois deste primeiro rexistro textual, é o texto de opinión, seguido do texto de especialidade e o texto xornalístico de redacción. Con respecto aos temas aos que aparece relacionada vemos que, das 8 clasificacións fornecidas polo CORGA, só se rexistran ocorrencias en CS, CT, CA e FICC.

Vese que é unha unidade utilizada maioritariamente en literatura e en textos de opinión sobre ciencias sociais e sobre cultura e arte. O seu nivel de lingua pode abranguer dende un nivel de formalidade medio ou medio baixo ata un nivel coloquial. Non parece, en principio, que sexa unha unidade que posúa un rexistro que lle permita estar en todo tipo de textos, xa que aparece principalmente en textos de ficción e de opinión (moi influenciados por marcas idiolectais) e só se rexistra na metade dos temas establecidos polo CORGA.

### ***a eito***

Nesta locución definida como ‘en cantidade’ ou ‘sen escoller’ a diferenza entre os textos literarios (72) e os non literarios (23) está máis matizada ca no caso anterior. Rexístranse ocorrencias en todo tipo de textos, destacando os textos de especialidade, sobre temas de ciencias sociais especialmente, e os textos de opinión. É salientable que aparezan máis ocorrencias en textos de redacción de xornais. Con respecto aos temas aos que se refire esta locución, vemos tamén que só non se rexistran casos en OU e TU. Podemos concluír que esta unidade pode ter un nivel de lingua coloquial (maiormente en textos literarios pero tamén en certos casos de textos de opinión) e un nivel formal medio ou medio alto, polas relativamente altas ocorrencias en textos de especialidade.

### ***de vagariño***

Nesta locución adverbial definida como ‘lenta, pausadamente, sen présa, con moderación’ redúcese aínda máis a diferenza entre os textos literarios e os outros tipos de textos (42 fronte a 26). Son salientables as ocorrencias en TXO (23) e en certo modo significativas as 4 ocorrencias en TXR. Só non se rexistran exemplos nas seccións OU e TU, feito que nos leva a concluír que esta locución tamén pode considerarse como dun rexistro coloquial ou formal/medio, vendo limitada, en certa maneira, a súa posible pertenza a rexistros máis coidados (baixa presenza en textos de especialidade, alta presenza en textos de opinión e ciencias sociais).

### ***a esgalla***

Nesta locución, definida como ‘en abundancia’, aparecen moi igualados os casos que aparecen en textos literarios e noutros tipos (35 fronte a 34). Isto débese a que hai 14 ocorrencias nun texto periodístico en formato libro (*Historia do Deportivo*). Tamén aparecen moitos casos en textos de opinión, sobre todo en CS e EP. Só non se rexistran exemplos en OU e TU. Non se rexistran casos en textos de especialidade nin en



divulgación. Podemos afirmar que o nivel de lingua é coloquial e formal de nivel medio (relativa alta recorrencia en textos de economía e política e cultura e artes).

#### ***a mantenta***

A locución definida como ‘a propósito, propositadamente’ ocorre practicamente en textos literarios, con moi escasa presenza noutro tipo de textos (só 4 casos en TXO). Os temas son variados (en CS, CT, CA e OU) aínda que con moi poucos casos (1 exemplo en cada un deles). Cremos que por estas razóns podía ser considerada como unha locución de tipo coloquial, máis ca de nivel medio ou formal, constatación que se enfronta á valoración espontánea que calquera falante pode ter desta unidade (relativamente coñecida e non asociada a ningún tipo de nivel específico).

#### ***á espreita***

Locución definida como ‘vixiando con atención’ tamén está practicamente especializada en textos literarios. Só aparecen 8 casos noutros textos (5 deles en TXO). É interesante que aparezan tres exemplos en textos xornalísticos de redacción. Practicamente está especializado en textos políticos e de ciencias sociais. Os outros dous exemplos son de CA e AC. Polo tanto, volvemos pensar que é unha locución de tipo coloquial ou, en certa medida, medio/formal, aínda que se emprega nun abano de temas e textos bastante reducido.

#### ***a fume de carozo***

Locución que significa ‘rapidamente’, representada escasamente en textos que non sexan de ficción (2 en TXO; 1 TE e 1 en TD, referidos con cadanseu exemplo a EP, DE, CA e TU). Pola escasa difusión en textos non literarios e pola relativa catividade de temas aos que se refire, cremos que non é unha locución que teña moita representación en rexistros formais e queda cinguida ao nivel coloquial, malia ser unha unidade moi difundida polos medios de comunicación (especialmente no tema do deporte).

#### ***de contado (que)***

Esta locución conxuntiva tampouco ten, sorprendentemente, unha representación salientable en textos que non sexan literarios. Só se rexistran 2 exemplos en textos de opinión, cinguidos ao ámbito da política e das ciencias sociais. Mesmo que sexa unha locución que aparece repertoriada nas NOMIG e nas gramáticas galegas, non parece que teña unha representación suficiente en rexistros formais medios ou altos. Este feito non nos permite, con todo, excluíla dos niveis formais da lingua, á espera de analizar os datos dos textos literarios.

#### ***a fío***

Locución adverbial que significa ‘continuamente’. Só representada en textos literarios. O seu abano temático é moi limitado. Xa que logo, é unha unidade fraseolóxica moi condicionada polo idiolecto dos autores de textos de ficción, feito que leva, en principio, a pensar que ten un certo carácter coloquial.

### ***ás apalpadas***

Locución que significa ‘andar apalpando, sen ver’. Como a anterior, está limitada a textos literarios e non ten variación temática. Parece que estamos ante unha unidade do nivel coloquial da lingua.

### ***deixarse de lerias***

Locución que significa ‘ir ó centro da discusión, deixarse de contos’. Como as dúas anteriores, está limitada a textos literarios.

### ***botar/sacar a lingua a pacer***

Locución que significa ‘falar de máis’. Só se rexistra en dous textos de opinión, sobre actualidade, dun autor como Bieito Iglesias, que destaca polo emprego nos seus textos de todo tipo de unidades fraseolóxicas. Ten un gran valor coloquial, se cadra pola imaxe que transmite o contido semántico.

### ***a velas vir***

Locución adverbial que significa ‘esperando, en expectativa’. Repártese a partes iguais entre textos literarios e textos de opinión, sobre EP, CA e AC. O nivel de lingua pode ser considerado coloquial e formal/medio.

## **5. Conclusións parciais**

Despois de analizar os datos que antes presentamos, podemos tirar algunhas conclusións que han ter carácter provisorio:

**5.1.** A fraseoloxía galega é amplamente utilizada nos textos galegos (se nos fixamos no número de ocorrencias totais), malia que no 78,7% dos casos apareza en textos literarios. Cremos que existe un desequilibrio grande entre o uso que se fai nos textos de ficción e no resto dos textos. Semella que o discurso repetido non dá entrada en rexistros que non sexan de ficción. Nos casos en que si entra, vemos que este fenómeno está motivado polo feito de seren textos de opinión, onde os autores/as fan valer o seu coñecemento da lingua, con intencións moitas veces expresivas, por riba doutras consideracións.

**5.2.** Das 67 locucións que rexistramos, 44 (65,6%) teñen menos de 5 ocorrencias (e destas 44, 19 só teñen unha [43,1%]). Isto indica que o número de locucións que se usan repetidamente nos textos son as máis coñecidas por moitos falantes, moitas de carácter adverbial. O coñecemento da fraseoloxía que se albisca nos textos é, pois, limitado e este factor condiciona claramente os resultados da nosa análise. Se *andar con panxoliñas*, *andar ó leilán*, *a boca de xerro*, *aberto de xenio*, *á pillota*, *vir con dixome-dixome*, *co adaxo de*, *por fas ou por nefas*, *estar na allada*, *coma se cantase un carro*, *o demo e a nai*, *custar algo ferro e fouce*, *chover a cimbraceos*, *dar a roncha*, *darlle ó beo* e *quedar moito rabo por esfolar* só aparecen en textos literarios non é unicamente porque se consideren de niveis coloquiais ou vulgares, que poida que si, senón tamén porque hai un gran descoñecemento destas unidades por parte dos autores, ou así o parece.

**5.3.** O método de análise que combina a representación de unidades fraseolóxicas en rexistros determinados cos temas aos que se refiren leva a considerar as locucións que

analizamos neste estudo como de niveis coloquiais (popular) e medios (un grao medio de formalidade), e este feito poida que estea condicionado polo tipo de textos que aparecen no CORGA, que non teñen un alto nivel de especialización.

5.4. Porén, e malia o dito, este método pode inducir a certo grao de erro no establecemento do nivel de lingua. Así, por exemplo, a pouca rendibilidade de locucións como *deixarse de lerias*, en textos non literarios, podería facer pensar que é dun nivel de lingua inferior ao de *a fume de carozo*, xa que esta aparece en máis rexistros textuais. Isto choca coa percepción espontánea que calquera falante poida ter sobre o nivel destas locucións.

5.5. Con todo, consideramos que este sistema de análise é válido, debido a que o nivel de lingua é unha connotación que non se pode deixar unicamente á intuición do compilador nin á percepción que teñan os falantes sobre ela. Cómpre analizar detidamente para completar esta análise as situacións comunicativas que se poden ver nos textos de ficción. Cómpre tempo e recursos, coma en todo.

## 6. Bibliografía

- ALONSO ESTRAVÍS, I. (1995): *Diccionario da lingua galega*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. (2003a): *As locucións verbais galegas en (Verba anexo 52)*. Universidade de Santiago de Compostela – Servizo de publicacións e intercambio científico, Santiago de Compostela.
- (2003b): “Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 9-34.
- BALLY, C. (1951 [1909]): *Traité de stylistique française*. Klincksieck, Paris/Genève.
- BEAUGRANDE, R. (de) (1993): “Register” in discourse studies: a concept in search of a theory” en Ghadessy, M. (ed.): *Register Analysis. Theory and Practice*. Pinter Publishers, London/New York, 7-25.
- BIBER, D. e FINEGAN, E. (1994): “Introduction. Situating Register in Sociolinguistics” en BIBER, D. e FINEGAN, E. (eds.): *Sociolinguistic perspectives on register*. Oxford University Press, New York/Oxford.
- BLOOMFIELD, L. (1979<sup>14</sup>): *Language*. George Allen & Unwin, London.
- CASARES, J. (1950): “Introducción a la lexicografía moderna” en *Revista de Filología española*, Anexo LII, CSIC, Madrid.
- CASTRO MACÍA, L. (1995): *Diccionario Xerais de Sinónimos*. Edicións Xerais, Vigo.
- CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Gredos., Madrid.
- ETTINGER, S. (1982): “La variación lingüística en lexicografía” en *La lexicografía. De la Lingüística teórica a la Lexicografía práctica*. Gredos, Madrid.
- FERRO RUIBAL, X. (1996): *Cada un fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. Real Academia Galega., A Coruña.
- (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

- GARCÍA, C. (dir.), SANTAMARINA, A. e GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (coords.) (1990): *Diccionario da lingua galega*. Real Academia Galega - Instituto da Lingua Galega, A Coruña.
- GLÄSER, R. (1986): "A plea for phraseo-stylistics" en FISIAK, J. (Hom.): *Trends in Linguistics, 32. Linguistics across Historical and Geographical Boundaries, 1. Linguistics Theory and Historical Linguistics*. Mouton, De Gruyter, 41-52.
- (1998): "The Stylistic Potential of Phraseological Units in the Light of Genre Analysis" en COWIE, A. P. (ed.): *Phraseology. Theory, Analysis and Applications*. Clarendon Press, Oxford.
- GONZÁLEZ GARCÍA, L. (1995): "Prólogo" en LÓPEZ TABOADA, C. e SOTO ARIAS, M<sup>a</sup> R.: *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. Galinova, A Coruña, 7-17.
- GREGORY, M. e CARROLL, S. (1986): *Lenguaje y situación. Variedades del lenguaje y sus contextos sociales*. Fondo de cultura económica, México.
- GUTIÉRREZ CUADRADO, J. (dir.) (1996): *Diccionario Salamanca de la lengua española*. Santillana, Madrid.
- GUTIÉRREZ ORDÓÑEZ, S. (1992): *Introducción a la Semántica Funcional*. Síntesis, Madrid.
- HÄNSCH, G. (1982): "Aspectos prácticos de la elaboración de diccionarios" en *La lexicografía. De la Lingüística teórica a la Lexicografía práctica*. Gredos, Madrid, 395-536.
- LÓPEZ TABOADA, C. e SOTO ARIAS, M<sup>a</sup> R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. Galinova, A Coruña.
- MARTÍNEZ MARÍN, J. (1998): "Como introducir os valores pragmáticos das expresións fraseolóxicas nos dicionarios" en FERRO RUIBAL, X. (ed.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 127-137.
- MARTÍNEZ SEIXO, R. A. (2000): *Diccionario fraseolóxico galego*. Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- MONTEAGUDO ROMERO, H. e GARCÍA CANCELA, X. (coords.) (1988): *Diccionario normativo galego-castelán*. Galaxia, Vigo.
- NAVAZA BLANCO, G. (coord.) (1990): *Diccionario Xerais Castelán-Galego*. Edicións Xerais, Vigo.
- NAVAZA BLANCO, G. e LASTRA, X. (coords.) (1993<sup>4</sup>): *Diccionario Xerais da Lingua*. Edicións Xerais, Vigo.
- NOIA, C., GÓMEZ CLEMENTE, X. M. e BENAVENTE, P. (coords.) (1997): *Diccionario de sinónimos da lingua galega*. Galaxia, Vigo.
- NORRI, J. (1996): "Regional Labels in Some British and American Dictionaries" en *International Journal of Lexicography* 9/1, 1996, 1-29.
- REY-DEBOVE, J. (1997): "La synonymie ou les échanges de signes comme fondement de la sémantique" en BALIBAR-MRABTI, A. et alii: *La synonymie. Langues* 128, 1997, 91-104.
- RUÍZ GURILLO, L. (1997): *Aspectos de la fraseología teórica española*. Universitat de Valencia, Valencia.

- ULLMANN, S. (1977): *Semântica: uma introdução à ciência do significado*. Fundação Calouste Gulbenkian, Lisboa.
- VARELA, F. e KUBARTH, H. (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Biblioteca románica hispánica, Gredos, Madrid.
- ZULUAGA, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. P. D. Lang, Frankfurt a.M.

## ANEXO I

### EXEMPLOS

#### 1. *en porrancho* [2]

-Ficción: 2

[Antón Riveiro Coello. *Homónima*. 2001] *e observaba o avance en porrancho do seu heroe esfolado que se apega á parede.*

[Manuel Seixas. *A velocidade do frío*. 1996] *E estaba rodeado de mulleres en porrancho por todas partes.*

#### 2. *á espreita* [51]

-Ficción: 45

[Francisco Alonso. *Cemiterio*. 1995] *Non tivo necesidade de timbrar na porta porque o farmacéutico, á espreita, permanecía vixiante na penumbra da botica.*

-Economía e política: 4 [1 TXR; 3 TXO]  
[TXR] [CG 20-11-1996. Redacción] *Mentres, o cadro permanecía á espreita do que sucedía en Madrid.*

-Actualidade: 1 [TXR]

[TXR] [CG 26-2-96. Avelino Abuín de Tembra] *desde o Pico Sacro ata o Pedroso. Ufólogos á espreita.*

-Deportes 1 [TXR]

[TXR] [CG 25-2-95. R. Huber] *Os homes do equipo dos cegos estiveron á espreita en cada un dos movementos contrarios dos seus intereses.*

-Ciencias sociais: 2 [2 TXO]

[TXO] [CG 1-5-99. Luis Pousa Meréns] *co cal puxo ó ministro á espreita, que se limitou a espera-lo momento oportuno.*

#### 3. *a boca de xerro* [1]

-Ficción: 1

[Xosé Ramón Pena. *Acuario*. 1997] *ir á cociña a preguntarlle a miña nai a boca de xerro. Sen embargo, acabei por recuar.*

#### 4. *a canchapernas* [2]

-Ficción: 2

[Daniel Cortezón. *Alí Ben Mangato e mailo seu cabalo branco chamado Belidor : (teatro para nenos nun só entrecho)*. 1995] *pois eu quero casar con Mangato o que me leva a canchapernas do Beilador.*

[Daniel Cortezón. *Castelao ou A paixón de Galiza*. 1986-1989] *as mulleres tedes dous terzos de meigas e gustades montar a canchapernas nas escobas voantes.*

#### 5. *a cachón* [100]

-Ficción: 91

[Xavier Queipo. *Papaventos*. 2001] *facendo sufrir as cámaras fotográficas e suando a cachón polo verismo do maldito microclima.*

[Xosé Miranda. *Historia dun paraugas azul*. 1991] *que o sol corría alto e*

*verquía a cachón sobre o seu casco e avultáballe a cachola dentro.*

-Ciencias sociais: 5 [ 3 TXO 1 TXR 1 TE]

[TXO] [CG 24-12-04. X. M. Domínguez Pietro] *A alegre sinxeleza pola sofisticación, o gasto a cachón o consumo ilimitado. O ético polo estético.*  
[TE] [Xosé Neira Vilas. *Galegos no golfo de México.* 1980] *Os aventureiros do Caribe e do golfo de México, tivesen entrado a cachón de non ser polas fortificacións que se foron erguendo.*

-Culturas e artes: 3 [3 TXO]

[TXO] [TN-1-8-97. Candido Pazó] *E logo cando a xente xa teña rido a cachón das súas mentiras e miserias, este goliardo e bufón choscará...*

[TXO] [TN 1-5-97] *pois hai escenas, momentos e imaxes para rir a cachón.*

-Ciencias e tecnoloxía: 1 [TE]

[TE] [Peña Castiñeira. *Manual de saúde ambiental.* 1997] *o leite está a 75°, só cando ferve a cachón está a 100°.*

## **6. a carreiriña dun can [2]**

-Economía e política: 1 [1 TXO]

[TXO] [TN 1-6-97. Álvarez Pousa] *a súa sede central diante do Parlamento o do PsdeG tena á carreiriña dun can de San Caetano.*

-Ciencias sociais: 1 [1 TE]

[TE] [Xosé Chao Rego. *Para comprendermos Galicia.* 1987] *pero ademais simboliza distancias, que nas aldeas a carreiriña dun can significa distancia indeterminada, pero sempre ó alcance da cómoda andadura.*

## **7. a eito [95]**

-Ficción: 72

[Riveiro Coello. *As rulas de Bakunin.* 2001] *e a represión comezou a ser implacable: rexistros a eito nas casas*

*dos asociados, detención inmediata dos cadros máis significativos.*

[Xoán Bernárdez Vilar. *Un home de Vilameán: anatomía dunha revolución.* 1976] *Os de Baiona vivían mellor ca ninguén, tiñan traballado a eito e moitos non servían a ningún señor.*

-Ciencias sociais: 8 [1 TXO, 7 TE]

[TE] [Ramón Villares. *Foros, frades e fidalgos.* 1982] *en Galicia é un tema do que se ten falado a eito pero cáseque nunca dun xeito metódico.*

[TE] [Domingo García Sabell. *As facianas do erotismo contemporáneo.* 1976] *a polémica do aborto libre ten provocado derradeiramente. Opoñentes e detractores hainos a eito. O que importa dende unha perspectiva antropolóxica son istes curiosos.*

-Economía e política: 8 [2 TXO, 2 TXR, 1TE]

[TXO] [TN 1-9-97. Uxío Labarta] *para que nin os galegos nin ninguén poidan pescar a eito ou sen ningún tipo de control*

[TE] [Xoán Taibo. *Os partidos políticos na Galiza.* 1977] *Aleixandre Bóveda e o mesmo Vicente Risco son a eito citados.*

-Cultura e artes: 3 [1 TXO, 2 TXR]

[TXR] [GI 1-9-95. Redacción] *Tanto ten, se o desenchufan ou zoupa watios a eito coma desta vez.*

[TXO][GI. 1-9-95] *o que nos emociona vale, e por acó hai emoción a eito. Está claro. ¡aquí si hai tralla!*

-Actualidade: 1 [1 TXR]

[TXR] [CG 23-2-95. Redacción] *mais foi porque houbo sorte, xa que mallar mallaron nel a eito.*

-Deportes [2 TXL]

[TXL] [Xesús Flores. *Historia do Deportivo.* 1993] *Falouse a eito de mañas, de capillas...*

-Ciencias e tecnoloxía: [1 TE]

[TE] [Rosa Ramonell. *Guía dos mariscos de Galicia*. 1985] *é a especie máis coñecida nas nosas costas por atoparse a oito sobre as penas da franxa supralitoral e na zona mediolitoral.*

-Afeccións [1 TD]

[Mariano García. *Festas gastronómicas de Galicia*. 1995] *Tódolos panadeiros da zona colaboraron facendo a oito variadas empanadas que calquera visitante pode degustar.*

## 8. a esgalla [69]

-Ficción: 35

[Xosé Vázquez Pintor. *A memoria do boi*. 2001] *No arco de cuchilleros vírono rifando hostias a esgalla nunha alborecida de esmorga e recibindo máis das que podía.*

[Alfredo Conde. *Sempre me matan*. 1995] *E elegantes entre tódolos hoteis do mundo, falando de millóns a esgalla, recordando a galería que daba ó seminario.*

-Actualidade: 3 [2 TXO, 1 TXR]

[TXR] [GI 1-9-95. Redacción.] *Acción, patadas e roldas de prensa a esgalla. Un heroe máis fino que Charles Bronson.*

[CG 1-6-99. Xosé Martínez Couselo] *Venderon chacinas (de cabrón, de cabalo, de vaca) a esgalla. E xamóns e embutidos de porco ibérico.*

-Economía e política: 10 [9 TXO, 1TXR]

[TXO] [CG 23-11-00. David Otero] *A imaxinación vai por dentro e os nosos empresarios téñena a esgalla.*

[TXO] [TN 1-10-97. Xosé Luís Barreiro Rivas.] *Crear emprego a esgalla, libros de balde para os escolares, ampliar a cota leiteira...*

-Cultura e artes: 5 [5 TXO]

[TXO] [VG 2-11-97. Óscar Losada] *saldouse con grande éxito dun público*

*que disfruta a esgalla coas evolucións deste brillante músico.*

[TXO] [CG 28-2-96. José Miguel Giráldez] *coido que estes teleñecos do Plus, absolutamente xeniais, superan televisualmente (a esgalla) os seus modelos, os orixinais, as persoas humanas.*

-Ciencias sociais 2 [2 TXO]

[GI 1-1-96. Santiago Romero] *unha revolucionaria campaña de fondo calado en calquera electorado: reparto a esgalla de moedas dun peso e cinco pesos.*

[CG 17-2-96. Alfredo Conde] *presidindo a sesión e o salón sobordando nomes e nomes a esgalla. Identificables os máis con esas luces da ilustración...*

-Deportes 14 [14 TXL]

[TXL] [Xesús Flores. *Historia do Deportivo*. 1993] *nin existían televisións que precisasen retransmitir partidos a esgalla para mante-la audiencia.*

[TXL] [Xesús Flores. *Historia do Deportivo*. 1993] *Cuenca, Carlitos, Corcuera, Osvaldo, Franco, Moll, Tino. Fútbol espectáculo a esgalla.*

## 9. a fume de carozo [29]

-Ficción: 25

[Vicente Araguas. *A canción do verán*. 2001] *Facendo caso omiso do ascensor descendía a fume de carozo como se, de súpeto, lle tivese entrado unha présa súbita.*

[Xavier Alcalá. *A nosa cinza*. 1980] *Para a casa todos, a fume de carozo, veña que xa vos arreglarei eu a vós.*

-Turismo: [1 TXO]

[TXO] [CG 17-12-00. Alfredo Conde] *Hainos que si, que saen da auga, a fume de carozo, facendo boa unha expresión que nunca entendín...*

-Cultura e artes: [1 TE]



[TE] [Xosé Cernieño. *Como se fai unha serie de televisión*. 1993] deixou a copia dos proxectos na mesa de Pilar e fuxiu a fume de carozo, porque cando Pilar comezaba a falar do déficit económico...

-Economía e política: [1 TXO]

[TXO][TN 1-12-97. Xosé Manuel Pereiro] Berraba a plebe amoreada nos camiños cando el pasaba a fume de carozo co seu séquito para participar en xustas ou presidir festexos.

-Deportes: [1 TD]

[-TD] [Luís Prego Carregal. *Saber ser, saber estar*. 1994] a ostentación do diñeiro e maila persecución de acadalo a fume de carozo.

### **10. a mantenta [53]**

-Ficción: 49

[Xabier López. *O caderno*. 2001] unha eternidade sen nos dicir nada, coma quen quere ignorar a mantenta ó outro.

[Lois Diéguez. *A canción do vagamundo*. 1986] A mamai Otilia desanda o camiño. A mantenta quere matinar noutras cousas sen que lles saian da cabeza.

-Ciencias e tecnoloxía: [1 TXO]

[TN 10-1-98. Carlos Suárez] o provocado polo tráfico, polo que é moi doado provocalas a mantenta cando hai problemas de sobreemisión de contaminantes.

-Cultura e artes: 1 [TXO]

[VG 2-11-1997. Óscar Losada] Inspírase moito na paisaxe para compoñer?. Non vou a mantenta á natureza a inspirarme.

-Ciencias sociais: [1 TXO]

[GI 1-12-96. Anibal Malvar] P. Ti es do segundo grupo e semella que moi a mantenta. R. Gústame coidar o estilo.

-Outros: [1 TXO]

[TXO] [CG 3-12-00. Borobó] na que introducirei para empezala os recentes

datos atopados a mantenta do pai de Pablo Iglesias.

### **11. a paso de boi [2]**

-Ficción: 2

[Antón Riveiro Coello. *As rulas de Bakunin*. 2001] O vello Estevo apagou a cachimba cun guizo extinto, ergueuse a paso de boi, co seu coidado minucioso, e chamou o seu neto.

[Carlos Casares. *Deus sentado nun sillón azul*. 1996] e se demoraban baixo a calor tormentosa do día, subindo a paso de boi a longa costa do Milladoiro.

### **12. a unlla de cabalo [2]**

-Ficción: 2

[María Gándara. *Magog*. 1997] Xoves pola tarde unha ambaixada da Irmandade sae para Compostela a unlla de cabalo.

[Daniel Cortezón. *Pedro Madruga*. 1981] Camuflándose para non ser recoñecido e poder fuxir a unlla de cabalo.

### **13. aberto de xenio [1]**

-Ficción: 1

[Antón Riveiro Coello. *As rulas de Bakunin*. 2001] Hai que ser moi aberto de xenio para facer o que el fixo.

### **14. a paso de can [2]**

-Ficción: 2

[Afonso Eiré. *Eu tamén fun coas vacas*. 2000] Aparecía a paso de can e, cando chegou ao Outeiriño, meteu uns ladridos.

[Xosé Martínez Oca. *Náufragos en terra*. 1995] Que aceptou sen lle dar máis voltas e eu volvíñ a paso de can para o garigolo.

### **15. á pillota [1]**

-Ficción: 1



[Xesús Valcárcel. *Matar o tempo*. 1995] *Estes últimos andaban á pillota polas mesas, como lle vían facer ós grandes, destes productos.*

# 16. ás apalpadas [14]

-Ficción: 14

[Xosé Neira Cruz. *As cousas claras*. 2001] *A monllo caeu ó chan, e tivemos que buscalo ás apalpadas.*

[Roberto Vidal Bolaño. *Días sen gloria*. 1983] *en que un non pode abrilos, e ten que andar ás apalpadas para acertar do camiño de volta.*

# 17. (vir) con díxome-díxome [1]

-Ficción: 1

[Daniel Cortezón. *Alí Ben Mangato e mailo seu cabalo branco chamado Belidor : (teatro para nenos nun só entrecho)*. 1995] *Que ha ser garapalda soada, e non veñan despois con díxome-díxome.*

# 18. con pés de la [7]

-Ficción: 6

[Luís Rei Núñez. *Expediente Artieda*. 2000] *pero neste caso agradece que iso permita pasar con pés de la sobre espiñentos temas profesionais.*

[Xavier Queipo. *O paso do noroeste*. 1996] *O perigo era grande. Tería que andar con pés de la, contentar a uns e a outros.*

-Economía e política: 1 TXR

[TXR][CG 11-11-00. Redacción] *Currás, quen na súa intervención inicial pasou con pés de la sobre o financiamento do ensino privado.*

# 19. comungar con rodas de muíño [2]

-Ficción: 1

[Tomás Barros. *Tres pezas de teatro*. 1981] *¡Non, si nós comungamos con*

*rodas de muíño! ¡Cóntame agora outro de ananitos...*

-Ciencias sociais: 1 TXO

[TXO] [CG 19-2-95. Xosé Antonio Silva] *Do mesmo xeito, non adoitamos comungar con rodas de muíño. Non ten nada que ver coa retranca.*

# 20. a por de [4]

-Ficción: 3

[Xesús Valcárcel. *Os ollos da sentinela*. 1997] *Que ata ese momento evitara porque se facía moi pesado a por de falar de si mesmo e dos tratos dos pinos...*

[Carlos Durán. *Galegos de Londres*. 1978] *e pisar aquela terra inglesa que se facía lendaria a por de dificultades.*

-Ciencias sociais: [1 TE]

[TE] [Xosé Neira Vilas. *Galegos no Golfo de México*. 1980] *Frank era un xigante negro que a por de ir ó Golfo dependeu a falar coma nós.*

# 21. meter os cans na bouza [3]

-Ficción 2

[Hixinio Puentes. *O bandido Casanova*. 2001] *Lista que foi a condenada para meter os cans na bouza e largar sen unha rabuñadura.*

[Xavier Lama. *O serodio remordemento do amor*. 1996] *Xa está a Divina metendo os cans na bouza. A esa moza sóbralle o que outras nunca albiscaron.*

-Economía e política: 1 TXO

[CG 14-11-00] *pillaría unha boa tallada que faría comprensible iso de mete-los cans na bouza.*

# 22. co adaxo de [1]

-Ficción: 1

[Darío Xohan Cabana. *Vidas senlleiras*. 1994] *O mozo empeñouse en acompañala á casa co adaxo de levarlle as sellas...*

**23. de contado (que) [22]**

-Ficción: 19

[Xesús Franco. *Matalote*. 2000] *Un devezto tan irreprimible de levalo para a casa de contado que non releou.*

[Úrsula Heinze. *O soño perdido de Elvira M.* 1982] *E Isabel ten que sorrir, Rosendo, porque nota de contado que ela é a causa dun pequeno accidente que tiveches.*

-Economía e política: 2 [1 TE, 1 TXO]

[Xoán Taibo. *Os partidos políticos na Galiza*. 1977] *Unha carta colectiva aseguraba de contado que aquel prantexamento da historia de Galiza coma marcada por conflitos...*

-Ciencias sociais: 2 [2 TXO]

[CG 27-12-00. Carlos Mella] *Pero se son honesto, debo confesar de contado que fun un antifranquista virtual.*

[CG 17-2-95. Luís Blanco] *Deime de conta de contado que non era cuestión de existencias senón de hexemonías.*

**24. falar os sete falares [1]**

-Ciencias sociais: [1 TXO]

[TXO] [CG 14-11-00. Carlos Mella] *Cun arquitecto famoso, de cidades e urbanismos: falou os sete falares e cando, homildemente, din a miña opinión, púxose serio...*

**25. por fas ou por nefás [1]**

-Ficción: [Agustín Magán. *Os rebertes*. 1993] *Por fas ou por nefás, neste país todos andamos enguedellados nelas.*

**26. andar ó leilán [1]**

-Ficción: 1

[Agustín Magán. *Os rebertes*. 1993] *Tamén eu andei esta última tempada ó leilán, de cacho para testo.*

**27. estar na allada [1]**

-Ficción: 1

[Hixinio Puentes. *O bandido Casanova*. 2001] *O encargo non é cousa miña, aínda que na allada xa esteamos catro ou cinco.*

**28. andar con panxoliñas [1]**

-Ficción: 1

[Manuel Rivas. *O lapis do carpinteiro*. 1998] *Antes non andaban con panxoliñas.*

**29. (a)baixar/cortar os fumes [5]**

-Ficción: 4

[Xosé Vázquez Pintor. *A memoria do boi*. 2001] *Recaraño, xa atoparei quen vos baixe os fumes.*

[Carlos González Reigosa. *Narcos*. 2001] *en que quedase en España alguén disposto a cortarlle os fumes a aqueles homes.*

-Outros: 1 [1 TXO]

[TXO] [CG 11-12-00. Xavier Costa Clavell] *O intre tan agardado polos seus inimigos para baixarlle os fumes ó irlandés, que estaba no apoxeo da súa fama.*

**30. estar (borracho) coma unha cuba [2]**

-Ficción: 2

[Manuel Lourenzo. *Arqueofaxia*. 1995] *O que está é coma unha cuba. Mira como lle pega á augardente de herbas.*

[Carlos Reigosa. *Crime en Compostela*. 1984] *Non se enteirou do que lle contei porque estaba borracha como unha cuba.*

**31. botar/sacar a lingua a pacer [10]**

-Ficción: 8

[X. Neira Cruz. *As cousas claras*. 2001] *Botou a lingua a pacer no salón do peiteado.*

[María Gándara. *Magog*. 1997] *Non é novidade. Saca a lingua a pacer. Pois iso, que el sempre está con mouras...*

-Actualidade: 2 [2 TXO]

[TN 1-4-98. Bieito Iglesias] *acto de contrición da cúpula do PSOE galaico, tras botar a lingua a pacer deslexitimando a victoria electoral do PP.*

[TN 1-9-97. Bieito Iglesias] *se non hai noticias invéntanse ou búscase un tipo que bote a lingua a pacer.*

### **32. a conta da vella [2]**

-Ficción: 1

[Xavier Queipo. *Papaventos*. 2001] *Entregouse febrilmente a aquela versión renovada da conta da vella ou do conto da leiteira, acumulando implicacións pouco fundamentadas.*

-Ciencias sociais: 1 [1TXO]

[CG 30-12-00. Agustín Sixto Seco] *Non o dubiden porque a conta da vella non falla.*

### **33. botar lume polos ollos [7]**

-Ficción: 7

[Luis Iglesias de Souza. *A alaudas do mencer*. 1989] *Dona Pepiña botaba lume polos ollos, agora, diante aquelas palabras do seu home.*

### **34. mallar/mazar coma no centeo verde [2]**

-Ficción: 2

[Isidro Novo. *Cabalos do demo*. 1998] *E mallaba nos compañeiros de escola coma no centeo verde cando vía que tiña avantaxe para facelo.*

### **35. a rebolos [4]**

-Ficción: 4

[Beatriz Dacosta. *Cascas de noz*. 2000] *Fomos a rebolos polo chan impregnados de negróns e pólvora de feridas alleas.*

### **36. a fio [chorar, suar, pingar, falar, correr, esvarar] [15]**

-Ficción: 15

[Antón Riveiro Coello. *Homónima*. 2001] *Daniel Paradela choraba a fio e os seus lamentos espallábanse na noite coma unha maldición.*

[Pepe Carballude. *¡Maldito DNI!* 1998] *A poucos metros de alí don Olimpio Montes suaba a fio.*

### **37. calar coma un peto [5]**

-Ficción: 5

[Xurxo Borrazás. *Na maleta*. 2000] *Pepe calou coma un peto. Ollou os papeis na mesa da oficina...*

### **38. cantar as corenta [6]**

-Ficción: 5

[Suso de Toro. *Calzados Lola*. 1997] *Íalle cantar as corenta, non se podía andar con caralladas cando eu estaba traballando.*

-Economía e política: [1 TXO]

[TXO] [CG 27-5-99. Xavier Navaza] *e, de paso, cantarlle as corenta a Arias Salgado.*

### **39. poñer/estar con cara de pao [4]**

-Ficción: 3

[Xabier López. *O caderno*. 2001] *Marien púxolle cara de pao. Non estaba fermosa. Ten un pouso...*

-Economía e política: 1 [1 TXO]

[TXO] [CG 18-12-00. J. M. Giráldez] *incluído entre os mártires de América, pero alí estaba con cara de pao (sáelle como a Buster Keaton, sen maior dificultade)...*

### **40. andar á miñoca [3]**

-Ficción: 3

[Xosé Manuel Martínez Oca. *Beiramar*. 1983] *a ese paso as alegrías íbanche*

*costar o teres que andar á miñoca. ¿E que máis ten?*

**41. coma se cantase un carro [1]**

-Ficción: 1

[Hixinio Puentes. *O bandido Casanova*. 2001] *Mais o Secundino fixolle tanto caso ó alcalde coma se cantara un carro...*

**42. como un lóstrego [9]**

-Ficción: 8

[Lois Diéguez. *A canción do vagamundo*. 1986] *A Chuchona métese como un lóstrego no cuarto do lado...*

-Ciencias sociais: 1 [2 TXO]

[TN 1-5-97. Xosé Ramón F. Reboiras] *mostran a profundidade do tema clásico que, desde Sófocles, atravesa como un lóstrego o mapa da situación.*

**43. o demo e a nai [1]**

-Ficción: 1

[Emilio Valadé. *Pleno ordinario*. 1993] *Expropiacións, as diferentes fases de execución e o demo e nai.*

**44. nó gordiano [3]**

-Ficción: 1

[Francisco Xosé Fernández Naval. *O bosque das antas*. 1988] *Esa pedra é a representación do nó gordiano e xa sabe vostede que quen o desfaga...*

-Economía e política: 2 [2 TXO]

[TXO] [GI 1-6-96. Luís Álvarez Pousa] *a economía en si mesma non teña que ser o nó gordiano.*

**45. custar ferro e fariña [2]**

-Ficción: 2

[María Xosé Queizán. *A semellanza*. 1992] *Pero non, esta fendechea non era coma todas. Costáralle ferro e fariña.*

**46. a ferro e fouce [2]**

-Cultura e artes: 1 [1 TXO]

[TN 1-9-97. Miguel Anxo Murado] *Esta tese agora rexeitada a ferro e fouce polos xornalistas, entra por primeira vez con forza nun colectivo...*

-Actualidade: 1 [1 TXO]

[TN 1-5-98. Miguel Anxo Murado] *Mais paralelismos. So que nesta ocasión intencionado, buscando, recalcado a ferro e fouce: a visita de Afonso XIII ás Hurdes...*

**47. custar algo ferro e fouce [1]**

-Ficción: 1

[Victor Fernández Freixanes. *O triángulo inscrito na circunferencia*. 1982] *Logo de douscentos anos de peregrinaxe (pois non custou ferro e fouce dar con el)...*

**48. custar un ollo da cara [5]**

-Ficción: 4

[Luís Rei Núñez. *Expediente Artieda*. 2000] *É unha xoia e seguro que costa un ollo da cara, di mamá...*

-Ciencias sociais: 1 [1 TE]

[TE] [Marcial Gondar. *Crítica da razón galega*. 1993] *Eses cristales torcidos (convexos) das ventanas... Disque costan un ollo da cara.*

**49. chover a cimbraceos [1]**

-Ficción: 1

[Xabier López. *O caderno*. 2001] *Era unha tarde de inverno e chovía a cimbraceos.*

**50. dar a roncha [1]**

-Ficción: 1

[Manuel Lourenzo. *Arqueofaxia*. 1995] *Veña, Simón, non nos deas máis a roncha cos teus relatos de mal gusto.*

### 51. *dar as boqueadas* [4]

-Ficción: 3

[Xosé Manuel Martínez Oca. *Noite de luar*. 1982] *E ós pés de un dos guardias o Mundo daba as boqueadas contra a terra, as tripas encerelladas entre os dedos...*

-Ciencias Sociais: 1 [1 TE]

[Xosé Neira Vilas. *Galegos no Golfo de México*. 1980] *Andivo caneando terras e armando pelexa para logo dar as boqueadas no sosego dunha cama.*

### 52. *dar coa porta nos fuciños* [3]

-Ficción: 3

[Úrsula Heinze. *O soño perdido de Elvira M.* 1982] *Gracias que ti estás alí para lle dar coa porta nos fuciños a máis de catro.*

### 53. *darlle ó beo* [1]

Ficción: 1

[Xosé Manuel Martínez Oca. *No fondo do espello*. 1978] *Despoixas daquela primeira desfeita de Vigo seguira dándolle ó beo, naturalmente.*

### 54. *darlle á mollada* [1]

-Economía e política: 1 [TXO]

[TXO] [TN 1-6-97. Anibal Malvar] *que os xornalistas son moi preas e acaban dándolle á mollada, á lingua.*

### 55. *de moito pendello* [2]

-Ficción: 2

[Emilio Valadé. *Pleno ordinario*. 1993] *E claro, o Presidente, que é un presidente de moito pendello, matinou algo que deixaría abraizados ós senadores.*

### 56. *de vagariño* [70]

-Ficción: 42

[Camilo Gonsar. *Arredor do non*. 1995] *En efecto, imaxineinos avanzando de*

*vagariño polos camiños e corgas nocturnos que os levaban á súa casa.*

-Ciencias sociais: 13 [12 TXO, 1 TE]

[CG 17-11-00. Marcos Valcárcel] *Houbo que conquistar as liberdades de vagariño. Con tropezoños, erros tácticos e moita inexperiencia xuvenil.*

-Ciencias e tecnoloxía: 2 [1 TXR, 1 TXO]

[CG 7-11-00. Redacción] *Virá aire frío procedente do mar e reinará un tempo desapracible. De vagariño, irase esvaecendo ata que mañá...*

-Economía e política: 4 [4 TXO]

[CG 6-12-00. Axencia] *Respecto da reforma da Comisión, avánzase de vagariño cara á idea dunha conxelación diferida do número de comisarios.*

-Cultura e artes: 4 [4 TXO],

[CG 12-5-99. José Miguel Giráldez] *ese estraño formalismo parlamentario. Boto de menos o auténtico debate: substituíuse de vagariño polo galiñeiro berrón, insulso, descafeinado e provocata.*

-Deportes: 4 [2 TXR, 2 TXO,

[TXO] [CG 19-2-00. Emilio Navaza] *É unha rapaza que empeza a temporada moi de vagariño e que a remata cunha grande evolución...*

-Actualidade: [1 TXR]

[TXR] [CG 9-12-00] *Avanza de vagariño na súa construción e xa ten tres módulos.*

### 57. *deixarse de lérias* [12]

-Ficción: 12

[Leticia Costas. *Unha estrela no vento*. 2000] *Pero que teima co meu nome. Se se deixaran de lérias e viñeran onda min en lugar de repetilo.*

### 58. *entre a espada e a parede* [2]

-Ficción: 1

[Carlos Reigosa. *Crime en Compostela*. 1984] *Outra vez Terencio, collido entre a espada e a parede, avaliou os riscos.*

-Ciencias e tecnoloxía: 1 [1 TXR]

[TXR] [GI 1-7-02. Redacción] *Unha denuncia dun particular, sumada á acción popular, puxo entre a espada e a parede a Celulosas de Pontevedra.*

### **59. quedar moito rabo por esfolar [1]**

-Ficción: 1

[Marilar Aleixandre. *A compañía clandestina da contrapublicidade*. 1998] *Pero a nós nos queda moito rabo por esfolar. ¡Abride os ollos!*

### **60. a velas vir [10]**

-Ficción: 5

[Antón Riveiro Coello. *Homónima*. 2001] *Para desenguedellar a confusión que o deixaba de novo a velas vir.*

-Economía e política: 2 [2 TXO]

[TXO] [CG1-11-00. E. P.] *o que fai que este grupo se encontre a velas vir e sen sabe-lo que se vai debater.*

-Cultura e artes: 1 [1 TXO]

[TXO] [CG5-12-00. José Miguel Giráldez] *Os sucedáneos non funcionaron. Vin Supervivientes a velas vir, nunca mellor dito, pero confésome que acabei perdéndome...*

-Actualidade: 2 [2 TXO]

[TN 1-1-98. Bieito Iglesias] *que recibiu trinta cupóns pola voda e teme quedar a velas vir.*

### **61. cun pé na cova [3]**

-Ficción: 2

[Manuel Riveiro Loureiro. *O pau*. 1982] *E atopándome xa coma aquel que di cun pé na cova...*

-Ciencias e tecnoloxía: 1 [TXO]

[TXO] [TN 1-4-97. Xavier López] *Contan casos case milagrosos, de pacientes cun pé na cova que recuperan defensas e peso.*

### **62. andar levado do demo [3]**

-Ficción: 2

[Lois Diéguez. *A canción do vagamundo*. 1986] *Desque morreu a Engracia anda todo levado do demo.*

-Ciencias sociais: 1 [1 TXR]

[TXR] [GI 1-2-96. Redacción] *¿Bótome eu fóra da meada? ¡Estou tan ben! Ando levado do demo. Non tanto pola escaseza de lectores.*

### **63. andar/estar nos biosbardos [4]**

-Ficción: 4

[Suso de Toro. *Calzados Lola*. 1997] *Migueliño, guapo ¿andas nos biosbardos? O rapaz recupera inmediatamente a atención.*

### **64. quedar tocado do nabo [1]**

-Actualidade: 1 [1 TXO]

[TXO] [TN1-5-97. Bieito Iglesias] *En resumo, quedou tocado de nabo (que non do Tomatito).*

## **ANEXO II**

### **Relación de unidades consultadas (rexistradas ou non no CORGA)**

- |                         |                       |
|-------------------------|-----------------------|
| 1. a boca de xerro      | 7. a esgalla          |
| 2. a canchapernas       | 8. a fume de carozo   |
| 3. a cachón             | 9. a lume de biqueira |
| 4. a cadabullo          | 10. a mantenta        |
| 5. a carreiriña dun can | 11. a paso de boi     |
| 6. a eito               | 12. a rebullón        |

13. *a rolos*
14. *a sen óso*
15. *a unlla de cabalo*
16. *á vaicheboa*
17. *abaixarlle a un crista*
18. *aberto de xenio*
19. *abri-la porta e a arca*
20. *abundar máis cá lama*
21. *acabarse o pan da voda*
22. *afeitar sen navalla a alguén*
23. *agudo coma o pé dun muiño*
24. *aínda non lle viu alguén o cu á carriza*
25. *amasado en mala arteza*
26. *amiguiños si pero a vaquiña polo que vale*
27. *anda-la gaita pola aldea*
28. *anda-lo demo na arada*
29. *andar á cuxía*
30. *andar á lapa*
31. *andar a paso de can*
32. *andar á pedigalla*
33. *andar a pedir polas portas*
34. *andar á pillota*
35. *andar á que salta*
36. *andar ás apalpadas*
37. *andar ás lavercas*
38. *andar con contos*
39. *andar con díxome-díxomes*
40. *andar con mixiricadas*
41. *andar con pataqueiradas*
42. *andar con pés de ferro*
43. *andar con pés de la*
44. *andar con requieneternas*
45. *andar cun ollo no gato e outro no prato*
46. *andarlle co cu a alguén*
47. *apagarlle os aires a alguén*
48. *ascender de cocheo para rancho*
49. *ata-los cans con longaínzas*
50. *atoparlle o pé coxo a alguén*
51. *atoparlle o teto á vaca*
52. *baixarlle a orella a alguén*
53. *baixa-los pantalóns*
54. *baixarlle os fume a alguén*
55. *bate-lo zoco*
56. *bater xusto*
57. *bebe-los aires por alguén*
58. *beberlle a alguén os sangumiños*
59. *bota-la alma ó lombo*
60. *bota-la alma pola boca*
61. *bota-la aña fóra*
62. *bota-la lingua a pacer*
63. *bota-la lingua ó sol*
64. *bota-las coma lousas*
65. *bota-las contas da vella*
66. *bota-lo peito á auga*
67. *botar auga no mar*
68. *botar a un coma os cans da misa*
69. *botar escuma pola boca*
70. *botar lume polos ollos*
71. *botarlle pan ó caldo*
72. *bourar/mallar en alguén coma no centeo verde*
73. *bruto coma un arado*
74. *buscarlle a corte ó boi vello*
75. *buscarlle os tres pés ó gato*
76. *caerlle a alguén a alma ós pés*
77. *caer a pao*
78. *caer ás balouçadas*
79. *caer ós rebolos*
80. *caer auga a fio*
81. *caer de cu coa risa*
82. *caerlle a casa a alguén derriba*
83. *calar coma un peto*
84. *callárselle o sangue a un*
85. *cando mexan as galiñas*
86. *cando vén unha veñen todas*
87. *cantarlle as corenta a un*
88. *cara de ferreiro*
89. *cara lavada*
90. *catarlle o lombo a alguén*
91. *ceibar/meter os cans na bouza*
92. *claro coma a auga*
93. *co adaxo de*
94. *colle-lo porco polo rabo*
95. *coller azos*

96. *coller pola tampa do cu a alguén*
97. *coller unha boa*
98. *coller unha enchenta*
99. *coller unha taranqueira*
100. *collerlle o tempero a alguén*
101. *coma a auga abaixo*
102. *coma embude á boca de xerro*
103. *coma quen oe chover*
104. *coma se cantase un carro*
105. *comer coma un crego*
106. *comer coma un frade*
107. *comer da ola grande*
108. *comer en mesa de frade*
109. *comer polo e arrotar galiña*
110. *comer sardiña e arrotar pescada*
111. *comerlle as papas a alguén*
112. *como ir á caza sen can*
113. *coma un lóstrego*
114. *comungar con rodas de muiño*
115. *confundi-lo cu coas témporas*
116. *conta-lo demo e nai*
117. *contarlle os pelos a un can*
118. *coñece-la manxadoira*
119. *corre-la engrada para o muiño de un*
120. *corta-lo bacallao*
121. *corta-lo nó gordiano*
122. *crebarlle un ollo ó demo*
123. *cruzárselle os cables a alguén*
124. *cuspir alto*
125. *custar ferro e fariña*
126. *custar ferro e fouce*
127. *chamarlle ós pés compañeiros*
128. *chegar e encher*
129. *chorar ás cuncas*
130. *chorar cun ollo e rir co outro*
131. *chove-lo mar chovido*
132. *chover a cachón chover a ceo aberto*
133. *chover a cimbraceos*
134. *chover coma quen a envorca cun xerro*
135. *da-la roncha*
136. *da-las boqueadas*
137. *dar cambón ó carro*
138. *dar co cu no ferrado*
139. *dar co fio do nobelo*
140. *dar co pai dos merlos*
141. *darlle coa porta no fociño a alguén*
142. *dar máis voltas ca un muiño*
143. *dar máis voltas ca un sarillo*
144. *darlle ó beo*
145. *dar que roer ó que non tiña dentes*
146. *dar que tecer*
147. *dar unha no cravo e outra na ferradura*
148. *dar unha xeira*
149. *darlle castaña a un*
150. *darlle á martabela*
151. *darlle á palleta*
152. *darse pote*
153. *de moito pendello*
154. *de moito vagantío*
155. *de tales terras tales nabos*
156. *de vagariño*
157. *de vello/a, gaiteiro/a*
158. *deixar andar o can na roca*
159. *deixar ara-lo gando*
160. *deixarse de lerias*
161. *deixarse de panxoliñas*
162. *dici-lo demo e nai*
163. *dicir coa lingua pequena*
164. *durmir á paparrandona*
165. *en dous pulos*
166. *en lei dereita*
167. *enche-lo papo*
168. *entre a espada e a parede*
169. *estar o rabo por esfolar*
170. *estar a bravo*
171. *estar a velas vir*
172. *estar coa casca no cu*
173. *estar coma un bazuncho*
174. *estar coma un fiuncho*
175. *estar cun pé na cova*
176. *estar entre o eixe e a roda*



## **A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada<sup>1</sup>**

M<sup>a</sup> Isabel González Rey

Universidade de Santiago de Compostela

De tódalas ramas da fraseoloxía, a fraseodidáctica representa o eido máis salientable, debido ó feito de que tan só mediante a correa de transmisión do ensino se poden manter vivas as unidades fraseolóxicas entre os usuarios dunha lingua. Pero na práctica resulta ser un campo descoidado polos docentes de linguas maternas, non sendo así no caso das linguas estranxeiras. Estas foron pioneiras en recoñecer a importancia da idiomaticidade que transmiten as frases feitas, cheas de implícitos culturais e emocionais. Como mostra da súa posible aprendizaxe, propónse neste artigo unha unidade didáctica en torno ás expresións fixas compostas coa palabra *chover*, tomadas no senso literal e figurado, coa finalidade de presentar unhas pautas para a súa adquisición e uso activo.

From among all the branches of phraseology, phraseodidactics represents the most outstanding field due to the fact that phraseological units can only survive in language users through the transmission belt of teaching. Nonetheless, in practice it turns out to be an area neglected by mother tongue teachers, which is not the case for foreign language teachers. In fact, these were the first to admit the importance of the idiomaticity that idioms, full of cultural and emotional implicits, can transmit. As a sample of how they could be learned, a didactic unit on fixed expressions with the word *chover*, considered in their literal as well as their figurative meaning, is proposed in this paper in order to present some keys for their acquisition and active use.

---

<sup>1</sup> Este traballo encádrase no proxecto de investigación PGIDT04PXIA26302PR, subvencionado pola Xunta de Galicia.

## 1. Introducción

A relación que imos defender neste traballo entre fraseoloxía e lingüística consiste en considerar ámbalas dúas nun plano de status disciplinar equivalente, é dicir, que tanto unha coma a outra posúen os mesmos elementos científicos de análise, aínda que teñan obxectos de estudo diferentes. A inclusión da fraseoloxía dentro do ámbito da lingüística é indiscutible, pero tendo en conta as características dos elementos que compoñen a primeira, tratados tradicionalmente por eidos diferentes como a lexicoloxía ou a estilística, é preciso acouta-lo seu campo de actuación, reivindicando un lugar propio que xa vén sendo defendido non só por moitos especialistas (fraseólogos e fraseógrafos) senón tamén por varios profesionais (tradutólogos e didactólogos). Para demostralo, imos analizar esta relación dende as súas posicións teóricas e prácticas, centrándonos logo nun eido particular: a fraseodidáctica.

## 2. A fraseoloxía como disciplina lingüística

A relevancia adquirida hoxe pola fraseoloxía dentro do marco das ciencias da linguaxe baséase en realidade na comprobación de que existe un fenómeno fraseolóxico nas linguas que nada ten de marxinal, como o indica G. Gross (1997: 202). Os resultados da lingüística computacional, aplicada neste caso ó francés, permitíronlle pór en dúbida a tan defendida regularidade das linguas ó comprobar que arredor de 200.000 nomes compostos non son libres e que hai uns 15.000 adxectivos e polo menos 30.000 verbos fixos. A súa conclusión é clara: trátase dun feito central das linguas, dunha realidade de primeira orde, e que resulta ser unha característica das linguas naturais. Este conxunto de elementos fixos réxense por unhas leis que os distinguen do resto dos elementos dunha lingua, en tódalas súas facetas. Así, en fonética, autores como A. V. Isačenko (xa en 1948) ou I. Fónagy (1982) atribúenlles unha entoación particular que racha coas regras xerais da pronuncia da lingua regrada; en morfoloxía e sintaxe, estúdanse dende o respecto á regularidade estrutural e á produtividade sintáctica (Gross, M. 1988; Gross, G. 1996) ata a súa falta de respecto (Chomsky 1965); en lexicoloxía, os compoñentes destas construcións feitas, con trazos de arcaicidade algunhas delas (Bally 1951, Guiraud 1973), padecen un proceso de “conxelación” tanto formal como semántica que permite falar de recursos de supervivencia da linguaxe fronte á vida e morte das palabras illadas; en semántica, chama a atención o senso non deducible das secuencias e a relación que sostén coa literalidade dos compoñentes (Weinrich 1969, Chafe 1968); na pragmática, a ligazón das situacións socialmente estereotipadas (saúdos, invitacións, despedidas, etc.) (Coulmas 1981, Strässler 1982) ou afectivamente relaxadas (alegrías, anoxos, desprezos, aldraxes, etc.) coas expresións feitas subliña o contraste entre o discurso repetido, obxecto de estudo da fraseoloxía xeral, e o discurso libre, obxecto de estudo da lingüística xeral. Por outra banda, a fraseoloxía posúe tódolos elementos dun sistema lingüístico dado: a sinonimia e antonimia (García-Page 1998), a polisemia e homonimia, a hiperonimia e hiponimia (Penadés 2000) e mailas variacións dos sintagmas. Neste sentido, as palabras de M. Kótova resumen e apoian a nosa posición:

*A partir das obras de V. D. Arcanguelski considérase probada a existencia do nivel fraseolóxico da lingua ó lado dos niveis fonético, morfolóxico, léxico e*

*sintáctico porque o nivel fraseolóxico ten tódalas características dun sistema: sinonimia, polisemia e variación das locucións fraseolóxicas (Kótova 1998: 251).*

Por todo isto cremos que a fraseoloxía merece un tratamento como disciplina que supere os límites que lle foron impostos ata agora.

## **2.1. A fraseoloxía xeral, terminolóxica e específica**

Reunindo os criterios defendidos polos fraseólogos a través da historia da fraseoloxía<sup>2</sup>, vemos que existen tantos campos de estudo coma os que aparecen na propia lingüística. De todos eles, podemos fixa-las seguintes definicións.

Enténdese a *fraseoloxía* como o estudo científico da combinatoria fixa das linguas, cun material clasificado como heteroxéneo (expresións idiomáticas, frases feitas, fórmulas rutineiras, colocacións, refráns e outras paremias) pero cunhas características comúns (pluriverbalidade, fixación dos compoñentes, idiomaticidade e, a miúdo, iconicidade da secuencia fixada, repetición no discurso e institucionalidade, é dicir, recoñecemento pola comunidade de falantes) que nos permiten consensuar un termo único para tódolos seus elementos: as *unidades fraseolóxicas*. Esta disciplina abarca varias áreas de estudo, de acordo coa concepción que temos da lingua como conxunto dotado de dous sistemas lingüísticos, e segundo dous enfoques de análise:

- un sistema xeral, utilizado por toda a comunidade de falantes, que dá lugar á **fraseoloxía xeral**;
- un sistema terminolóxico, empregado por colectividades restrinxidas a campos de especialidade, que conforma a **fraseoloxía terminolóxica**;
- un enfoque sincrónico levado a cabo pola **fraseoloxía sincrónica**, dedicado á descrición dun estado da combinatoria fixa dunha lingua nun lugar determinado, cun estudo teórico (**fraseoloxía teórica**) que leva a capta-la natureza xeral do feito fraseolóxico, aplicando logo os resultados a eidos máis concretos (**fraseoloxía aplicada**);
- un enfoque diacrónico levado a cabo pola **fraseoloxía diacrónica**, cunha liña de investigación encargada de recuperar ou preserva-lo patrimonio fraseolóxico a través do tempo por medio de estudos descritivos, históricos e comparados (**fraseoloxía específica**).

A fraseoloxía, así entendida e definida, pódese logo organizar conforme dous puntos de vista: o punto de vista interno que permite distinguir parcelas de estudo, de índole teórica e descritiva, que atendan ás diversas facetas da combinatoria fixa, sexa na súa produción sonora, sexa nas súas unidades constitutivas (fonética e fonoloxía, morfoloxía e sintaxe, semántica e pragmática, lexicoloxía e lexicografía); o punto de vista externo que, a partir das relacións existentes entre combinatoria fixa e civilización, historia, política, institucións, etc. promove o estudo da fraseoloxía en función do seu uso, sexa polo

---

<sup>2</sup> Para acceder a unha historia da investigación en fraseoloxía, véxase Ruiz Gurillo (1997) e Corpas Pastor (2003).

individuo, sexa polo grupo social, dando lugar a ramas como a **psicofraseoloxía**, a **neurofraseoloxía**, a **sociofraseoloxía** ou a **antropoloxía fraseolóxica**, chamada tamén **etnofraseoloxía**.

Pero á parte da dimensión lingüística da fraseoloxía, da súa importancia central dentro do sistema xeral da lingua, sexa cal for, existen outros aspectos dignos de mención, como é o valor sociocultural que conteñen a maioría das unidades fraseolóxicas, por seren representantes da idiosincrasia dunha cultura, dunha sociedade, dun modo común de ve-la realidade que nos rodea. A idiomaticidade dunha lingua pasa por todo ese pouso “propio” que a distingue das demais, a pesar de emparentarse con moitas outras, de aí o interese que desperta este campo na lingüística aplicada: a glosodidáctica, a tradutoloxía, a lingüística computacional ou a lingüística clínica.

## 2.2. A fraseoloxía teórica e aplicada

Do mesmo xeito que a lingüística aplicada ten eidos que lle dan entidade fronte á lingüística teórica, a **fraseoloxía aplicada** tamén ten os seus con respecto á **fraseoloxía teórica**. As aplicacións das que ou nas que se sustentan as teorías resultan se-las mesmas nos dous campos. Cada unha delas ocúpase das **unidades fraseolóxicas** dende a problemática que suscitan ó seu sector de usuarios: a súa aprendizaxe, por parte dos que estudan linguas estranxeiras; a súa tradución por parte de estudantes e profesionais; o seu tratamento, por parte da lingüística de corpus; a súa incidencia nas patoloxías da linguaxe.

Dende a didáctica das linguas estranxeiras percíbese a dificultade de aprender a expresarse como un nativo, porque polo xeral se evita ensinar esa parte idiomática que caracteriza unha lingua. Ensínase o que é estándar no uso dunha lingua, e así nunca se consegue ese nivel de nativo precisamente porque o nativo fala “idiomaticamente” a súa lingua e o aprendiz fálaa “artificialmente”. Por iso, necesítase descubrir novos métodos de ensino das linguas que teñan en conta a súa dimensión fraseolóxica, e diso debe ocuparse a **fraseodidáctica**.

Dende a tradución, tamén é evidente a dificultade que teñen tanto o profesional como o estudante en atopar equivalencias lingüísticas para expresións cun concepto que ó mellor non existe na lingua termo. Certas linguas, sobre todo as minoritarias, requiren para o seu vocabulario técnico dunha terminoloxía con equivalentes noutras linguas de maior difusión, o que implanta a necesidade de crear ferramentas de consulta rápida e fiables. Desta cuestión ten que trata-la **fraseotradutoloxía**.

Dende a lingüística aplicada a campos profesionais que utilizan a linguaxe para a captación de clientes (como a edición de libros e revistas, a prensa, a publicidade, o mundo das cancións, do cine, etc.), bótase man da fraseoloxía para a elaboración de títulos, *slogans*, letras etc.), apelando ó carácter coñecido da expresión tanto cando a empregan tal e como é coma cando a manipulan, xa que logo o xogo consiste en atopa-la unidade de orixe. Os equipos de lingüistas que colaboran nos departamentos de concepción dun produto de masas nas empresas necesitan de fondos fraseolóxicos dispoñibles e documentados para facer un uso profesional exitoso. Propoñemos que diso se ocupe a **fraseoedición**.

Dende a lingüística clínica, importa tamén o estudo do impacto que ten a fraseoloxía nas patoloxías da linguaxe, posto que xa se sabe que en casos de lesión cerebral (afasia, perda da memoria nos maiores) o falante, aínda que teña esquecida a maior parte do seu vocabulario, é capaz de recuperar da súa memoria secuencias fixas (refráns, frases feitas, ata insultos), mentres que en casos de deficiencias mentais conxénitas (p.ex. autismo, síndrome de Down) ou adquiridas, a linguaxe figurada (expresións idiomáticas metafóricas) non é sempre accesible ó entendemento do falante, ó que entón se lle teñen que dirixir enunciados literais. Estas cuestións sitúanse no polo oposto ó estudo do logro da competencia fraseolóxica por parte da fraseodidáctica, xa que se centra en aspectos que teñen que ver coa supervivencia desta competencia no cerebro en condicións especiais, e mesmo coa evitación de tal competencia en casos precisos para unha mellor calidade de vida. Todas elas deben ser estudadas, polo tanto, pola **fraseoloxía clínica**.

Como conclusión a esta primeira achega á fraseoloxía, resumímo-la nosa proposta neste cadro sintético:

| DISCIPLINA       | DIVISIÓNS          | OBXECTO                        | ENFOQUE    | ÁMBITO  | PUNTO DE VISTA                                                                                               | EIDOS                                                                        |  |
|------------------|--------------------|--------------------------------|------------|---------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|--|
| FRASEOLO-<br>XÍA | XERAL              | UNIDADES<br>FRASEOLÓ-<br>XICAS | SINCRÓNICO | TEÓRICO | INTERNO                                                                                                      | Fonético-Fonolóxico<br><br>Morfosintáctico<br>Léxico-Semántico<br>Pragmático |  |
|                  | EXTERNO            |                                |            |         | Psicofraseoloxía<br>Neurofraseoloxía<br>Sociofraseoloxía<br>Antropoloxía<br>fraseolóxica/<br>Etnofraseoloxía |                                                                              |  |
|                  | APLICADO           |                                |            | INTERNO | Fraseodidáctica<br>Fraseotradutoloxía                                                                        |                                                                              |  |
|                  |                    |                                |            | EXTERNO | Fraseoedición<br>Fraseoloxía clínica                                                                         |                                                                              |  |
|                  | TERMINOLÓ-<br>XICA |                                |            |         | DIACRÓNICO                                                                                                   | Descritivo<br><br>Histórico<br><br>Comparado                                 |  |
|                  |                    |                                |            |         |                                                                                                              |                                                                              |  |

Imos agora desenvolver un eido particular da fraseoloxía aplicada, a saber: a fraseodidáctica, coa finalidade de estudar o seu propio campo de actuación.

### 3. A fraseodidáctica

Na didáctica das linguas distínguense varios enfoques no ensino dunha mesma lingua: como lingua materna (LM), lingua segunda (LS) ou como lingua estranxeira (LE). Dentro de cada un deles vólvense formular dous obxectivos de uso posibles para os discentes: xeral (OUX) ou específico (OUS). Dentro da achega comunicativa, a didáctica das linguas establece catro competencias que acadar: a comprensión e produción oral e maila comprensión e produción escrita. Agora ben, o enfoque dado á lingua que se aprende impón as súas propias competencias. A LM prioriza a competencia escrita, a LS a escrita e a falada e a LE a falada. Por outra banda, o nivel de uso (xeral ou específico) tamén condiciona abondo as destrezas que desenvolver. O factor común a estes enfoques, obxectivos e competencias é a ausencia da fraseoloxía en cada un deles, polo menos cun espazo propio que así o manifeste, á vista da análise da situación actual.

#### 3.1. Espazo da fraseoloxía na didáctica das linguas

A fraseoloxía ocupa moi pouco espazo no ensino das linguas, sexan maternas, segundas ou estranxeiras. De feito, estas últimas foron as primeiras en mostrar algún interese por ela, e con lóxica xa que é dende a percepción da descodificación que se percibe a dificultade das expresións feitas. Ademais, o inglés foi o idioma no que se ocuparon de elaborar material didáctico dende o primeiro terzo do século XX para introduci-lo que se deu en chamar *idioms* non só para o ensino da propia lingua como estranxeira<sup>3</sup> senón tamén para as demais. Neste senso cabe destaca-la aparición de traballos de investigación realizados en inglés para a explotación das unidades fraseolóxicas do español (Zwerling 1981) e duns manuais de didáctica para as do francés (Geneviève 1984 e 1987) onde están listadas expresións gráficas organizadas por temas coa súa tradución ó inglés, ilustradas algunhas con debuxos irónicos que xuntan o senso literal e figurado, e que rematan cunha serie curta de exercicios. Doutra parte, os títulos das dúas obras xa delatan a crítica do autor con respecto á ausencia da didáctica dos fraseoloxismos dunha lingua que se imparte como estranxeira: *Merde! The Real French You Were Never Taught at School* e *Merde encore! More of the Real French You Were Never Taught in School*.

Noutras linguas a preocupación pola didáctica da fraseoloxía tamén pasa por especialistas nativos que a enfocan como lingua estranxeira, tanto no que respecta a materiais pedagóxicos coma a investigación. Así, para o francés, o lingüista R. Galisson (1984) elabora un caderno de exercicios para o ensino do francés como lingua estranxeira, mentres que J. P. Colson (1992) presenta a defensa deste eido acompañada dunha proposta didáctica no artigo “Ébauche d'une didactique des expressions idiomatiques en langue étrangère”. O mesmo pasa no español. Por outro lado, empeza a

---

<sup>3</sup> Esta é a introdución que figura na obra de A. J. Worall, *English Idioms for foreign students*, publicada por Longman en 1932 :

*Too many students learn “book-English”; too few learn to use the current phrases which are common in our daily speech [...] the sources from which the student may draw phrases in common use, frequently colloquial in character, are extremely limited. [...] the foreign student who wishes to speak English fluently will need to have them at his fingers' ends* (Worall 1971).

proliferar un material de tipo pedagóxico a finais do século XX e principios do XXI: M<sup>a</sup> J. Beltrán e E. Yañez Tortosa publican en 1996 *Modismos en su salsa*; I. Penadés Martínez fai no mesmo ano unha obra mixta (ensaio e exercicios ó final da obra), *La enseñanza de las unidades fraseológicas*; L. Ruiz Gurillo publica no 2002 o caderno *Ejercicios de fraseología*, tendo todas estas obras a mesma referencia común, a de seren publicadas en Arco/Libros, editorial dedicada ó español como lingua estranxeira. Por outra banda, a investigación tamén contribúe a darlle impulso á fraseodidáctica do español, iso si, como lingua estranxeira: M<sup>a</sup> del M. Forment Fernández, en 1998, dedícalle o artigo “La didáctica de la fraseología ayer y hoy: del aprendizaje memorístico al agrupamiento en los repertorios de funciones comunicativas”; M. del Pozo Díez en 1999 presenta “Dime cómo hablas y te diré si te comprendo: de la importancia de la enseñanza de expresiones coloquiales, modismos, argot...”; na mesma ocasión R. Vázquez Fernández e I. Bueso Fernández falan de “¿Cómo, cuándo y dónde enseñar las expresiones fijas? Práctica en el aula”; L. Ruiz Gurillo, no 2000 tamén, propón “Un enfoque didáctico de la fraseología española para extranjeros”.

Pero quizais onde máis se note o pulo dado a este eido, sempre dende a perspectiva da lingua estranxeira, é na rede informática. No caso do francés, por exemplo, moitas páxinas web presentan métodos en liña (p.ex. [www.bonjourdefrance.com](http://www.bonjourdefrance.com)) ou ben programas de universidades estranxeiras, como os ‘Cursos Libres’ (Cours Libres) do Departamento de Francés da Universidade de Linköping (Suecia), con inclusión de exercicios fraseolóxicos. Ocorre o mesmo co español, idioma no que se encontran páxinas de editoriais que propoñen recursos ós profesores (p.ex. edicións SM na súa web [www.profes.net](http://www.profes.net) ofrece xogar coa linguaxe deformando frases feitas), outras que incorporan o ensino de ditos e refráns dende a impartición do español en cursos en liña (p.ex. os desenvolvidos polo Grupo Camille España da Universidad Politécnica de Valencia: [www.upv.es/camille](http://www.upv.es/camille)), ou ben que se ofrecen como centros de estudo do español con venda de cursos *online* (AulaDiez español *online*, S.L.L.: <http://www.auladiez.com>), integrando exercicios interactivos e autocorrectivos sobre modismos e frases feitas relacionadas coas partes do corpo.

Agora ben, a fraseoloxía na didáctica da lingua materna (e non digamos na segunda) é practicamente inexistente, salvo en países pioneiros na investigación fraseolóxica, como no caso de Rusia, onde se imparte dende os anos 70 como disciplina especial sobre todo no nivel universitario (Kótova 1998: 251). Anos despois, en 1985, sumouse Francia para incorporala tamén na universidade (Universidade de Rennes 2) pero cunha achega teórica, como é o caso hoxe en España en moitas universidades (entre elas a de Santiago) en numerosos programas de doutoramento. Esta implantación polo nivel superior do ensino ten varias razóns. A primeira de todas reside no feito de que a comunidade de lingüistas considera as frases feitas como producións sen orixinalidade e propias da fala popular, polo tanto sen dereito de espazo nun lugar dedicado á arte de aprender a escribir correctamente e con estilo en etapas temperás da escolaridade. A segunda ten que ver coa falta de preparación dos docentes e de recursos pedagóxicos para afronta-lo desafío de ensinar esa parte esencial da lingua. A terceira é que na universidade o impulso nace da investigación do fenómeno fraseolóxico. Queda claro que onde se debe potencia-lo esforzo é precisamente onde hai un baleiro total de apoio á didáctica da fraseoloxía nas

linguas maternas, é dicir, nos niveis de primaria e secundaria. Neste senso, a experiencia levada a cabo en Galicia da man de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias coa súa obra *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega* (1995), así coma o libro de texto *Do falar e do escribir*, de Carme López Taboada (1995), representan todo un exemplo a seguir. Pero non cabe dúbida de que o primeiro paso que debemos dar para mellora-las estratexias de aprendizaxe das unidades fraseolóxicas empeza pola propia convicción de que se trata dun aspecto lingüístico e cultural digno de ensinar na propia lingua materna.

### 3.2. Valores diferenciais das unidades fraseolóxicas

Fronte a valoracións tradicionais de lingüistas ou usuarios que consideran as expresións feitas sen orixinalidade, manidas e polo tanto sen interese para seren estudadas, defendemos aquí valores que lles conceden vantaxes como unidades léxicas.

Dende o punto de vista lingüístico, a fixación dos elementos dunha secuencia fraseolóxica favorece a conservación do léxico nesa lingua. A duración das palabras, como elemento material, ou ben a da súa carga semántica, pasan normalmente por tódolos estadios vitais de calquera elemento orgánico: nacemento, evolución e desaparición. Polo tanto, a “conxelación” das estruturas permite rescata-los termos dunha morte segura mediante a lexicalización. Isto explica moitas veces a presenza de voces arcaicas en expresións fixas. Por exemplo, a expresión *ni crece ni agollece*<sup>4</sup> considérase unha frase arcaica por conte-lo termo “agollece”, sen uso na lingua actual. Podemos asegurar, pois, que as unidades fraseolóxicas representan un “valor de refuxio”, en termos de conservación, para o fondo léxico dunha lingua.

Por outra banda, as expresións feitas existentes compoñen esquemas fraseolóxicos dos que xorden novas secuencias, que poden ser variantes, variacións ou innovacións con respecto ás primeiras. As variantes e variacións resultan de adaptacións a realidades diferentes no espazo e no tempo, ou ben son froito da manipulación, típica no mundo da edición (titulares, *slogans*, chistes), e de neoloxismos, como o demostra o mundo da terminoloxía complexa para a designación de novos avances científicos e tecnolóxicos. Son, daquela, unha fonte de creatividade léxica cun valor denominativo de estados e procesos nacentes, en termos de rendibilidade, que favorece o enriquecemento do fondo léxico dunha lingua.

Á parte do valor lingüístico dos compoñentes e das construcións fixas, tamén importa a carga cultural que posúen. Moitos modismos, ditos e refráns aluden a costumes pasados e feitos históricos. Sirvan de exemplos as explicacións que van acompañando estas expresións:

*HACER BUENAS MIGAS*: Alúdese ás migas que guisaban antano os pastores, esmiazando o pan, e fritíndoo despois de poñelo a remollo en aceite, auga e allos. A frase non se refire

---

<sup>4</sup> Voz viva alusiva ó que non prospera nin retrocede. Díciase en poboacións de Salamanca, como Sequeros e o seu partido, en vilas segovianas e outros puntos do partido xudicial de Sepúlveda e tamén en Medina del Campo (ALONSO, P. (2004): “Frases bien hechas” en *El Semanal* 18/01/2004).



a confeccionar ben este prato, senón a comelo xuntos e en paz, polo que hoxe en día significa levarse ben con alguén<sup>5</sup>.

*JESUS, MARÍA, JOSÉ*: Na antigüidade chamábase ó espirro “pequena morte”, ó crer que nese momento a alma deixa o corpo. En Grecia dicíase *Que Zeus te garde* e en Roma *Save*. Gregorio I estableceu no século VI o costume de dicir *Deus te bendiga* ó espirrar. Desa fórmula deriva a actual e dicimos *Xesús* se se fai unha vez, *María* cando se repite e *Xosé* na terceira volta<sup>6</sup>.

Con esta pequena mostra queda claro que cada expresión ten unha biografía rica en historia, que esixe moita preparación e investigación, xa que o tempo leva a esquecer moitas delas. Por conseguinte, ese labor de rescate, tan merecedor de admiración para quen o leva a cabo, atribúe ás expresións feitas un valor cultural e social importantes, en termos de patrimonio, que lles outorga unha dimensión calidoscópica onde o pasado se xunta co presente.

Ademais deses valores, moitas expresións, sobre todo as paremiolóxicas, conteñen apreciacións que para algúns son verdades máis ben relativas e para outros estimacións persoais e mesmo prexuízos. Eliximos para ilustralo os refráns galegos en torno ó concepto de chover, distinguindo enunciados de tipo:

- asertivo: *Cando chove e fai sol, alegre está o pastor.*
- negativo: *En marzo non debe chove-la mexada dun rato.*
- imperativo: *Cando chove e fai sol, colle o caracol. Se chove en febreiro, bota as pipas ó quinteiro; Se chove polo San Pedro, queima a roza cedo.*
- desiderativo: *En maio que chova ata entullarse o carro.*
- ata contradictorio: *Se chove como venta, aínda o inverno entra/Se non chove nin venta, o inverno entra.*

Entre as estimacións, hai varias posicións:

- de prognóstico (neutro): *Se chove o día de Santo Antonio de Xaneiro, pipas ó fumeiro, e se está claro pipas ó canteiro. Se o domingo chove á misa, toda a semana de risa. Se ó saí-lo sol o ceo está rubio, chover.*
- optimista: *Cando a col está devanada, chove decontado; Pascuas molladas, boas xornadas.*
- pesimista: *Cando chove por San Xorxe, de cen cereixas quedan catorce.*  
*Se chove o día da Asunción, nin cereixas nin feixóns.*  
*Se o día de San Xurxo chove, de cen cereixas quedan nove.*

---

<sup>5</sup> Cf. ALBÉNIZ, I. (2004): “Usted pregunta” en *El Semanal* 07/03/2004.

<sup>6</sup> Cf. ROMERO, F. (2004): “Dudas razonables” en *El Semanal* 11/01/2004.

Os prexuízos están tamén presentes cando se compara implicitamente o chover co xénero humano: *A muller que non ten home, ata na cama lle chove. Sábado a chover é coma o borracho a beber.*

Todos estes exemplos dan boa fe do valor apreciativo das unidades fixas, dende o polo positivo ata o negativo, dende o carácter de verdade absoluta ata a máis relativa, variando conforme as conveniencias dos locutores.

Pero ó final deste percorrido polos valores está o valor afectivo de moitas das expresións que dan saída ós sentimentos, dende os máis agachados ata os máis esaxerados. Para exemplificar este aspecto, o concepto de “morrer” exprésase con tantos recursos estilísticos coma sentimentos que acompañan esta circunstancia cando se trata de da-la noticia:

- o eufemismo: *deixou de vivir*;
- o disfemismo: *deixou de respirar*;
- a litote: *xa non está*;
- a hipérbole: *morreu coma un can*; etc.

Estas figuras retóricas permiten canalizar socialmente a interacción, axustando as expresións e os comportamentos ás situacións. O interese destas construcións é, por unha banda, o seu grao de lexicalización, xa que son tipificadas para usalas en situacións tamén estereotipadas que presupoñen uns actos de fala preestablecidos, como os saúdos, as despedidas, as invitacións, etc. Deste xeito quedan dispoñibles no fondo do léxico activo do locutor que bota man delas, elixindo a que mellor se axusta, polo rexistro, á situación que está a vivir. Por outro lado, e só cando o permiten os parámetros discursivos, sèrvelle para dar saída ós seus sentimentos, perfectamente recoñecibles detrás da forma retórica da expresión: a ironía, a dor, o desprezo, etc. Este aspecto expresivo das secuencias fixas mostra o valor afectivo que conteñen, e que lles atribúe un poder de adhesión forte, xa que implicitamente, coma na retórica máis clásica, o uso da estilística solicita do interlocutor o seu asentimento ó discurso que oe.

En definitiva, as unidades fraseolóxicas, polo seu valor lingüístico, sociocultural, apreciativo e afectivo, representan uns elementos dignos de ter en conta na didáctica das linguas, polo que a súa incorporación ó material pedagóxico tan só depende agora dunha posta en práctica que exemplificamos a continuación mediante a presentación dunha unidade didáctica sobre os fraseoloxismos compostos co termo *chover* para a súa aprendizaxe en galego como lingua materna.

#### **4. Tratamento didáctico dos fraseoloxismos compostos con *chover***

Cada tipo de unidade fraseolóxica impón obxectivos diferentes en relación co enfoque que se lle dá ó ensino da lingua. Na lingua materna non se ensinan no marco escolar nin as expresións figuradas ou metafóricas (*mete-lo zoco*) nin os refráns (*Por San Xoán, a sardiña xa unta o pan*) por seren considerados propios da fala popular. Pola contra, admítense as colocacións como estruturas que favorecen a aprendizaxe do rexistro culto (*denunciar a alguén*, máis culto ca dicir *meter a alguén na xustiza*), do bo estilo literario

(ó caer da folla, polo ‘outono’) ou mesmo da corrección lingüística nas linguaxes específicas (*boia-lo aparello*, ‘frota-lo aparello na auga’). Con todo, no enfoque da lingua estranxeira, as tres clases si que se dan como mostras do seu dinamismo en tódolos rexistros, tanto na escrita coma na fala. Ademais inclúense as fórmulas rutineiras (*Bos días, Ata loguiño, ¡Vaiche na misa!*) como actos de fala en determinadas situacións da vida cotiá que precisan ser dominadas.

Agora ben, esta división, derivada da investigación en didáctica das linguas, non quere dicir que o alumno teña necesariamente que axustarse a ela, desenvolvendo estratexias diferentes de aprendizaxe en cada caso.

#### **4.1. Criterios de aprendizaxe e procedementos de fixación**

Tendo en conta a maneira de achegarse o alumno á lingua que lle ensinamos, sexa materna, segunda ou estranxeira, debemos entender que se enfronta a ela sempre da mesma maneira, vendo, en calquera dos casos, palabras illadas que ten que ligar dun xeito correcto, aplicando regras gramaticais determinadas, para conseguir dicir algo con sentido. Isto vese xeralmente pola súa “inxenua” definición da lingua como conxunto de palabras, por enriba das regras morfolóxicas ou sintácticas. De feito, preocúpalle saber qué quere dicir tal ou cal palabra dentro dunha frase que non entende, máis que preguntar polas marcas morfolóxicas ou estruturas sintácticas. Está claro que para el prevalece o semantismo léxico, é dicir, aquel termo que ten sentido de por si. Dito doutra maneira, o sentido está nas palabras.

Esta simple constatación pode ter moita repercusión para o estudo das unidades fraseolóxicas, non só porque as combinacións fixas funcionan coma as palabras sinxelas na lingua senón porque moitas son portadoras de sentido global “resumido”, condensado, que non corresponde a cada un dos compoñentes, polo que se lle pode atribuír un sentido nocional ou conceptual reducido fácil de aprender e de reter na memoria. Poñemos como exemplos de ‘intensidade na acción’ (= MOITO) estas dúas expresións galegas: *chover ás cuncas*, *chorar ás cuncas*, nas que a acción de chover ou de chorar se expresa cunha imaxe pouco transparente dende o sentido literal, pero máis fácil de reter pola súa definición común (‘chover/chorar moito’).

Canto ó modo de proceder para a adquisición e logo disposición activa das unidades fraseolóxicas no fondo léxico dos alumnos, optamos por un método de traballo que vai en contra do que vén dado noutras linguas (libros, dicionarios, léxicos, manuais, cadernos de exercicios, etc.), pero que permite, como veremos, unha maior implicación e motivación do alumnado.

#### **4.2. Aplicación didáctica**

Para ilustra-la riqueza idiomática do campo fraseolóxico a partir do emprego dun termo concreto (*chover* neste caso) en secuencias fixas, procederemos en 2 tempos: recolleita de expresións e organización criterial.

O profesor fixa o obxectivo: acadar cada un dos alumnos a maior cantidade posible de expresións fixas que conteñan a palabra *chover*. A nivel individual, e sen ningún tipo de restrición lingüística, cada alumno deberá apunta-las que xa sabe, as que vai atopando en

dicionarios e outros léxicos que se lle recomendarán, e as que lle proporcionará o seu contorno, poñendo un prazo razoable para realizar este primeiro paso (uns 15 días). En segundo lugar, formaranse grupos de traballo e encomendaráselle-lo labor de poñer en común tódalas expresións recollidas de xeito organizado seguindo 3 criterios: temático, estrutural e alfabético.

O temático aplicárase creando 2 grupos de expresións: o primeiro debe conte-lo senso literal de *chover*, e o segundo un senso figurado conforme as connotacións creadas polas diferentes situacións. Dentro de cada grupo íranse diferenciando os graos semánticos. O campo literal estruturarase en: 1) empezar a chover; 2) chover pouco; 3) chover moito; 4) outros modos de chover. O campo figurado compoñerase de xeito gradual dos modos de expresar: 1) o optimismo; 2) a oportunidade; 3) a abundancia; 4) a sorpresa; 5) a realidade; 6) a indiferenza; 7) a paciencia; 8) a inxenuidade; 9) a ingratitude; 10) a falsidade; 11) a miseria; 12) a teimosía; 13) a discusión; 14) o tempo que pasou.

O estrutural permite organizar internamente cada grupo e subgrupo repartindo as unidades fraseolóxicas en sintagmas e enunciados. Os sintagmas dividíranse en: nominal, verbal, adverbial, etc.; mentres que os enunciados serán idiomáticos ou ben paremiolóxicos.

O alfabético, ó final, permitirá ordenar cada un dos grupos anteriores.

Este traballo pódese completar cunha terceira parte dedicada a recoller e organizar tódalas expresións en torno ó concepto de *chover*, pero sen que apareza este termo.

Todo este labor levarase a cabo nunha clase dun xeito tamén organizado contando con:

- a participación de todos na procura dos datos;
- o reparto da organización do conxunto das expresións por grupos de alumnos;
- a exposición oral dos resultados de cada grupo;
- a posta en común nun diario de traballo para o seu depósito na biblioteca da aula ou do centro.

Despois desta etapa de recompilación e adquisición pasiva, xa que non hai que esquece-lo lado recompilatorio dos fraseoloxismos como un feito disperso na lingua, o paso seguinte consiste en acadar-la competencia fraseolóxica activa, que require á súa vez outro proceso de implantación no fondo léxico do alumno. Este proceso, que non imos desenvolver aquí por falta de espazo, conta tamén con dúas partes: unha guiada, mediante exercicios estruturais de localización das unidades fraseolóxicas en textos, a súa reconstrución en frases que as presenten de xeito incompleto (exercicios con ocos) ou desordenado (alterando a orde das palabras ou ben relacionando con frechas as partes separadas en listas), a súa relación co senso exacto que lle corresponde (con exercicios de elección múltiple), etc. A segunda parte xa sería máis libre cun uso progresivo da reformulación das expresións en contextos, primeiro dados polo profesor ou autor dun manual de exercicios, e finalmente creados polos mesmos alumnos.

### 4.3. Presentación do corpus<sup>7</sup>

#### I) O campo literal de CHOVER

##### 1) Empezar a chover:

Sintagmas (verbal)

+ grupo preposicional: *dar en chover; estar a piques de chover; romper a chover; soltarse a chover; ter trazas de chover; vir a chover; zarrarse a chover.*

##### 2) Chover pouco:

Sintagmas (verbal)

+ substantivo: *chover catro gotas/pingas/pingueiras.*

+ adxectivo: *chover amoderado; chover miudiño.*

##### 3) Chover moito:

Sintagmas (verbal)

+ substantivo: *chover auga: a caldeiros, a cuncas, a Deus dar, a fio. chover chuzos; chover endoiro; chover fartura; chover lanzas de auga; chover lenda.*

*chove-lo mar: chovido, chovido coma se a envorcaran.*

*chove-lo seu; chover raios e centellas; chover raís de trens; chover sete choveres.*

+ adxectivo: *chover recio.*

+ grupo preposicional: *chover a: arroiatar, baldes, botar, boullón/bullón, bullina, cachón, caldeiradas, caldeiros, callón, canadas/canados, cántaros, ceo aberto, chapuzos, chorras/chorros, chover, chuzos, cimbraceos, cuncas, Deus auga, Deus dala, Deus dar, Deus dar auga, Deus dar augas, fio, golfarón, máis e mellor, máis non poder, mangallo, manta, mares, montóns, picaretas, pichos, pingadas, pote/potes, reo /arreo, regos, retortoiro, todo meter, trebón, tropel, valer, varrer, xarros/xerras/xerros.*

*chover ás: concadas, cuncas, mantas.*

*chover de: ballón, bollina.*

*chover con toda; chover en tromba.*

+ proposición subordinada: *chover como Deus a dá.*

---

<sup>7</sup> O corpus que se emprega aquí foinos proporcionado polo Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades.

chover coma quen: a dá, a envorca, a envorca cun xerro, a tira a caldeiros, a tira cun caldeiro, tira auga cun caldeiro.

chover coma se: a botaran cun cesto, e envorcaran, romperan as nubes.

chover que: anuce, arrufia, Deus a bota.

chover se: Deus dá auga, Deus ten auga.

Enunciado idiomático:

*Chover moito chove*

*¡Como chove!*

*¡Deixa que chova ata que beban os cans dereitos!*

*¡Que maneira de chover!*

*O que chove é ouro.*

*Se chovera aceite.*

*Se chovera diñeiro.*

*Se chovera ouro.*

#### 4) Outros: modos de chover e orixe da choiva.

Sintagma (verbal)

+ grupo preposicional: *chover con vento; chover de cifra, de ciobra, de ventisca; chover do leste, do nordés, do norte.*

## II) Os campos figurados da palabra CHOVER:

### 1) Expresión do optimismo:

Enunciados paremiolóxicos:

*Morra o conto e chovan fanecas.*

*Nunca chove como trona.*

*Nunca choveu que non escampara.*

### 2) Expresión da oportunidade:

Sintagma (verbal):

*chover do ceo; vir coma chovido do ceo.*

Sintagma (adverbial):

*coma chovido (do ceo).*

### 3) Expresión da abundancia:

Sintagma (verbal):

*chover cartos a oito; chover encargos a alguén; chover paus.*

### 4) Expresión da sorpresa:

Enunciado idiomático:

*¡Manda chover e chove!*

*¡Manda chover (na Habana)!*

*¡Seica vai chover!*

### 5) Expresión do realismo:

Sintagma (verbal):

*saber de que lado chove.*

Enunciado idiomático:

*As cousas non choven do ceo.*

*Como agora chove.*

*Por poder, poden chover chourizos, pero non choven.*

- 6) Expresión da indiferenza:  
 Sintagma (verbal): *chover sobre mollado; escoitar coma quen oe chover; face-lo mesmo caso a alguén que se chovese miudiño/que se estivese chovendo/que se un oe chover.*  
 Sintagma (adverbial): *coma quen oe/ve chover; coma se chovera; como se sentira chover.*  
 Enunciados idiomáticos: *A este chóvelle.  
 ¡Por min, que chova!  
 Por un lado me venta, por outro me chove.  
 ¡Xa pode chover!*
- 7) Expresión da paciencia/resignación, da calma:  
 Sintagma (verbal): *deixar que chova e que vaia sol.*  
 Enunciado idiomático: *Ás veces mexan por un, e hai que dicir que chove.  
 Non abra-lo paraugas antes de que chova.  
 ¡Non te mudes que chove!  
 Nunca chove a gusto de todos.*  
 Enunciado paremiolóxico: *Neboeira na terra, treboada no mar, ou ben chover ou ben nevar.  
 Cando Deus quixere con tódolos ventos ha de chovere.*
- 8) Expresión da inxenuidade /da insensatez:  
 Sintagma (verbal): *choverlle a alguén; choverlle na purga; choverlle na tella/no tellado; esperar que chovan boliños do ceo.*  
 Enunciado idiomático: *¡María, que chove!  
 Escoita que chove.*
- 9) Expresión da ingratitude/da inutilidade:  
 Sintagma (verbal): *agradecer ó ceo a auga cando chove; botar auga ós pitos cando chove; chover no/sobre mollado.*
- 10) Expresión da falsidade/da incredulidade:  
 Sintagma (verbal): *ser verdade como choven albardas.*  
 Sintagma (adxectivo): *tan certo coma chover albardas.*  
 Enunciado idiomático: *Cando chovan pesetas.  
 A tarde en que chovan papas.*
- 11) Expresión da miseria:  
 Sintagma (verbal): *chover na casa do pobre; choverlle no presebe ó faco; non ter un en que Deus lle chova.*  
 Enunciado idiomático: *Pró pobre sempre é noite e sempre chove.  
 Este mundo é un bandallo e chove nel coma fóra.*
- 12) Expresión da teimosía/da insistencia:

- |                                          |                                                 |
|------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| Enunciado idiomático:                    | <i>¡Chova que neve!</i>                         |
| Enunciado paremiolóxico:                 | <i>Que chova que neve, quen ten sede, bebe.</i> |
| 13) Expresión da discusión/da expulsión: |                                                 |
| Sintagma (verbal):                       | <i>chover no taller.</i>                        |
| Enunciado idiomático:                    | <i>¡Vai mirar/ver se chove (en ....)!</i>       |
| 14) Expresión do tempo que pasou.        |                                                 |
| Enunciado idiomático:                    | <i>Xa choveu (dende daquela/ desde iso).</i>    |

### III) Os campos conceptuais de CHOVER, sen o termo:

#### 1) Con algún termo relacionado coa chuvia:

- |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|--------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Sintagma (verbal): | <i>botala (= a auga) con xerro; botarse a auga (encima); caer auga/goteiras/unhas gotas; caer auga a baldes/caldeirados/cántaros/cuncas/chovia/chuzo(s)/Deus dar/regos/xerros /coma quen a tira cun balde/cun caldeiro/a envorca; chega-la auga ás marcas vellas; cae-lo ceo; caer un trobón; caer unha zarapilda/unha zarracina de auga; caer choviscadas; descarga-las nubes; desfacerse as nubes en auga; estar cerrado en augas; esta-lo ceo a suar; meterse o día /o tempo en auga; pegar a descargar; quedar de auga natural; rompe-las nubes; vir unha xarisqueira; virse o ceo/mundo abaixo.</i> |
|--------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

#### 2) Sen ningún termo relacionado coa chuvia:

- |                          |                                                                                                                                              |
|--------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Sintagma (verbal):       | <i>casa-lo demo unha filla e darlle o voto con auga; facer bo tempo para as miñocas; mexa-los paxaros; pinga-la tella; recolle-la roupa.</i> |
| Enunciado idiomático:    | <i>Casa a filla do gobernador.<br/>¡Deus a mande!<br/>¡Deus a bota!</i>                                                                      |
| Enunciado paremiolóxico: | <i>Deus a mande mollada, que enxoiita non fai nada.<br/>Nubes rubias ó sol nado, peregrino vés mollado.</i>                                  |

## 5. Conclusión

Por unha banda, a defensa da fraseoloxía como unha disciplina científica dotada dun obxectivo de estudo e dunha metodoloxía propia lévanos a presentar aquí un dos seus



eidos máis importantes para a aplicación dos seus principios teóricos, a saber, a fraseodidáctica. Por outra banda, desenvolver ese eido representa un desafío que debe asumir non só o profesor de lingua para formar alumnos lingüística, cultural e socioloxicamente competentes senón tamén os conceptores de recursos pedagóxicos coa creación dun material diversificado, primeiro para a recolleita das expresións, como son os dicionarios ou léxicos monolingües e plurilingües, e logo para a súa exercitación con manuais e cadernos de exercicios. Como iso non existe aínda no mercado educativo, aquí tentamos ofrece-la maneira de confeccionar na aula, entre todos, uns recursos que cubrirían as necesidades de xuntar todo o material fraseolóxico para practicar con el ata conseguir facer un uso activo das unidades fraseolóxicas.

## **6. Bibliografía**

- BALLY, C. (1951): *Traité de Stylistique française* I. Librairie Georg & Cie / Librairie Klincksieck, Genève / Paris.
- BELTRÁN TORTOSA, M. J. e YAÑEZ, E. (1996): *Modismos en su salsa*. Arco/Libros, Madrid.
- CHAFE, W. (1968): "Idiomaticity as an anomaly in the Chomskyan paradigm" en *Foundations of Language* 4/1,1968,109-127.
- CHOMSKY, N. (1965): *Aspects of the Theory of Syntax*. The Massachusetts Institute of Technology, Cambridge.
- COLSON, J. P. (1992): "Ébauche d'une didactique des expressions idiomatiques en langue étrangère" en *Terminologie & Traduction* 2-3,1992,165-179.
- CORPAS PASTOR, G. (2003): *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Lingüística Iberoamericana, Madrid.
- COULMAS, F. (1981): *Conversational Routine. Explorations in prepatterned speech and standardized communication situations*. Mouton, The Hague.
- FÓNAGY, I. (1982): *Situation et signification*. John Benjamins Publishing Company, Amsterdam.
- FORMENT FERNÁNDEZ, M. M. (1998), "La didáctica de la fraseología ayer y hoy: del aprendizaje memorístico al agrupamiento en los repertorios de funciones comunicativas" en [www.ucm.es/info/especulo](http://www.ucm.es/info/especulo).
- GALISSON, R. (1984): *Les expressions imagées*. Cle International - coll. Pratique des Langues Etrangères, Paris.
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, M. (1998): *Expresión fija y sinonimia* en WOTJAK, G. (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Iberoamericana, Madrid, 83-95.
- GENEVIÈVE, E. (1984): *Merde! The real French you were never taught at school*. Atheneum - Macmillan Publishing Company, New York.
- (1987): *Merde encore! More of the Real French you were never taught in school*. Atheneum - Macmillan Publishing Company, New York.
- GROSS, G. (1996): *Les expressions figées en français (noms composés et autres locutions)*. Ophrys, Paris.

- (1997): "Du bon usage de la notion de Locution" en MARTINS-BALTAR, M. (éd.): *La locution, entre langue et usages*. ENS Editions, Fontenay Saint-Cloud, 201-223.
- GROSS, M. (1988): "Les limites de la phrase figée" en *Langages* 90, 1988, 7-22.
- GUIRAUD, P. (1973): *Les Locutions françaises*. Presses Universitaires de France, Paris.
- ISAČENKO, A. V. (1948): "Morphologie, syntaxe et phraséologie" en *Cahiers Ferdinand de Saussure* 7, 1948, 17-32.
- KÓTOVA, M. (1998): "As achegas rusas ós estudos fraseolóxicos" en FERRO RUIBAL, X. (coord.): *Actas do I Coloquio galego de fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia, 247-256.
- PENADÉS MARTÍNEZ, I. (1999): *La enseñanza de las unidades fraseológicas*. Arco/Libros, Madrid.
- (2000): *La hiponimia en las unidades fraseológicas*. Servicio de Publicaciones Documentos de investigación Lingüística 4, Universidad de Cádiz
- POZO DÍEZ, M. del (1999): "Dime cómo hablas y te diré si te comprendo: de la importancia de la enseñanza de expresiones coloquiales, modismos, argot..." en *Español como lengua extranjera: enfoque comunicativo y gramática*. Universidad de Santiago de Compostela - Instituto de Idiomas, Santiago de Compostela.
- RUIZ GURILLO, L. (1997): "Aspectos de fraseología teórica española" en *Cuadernos de Filología Anejo XXIV*, Universitat de València.
- (2000): "Un enfoque didáctico de la fraseología española para extranjeros" en [www.ucm.es/info/especulo](http://www.ucm.es/info/especulo).
- (2002): *Ejercicios de fraseología*. Arco/Libros, Madrid.
- STRÄSSLER, J. (1982): *Idioms in English. A Pragmatic Analysis*. Gunter Narr Verlag, Tübingen.
- LÓPEZ TABOADA, C. (1995): *Do falar e do escribir*. Fontel, A Coruña.
- LÓPEZ TABOADA, C. e SOTO ARIAS, M. do R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. Galinova, A Coruña.
- WEINRICH, U. (1969): "Problems in the Analysis of Idioms" en PUHREL, J. (ed.): *Substance and Structure of Language*. UCLA Press, Berkeley, 23-81.
- WORRALL, A. J. (1971[1932]): *English idioms for foreign students*. Longman, London.
- VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, R. e BUESO FERNÁNDEZ, I. (1999): "¿Cómo, cuándo y dónde enseñar las expresiones fijas? Práctica en el aula" en *Español como lengua extranjera: enfoque comunicativo y gramática*. Universidade de Santiago de Compostela - Instituto de Idiomas, Santiago de Compostela.
- ZWERLING SUGANO, M. (1981): "The Idiom in Spanish Language Teaching" en *The Modern Language Journal* 65/1, 1981, 59-66.

## **Aplicación da teoría de modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos**

Ekaterina Guerbek

Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela

Valerii Mokienko

Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet; Institut für Slawistik, Universität Greifswald

Kateřina Vlasáková

Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela

Neste artigo preséntanse algunhas bases teóricas e prácticas para a elaboración dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos en galego e noutras linguas indoeuropeas. A descrición basearíase na teoría de modelos semántico-estruturais de fraseoloxismos de V. Mokienko. Achégase o concepto *bébedo* como exemplo.

This paper presents some theoretical and practical basis in order to make a plurilingual dictionary of phraseological synonyms for Galician and some other Indoeuropean languages. The description would be based on V. Mokienko's theory of semantic-structural models of idioms. The entry *drunk* is used as an example.

Na elaboración dos dicionarios fraseolóxicos, como é ben sabido, pódense aplicar varios métodos de organización de datos, tanto se eses dicionarios son monolingües como se son bilingües ou plurilingües: as entradas pódense ordenar utilizando un criterio formal (orde alfabética dos compoñentes das unidades fraseolóxicas) ou ben un criterio semántico. Neste último caso a ordenación pódese realizar quer a partir do significado fraseolóxico (p.ex. López Taboada e Soto Arias 1995), quer a partir do significado literal, ou sexa, da imaxe (p.ex. Pena 2001). Nótese que estas dúas formas de ordenación

semántica se combinan con frecuencia coa ordenación formal (mediante a creación de índices) pero non se adoita combinalas entre si.

A teoría da modelabilidade semántico-estrutural dos fraseoloxismos, exposta en *Fraseoloxía eslava* (Mokienko 2000), permite pór en práctica un achegamento algo diferente dos xa citados. Esta teoría demostra a existencia, a nivel interlingüístico, de modelos semántico-estruturais de fraseoloxismos, entendendo cada un deles como un “tipo das construcións sintácticas, segundo o cal se forma unha serie de combinacións estables. O modelo estrutural é a armazón do fraseoloxismo, é un dos factores que aseguran a súa estabilidade e reproducibilidade, e que en certa medida incluso regula a súa identidade semántica” (Mokienko 2000: 95).

Segundo esta mesma teoría, dentro deses modelos (aínda que tamén independentemente deles), recobra unha especial importancia a semántica propia dos compoñentes do fraseoloxismo como portadores do seu significado literal e suxeitos da súa imaxibilidade e expresividade.

Esta base teórica, xunto coa tradución de dúas monografías de V. Mokienko (2000, 2000a), levada a cabo baixo a coordinación do profesor Xesús Ferro Ruibal, permitiron ó equipo que verteu esas obras ó galego elabora-lo *principio de descripción lexicográfica de tres capas*, é dicir, explicativa de: 1) o significado sincrónico (fraseolóxico) da unidade fraseolóxica; 2) a “descodificación” da semántica primitiva da unidade fraseolóxica eslava inicial, mediante a súa interpretación etimolóxica, ou sexa, a través do seu significado literal; 3) a achega do equivalente fraseolóxico estranxeiro (maiormente galego) ou dunha serie deles (dos que só unha pequena parte foi incluída no texto).

Este principio é válido tamén para a elaboración dun dicionario plurilingüe aplicando a ordenación semántica mixta: polo significado fraseolóxico e, ó mesmo tempo, dentro desa clasificación, polo significado literal (polas imaxes iniciais), engadindo a división de acordo cos elementos estruturais. Nótese que se incluírían ademais algúns modelos puramente semánticos, como se pode observar na entrada-exemplo que se ofrece no presente artigo (modelos 2 e 3), seguindo o criterio do carácter relativo de modelabilidade / inmodelabilidade.

Con esta perspectiva, a estrutura principal do dicionario tería como base a lista de conceptos ou temas que corresponden ós significados fraseolóxicos dos ditos. Segundo parece, estes temas poden tanto unirse entre eles por unha área común (p.ex. “Cualidades humanas”, “Fenómenos atmosféricos”, etc. en Rivas 2000, onde tódolos conceptos están agrupados ó redor do tema “Mariña”), como compoñerse de conceptos tratados máis a miúdo na fraseoloxía (V. Birikh, Mokienko e Stepánova 1997; Duneton 1990; López Taboada e Soto Arias 1995).

Ofrecemos como exemplo parcial o concepto *bébedo*, que é extremadamente activo na fraseoloxía das linguas europeas, mencionando de paso un universal fraseolóxico: as valoracións negativas e os temas correspondentes están presentes na fraseoloxía con moita máis intensidade que as positivas, tanto na cantidade coma na calidade (Birikh, Mokienko e Stepánova 1997). Así, o predominio cuantitativo das denominacións do concepto *bébedo* sobre as do concepto *sobrio* salta á vista.

É evidente que *bébedo* pode ter tales subdivisións como ‘o que está bébedo nun momento dado’ ou ‘o que se emborracha con frecuencia’; ‘un pouco bébedo’ ou ‘moi bébedo’; por outra parte, *bébedo* forma parte dun campo semántico máis amplo: ‘beber alcol’, que inclúe tamén conceptos como *sobrio*, *borracheira* ou *emborracharse* (talvez coas mesmas divisións ca *bébedo*). Todo iso pode reflectirse na estrutura do dicionario.

Para o concepto *bébedo* e a subdivisión ‘bébedo nun momento dado’, que aquí figura como exemplo, analízase o material existente en galego<sup>1</sup> co obxectivo de revelar posibles modelos semántico-estruturais ou puramente semánticos que se complementan co material doutras linguas.

## BÉBEDO

Bébedo nun momento dado

Modelo 1. **Estar bébedo (borracho) + coma + nome** (en galego este modelo pode estenderse formando a variante **estar máis bébedo (borracho) + que + nome**).

a. **Estar bébedo (borracho) + coma + nome dun recipiente para a bebida:**

|           |                            |                          |
|-----------|----------------------------|--------------------------|
| en galego | <i>estar borracho coma</i> | <i>unha cuba</i>         |
|           |                            | <i>un odre</i>           |
|           |                            | <i>un pelexo</i>         |
|           |                            | <i>un pelexo de viño</i> |

(Comp.: en galego *andar coma un pelexo*; en alemán *Voll wie ein Fass* ‘cheo coma unha cuba’)

|            |                       |                  |
|------------|-----------------------|------------------|
| en checo   | <i>být opilý jako</i> | <i>sud</i>       |
|            | ‘estar borracho coma  | un barril’       |
|            | <i>být opilý jako</i> | <i>kára</i>      |
|            | ‘estar borracho coma  | un carro’        |
| en ruso    | <i>быть пьяным</i>    | <i>как бочка</i> |
|            | ‘estar borracho coma  | unha cuba’       |
| en ucráino | <i>бути п’яний як</i> | <i>Бочка</i>     |
|            | ‘estar borracho coma  | unha cuba’       |

b. **Estar bébedo (borracho) + coma + nome da bebida:**

<sup>1</sup> Agradecemos ó Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o acceso á súa base de datos fraseolóxica.

|           |                             |               |
|-----------|-----------------------------|---------------|
| en galego | <i>estar borracho coma</i>  | <i>o viño</i> |
|           | <i>estar máis bébedo có</i> | <i>viño</i>   |

c. **Estar bébedo (borracho) + coma + nome da materia prima:**

|           |                                        |                 |
|-----------|----------------------------------------|-----------------|
| en galego | <i>estar máis bébedo (borracho) ca</i> | <i>unha uva</i> |
|           | <i>estar máis bébedo có</i>            | <i>mosto</i>    |

(Comp.: en galego *estar coma unha uva*, *estar feito unha uva*; en castelán *estar hecho una uva*)

|            |                             |                                  |
|------------|-----------------------------|----------------------------------|
| en checo   | <i>být nalitej jako</i>     | <i>slíva</i>                     |
|            | ‘estar cheo de líquido coma | <i>unha ameixa</i> ’             |
| en francés | <i>être rond comme</i>      | <i>une futaille (un tonneau)</i> |
|            | ‘estar redondo coma         | <i>un barril</i> ’               |

(Comp. outras imaxes que, aínda que semellantes, se realizan fóra deste modelo son: en francés *avoir un verre dans le nez* ‘ter un vaso no nariz’; en castelán *estar uno hecho un cuero*)

d. **Estar bébedo (borracho) + coma + nome dun animal**

|           |                                        |                           |                                               |
|-----------|----------------------------------------|---------------------------|-----------------------------------------------|
| en galego | <i>estar máis bébedo (borracho) ca</i> | <i>unha cabra</i>         | (parece ser alusión á incapacidade de razoar) |
| en alemán | <i>besoffen (voll) wie</i>             | <i>ein Schwein (sein)</i> |                                               |
|           | ‘estar bébedo coma                     | <i>un porco</i> ’         |                                               |
| en checo  | <i>být opilý jako</i>                  | <i>čuně</i>               |                                               |
|           | ‘estar bébedo coma                     | <i>un leitón</i> ’        |                                               |
|           | <i>být opilý jako</i>                  | <i>kanec</i>              |                                               |
|           | ‘estar bébedo coma                     | <i>un xabaril</i> ’       |                                               |
|           | <i>být opilý jako</i>                  | <i>prase</i>              |                                               |
|           | ‘estar bébedo coma                     | <i>un porco</i> ’         |                                               |
|           | <i>být opilý jako</i>                  | <i>štěně</i>              |                                               |
|           | ‘estar bébedo coma                     | <i>un cachorro</i> ’      |                                               |
|           | <i>být opilý jako</i>                  | <i>zvíře</i>              |                                               |
|           | ‘estar bébedo coma                     | <i>un animal</i> ’        |                                               |

|            |                          |                 |                         |
|------------|--------------------------|-----------------|-------------------------|
| en inglés  | <i>to be as drunk as</i> | <i>a skunk</i>  |                         |
|            | ‘estar bébedo coma       | unha mofeta’    |                         |
|            | <i>to be as drunk as</i> | <i>a newt</i>   |                         |
|            | ‘estar bébedo coma       | un tritón’      |                         |
| en ruso    | <i>быть пьяным как</i>   | <i>свинья</i>   | (alusión á<br>sucidade) |
|            | ‘estar bébedo coma       | unha porca’     |                         |
| en ucraino | <i>бути п'яний</i>       | <i>як свиня</i> |                         |
|            | ‘estar bébedo coma       | unha porca’     |                         |

(Comp.: outras locucións con nomes de animais que non se inclúen neste modelo: en galego *coller unha sardiña*, *comprar unha mula*, *pillar unha mona*; en castelán *pillar una zorra*, *coger una mona*; en checo *mit vopici/opici* ‘ter unha mona’, *přijít domů s vopici/opici* ‘voltar á casa cunha mona’; en italiano *pigliar la mona* ‘pillar unha mona’; en ruso *быть под мухой* ‘estar baixo a mosca’, *напиться до зеленого змия* ‘embebedarse ata a serpe verde’)

**e. Estar bébedo (borracho) + coma + nome dun obxecto inerte e/ou morto**

|           |                            |                  |
|-----------|----------------------------|------------------|
| en galego | <i>estar borracho coma</i> | <i>unha prea</i> |
|           |                            | <i>preas</i>     |

(Comp. *coller unha prea*)

|            |                        |                         |
|------------|------------------------|-------------------------|
| en checo   | <i>být opilý jako</i>  | <i>dělo</i>             |
|            | ‘estar bébedo coma     | un cañón’               |
| en francés | <i>être raide</i>      | <i>comme la justice</i> |
|            | ‘estar ríxido coma     | a xustiza’              |
| en ruso    | <i>быть пьяным как</i> | <i>колода</i>           |
|            | ‘estar bébedo coma     | un tronco’              |

(Comp. outros xiros que están fora deste modelo: en ruso *мертвецу пьян* ‘estar mortalmente bébedo’; en ucraino *лежати п'яний как колода* ‘estar tombado borracho coma un tronco’)

**f. Estar bébedo (borracho) + coma + nome aplicado a persoa**

|           |                            |               |
|-----------|----------------------------|---------------|
| en galego | <i>estar borracho coma</i> | <i>Castro</i> |
|-----------|----------------------------|---------------|

|            |                                |                           |
|------------|--------------------------------|---------------------------|
| en alemán  | <i>besoffen (voll) wie ein</i> | <i>Bürstenbinde(sein)</i> |
|            | ‘estar borracho coma           | un cepilleiro’            |
| en búlgaro | <i>тиян като</i>               | <i>цыганин</i>            |
|            | ‘estar borracho coma           | un xitano’                |
| en checo   | <i>být opilý jako</i>          | <i>Dán</i>                |
|            | ‘estar borracho coma           | un danés’                 |
| en francés | <i>être gris (saoul) comme</i> | <i>un Polonais</i>        |
|            | ‘estar borracho coma           | un polaco’                |
| en inglés  | <i>to be as drunk as</i>       | <i>a lord</i>             |
|            | ‘estar borracho coma           | un lord’                  |
| en ruso    | <i>быть пьяным как</i>         | <i>сапожник</i>           |
|            | ‘estar borracho coma           | un zapateiro’             |
|            | <i>быть пьяным как</i>         | <i>грек</i>               |
|            | ‘estar borracho coma           | un grego’                 |
|            | <i>быть пьяным как</i>         | <i>черт</i>               |
|            | ‘estar borracho coma           | un demo’                  |
| en ucraíno | <i>бути п’яний як</i>          | <i>швець</i>              |
|            | ‘estar borracho coma           | un zapateiro’             |

Á parte, notemos que aquí se poden definir algúns modelos puramente semánticos. A persoa bébeda, como sabemos, non domina ben o seu propio corpo e isto non lle escapa á xente, que o reflicte nos seguintes fraseoloxismos:

Modelo 2. Ter dificultades para falar.

|             |                                           |
|-------------|-------------------------------------------|
| en galego   | <i>te-la lingua grossa</i>                |
| en alemán   | <i>etw. nicht über die Lippen bringen</i> |
|             | ‘non sacar nada polos beizos’             |
| en castelán | <i>tener uno la lengua gruesa</i>         |
|             | <i>tropezar uno en las erres</i>          |



en checo *mít těžký jazyk*

‘te-la lingua pesada’

en ruso *не ворочать языком*

‘non move-la lingua’

*двух слов не мочь связать*

‘non poder ligar dúas palabras’

en ucraíno *язик не повертається у кого*

‘non movérselle a lingua a alguén’

Modelo 3. Ter dificultades para manterse de pé ben equilibrado

en galego *achegarse ás paredes*

*andar facendo eses*

*pesa-la cabeza máis cós pés*

en alemán *sich kaum auf den Beinen halten können*

‘terse apenas sobre as pernas’

*j-m Beine versagen Dienst*

‘negárselle as pernas a alguén a cumpri-la súa función’

*j-m Beine schwer sein*

‘pesarlle as pernas a alguén’

*im Zickzack gehen (laufen)*

‘ir en zigzag’

en castelán *hacer el arrimón*

*arrimarse uno a la pared*

*andar haciendo eses*

*agarrarse un ciego*

- en checo *plést nohama*  
'trenzar cos pés'  
*sotva se držet na nohách*  
'sosterse apenas sobre os pés'  
*mít těžké/těžký nohy*  
'te-los pés pesados'
- en inglés *to be (absolutely) legless*  
'estar sen pernas de vez'  
*to be paralytic*  
'estar paralítico'
- en ruso *на ногах не держаться*  
'non sosterse sobre os pés'  
*заплести ногами*  
'trenzar cos pés'  
*кренделя ногами выписывать*  
'escribir viñetas cos pés'
- en ucraíno *не повертатися язик у кого*  
'non sosterse sobre os pés'  
*не слухатися ноги у кого*  
'non obedecerlle os pés a alguén'

Como podemos observar, unha descrición así está baseada na ordenación semántico-estrutural (ou puramente semántica, debido á relatividade da modelabilidade) do material, que ten en conta tanto o significado fraseolóxico dos ditos (fanse agrupacións polos campos cardinais de tipo 'beber alcol' e, por outra banda, divisións por conceptos do tipo *bébedo*, *sobrio*, etc.; e polos significados máis específicos como 'estar bébedo nun momento dado', etc.), coma o seu significado literal (as palabras clave, en vez de ordenarse alfabeticamente, ordénanse polos seus temas, coma no exemplo tratado: *recipientes*, *animais*, etc.)

Deste xeito, o achegamento que aquí presentamos podería abrir máis posibilidades na teoría e práctica da fraseografía, o que, á súa vez, tería importancia para a teoría e práctica da tradución de fraseoloxismos: o tradutor tería a posibilidade de subir un banzo máis entre o significado fraseolóxico, que adoita transmitirse na tradución, e a imaxe, que en numerosas ocasións se esvaece; este banzo é o "modelo" que, dada a ausencia da

imaxe totalmente equivalente, permite tentar elixir outra máis próxima canto á semántica e, se é posible, á estrutura.

Por outra parte, unha descrición así ofrece á teoría fraseolóxica uns datos evidentes sobre puntos comúns entre linguas distantes, que se poderían explicar, á parte dos calcos e a influencia da Biblia, pola base cognitiva común que o home utiliza para expresar conceptos.

Ademais, a acumulación de material deste tipo podería axudar a crear bases de datos sobre distintos fragmentos do “cadro fraseolóxico do mundo”, neste caso das linguas modernas de Europa, sendo algúns deles comúns para distintas linguas e tendo outros carácter especificamente nacional.

## **Bibliografía**

- BIRIKH, A., MOKIENKO, V. e STEPÁNOVA, L. (1997): *Slovar' frazeologicheskikh sinónimov rússkogo iazika*. [Diccionario de sinónimos fraseolóxicos da lingua rusa]. Feniks, Rostov-na-Donú. [Бирих, А., Мокиенко, В., Степанова, Л. Словарь фразеологических синонимов русского языка. Ростов-на-Дону, “Феникс”].
- ČERMÁK, F., HRONEK, J., MACHAČ, J. (1983): *Slovník české frazeologie a idiomatiky* [Diccionario de fraseoloxía checa. Comparacións]. Academia, Praha.
- (1988): *Slovník české frazeologie a idiomatiky. Výrazy neslovesné* [Diccionario de fraseoloxía checa. Expresións non verbais]. Academia, Praha.
- (1994): *Slovník české frazeologie a idiomatiky. Výrazy slovesné A-P, R-Ž* [Diccionario de fraseoloxía checa. Expresións verbais]. Academia, Praha.
- DUNETON, C. (1990): *Le Bouquet des expressions imagées. Encyclopédie thématique des locutions figurées de la langue française*. Éditions du Seuil, París.
- LÓPEZ TABOADA, C. e SOTO ARIAS, M<sup>a</sup> do R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. Galinova, A Coruña.
- MOKIENKO, V. (1989): *Slaviánskaia frazeologuia* [Fraseoloxía eslava]. Vísshaia shkola, Moskvá. [Мокиенко, В.М. Славянская фразеология. Издание второе, испр. и дополненное. Москва, “Высшая школа”].
- (2000): *Fraseoloxía eslava*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- (2000a): *Imaxes da lingua rusa*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- PENA ROMAY, X. A. (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*. Edicións do Cumio, Vigo.
- RIVAS, P. (2000): “Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa” en *Cadernos da Fraseoloxía Galega* 1,2000.



## **Colocacións verbais: estabilidade fraseolóxica vs. combinatoria sintáctico-semántica**

Juan Pablo Larreta Zulategui<sup>1</sup>

Universidad de Sevilla

Este artigo ten como tema a combinatoria do compoñente verbal das combinacións. Máis concretamente, propónse rexeitar parcialmente o postulado de que estes compoñentes perden o seu significado no interior das devanditas estruturas colocacionais. Pártese da base de que non tódalas combinacións sintagmáticas ás que se adscribe o termo "colocación" son homoxéneas no que se refire ós trazos semánticos dos seus compoñentes. Só aquelas combinacións compostas dun verbo de significado amplo e un substantivo predicativo mostran aparentemente esa ausencia de significado no compoñente verbal. Neste artigo, con todo, postúlase que dende unha perspectiva gramatical, que non ten por que estar enfrontada substancialmente á teoría xeral fraseolóxica, estes compoñentes verbais posúen unha actividade combinatoria sintáctico-semántica.

This paper deals with the verbal combinatory of collocations: more exactly, it is intended to refuse partially the usual postulate that explains how the verbal components lose their meaning within these structures. For that purpose, the starting point is the fact that not all syntagmatic combinations called collocations are homogeneous regarding the semantic features of their components. Only those combinations of a verb with a wide meaning and a noun enunciating a predication show, in appearance, such an absence of meaning in the verbal component. In this paper, however, it is said that from a point of view based on grammar, not substantially opposed to the general phraseological theory, these verbal components have a syntactical-semantic combinatorial activity.

**1.** As colocacións (CO) pódense definir de forma concisa como unidades fraseolóxicas non idiomáticas con estrutura suboracional, se ben tamén poden ser definidas dun xeito

---

<sup>1</sup> Traducido por Ana Vidal Castiñeira.

máis extenso e analítico (Alonso 1994/95; Bosque 2001; Corpas 1996, 2001; Hausmann 1985, 1989; Irsula 1994a; Larreta 2002; Wotjak 1994, 1998, 2002), cuestión que aquí non nos interesa, dado que partimos da base de que existe un certo acordo teórico ó respecto na investigación fraseolóxica. Con todo, sempre queda a dúbida de se nesta investigación se lle presta atención suficiente á capacidade referencial, ben sexa destas unidades no seu conxunto, ben dos compoñentes que as conforman, tomados de forma illada (Larreta 2002). Esta é unha característica relevante á hora de definir estas unidades, polo que parece pertinente que se inclúa dentro da súa definición. Poucos autores a tiveron en conta, sinalándoa como trazo esencial destas combinacións sintagmáticas (Helbig 1979) ou utilizándoa como criterio substancial para establecer unha clasificación das mesmas (Wotjak 1994). No tema que nos ocupa, o comportamento e os trazos semánticos do compoñente verbal das CO verbais, debemos mencionar necesariamente esta capacidade referencial.

**1.1.** Este interese pola estrutura semántica e a relevancia do compoñente verbal ten a súa orixe nas investigacións que se centran na definición e clasificación das CO, que se dividen, a grandes liñas, dentro dun ámbito que se podería chamar lingüístico-filosófico, entre as posicións nominalistas e as centradas na valencia do verbo. Cada postura defende respectivamente a preeminencia do compoñente substantivo ou do compoñente verbal na produción da unidade fraseolóxica ou, cando menos, o seu peso específico dentro da estrutura semántica global da unidade en cuestión (Irsula 1994a, 1994b).

Así e todo, o interese polo compoñente verbal das CO tamén nace da posibilidade de considerar estes elementos como medidas da comparación en estudos fraseolóxicos contrastivos (no noso caso concreto entre as linguas alemá e española (Albi e Larreta 2004 e Larreta no prelo). A elección deste criterio como *tertium comparationis* implica, como xa se sinalou noutra ocasión (Albi e Larreta 2004), que un estudo contrastivo deste tipo proporcione resultados distintos das análises que parten do significado léxico da unidade completa como medida da comparación; por medio deste último procedemento conxúganse o concepto teórico da estabilidade da UF e a análise contrastiva, xa que as UF se comparan a partir da súa condición de unidades fixas e estables, sentidas e empregadas así polo falante, ás que se lles atribúe un significado unitario a pesar da súa polilexicalidade, tal como indica a teoría xeral fraseolóxica (Burger et alii 1982, Fleischer 1982).

Con todo, o contraste das CO partindo dun só dos seus compoñentes acepta a posibilidade de que estas unidades poidan ser entendidas analiticamente, hipótese contraria ó carácter de unidade estable; e, no caso das CO verbais, este punto de partida lévanos á necesidade de aceptar que o compoñente verbal das mesmas posúe capacidade combinatoria non só sintáctica senón tamén semántica, rebatendo a afirmación habitual (aínda que non sempre compartida, p.ex. Wotjak 1998: 755) de que nas CO ou construcións con verbos soporte ou funcional o compoñente verbal se acha practicamente carente de significado léxico, posto que o perdería en favor do compoñente nominal da UF en cuestión, realizando unicamente unha función gramatical. Aquí postúlase, pola contra, que o compoñente verbal segue posuíndo un significado polo menos intensional e unha combinabilidade non fortuíta, que permite a formación de

novos sintagmas, de xeito que o sistema lingüístico desenvolve a través da norma as súas capacidades expresivas<sup>2</sup>.

**1.2.** Nos dous modelos contrastivos nos que vimos traballando ata o de agora partíase ben da idea de que o verbo que actúa como compoñente verbal xera a través da historia da lingua variantes significativas que parten dun significado primario, de xeito que así podería combinarse con argumentos semanticamente distintos dos habituais (os que chamaríamos do discurso libre), argumentos que ademais ás veces formarían series paradigmáticas (Larreta no prelo); ben da idea de que o falante actualiza de diversas maneiras o significado verbal, definido a través dunha fórmula semántica que posúe unha serie de trazos semánticos mínimos (fórmula que se define no marco da Semántica de dous niveis: Bierwisch 1983, Lang 1984), dependendo da interpretación contextual, o que lle permitiría ó verbo combinarse igualmente con argumentos semanticamente diversos segundo as descrições semánticas estruturalistas ou cognitivas (Albi e Larreta 2004). Aínda que son prismas teóricos distintos, non parece que aporten resultados finais moi diferentes contrastivamente falando. Ademais, ámbolos dous puntos de partida teñen en común que o verbo non deixa de posuír un significado léxico e polo tanto tampouco o potencial para conformar diversas estruturas argumentais.

**2.** En calquera caso, antes da defensa que pretendemos realizar (cf. 2.2 e 2.3) da capacidade significativa do compoñente verbal nalgunhas das unidades fraseolóxicas que se veñen denominando CO, coidamos que é preciso recalcar que noutras estruturas sintagmáticas que tamén foron subsumidas baixo este termo tal defensa nos parece case innecesaria. Debemos admitir que, tanto polos conceptos teóricos como polos exemplos prácticos cos que se traballa na bibliografía das CO, estas parecen conformar un grupo heteroxéneo, respecto do cal non sempre se poden formular postulados xerais que afecten a tódalas unidades por igual; e un deses axiomas non xeneralizables é xustamente o que traemos aquí a debate, isto é, a teórica ausencia de significado léxico do compoñente verbal das CO verbais.

**2.1.** Repasando algunhas das clasificacións que se fixeron segundo os trazos semánticos dos distintos compoñentes das CO (Hundt 1994, Wotjak 1994, Larreta no prelo), encontramos en primeiro lugar unidades do tipo *sacar dinero* ou *lavarse los dientes*. Nestas unidades é evidente que cada compoñente posúe capacidade referencial propia e un significado diverso: o substantivo concreto é unha lexía autoincidente e o verbo expresa unha predicación, ben por ser seleccionado máis ou menos arbitrariamente ou, mellor, normativamente pola comunidade lingüística botando man das posibilidades que para facelo lle brinda o sistema.

---

<sup>2</sup> Non debemos esquecer que a tradición investigadora remarcou o status das construcións con verbo soporte como unidades sitas na fronteira entre o corpus fraseolóxico e o sistema gramatical (Helbig 1979), susceptibles, polo tanto, de ser estudadas analiticamente. Este postulado vese reforzado na lingüística actual dentro do marco teórico que analiza a interface entre léxico e gramática (ó respecto e no relativo ás CO ou unidades con verbo soporte: Bohmer 1994: 89, Bosque 2001, Detges 1991). No devandito marco considérase xeralmente que os predicados fixan paradigmas máis ou menos amplos, determinando os seus argumentos por medio de restricións de selección, sen reparar na clásica distinción de Hausmann entre CO e combinacións libres.

Outros tipos de unidades tales como *fruncir el entrecejo*, por unha banda, ou *disfrutar / beber / preparar (un) café*, pola outra, parecen atoparse respectivamente a medio camiño entre o corpus fraseolóxico e a gramática ou definitivamente fóra deste corpus (Larreta no prelo); se ben en ámbolos dous casos os compoñentes verbais seguen mantendo o seu significado, isto é, expresando unha predicación, mentres que o substantivo, de novo autoincidente, se refire a un obxecto concreto.

Finalmente, outro tipo de unidades cun compoñente que aporta trazos significativos ó conxunto da unidade sintagmática son as construcións do tipo *poner en marcha* ou *llevar a término*, nas que por medio do compoñente verbal se expresa un determinado modo de acción. Non podemos considerar que esta sexa nin moito menos unha información puramente gramatical. Ademais, a elección dun verbo de movemento ou outro non é casual e explícase pola conceptualización do movemento para expresar outras ideas, segundo se postula na Teoría da Metáfora de Lakoff e Johnson. Nesta conceptualización, a través da que se expresan os modos de acción arriba mencionados, é fundamental a natureza semántica do verbo, que non se perde, senón que modifica os seus semas ou é reinterpretada. Con todo e iso, hai que admitir que neste último tipo de unidades a referencia é só unha predicación compartida por ámbolos dous compoñentes, xa que o substantivo, a diferenza do que se observa nas unidades anteriores, non é concreto, senón unha lexía heteroincidente que expresa unha predicación. Así e todo, tamén se podería interpretar que a metaforización do significado verbal vai acompañada da do significado do substantivo, que se “cousificaría” parcialmente, volveríase concreto. En tal caso si podería dicirse que se mantería a capacidade referencial individual de cada compoñente.

**2.2.** Unha vez revisada toda esta serie de unidades sintagmáticas que poden denominarse CO, só resta por analizar un tipo, o das chamadas *formas ampliadas do verbo* (*Streckformen* na clásica investigación da xermanística), que é o que presenta maiores dificultades na elucidación da estrutura semántica tanto do compoñente verbal por si só coma da unidade sintagmática no seu conxunto. Destas unidades afírmase que os seus compoñentes están semanticamente fusionados: formadas por un lexema verbal simple e un substantivo heteroincidente sobre o que recae a carga semántica do conxunto da unidade, expresan unha soa predicación. A diferenza dos casos anteriores, o verbo nin sequera contribúe a esa predicación coa expresión de modos de acción e adoita mostrar no discurso libre o que se deu en chamar un “significado amplo”. Exemplos destas unidades son *dar un paseo* ou *hacer una propuesta*. Unidades idénticas a estas últimas no que á relación semántica dos seus compoñentes se refire, pero cun compoñente verbal que mostra un maior grao de figuración ou expresividade (non diríamos, aínda así, un maior grao de metaforización), son sintagmas do tipo *albergar esperanzas* ou *levantar sospechas*. De tódolos xeitos, este grao de expresividade non incide no núcleo da predicación, que segue recaendo no substantivo.

A partir do descrito para estas unidades, comezamos admitindo parcialmente o postulado en torno ó cal xira a nosa análise: que o compoñente verbal neste tipo de CO se acha baldeiro de significado e cumpre unicamente unha serie de funcións gramaticais, mentres que o núcleo da predicación se atopa no substantivo heteroincidente. Esta afirmación parécenos correcta desde a perspectiva da teoría xeral fraseolóxica, que conceptualiza estes sintagmas como unidades formalmente complexas que desempeñan unha función



denominativa equivalente á dos lexemas e que, como tales, se encontran a disposición do falante para ser rescatadas en bloque da memoria. Á descrición estruturalista únense estudos psicolingüísticos que corroboran o carácter unitario e denotativo destas unidades. Con todo, cremos que unha análise completa do funcionamento semántico destas combinacións non pode quedarse nesta constatación e reclama un paso máis, esta vez na perspectiva dunha análise sistémica no ámbito da gramática.

**2.3.** Certamente, esta calidade fraseolóxica que anula a independencia sintáctica e semántica dos compoñentes da unidade, incidindo no carácter denotativo do seu conxunto, vese reforzada pola posible existencia nas CO de anomalías gramaticais diversas, p.ex. a ausencia dun artigo que acompañe o substantivo en singular (Koike 2001). Aínda así, existe un indicador que nos alerta en sentido contrario: a posible constitución de series paradigmáticas por parte dos argumentos que adquiren tanto os verbos de significado amplo (*dar un paseo / un rodeo / un salto / un traspies / un paso / una vuelta o hacer una propuesta / una afirmación / una aseveración / una declaración*) coma aqueles verbos que etiquetamos de figurativos ou expresivos (*albergar esperanzas / dudas / deseos / sospechas / recelos*) representa unha proba da gramaticalidade que acompaña o proceso de xeración destas unidades. Pensamos que o verbo desenvolve as súas posibilidades semánticas (ben sexa orixinando variantes significativas a partir dun significado primixenio, ben posibilitando interpretacións contextuais diversas mercé a unha fórmula semántica mínima e pouco restritiva que lle permite admitir unha combinatoria moi ampla) no transcurso da historia de cada lingua, e mercé a este desenvolvemento das súas posibilidades combinatorias sememotáticas xéranse, entre outros fenómenos, estas unidades que funcionan denotativamente como lexemas e que incluímos dentro das actuais CO. É, polo tanto, o potencial semántico verbal, ás veces xunto ó do substantivo, que tamén aporta as súas calidades ó proceso, o que permite estas unións sintagmáticas: á formación das CO, polo tanto, subxace un mecanismo lingüístico que só pode ser entendido dinamicamente e que presupón a capacidade combinatoria verbal, matizando así o axioma da semántica baldeira do verbo.

**3.** Ó exposto pódese obxectar, seguramente non sen razón, polo menos unha cuestión: precisamente ó sinalar o feito de que as CO e a súa orixe só poden ser entendidas dinamicamente e que só así se xustifica o carácter do verbo como compoñente con significado propio, supeditamos esta característica verbal a unha perspectiva diacrónica. Deste xeito, nunha análise sincrónica as CO só poderían ser entendidas como unidades cuxo proceso de formación está concluso, polo que habería que consideralas unicamente como unidades denominativas unitarias.

Sexa como for, a nós, aínda así, parécenos máis interesante obviar nesta análise das CO a tradicional división metodolóxica entre sincronía e diacronía, para poder sustentar este razoamento que nos permite achegarnos a estas unidades sintagmáticas dende ambas perspectivas da fraseoloxía e a gramática valencial, tal como se esbozou aquí. Creemos que só así se lograría alcanzar unha visión integral que explique este fenómeno das CO en tódalas súas dimensións. Gramática e fraseoloxía poden así achegarse a un mesmo obxecto de estudo e aclararnos cuestións distintas respecto del. Non son perspectivas

opostas senón dous niveis distintos de análise dun mesmo obxecto que poden conxugarse.

#### 4. Bibliografía

- ALBI APARICIO, M. e LARRETA ZULATEGUI, J. P. (2004): “Consideraciones en torno al componente verbal en el análisis contrastivo de expresiones fijas” en *Estudios filológicos alemanes* 3, 2004.
- ALONSO RAMOS, M. (1994/95): “Hacia una definición del concepto de colocación de J. R. Firth a I. A. Mel’čuk” en *Revista de lexicografía* 1, 1994/95, 9-28.
- BIERWISCH, M. (1983): “Semantische und konzeptuelle Repräsentation lexikalischer Einheiten” en RUZICKA, R. e MOTSCH, W. (eds.): *Untersuchungen zur Semantik*. Akademie Verlag, Berlin, 61-99.
- BÖHMER, H. (1994): *Komplexe Prädikatsausdrücke im Deutschen und Französischen. Theoretische Aspekte, kontrastive Aspekte, Aspekte der Verwendung*. Peter Lang, Frankfurt a.M.
- BOSQUE, I. (2001): “Sobre el concepto de ‘colocación’ y sus límites” en *Lingüística española actual* XXIII/1, 2001, 9-40.
- BURGER, H., BUHOFER, A. e SIALM, A. (1982): *Handbuch der Phraseologie*. Walter de Gruyter, Berlin.
- CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.
- (2001): “Apuntes para el estudio de la colocación” en *Lingüística española actual* XXIII/1, 2001, 41-56.
- DETTGES, U. (1991): “Französische Funktionsverbgefügen vom Typ être Präp. N. Zum Verhältnis von lexikalischer Kategorie und propositionaler Funktion” en KOCH, P. e KREFELD, T. (eds.): *Connexiones Romanicae*. Linguistische Arbeiten 268. Tübingen, 253-277.
- FLEISCHER, W. (1982): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. VEB Bibliographisches Institut, Leipzig.
- HAUSMANN, F. J. (1985): “Kollokationen im deutschen Wörterbuch. Ein Beitrag zur Theorie des lexikographischen Beispiels” en BERGENHOLTZ, H. e MUGDAN, J. (eds.): *Lexikographie und Grammatik*. Max Niemeyer, Tübingen, 118-129.
- (1989): “Le dictionnaire de collocations” en HAUSMANN, F. J., REICHMANN, O., WIEGAND, H. E. e ZGUSTA, L. (eds.): *Wörterbücher, Dictionaries, Dictionnaires. Ein internationales Handbuch zur Lexikographie*. Walter de Gruyter, Berlin, 1010-1019.
- HELBIG, G. (1979): “Probleme der Beschreibung von Funktionsverbgefügen im Deutschen” en *DaF* 16, 1979, 273-285.
- HUNDT, C. (1994): “Construções de verbo + substantivo: estrutura, semântica e posição dentro da fraseologia” en ENDRUSCHAT, A., VILELA, M. e WOTJAK, G. (eds.): *Verbo e estruturas frásicas do verbo. Colóquio Internacional de Hispanística*. Universidade do Porto, Porto, 267-275.
- IRSULA, J. (1994a): *Substantiv-Verb-Kollokationen. Kontrastive Untersuchungen Deutsch-Spanisch*. Peter Lang, Frankfurt a.M.

- (1994b): “Entre el verbo y el sustantivo, ¿quién rige a quién? El verbo en las colocaciones sustantivo-verbales” en ENDRUSCHAT, A., VILELA, M. e WOTJAK, G. (eds.): *Verbo e estruturas frásicas do verbo. Colóquio Internacional de Hispanística*. Universidade do Porto, Porto, 277-286.
- KOIKE, K. (2001): *Colocaciones léxicas en el español actual: estudio formal y léxico-semántico*. Universidad de Alcalá de Henares, Alcalá de Henares.
- LANG, E. (1984): “Semantische vs. konzeptuelle Struktur: Unterscheidung und Überschneidung” en SCHWARZ, M. (ed.): *Kognitive Semantik*. Narr, Tübingen, 25-41.
- LARRETA ZULATEGUI, J. P. (2002): “En torno a la semántica de las colocaciones fraseológicas” en *Estudios de Lingüística* 16,2002,121-138.
- (no prelo): “Zur logisch-semantischen Valenz als Tertium comparationis beim Vergleich verbaler Kollokationen (am Beispiel des Sprachenpaares Deutsch-Spanisch)” en *Actas del V Congreso de Lingüística Contrastiva Interrománica y con el Alemán de Leipzig*.
- (no prelo): “Zu einer Klassifikation der verbalen Kollokationen” en *DaF*.
- WOTJAK, G. (1994): “Nichtidiomatische Phraseologismen: Substantiv-Verb-Kollokationen - ein Fallbeispiel” en SANDIG, B. (ed.): *EUROPHRAS 92. Tendenzen der Phraseologieforschung*. N. Brockmeyer, Bochum, 651-677.
- (1998): “Syntagmatische Beziehungen im Wortschatz?” en *Tradición e innovación en los estudios de lengua, literatura y cultura alemanas en España*. Kronos Universidad, Sevilla, 741-757.
- (2002): “Lexikalische Strukturen aus syntagmatischer Sicht” en CRUSE, D. A., HUNDSNURSCHER, F., JOB, M. e LUTZEIER, P. R. (eds.): *Ein internationales Handbuch zur Natur und Struktur von Wörtern und Wortschätzen 1. Halbband*. Walter de Gruyter, Berlin, 556-565.



## **A relevancia da teoría da modelabilidade de Valerii Mokienko a través da súa monografía *Fraseoloxía Eslava* (1980/trad. 2000)**

Carmen Mellado Blanco<sup>1</sup>

*Universidade de Santiago de Compostela*

Neste artigo póñense de manifesto os puntos máis innovadores e decisivos da teoría de Mokienko presentes no seu volume *Fraseoloxía Eslava* (1980/1989), traducido en 2000 por E. Guerbek. Entre eles está o valor que se lle concede ó significado literal dos lexemas integrantes do fraseoloxismo e en xeral á forma interna deste, a transcendencia de incluír dialectalismos como obxecto de estudo, o papel crucial da perspectiva diacrónica e a análise das variantes fraseolóxicas. Así mesmo, analízase a transcendencia que tivo a teoría da modelabilidade semántico-estrutural de Mokienko no panorama da investigación europea e faise un breve comentario á tradución realizada para o galego.

This article presents the most innovative and conclusive items of Mokienko's theory, contained in his work *Fraseoloxía Eslava* (1980/1989), translated in 2000 by E. Guerbek. Some of them are: the importance granted to the literal meaning of the constituent lexemes of an idiom as well as to its inner form as a whole, the transcendency entailed in including dialectalisms as an object of study, the crucial role of the diachronic perspective and the analysis of idiomatic variants. Also, an analysis is made on how important Mokienko's theory of semantic-structural modelability was in the panorama of European research, as well as a brief comment on its translation into Galician.

### **1. Introducción**

No ano 2000 saíron á luz dúas monografías do ruso Valerii Mokienko en lingua galega: *Fraseoloxía eslava* e *As imaxes da lingua rusa*, ámbalas dúas traducidas ó galego por Ekaterina Guerbek. A primeira destas obras foi obxecto de dúas edicións no seu país, en

---

<sup>1</sup> Traducido por Ana García Lozano.

1980 e 1989, sendo a segunda o punto de partida da tradución ó galego. A publicación en ruso de *As imaxes da lingua rusa* data do ano 1986.

A envergadura do autor V. Mokienko e a súa prolixidade aprécianse no elenco de publicacións<sup>2</sup> fraseolóxicas que ten no seu haber e que o converten nunha figura de referencia para a nosa disciplina fraseolóxica.

A obra de Mokienko permanecera practicamente inaccesible ó mundo occidental ata o ano 2000, cando os manuais mencionados anteriormente foron traducidos por primeira vez a unha lingua románica. Este feito é dobremente relevante para a nosa lingua galega: por enriquecela e ennobrecela ó facela receptora de obras científicas importantes, pero tamén por se converter na lingua instrumental que deberán manexa-los lingüistas europeos occidentais cando desexen achegarse a este autor eslavo desde unha lingua románica. Abofé que a difusión cara ó exterior dunha lingua minoritaria mediante obras emblemáticas é a mellor maneira de asegura-la súa difusión e coñecemento.

Por todo isto hai que agradecerlle ó Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o gran labor filolóxico que está a levar a cabo no eido da fraseoloxía a través do seu coordinador Xesús Ferro Ruibal e a tradución ó galego de obras cruciais que do contrario seguirían sendo inaccesibles para a maioría dos investigadores occidentais.

## 2. A contribución da escola rusa á fraseoloxía e a obra de Mokienko no contexto europeo

Foi na antiga Unión Soviética, cara á metade dos anos 40, cando da man de V. V. Vinográfov a fraseoloxía adquire a categoría de disciplina lingüística autónoma. Apoiándose nas achegas do suízo Charles Bally (1909), Vinográfov desenvolve unha clasificación tripartita dos fraseoloxismos (*adherencias fraseolóxicas*, *unidades fraseolóxicas* e *combinacións fraseolóxicas*) que marcaría a pauta da investigación fraseolóxica das seguintes tres décadas. A pesar dos intentos de Isačenko de transmitir ó mundo occidental a clasificación dos fraseoloxismos de Vinográfov por medio dunha publicación en *Cahiers Ferdinand de Saussure* (1948), ata ben entrados os 70 a corrente fraseolóxica rusa non empeza a ter unha resposta masiva fóra das súas fronteiras<sup>3</sup>.

De tódolos xeitos, con respecto ó alemán, foi tamén unha lingüista soviética (Černyševa 1970) unha das pioneiras en estudar-la fraseoloxía desta lingua, xunto a outros da antiga Alemaña Democrática (como W. Fleischer) baixo a influencia rusa.

Os fraseólogos rusos dos 70 seguen na súa maioría os postulados da Escola de Praga, a cal nacera en 1926 (Círculo lingüístico de Praga) como reacción ó estruturalismo

<sup>2</sup> Destacamos entre elas as seguintes: *Cara á profundidade do dito* (1975), *Fraseoloxía eslava* (1980), *As imaxes da lingua rusa* (1986), *Adiviñas da fraseoloxía rusa* (1990), *Fraseoloxismos rusos. Diccionario lingüo-paisolóxico* (1990), *Fraseoloxismos na lingua rusa. Diccionario* (1997), *Diccionario breve de sinónimos fraseolóxicos* (1997), *Diccionario da fraseoloxía rusa. Libro de referencia histórico-etimolóxico* (1998), publicadas todas elas unicamente en ruso, agás *Fraseoloxía eslava* e *Imaxes da lingua rusa* que, como xa se indicou, foron traducidas ó galego.

<sup>3</sup> Fóra do espazo soviético destaca como honrosa excepción en España o traballo de J. Casares (1950): “La locución, la frase proverbial, el refrán, el modismo”.

liderado pola teoría de Saussure. Así, xa nas primeiras obras sobre fraseoloxía rusa, téntase derruba-la dicotomicidade absoluta de *langue* e *parole* de Saussure, dando especial importancia ós actos de fala e ás variantes dialectais. Na obra que nos ocupa, *Fraseoloxía eslava*, incídese especialmente nestes aspectos: Mokienko establece como o seu obxectivo primordial estuda-la fala viva e nela os dialectalismos.

Esta tarefa, a de descender ó nivel da fala, á marxe da normatividade da *langue* imposta pola lingua escrita, leva a Mokiendo a constatar unha característica fundamental das estruturas fraseolóxicas. De feito, o gran número de variantes que atopa de cada fraseoloxismo sérvelle para ratificarse na súa tese de que o tan recoñecido criterio definitorio da estabilidade e inmovilidade da forma dos fraseoloxismos non ten unha validez absoluta.

Deste xeito, Mokienko contrapón a fixación normativa da lingua estándar nacional á multitude de variantes fraseolóxicas que poden existir dun mesmo fraseoloxismo e ve precisamente nestas variantes un punto de conexión co plano diacrónico, que constitúe outro dos seus obxectos de estudo no traballo. Así, nas variantes fraseolóxicas da fala, Mokienko busca as situacións de fala das que pensa que xurdiron os fraseoloxismos, que despois foron estandarizados e fixados na lingua literaria. Segundo a súa opinión, as variantes fraseolóxicas son unha testemuña histórica da polixénese estrutural dos fraseoloxismos, aínda que hai que ter en conta que en todas estas variantes subxace unha invariable semántica que é a imaxe común a todas elas, a cal co paso do tempo e nos distintos dialectos foi dando lugar a diferentes realizacións morfolexemáticas.

A empresa de Mokienko, que xa el mesmo anunciou como complicada polo volume de material que debería abarcar para chegar a conclusións definitivas, non deixa de sorprendernos polo seu carácter extremadamente innovador para a época na que se levou a cabo, como o é tamén o feito de estuda-la tipoloxía dos fraseoloxismos de acordo coa súa estrutura modelable semántico-estrutural. Temos que ter presente que, en 1980, Europa occidental estaba a sufrir aínda a resaca da gramática xenerativa e o eco de gran parte dos traballos sobre fraseoloxía xurdidos á luz desta corrente na década dos 70 (Chafe 1968; Fraser 1970; Weinrich 1972; Newmeyer 1974)<sup>4</sup>.

De acordo coa gramática xenerativo-tranformacional, as estruturas fraseolóxicas seguían a constituír un “problema” dentro do sistema da lingua, unha anomalía que non encaixaba nos modelos creados. As regras dos seus modelos, que en teoría debían de ser quen de explicar e xerar tódolos enunciados posibles dunha lingua, non podían explicalo comportamento das cadeas sintácticas polimembres nas que o seu significado non resultaba da suma dos significados parciais dos seus compoñentes léxicos.

Mokienko, a contracorrente da teoría dominante na Europa occidental en 1980, postulaba a integración da *parole* na *langue* coa recompilación das variantes dialectais e tentaba crear un sistema unificador da semántica e a estrutura sintáctica dos fraseoloxismos dando especial importancia ó significado literal. A teoría da modelabilidade semántico-estrutural dos fraseoloxismos rompe con toda a tradición lingüística da época, na que a característica máis salientada dos fraseoloxismos era

---

<sup>4</sup> Para máis información ó respecto V. Mellado 1999: 68.

precisamente a súa anomalía. Neste contexto convén lembrar que para moitos fraseólogos deses anos (Černyševa 1975: 210) as estruturas plurimembres que presentaban algún tipo de regularidade ou modelo de formación eran excluídas da fraseoloxía por non cumpriren co requisito da individualidade e exclusividade formativa.

Pola contra, Mokienko busca a “normalidade” do sistema dentro da aparente “anomalía” consubstancial á fraseoloxía e pon de manifesto que os fraseoloxismos xorden de acordo con estruturas predeterminadas e determinables. Dito doutro xeito, proba que a formación de fraseoloxismos está rexida por esquemas feitos perfectamente sistematizables e que estes non xorden de maneira illada.

Outra das achegas fundamentais da obra de Mokienko é o valor que lle dá á diacronía. Seguindo a tradición da Escola de Praga e, en contra dos postulados estruturalistas, Mokienko ve a necesidade absoluta de estudar a diacronía para poder explicala sincronía. Mokienko desenvolve deste xeito os postulados do seu admirado profesor en San Petersburgo, B. A. Larin, quen xa en 1956 (*Ensaio sobre a fraseoloxía*; V. Kótova 1998: 248) reivindicaba a investigación etimolóxica dos fraseoloxismos, así como o papel importante dos dialectalismos para levala a cabo. Desafortunadamente, a chamada de Mokienko a emenda-lo abandono da fraseoloxía diacrónica non tivo gran resposta nin dentro nin fóra da antiga Unión Soviética, á marxe das contribucións do mesmo Mokienko e dalgúns traballos illados e varios dicionarios histórico-fraseolóxicos nalgunhas linguas europeas<sup>5</sup>.

Non é sen razón que a fraseoloxía histórica é un dos ámbitos máis descoidados da investigación pasada e actual. Os fraseoloxismos, ó ser unidades propias da lingua falada, atópanse unicamente de maneira esporádica en textos antigos recompilados. Cando se cre identificar algún deles, resulta especialmente complicado saber se efectivamente se trata dunha frase feita ou dunha construción individual do autor<sup>6</sup>.

O método de Mokienko, neste punto, revélaseme como pouco sistemático e demasiado intuitivo. É certo que a gran cantidade de variantes que se poden atopar dun fraseoloxismo nas distintas etapas históricas e tamén nos dialectos actuais son unha proba de que a lingua de entón non estaba suxeita á normatividade escrita da lingua moderna, e certo é tamén que a estabilidade destas construcións non radica tanto na forma (que é variable) como na semántica común dada pola imaxe subxacente (77), pero o que non me queda tan claro é a maneira de chegar a esa semántica común<sup>7</sup>.

<sup>5</sup> Para o alemán destaca *Das große Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten* de L. Röhrich. Para o español *El porqué de los dichos* de J. M. Iribarren.

<sup>6</sup> O propio Mokienko fai referencia na súa obra ás dificultades coas que se atopa a fraseoloxía histórica (169: “Ainda non hai tal material para a fraseoloxía histórica”).

<sup>7</sup> Mokienko (31) define así a tarefa da análise histórica da fraseoloxía: “A tarefa da análise histórica da fraseoloxía (a diferenza da súa investigación sincrónica) é a revelación do *contexto inconstante*, cronoloxicamente moi cambiante. Dende este punto de vista a fraseoloxía diacrónica é a doutrina de *unidades de contexto inconstante*. Só a revelación de todo o espectro de variación destas unidades, condicionado historicamente, e o establecemento dos límites da variabilidade de tal contexto, pode levar á definición obxectiva da combinación primitiva de palabras: *ó modelo semántico-estructural*”. Na miña opinión, a empresa de Mokienko é demasiado ambiciosa para ser levada a cabo por unha soa persoa. Desde



Mokienko non describe un aparato de aplicación xeral a tódolos fraseoloxismos, só cita algúns exemplos, como o caso dos fraseoloxismos do campo onomasiolóxico ‘falar moito’, que el remonta a unha imaxe común da fala como ‘algo que flúe’ (88), pero sen da-los testemuños etimolóxicos suficientes nas linguas obxecto de estudo. De feito, chama a atención na lista final de fraseoloxismos o baixo índice de entradas de ruso antigo (14 en total) e a inexistencia de entradas históricas doutras linguas eslavas tratadas no volume.

No plano definitorio das unidades fraseolóxicas, un dos maiores acertos da obra de Mokienko é a incidencia no concepto da relatividade, herdado de Daneš (Escola de Praga), que en 1959 expón a súa conceptualización no centro e periferia dentro dos distintos sistemas lingüísticos. De acordo con esta teoría, na fraseoloxía, como na morfoloxía ou o léxico, as distintas clases de unidades non están separadas entre si por fronteiras claras, senón que existen zonas de transición entre unhas categorías e outras. Deste xeito, hai uns fraseoloxismos máis estables ca outros, situándose os menos estables, os menos prototípicos, na periferia do conxunto fraseolóxico.

De acordo con estes principios resulta que o criterio da estabilidade non é absoluto ou definitorio *per se*, tratándose máis ben dunha magnitude relativa<sup>8</sup>. Esta opinión, que hoxe é comunmente aceptada, era algo novo na investigación fraseolóxica rusa de finais dos 70. Así, recoñecidos fraseólogos rusos como Teliya (1975: 19) destacaban o carácter estable das cadeas fraseolóxicas como condición *sine qua non* para poder ser consideradas como tales e non cadeas libres de palabras. Esta postura foi seguida maioritariamente na fraseoloxía europea ata ben entrados os anos 80, cando no mundo soviético e despois noutros países se empezou a recoñecer de maneira xeneralizada a existencia de variantes e a transcendencia desta variabilidade para relativiza-lo criterio definitorio da estabilidade fraseolóxica.

Outro aspecto central da teoría de Mokienko consiste en adxudicarlle á palabra un papel autónomo dentro do fraseoloxismo. Partindo da base de que a cadea fraseolóxica non ten un significado fraseolóxico unitario, senón adicional (prólogo da obra, 25), é plausible pensar que os lexemas que a conforman conservan parte do seu significado literal ó fundírense no fraseoloxismo e daren lugar ó significado fraseolóxico. Por outra banda, o feito de que un fraseoloxismo conte con distintas variantes mediante a substitución dun lexema por outro (moitas veces do mesmo campo onomasiolóxico) parece ser concluínte para esta teoría, hoxe apoiada de maneira xeral mediante estudos psicolingüísticos, como por exemplo os de Häcki-Buhofer (1994) e Durčo (1994), que demostran empiricamente que o falante establece asociacións de sentido entre os lexemas que compoñen o fraseoloxismo no seu significado recto e o significado fraseolóxico global.

Afastándose da postura tradicional “anomalista” da escola soviética (por exemplo de Molotkov e Zhukov) e dos fraseólogos seguidores da gramática xenerativista, segundo

---

a perspectiva actual, o seu proxecto esixiría a posta en marcha de todo un aparato informático de análise textual e de variedades dialectais.

<sup>8</sup> No prólogo (24), Mokienko explicita: “Ó mesmo tempo acentúase a relatividade de propiedades tan importantes da fraseoloxía como a estabilidade e a enteireza semántica, e abríbueselle unha importancia especial á expresividade”.

os cales os compoñentes fraseolóxicos non contan co rango de palabra por estaren baleiros de contido, Mokienko reivindica non só o status de palabra para os lexemas integrantes do fraseoloxismo, senón tamén o valor semántico literal que lle comportan a este (véxase tamén Kótova 1998: 249). Trátase dun xiro con respecto á investigación tradicional dos anos 70 que segue manténdose ata a actualidade. De feito, hoxe tense moi en conta a forma interna dos fraseoloxismos, o seu significado recto, para estudar tódalas posibles connotacións do significado figurado e as modificacións textuais que poida experimenta-lo fraseoloxismo.

Igualmente, Mokienko, coa súa obra, desexa iniciar con forza unha nova vía cara á fraseoloxía comparativa, que el considera descoidada. O grande acerto de Mokienko foi aplica-la súa teoría da modelabilidade non só ó ruso e ós seus dialectos, senón tamén citar exemplos doutras linguas eslavas como o checo, polaco, bielorruso, serbio, croata, búlgaro, eslovaco ou esloveno. Neste punto foi tamén innovador, posto que a investigación fraseolóxica contrastiva da época era practicamente inexistente. Os traballos actuais deixaron de manifesto o moito que aínda queda por facer neste campo, e a maioría dos congresos celebrados a nivel europeo teñen como tema central a fraseoloxía contrastiva (EUROPHRAS, desde 1988).

Por outra banda, a postura de Mokienko de concibi-los límites da fraseoloxía nun sentido amplo<sup>9</sup> é a que parece terse imposto de maneira xeneralizada (V. Burger 1999: 188), admitindo como fraseoloxismos todas aquelas unidades plurilexemáticas que cumpren coa condición da reproducibilidade e expresividade pero non necesariamente coa da figuratividade. Con isto, e seguindo ó pioneiro Vinográfov, quedarían incluídas as estruturas modelables, como as comparativas (do tipo esp. *blanco como la nieve*) ou as parellas fraseolóxicas rimadas (do tipo esp. *dicho y hecho*), susceptibles todas elas de seren integradas sen problemas en modelos semántico-estruturais prefixados<sup>10</sup>.

Outros aspectos centrais do volume, non obstante, non me pareceron acertados, máis ben contraditorios. Mokienko (452) identifica a desmotivación do significado no plano sincrónico (escurecemento da imaxe inicial da forma interna) con falta de expresividade. Desde o meu punto de vista (V. Mellado 2004: 46), son precisamente os fraseoloxismos máis opacos, con menor posibilidade de seren interpretados literalmente, os de maior carga expresiva. Moitos deles só admiten unha lectura figurada, posto que a literal carece de sentido polo absurdo da imaxe (p.ex. en esp. *tomar las de Villadiego*).

Tamén considero extremadamente difícil de demostrar diacronicamente que fraseoloxismos xurdiron de acordo cunha imaxe clara (o que el chama fraseoloxismos imáxicos, 451) e cales foron xa inimáxicos na súa creación. Mokienko tampouco apoia as súas opinións respecto á inimaxibilidade e á diacronía (451) cunha base teórica clara, tratándose máis ben de suposicións *a priori* non contrastadas suficientemente.

<sup>9</sup> Na páxina 322 Mokienko afirma: “os partidarios dunha visión ampla consideran como fraseoloxismos as combinacións de palabras que son reproducibles en calidade de xa prefabricadas e que están unidas polo mesmo concepto”. Mokienko súmase a esta postura, recoñecendo como criterio definitorio esencial dos fraseoloxismos a súa reproducibilidade, a súa expresividade e non tanto a súa figuratividade.

<sup>10</sup> Nos fraseoloxismos citados, a falta de figuratividade é suplida pola expresividade procedente da propia estrutura comparativa e pola rima.

No plano morfolóxico (253-258), Mokienko apunta de forma moi lúcida cara a un aspecto que segue sen estar esclarecido totalmente na fraseoloxía actual. ¿Que acontece con aqueles lexemas derivados ou compostos que, sen traspasaren a fronteira da palabra, contan cun significado figurado e unha imaxe metafórica clara? Sería o caso de esp. *cantamañanas* ou *boquiabierto*. Para el trátase de casos de implicitación, de condensación dun fraseoloxismo nunha palabra, o cal se demostra no exemplo do adxectivo español *boquiabierto* (quedar *boquiabierto* = quedar *con la boca abierta*).

Nun sentido estrito, os compostos figurados non os podemos considerar fraseoloxismos por non seren plurilexemáticos (condición indispensable). Con todo, cumpren a función expresiva dos fraseoloxismos e en moitos casos reflicten unha imaxe tan metafórica como a destes. Aínda que Mokienko evita afondar no tema de se este tipo de compostos pode ser considerado como fraseoloxismo ou non, as súas formulacións son moi esclarecedoras ó facer patente a relación entre uns e outros<sup>11</sup>.

### 3. Notas á tradución de Ekaterina Guerbek

De aplica-lo dito italiano *traduttore, traditore* á fraseoloxía, este resulta dobremente certo. Traducir fraseoloxismos é unha tarefa dura coa que con frecuencia non se obtén o resultado desexado, pero a tradución do volume de Mokienko *A fraseoloxía eslava* ó galego salva esta dificultade con éxito.

A tradución desta obra ó galego supón, ademais, un esforzo adicional polo feito de que os exemplos fraseolóxicos dados, con tódolos seus matices semánticos e efectos sonoros na lingua orixinal, constitúen a base metodolóxica sobre a que se sustenta a teoría da modelabilidade. Por suposto, o labor de E. Guerbek foi todo un reto por saber transmitirnos mediante a tradución da forma interna (significado literal) a carga metafórica dos fraseoloxismos orixinais nas linguas eslavas tratadas, incluíndo os dialectalismos.

Celebro igualmente a decisión da tradutora de non ter buscado sistematicamente o equivalente fraseolóxico galego, senón de ofrece-lo significado fraseolóxico por medio dunha paráfrase. Como todos sabemos, a equivalencia plena poucas veces é posible na fraseoloxía interlingual, e máis tratándose de linguas tan afastadas xenealoxicamente coma o ruso e o galego. Mesmo no caso de equivalencia funcional entre os fraseoloxismos, as frecuentes diverxencias na marca estilística dificultan o uso paralelo nas diferentes linguas e as imaxes subxacentes a miúdo tampouco coinciden.

Por outra banda, para a teoría da modelabilidade semántica, o importante non é ofrecer equivalencias formais plenas, senón equivalencias semántico-cognitivas, procesos mentais equivalentes na maneira de conceptualiza-la realidade externa por medio de

---

<sup>11</sup> A arbitrariedade de establece-lo límite da palabra para excluír unha unidade como fraseoloxismo ponse de manifesto ó facer análises contrastivas interlinguais. Mentres que en esp. *lágrimas de cocodrilo* é considerado como fraseoloxismo (nominal), o seu equivalente pleno funcional en alemán, *Krokodilstränen*, é tan só un composto e non un fraseoloxismo por ser monolexemático. Á inversa, unha expresión plurilexemática alemá como *kein gutes Haar an jmdm. lassen* ('non deixarlle nin un pelo ben a alguén'), pode ter como equivalente noutra lingua un monolexema, como en esp. *despellejar a alguien* (co sentido de 'criticar' a alguén).

metáforas cun modelo sintáctico determinado. A procura destes modelos equivalentes na lingua galega requirirían a elaboración dunha monografía contrastiva en exclusiva.

#### **4. Balance final: resonancia da teoría da modelabilidade fraseolóxica en Europa**

A mellor contribución da obra de Mokienko á fraseoloxía internacional foi, sen dúbida, a súa teoría sobre a modelabilidade semántico-estrutural. Foi el o primeiro en desenvolver un procedemento de análise semántico-estrutural para o ruso e o checo partindo do estudo do que el denomina “invariable situacional” (construción sintáctica repetida no significado literal) dos fraseoloxismos. O método de Mokienko baséase en analiza-las posibles construcións modelables ou modélicas dos fraseoloxismos pertencentes a un determinado campo onomasiolóxico co fin de descifrar cal é o “esqueleto” sintáctico que se repite e que dá lugar a fraseoloxismos de significado fraseolóxico afín. Con esta análise, pretende acceder á estrutura histórica orixinal dos distintos fraseoloxismos. A súa teoría é ó mesmo tempo, polo tanto, un método de estudo diacrónico.

En 1982, o gran lingüista da escola de Leipzig, finado recentemente, Wolfgang Fleischer, aplicou por primeira vez os postulados da modelabilidade de Mokienko ó alemán, tratando de establecer distintos *Konstruktionsmodelle* de significado fraseolóxico análogo (1982: 199-200). Así mesmo, dentro do seu país, Černyševa (1984: 19) desenvolve igualmente o método de Mokienko, facendo fincapé no grao de influencia do significado individual e da estrutura dos compoñentes fraseolóxicos, por exemplo, en relación ás connotacións sociais que evocan as comparacións con lexemas de animais (zoónimos), do tipo esp. *trabajar como un animal, como una bestia*; en alemán *arbeiten wie ein Pferd* (‘traballar coma un cabalo’).

Nos anos 80, o compatriota Rajchstein lanza unha nova proposta de “modelación formadora de frasemas” (V. Baranov e Dobrovol'skij 1991: 114-115), máis detallada cá de Mokienko por partir de tres niveis separados de significado (o directo de cada compoñente, o directo de toda a expresión e o fraseolóxico), pero que no esencial recolle as contribucións realizadas por este. O orixinal da proposta de Rajchstein radica se cadra na formación específica de macromodelos, con graos de abstracción máis alta, e micromodelos, con graos de abstracción máis baixa.

Por último, a finais dos 80, o ruso Dobrovol'skij (1988) retoma a proposta de Mokienko e Rajchstein e desenvólvea contrastivamente co holandés, inglés e alemán partindo sempre do significado fraseolóxico para chegar a macromodelos de acordo con invariables situacionais. O que se propón Dobrovol'skij é demostra-la regularidade do sistema fraseolóxico, chegando á conclusión de que o grao de modelabilidade das linguas está en proporción directa co grao de “analitismo” destas. Por partir de campos fraseosemánticos predeterminados, o método de Dobrovol'skij de 1988 paréceme o máis rigoroso, aínda que é certo que hai que ter en conta as limitacións e a subxectividade que implica a delimitación *a priori* deses campos.

A teoría da modelabilidade iniciada por Mokienko atopa unha continuación na corrente semántica cognitivista seguida hoxe por un gran número de fraseólogos e alimentada pola teoría da metáfora de Lakoff (V. Burger 1999: 198-201). De feito, dentro da

fraseoloxía descritiva son os presupostos teóricos da semántica cognitiva os que captan na actualidade máis adeptos, tendo como obxectivo delimita-los campos conceptuais nos que se integran os fraseoloxismos desde unha visión “inxenua” do mundo, e non enciclopédica. A maioría dos estudos fraseolóxicos semánticos recentes baséanse no principio ideográfico (p.ex. os de Baranov, Dobrovol'skij, Ermakov, Ivchenko, Telija e Emirova, entre outros), que en certa forma é continuador da teoría da modelabilidade.

Na Europa occidental é coñecida sobre todo a obra de D. O. Dobrovol'skij dentro do marco da semántica cognitiva (1997; 2004<sup>2</sup>), así como a de E. Piirainen, colaboradora ocasional de Dobrovol'skij e autora dunha orixinal obra sobre os procesos cognitivos que subxacen ós fraseoloxismos do dialecto baixo alemán wesfaliano (Piirainen 2000).

Para concluír, podemos dicir que a teoría da modelabilidade de Mokienko segue hoxe tendo vixencia por saber recoñece-lo valor da forma interna dos fraseoloxismos e a achega do significado fraseolóxico unitario. A investigación fraseolóxica na súa corrente semántico-cognitiva ten por obxecto establece-las relacións existentes entre o significado literal dos compoñentes fraseolóxicos, o significado literal da suma destes e o significado fraseolóxico transformado.

## **5. Bibliografía**

- BALLY, C. (1951 [1909]): *Traité de stylistique française*. Georg & cie., Genève.
- BARANOV, A. e DOBROVOL'KIJ, D. (1991): “Kognitive Modellierung in der Phraseologie: zum Problem der Aktuellen Bedeutung” en *Beiträge zur Erforschung der deutschen Sprache* 10, 1991, 112-123.
- BURGER, H. (1999): “Phraseologie - Die Situation des Faches (aus germanistischer Perspektive)” en *Revista de Filología Alemana* 7, 1999, 185-207.
- CASARES, J. (1969 [1950]): “La locución, la frase proverbial, el refrán, el modismo” en CASARES, J. (ed.): *Introducción a la lexicografía moderna*. CSIC, Madrid, 163-242.
- ČERNYŠEVA, I. (1970): *Frazeologija sovremennogo nemeckogo jazyka*. Vyssaja skola, Moskva.
- (1975): “Phraseologie” en STEPANOWA, M. e ČERNYŠEVA, I. (eds.): *Lexikologie der deutschen Gegenwartssprache*. Vyssaja skola, Moskva, 198-261.
- (1980): *Feste Wortkomplexe des Deutschen in Sprache und Rede*. Vyssaja skola, Moskva.
- (1984): “Aktuelle Probleme der Phraseologie” en *Deutsch als Fremdsprache* 1, 1984, 17-22.
- CHAFE, W. L. (1968): “Idiomatcity as an Anomaly in the Chomskyan Paradigm” en *Foundations of Language. International Journal of Language and Philosophy* 4, 1968, 109-127.
- CORPAS, G. (2003): *Diez años de investigación en fraseología: Análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Iberoamericana, Madrid.
- DOBROVOL'SKIJ, D. (1988): *Phraseologie als Objekt der Universalienlinguistik*. Enzyklopädie, Leipzig.
- (1997): *Idiome im mentalen Lexikon. Ziele und Methode der kognitivbasierten Phraseologieforschung*. Wissenschaftlicher Verlag Trier, Trier.

- (2004 [1995]): *Kognitive Aspekte der Idiom-Semantik*. Gunter Narr, Tübingen.
- DURČO, P. (1994): “Das Wort als phraseologische Konstituente. Zur Beziehung der linguistischen und psycholinguistischen Standpunkte” en SANDIG, B. (ed.): *Europhras 92. Tendenzen der Phraseologieforschung*. Universitätsverlag Brockmeyer, Bochum, 67-80.
- FLEISCHER, W. (1982): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. VEB Verlag Enzyklopädie, Leipzig.
- FRASER, B. (1970): “Idioms within a Transformational Grammar” en *Foundations of Language. International Journal of Language and Philosophy* 6, 1970, 22-42.
- HÄCKI-BUHOFFER, A. (1994): “Phraseologismen im Urteil von Sprecherinnen und Sprechern” en SANDIG, B. (ed.): *Europhras 92. Tendenzen der Phraseologieforschung*. Universitätsverlag Brockmeyer, Bochum, 1-34.
- IRIBARREN, J. M. (1995): *El porqué de los dichos*. Gobierno de Navarra - Dpto. Educación, Pamplona.
- KÓTOVA, M. (1998): “As achegas rusas ós estudos fraseolóxicos” en FERRO, X. (coord.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 247-256.
- MELLADO, C. (1999): *Los somatismos del alemán: semántica y estructura*. Ediciones Universidad de Salamanca, Salamanca.
- (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán. Un estudio léxico-semántico*. Peter Lang, Berlin.
- NEWMAYER, F. J. (1974): “The regularity of Idiom Behavior” en *Lingua e Stile* 34, 1974, 327-342.
- PIIRAINEN, E. (2000): *Phraseologie der westmünsterländischen Mundart*. Schneider Verlag, Hohengehren.
- RÖHRICH, L. (1990): *Das große Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Herder, Freiburg.
- TELIJA, V. (1975): “Die Phraseologie” en SERÉBRENNIKOW, B. (ed.): *Allgemeine Sprachwissenschaft. Die innere Struktur der Sprache*. Akademie Verlag, Berlin, 374-429.
- WEINRICH, U. (1972): “Probleme bei der Analyse von Idioms” en KIEFER, F. (ed.): *Semantik und generative Grammatik*. Athenäum, Frankfurt a.M., 415-487.

## Notas sobre fraseoloxía comparada

Károly Morvay<sup>1</sup>

Universidade Eötvös Loránd de Budapest

A publicación da versión galega de dous manuais do fraseólogo ruso V. M. Mokienko pode significar un gran pulo para as investigacións da fraseoloxía comparada –descritiva e histórica (xeral e dialectal). Nas miñas notas dedico unha atención especial á *Fraseoloxía eslava*. A importancia dos libros de Mokienko radica, entre outros, no feito de que facilitan o acceso a un material fraseolóxico moi pouco coñecido na Península. Os investigadores que emprendan traballos similares terán que ser conscientes do risco que supón o manexo dun gran número de exemplos provenientes de diferentes idiomas. Os dous manuais en cuestión tampouco están libres de erratas. No “Apéndice” das miñas notas corrixo os erros descubertos nos exemplos polacos das versións galegas.

The publication of the Galician translation of two handbooks by the Russian phraseologist V. M. Mokienko could give a big impulse to research in comparative –descriptive and historical (general and dialectal)– phraseology. In my notes I devote special attention to *Fraseoloxía eslava*. The importance of Mokienko's books lies -among other things- in the fact that they make easier access to a phaseological material which is little known in the Iberian Peninsula. Researchers who embark on similar work are to be aware of the risk which handling a lot of examples taken from different languages implies. These two handbooks also contain mistakes. In the “Apéndice” of my notes I correct the mistakes which were found in the Polish examples of the Galician versions.

Durante decenios as diferentes correntes das investigacións fraseolóxicas nacidas na ex Unión Soviética, revitalizadas nalgúns dos países de Europa Central e Occidental, non conseguiron ir alén dos Pireneos. Ou mellor dito, despois da contribución pioneira de Julio Casares, cos dous capítulos respectivos da súa *Introducción a la lexicografía*

---

<sup>1</sup> Traducido por Cristina Veiga Novoa.



*moderna* (1950), a nova disciplina quedou á marxe das investigacións lingüísticas. Os primeiros estudos fraseolóxicos referidos a algunha das linguas da Península Ibérica realizáronse fóra dela. Nos últimos anos os investigadores de aquí puideron recupera-lo seu atraso e en certos aspectos avanzaron ás alancadas (Corpas 2001, Corpas e Morvay 2002). Así e todo, unha parte das contribucións encóntrase dispersa en publicacións diferentes, ás veces dificilmente accesibles. A idea da creación dunha biblioteca fraseolóxica e dunha revista especializada por parte do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades é unha iniciativa moi esperanzadora cara ó futuro peninsular desta disciplina.

As unidades fraseolóxicas, denominadas tamén fraseoloxismos ou frasemas, son consideradas actualmente por moitos especialistas como un dos fenómenos centrais da lingua, e o coñecemento da fraseoloxía –entendida como conxunto de fraseoloxismos, ou expresións idiomáticas se queremos– significa para eles o máis alto nivel de dominio de calquera lingua. No campo da fraseoloxía europea pódese constatar unha afinidade abraiante entre idiomas tan diferentes como o polaco e o catalán ou o español, o éuscaro e o húngaro, etc. (verbo das coincidencias fraseolóxicas entre o vasco, español, catalán e húngaro: Morvay 1996). Pode que estas unidades nacesen independentemente unhas das outras como produto da observación do mundo que nos rodea: dos diversos fenómenos da natureza, do comportamento humano e animal, das referencias ó corpo humano e ó seu funcionamento, etc. (fraseoloxía natural). Outra parte delas procede das fontes comúns das linguas europeas (da Biblia, da literatura clásica grecorromana, de textos latinos da Idade Media, de supersticións, crenzas, anécdotas e fábulas que circularon durante séculos por toda Europa, de coleccións de refráns, adaxios de autores coñecidos (tales como Erasmo e outros), traducidos a moitas linguas de Europa (fraseoloxía cultural ou europeísmos fraseolóxicos culturais). Durante séculos o material fraseolóxico e paremiolóxico considerábase como un ben do común europeo, traducido (calcado) e asimilado sen complexos. É importante lembrar que estes *europeísmos* viven a súa vida propia nas linguas correspondentes, é dicir, funcionan integrados no sistema lingüístico e fraseolóxico do idioma en cuestión. O seu exame require non só coñecementos sólidos de diferentes idiomas e dialectos, senón que tamén esixe ter un saber profundo sobre a cultura e historia de países moi diversos e de diferentes épocas. A fraseoloxía comparada precisa, pois, apoiarse nas súas investigacións na fraseoloxía histórica e dialectal.

Un excelente exemplo deste tipo de traballos constitúeno as obras de Valerii Mokienko. O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades publicou no ano 2000 a versión galega de dous manuais deste autor: *Fraseoloxía eslava* e *As imaxes da lingua rusa*. No presente escrito falarei máis pormenorizadamente do primeiro libro, aínda que considero que algunhas das observacións feitas son válidas tamén para o segundo. V. M. (Valerii Mikhailovich) Mokienko, discípulo de B. A. Larin na Universidade Estatal de Leningrado (hoxe novamente San Petersburgo), é un dos fraseólogos máis importantes dos nosos días, continuador das mellores tradicións da escola rusa (soviética). Para decatármonos disto basta con le-lo artigo de Marina Kótova “As achegas rusas ós estudos fraseolóxicos”, aparecido en 1998 nas *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía* (Ferro 1998: 247-256), outra publicación valiosa do devandito centro. Na lapela da sobrecuberta dos dous libros traducidos ó galego enuméranse as obras máis



importantes deste autor: *Cara á profundidade do dito*, 1975; *Contradicións da fraseoloxía e a súa dinámica*, 1977; *Adiviñas da fraseoloxía rusa*, 1990. Considero de suma importancia que Mokienko, amais das súas investigacións, realizou tamén dicionarios fraseolóxicos, verificando a súa teoría na práctica (*Fraseoloxismos rusos*, 1990; *Fraseoloxismos na lingua rusa*, 1997; *Diccionario da fraseoloxía rusa*, 1997; *Diccionario breve de sinónimos fraseolóxicos*, 1997). Cabe salientar aínda o seu *Diccionario de termos fraseolóxicos rusos* (Múnic, 1993) e a súa colaboración noutras publicacións: *As locucións fraseolóxicas rusas*, editada en 1990 con V.P. Felitsina; *Diccionario de sinónimos fraseolóxicos da lingua rusa literaria*, 1992-1994 con A.K. Bierich e L.I. Stepanova, *Diccionario de usos individuais das locucións fraseolóxicas recollidos nos escritores rusos contemporáneos*, con M. A. Melerovich (trátase dunha obra de grande interese que viu a luz no ano 1987 en Samarkanda, cuxa universidade foi durante anos un dos centros máis importantes das investigacións fraseolóxicas rusas) e o repertorio bibliográfico *Historia e etimoloxía das locucións fraseolóxicas rusas* (1825-1994), con A. K. Bierich, e L. I. Stepanova (Múnic, 1994). Non se deben esquecer tampouco outras actividades do profesor V. M. Mokienko, quen dá conferencias en diferentes universidades, participa con relatorios en numerosos congresos nacionais e internacionais e dirixe teses de doutoramento dedicadas a temas fraseolóxicos.

A pesar da extensión, a riqueza temática e o valor recoñecido da súa vasta produción, V. M. Mokienko apenas era coñecido na Península Ibérica polo simple feito de que a maioría dos seus traballos foran publicados en ruso. A decisión do Centro Ramón Piñeiro de facilita-lo acceso directo ás obras dun dos especialistas de máis renome dos nosos días paréceme moi acertada. No texto de Kótova mencionado anteriormente encontramos unha breve presentación da *Fraseoloxía Eslava* (249), versión galega da obra de Mokienko precedida por unha introdución moi informativa na que Xesús Ferro caracteriza en poucas páxinas (11-16) os principios das seis dicotomías nos que Mokienko basea a súa análise: estabilidade / inestabilidade, modelabilidade / inmodelabilidade, implicidade / explicitade, expresividade / neutralidade e sincronía / diacronía, fenómenos que o autor trata en capítulos independentes. Entre eles o curto capítulo quinto, “Expresividade / neutralidade na fraseoloxía”, é unha novidade da segunda edición rusa; e o sexto, “Sincronía / diacronía na fraseoloxía (a modo de conclusión)”, repasa, como mostra o subtítulo, as afirmacións máis importantes que se derivan das anteriores. Para máis detalles remito o lector á excelente introdución, da que cito unha frase referida ó aspecto que eu quixera salientar aquí. X. Ferro subliña que un dos atrancos máis importantes do desenvolvemento da fraseoloxía diacrónica que postula Mokienko é “a carencia de amplas bases de datos que inclúan as formas dialectais e as arcaicas e simultaneamente a dificultade de acceder ás bases de datos doutras linguas, coas que aquela que estudamos puido estar en contacto (porque as linguas son coma as esponxas) para podermos comparar da mesma maneira que se fai no estudio diacrónico do léxico” (13).

Ó meu parecer, a importancia do libro de Mokienko radica precisamente en que facilita o acceso a un material fraseolóxico moi pouco coñecido na Península. Os fenómenos analizados polo autor aparecen ilustrados cun gran número de exemplos enumerados no “Índice de fraseoloxismos citados” (457-494). Verificándoo pódese constatar que na súa

maioría son exemplos que proveñen de linguas eslavas: 3 do alto lusaciano, 84 do bielorruso, 6 do búlgaro, 440 do checo, 23 do eslovaco, 4 do esloveno, 108 do polaco, 1960 do ruso (720 da lingua literaria, 1228 dalgún dialecto e 14 do ruso antigo), 10 do serbio/croata e 160 do ucraino; pero inclúense tamén unidades doutros idiomas: 11 do alemán, 1 do danés, 1 do español, 9 do francés, 1 do grego clásico, 1 do húngaro, 1 do latín, 17 do letón, 25 do lituano, 2 do moldavo e 2 do sueco. A primeira edición rusa do libro *Fraseoloxía eslava* –do cal dispoño e que utilizo para verificar certas formas que coído erradas ou imprecisas– apareceu en Moscova no ano de 1980 co seguinte subtítulo: manual universitario para as especialidades filolóxicas (isto é: letras). Pola riqueza e variedade do material fraseolóxico examinado na obra, considero que o subtítulo da primeira edición era máis apropiado. Para min trátase dun manual universitario recomendable para os estudantes das diferentes filoloxías en xeral, xa que nos demostra, como afirma X. Ferro, que “a fraseoloxía é un espello da peculiaridade irrepetible dun pobo pero tamén o é de insospeitados elementos comúns na forma europea de ve-la realidade” (11). Por iso é que me parece tamén moi acertada a decisión dos editores da versión galega de incluíren nas notas un gran número de equivalencias neste idioma (en total trátase de 148 exemplos).

Outra razón importante que, na miña opinión, xustifica a tradución desta obra é que a súa lectura pode contribuír dalgunha maneira ó mellor coñecemento da outra metade de Europa, parte da cal pertence dende hai pouco á Unión Europea. Como mínimo a xente tomará conciencia da existencia de linguas como o letón, o lituano ou o húngaro (denominado por nós *maxiar*), idiomas que coa ampliación da Unión Europea son oficiais tamén no seu seo. Aínda que non teña relación directa coa fraseoloxía, quero citar un exemplo que mostra claramente o grao de descoñecemento que existe neste dominio: consultando o *Diccionario de la Real Academia Española* (DRAE) pódese observar que este non relaciona a entrada *húngaro* coa palabra *magiar* que, como acabo de dicir, os húngaros empregamos para denomina-la nosa nación e a nosa lingua. A consecuencia deste erro, consultando o chamado “árbol de las lenguas” da versión en CD-ROM deste diccionario, encontrárase que en español hai dúas palabras de orixe húngara (*chaco* e *paprika*) e outra que provén do maxiar (*coche*). ¡Así mesmo! (Faluba 1995: 56-56 e Morvay 1998: 313-314.). A nova edición en papel do DRAE tampouco presenta claramente a cuestión, ó igual cá nova versión do diccionario de María Moliner, no que se di o seguinte ó respecto:

HÚNGARO, -A adj. y n., aplicado a personas, también n. de Hungría. Ð Magiar

MAGIAR (de or. húngaro) adj. y n. Se aplica a los individuos de un \*pueblo que habita en Hungría y Transilvania, y a sus cosas. □ m. \*Lengua hablada por los magiares, afín del finlandés.

Volvendo ó tema orixinal, quero lembrar que o manual de Mokienko postula investigacións diacrónicas. X. Ferro, na súa introdución titulada “¿Como facer fraseoloxía diacrónica?”, constata ó respecto que “Entre nós a etimoloxía fraseolóxica ou ben non pasa do nivel de etimoloxía popular máis ou menos erudita [...] ou ben limitáase a buscar quen foi o primeiro escritor que a usou” (13). Ferro quéixase un pouco máis abaixo –como xa dixen– da carencia de amplas bases de datos que inclúan as formas dialectais e as arcaicas. Por sorte –engadiría eu– non se trata dun eido completamente

abandonado: o catalán, por exemplo, posúe un excelente dicionario deste tipo en dez volumes, o *Diccionari català-valencià-balear* (DCVB) de A. Alcover e F. Moll, que actualmente se pode consultar tamén vía Internet. O seu material fraseolóxico quedou recollido polo *Diccionari de Sinònims de Frases Fetes*, publicado en papel e en CD-ROM (Espinal 2004, recensión: Morvay 2004).

Canto ó outro inconveniente apuntado por X. Ferro –a dificultade de acceder ás bases de datos doutras linguas– poderíase engadi-la dificultade de acceder a manuais de fraseoloxía diacrónica de gran valor, editados en linguas pouco coñecidas na Península. Cabe destacar autores como o alemán Röhrich (1995), os húngaros O. Nagy (1957 [1988]) e Hadrovics (1995), e o polaco Krzyżanowski (1958-1960). A este último faise tamén referencia no libro de Mokienko, mais na versión galega o seu nome figura dúas veces como Kjjjanovskii na páxina 38, onde aparece tamén transcrito con letras cirílicas, como se fose un autor ruso. Noutro lugar (367) o nome é escrito cunha pequena falta, cun punto baleiro sobre o z no canto dun punto cheo ( ), e só na bibliografía (499) faise constar na forma correcta. No libro *As imaxes da lingua rusa* o seu apelido aparece tamén como Krzyzanowski, escrito con v e cun punto baleiro sobre o z, letras inexistentes no polaco<sup>2</sup>. Para mostra-la complexidade das investigacións sobre etimoloxía fraseolóxica e os problemas que supón o feito de non ter acceso ás fontes das linguas que se examinan, quixera comentar a seguir o único exemplo húngaro que aparece no manual *Fraseoloxía eslava: ebek harmincadjára kerül* (369-370)<sup>3</sup>. No capítulo cuarto da *Fraseoloxía eslava* (“Imaxibilidade / inimaxibilidade das unidades fraseolóxicas”), baixo o subtítulo “Transformación polisémica dos compoñentes”, Mokienko analiza e tenta relacionar dúas series de unidades formadas en diferentes linguas coa palabra *can*. A primeira serie, que contén a imaxe de *colgar cans/cachorros a alguén*, está presente en diferentes linguas eslavas e ten tamén paralelos bálticos (369). A segunda serie, a cal me interesa especialmente, é coñecida no alemán e nalgúns das linguas eslavas. A imaxe do fraseoloxismo alemán *auf den Hund kommen* tradúcese literalmente ó galego como *chegar ata o can* e atribúeselle o significado ‘chegar a encontrarse nunha situación miserable’. Aínda que os meus coñecementos do galego son algo vagos, teño a impresión de que esta tradución literal non consegue reflectir plenamente a imaxe orixinal. Coñecendo a equivalente polaca *zejść/schodzić na psy*, á que o manual fai referencia sen citala, eu diría máis ben algo así: *caer onda os cans; chegar ó nivel dun can*, e poría como significado e equivalente ‘caer baixo, chegar a unha situación deplorable, andar de capa caída’. Segundo o dicionario fraseolóxico polaco de St. Skorupka, trátase dunha expresión polisémica que quere dicir: “stracić siły, zbiednieć, podupaść, nie mieć adnego znaczenia” (1: 674), isto é, ‘perde-las forzas, empobrecerse, caer baixo, non ter ningunha importancia’. Mokienko di o seguinte verbo desta unidade alemá: “os investigadores ofrecen cinco versións ‘históricas’ que son comprobables (ou non comprobables) en igual medida. Hai pouco tempo alguén propuxo a sexta versión que explica a expresión alemá por un feito etnográfico casual: a existencia dun cofre que

<sup>2</sup> No apéndice desta recensión corrixo os erros que descubrín nos exemplos polacos da versión galega de ámbolos dous manuais de Mokienko.

<sup>3</sup> No libro *As imaxes da lingua rusa* tamén se comenta un só exemplo húngaro (95) que, lamentablemente, xa no orixinal aparece mal escrito. A forma correcta é: *burokban született*.

ten no seu fondo unha imaxe incrustada dun can. Sen argumentos lingüísticos convincentes, esta interpretación transmítese á etimoloxía da unidade fraseolóxica eslovaca

*vyst' na psi tridsiatok*                      *sáir á trintena de cadela* ‘empobrecer’ (369)

A expresión eslovaca –como explica o mesmo Mokienko– presenta unha semellanza abraiante coa húngara:

*“ebek harmincadjára kerül*                      *sáir á trintena de cadela* ‘empobrecer’ (369)

Esta similitude non ten nada de casual. A imaxe primitiva, como se sinala máis abaixo no manual (370), relaciónase cun tipo de imposto (*harmincad* ‘trintena’) do Reino de Hungría, do que Eslovaquia formou parte durante séculos. Coñecendo esta explicación e mais as precisións que se poden atopar no libro *Mi fân terem* de Gábor O. Nagy (127-129), a tradución literal galega tería de ser máis ben *ser decimado polos cans*. O lingüista húngaro, despois de explicar que tipo de imposto era a *trintena*, puntualiza: a persoa que segundo a expresión figurada *se viu decimada polos cans*, ou sexa, da cal os cans cobraron o imposto, frecuentemente deixou na boca dos cans non só un cacho da súa roupa, senón tamén un cacho do seu corpo. Coa axuda da expresión húngara –que se coñece desde finais do século XVI en diferentes variantes– pódese referir tamén a unha cousa, tendo en tal caso un significado diferente, como se pode deducir da pregunta que O. Nagy formula ó respecto: por que se di *ebek harmincadjára jut/kerül* o *ebek harmincadján van* (ou sexa: ‘vese / é decimado polos cans’) dun valor xestionado de xeito imprudente, irresponsable e que, en consecuencia, está ameazado coa destrución? (137). O fraseólogo húngaro considera que a forma *ebek harmincadjára jut/kerül*, usada ata os nosos días, debía de se-la variante principal, suposición que apoia tamén o feito de que foi esta a variante que pasou do húngaro á lingua eslovaca cunha tradución case literal: *vyst' na psi tridsiatok* (129). Empregando un buscador pódense encontrar na Rede varios exemplos do uso desta expresión en ambos idiomas.

O coñecemento do húngaro, a única lingua non indoeuropea da rexión, resulta moitas veces impredicible para poder descubri-la etimoloxía de certos fraseoloxismos usados nalgúns dos países de Europa central e oriental. O exemplo anterior demostra que Mokienko –quen na bibliografía non cita ningún autor maxiar– tiña acceso a certas informacións relativas á fraseoloxía húngara. Así e todo, ás veces escapábanlle detalles de certa importancia. Nas páxinas 47 e 48 analízanse unha vintena de fraseoloxismos que significan ‘en tempos moi antigos’. Entre estes aparece a expresión checa *za Marie Teremtete* (47-48). Mokienko non nos di nada sobre a palabra *teremtete*. De acordo coa nota 29 da versión galega, esta “é nome calembúrico de procedencia onomatopeica”. A explicación parecíame errada e por iso informeime acerca disto con algúns colegas (J. Scheibal de Praga, A. Hollós e A. Zoltán de Budapest), a quen agradezo a axuda prestada. O amigo checo respondeume que “*Za Marie Teremtete* –que escoitaba por primeira vez– debía de ser unha expresión caída en desuso e que o dicionario *Slovník spisovného jazyka českého* (1971 e ss.) non incluía máis ca *teremtete*, unha interxección procedente dunha aldraxe húngara que expresa anoxo, rabia, ameaza, xeralmente nun ton rexoubeiro. Despois desta definición o dicionario cita a forma *basama teremtete*, que na

lingua orixinaria é unha bocalada anticuada moi forte (*bassza teremtete*). O meu informador confírmalo explicando: recordo que o meu pai, un *bo soldado* austrohúngaro da Primeira Guerra Mundial, rifábame cando eu facía algunha barrabasada berrando – transcribo foneticamente- ‘Basama (t)remtete!’ . Este é o dato que eu procuraba! E parece que esta forma, pouco usada hoxe en día no húngaro, ten aínda pleno vigor no checo, polo menos iso é o que deduzo do gran número de exemplos que se pode encontrar na Rede coa axuda dun buscador. Nun artigo publicado na revista *Studia Slavia Hungarica* acerca dos elementos húngaros no léxico checo, B. Sulán afirma que a expresión en cuestión penetrou neste idioma a través de falas moravas xunto con outras catro interxeccións de orixe húngara (1963: 21). Segundo A. Hollós, esta blasfemia entrou en diferentes formas (*teremtete, teromtete, terentete, te teremte; basama tremtete*, etc.) no alemán, checo, eslovaco, polaco, romanés, ruso, serbocroata... O devandito autor documenta a aparición desa interxección no seu libro *Az orosz szókincs magyar elemei* ‘Os elementos húngaros do léxico ruso’, usada no ruso por Gogol baixo a forma “teremte-te” e nunha novela de Marlinskii de 1831 como “bassama te teremte” (1996: 16-17 e 59).

Entre os fraseoloxismos que teñen o significado ‘en tempos moi antigos’ Mokienko cita tamén a expresión eslovaca *za Kuruca král’a* (48), que quedou transcrita na versión galega como:

*za Kuruka král’a*                      *durante o reinado do rei Kuruk*      ‘en tempos moi antigos’.

Atendendo á nota correspondente (30), “*Kuruk* é nome común de participante de loita nacional liberadora nos séculos XVII-XVIII”, unha explicación un pouco vaga, posto que non se nos di se se trata dunha palabra de orixe húngara e non precisa a que nación se refire. O meu informador checo puntualiza que *Kuruc* aparece tanto nos dicionarios eslovacos coma nos checos, denominando sempre os participantes de diferentes alzamentos húngaros contra a casa de Austria. Canto ó nome *kuruc král* ‘o rei kuruc’, non puiden atopar documentación, mais segundo os meus colegas eslavistas de Budapest é unha referencia a Imre Thököly (1657-1705), líder de diferentes insurreccións, a quen os seus contemporáneos húngaros e eslovacos denominaban ironicamente desta maneira.

Xa que á terceira vai a boa, vexamos aínda un exemplo polaco do grupo de fraseoloxismos deste mesmo significado. Na páxina 47 do manual aparecen tres exemplos polacos: *za króla Ćwieka*, *za króla Gwo dzica*, *za króla Sasa*; faltando amais explicar que mentres os dous primeiros son personaxes imaxinarias, o terceiro é unha figura ben coñecida, o rei August III Sas, cuxo nome e reinado cheo de excesos foron inmortalizados no coñecido dito *za króla Sasa jedz, pij i popuszczaj pasa* ‘baixo o rei Sas come, bebe e afrouxa o cinto’. A vitalidade desta forma pódese comprobar, unha vez máis, coa axuda dos innúmeros exemplos que se poden encontrar na Rede coa axuda dun buscador.

A modo de conclusión: quería chama-la atención sobre as dificultades que supoñen as investigacións sobre fraseoloxía comparada e sobre a etimoloxía das unidades fraseolóxicas. Espero que a publicación da versión galega dos dous libros de Mokienko, que achegan os especialistas peninsulares a culturas e idiomas pouco coñecidos nesta

rexión, signifique un gran pulo para as investigacións da fraseoloxía diacrónica. Con todo, haberá que ter en conta que sen o coñecemento profundo dun gran número de linguas e culturas europeas é imposible obter resultados fiables neste eido tan pouco cultivado ata hoxe. As persoas que emprendesen tales traballos terían que ser conscientes non só do requisito que acabo de mencionar, senón tamén do risco que supón o manexo de moitos exemplos provenientes de idiomas diferentes. A proliferación de todo tipo de descoidos, imprecisións e erratas só se pode evitar coa axuda dunha ampla colaboración internacional, cousa que na era de Internet resulta máis fácil.

## Bibliografía

- ALCOVER, A. M. e MOLL, F. de B. (1926-1962): *Diccionari català-valencià-balear* I-X. Editorial Moll, Palma.
- CASARES, J. (1950) [1992]: *Introducción a la lexicografía moderna*. C.S.I.C., Madrid.
- CORPAS PASTOR, G. (2001): “Corrientes actuales de la investigación fraseológica en Europa” en *Euskera* [V Jornadas de literatura popular - fraseología (Herri literaturen V. Jardunaldiak: Fraselogiaz)]46,2001,21-49.
- CORPAS PASTOR, G. e MORVAY, K. (2002): “Los estudios de fraseología y fraseografía en la Península Ibérica (Breve presentación y orientación bibliográfica)” en *Annales Universitatis Scientiarum Budapestinensis de Rolando Eötvös Nominatae*, Sectio Linguistica XXV,2002,165-184.
- ESPINAL, M. T. (2004): *Diccionari de Sinònims de Frases Fetes*. Universitat Autònoma de Barcelona. Servei de Publicacions. Publicacions de la Universitat de València. Publicacions de l'Abadia de Montserrat, Barcelona / València.
- FALUBA, K. (1995): “Referencias al húngaro y Hungría en el *Diccionario de la Real Academia Española* (DRAE, 1992)” en *Miscellanea Rosae*. Mundus Press, Budapest, 55-58.
- FERRO RUIBAL, X. (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- HADROVICS, L. (1995): *Magyar frazeológia* [Fraseoloxía húngara]. Akadémiai Kiadó, Budapest.
- HOLLÓS, A. (1996): *Az orosz szókincs magyar elemei* [Os elementos húngaros do léxico ruso]. Magyar Nyelvtudományi Társaság Kiadványai (MnyTK), Budapest.
- KÓTOVA, M. (1998): “As aportacións rusas ós estudos fraseolóxicos” en FERRO RUIBAL, X. (coord.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 247-256.
- KRZYŻANOWSKI, J. (1975) [1958-1960]: *Mądraj głowie dość dwie słowie*. Państwowy Instytut Wydawniczy, Warszawa, I-III.
- MOKIENKO, V. (2000): *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de Lingua e Literatura rusas*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

- (2000): *As imaxes da lingua rusa. Ensaio histórico, etimolóxico e etnolingüístico sobre fraseoloxía..* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- MORVAY, K. (1996): “Harri batez bi kolpe. Cuestiones de fraseoloxía comparada” en *Euskera* [Herri literaturen IV. Jardunaldiak 'Paremilogiaz'. Durango, 06-07.12.1996] 3,1996,719-767.
- (1998): “Quandoque bonus dormitat Homerus. Notes etimològiques” en *Revista de Filologia Románica* 15,1998,313-318.
- (2001): “Xesús Ferro Ruibal *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*” en *Estudis Romànics XXIII*. Institut d'Estudis Catalans, Barcelona, 282-287.
- MORVAY, K. e ESPINAL, M. T. (2004): *Diccionari de Sinònims de Frases Fetes*. Serra d'Or (recensión, na prensa).
- NAGY G., O. (1957) [1988]: *Mi fán terem*. Gondolat, Budapest.
- RÖHRICH, L. (1995): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten I-V*. Herder, Freiburg / Basel / Wien.
- SKORUPKA, St (1971): *Słownik frazeologiczny języka polskiego I-II*. Wiedza Powszechna, Warszawa.
- Slovník spisovného jazyka českého* [Diccionario da lingua checa estándar] I-IV. Academia, 1971 e ss., Praha.
- SULÁN, B. (1963): “Éléments hongrois dans la langue tchèque” en *Studia Slavica Hungarica* 9,1963,21.

## Apéndice

1) Lista de erratas descubertas na reprodución dos exemplos citados no manual *Fraseoloxía eslava* de Mokienko.

Na columna *cita* cito o fraseoloxismo tal e como aparece no corpo do libro e mais no índice, mentres que na columna *corrección* repito só a(s) palabra(s) que tería(n) que ser corrixada(s) na(s) páxina(s) correspondente(s). Por razóns prácticas ordeno o material segundo a páxina onde aparecen as formas comentadas e non alfabeticamente, como se fai no índice.

| Páxina | Cita                                              | Corrección      |
|--------|---------------------------------------------------|-----------------|
| 035    | <i>ani Bogu świeczka, ani diabłu o eg</i>         | <i>ożeg</i>     |
| 035    | <i>ani Bogu świeczki, ani diabłu o oga</i>        | <i>ożoga</i>    |
| 035    | <i>ni Bogu świeczki, ni diabłu o oga</i>          | <i>ożoga</i>    |
| 035    | <i>ni Bogu świeczki, ni diabłu o ogu</i>          | <i>ożogu</i>    |
| 035    | <i>ni Bogu świeczki, ni ludzim ogarka ludziom</i> | <i>ludziom</i>  |
| 054    | <i>sam (samotny) jak pien pieź</i>                | <i>pieź</i>     |
| 173    | <i>nie umie i kozie ogona zawiązać zawiązać</i>   | <i>zawiązać</i> |
| 175    | <i>leżeć do góry brzuchem leżeć</i>               | <i>leżeć</i>    |



|     |                                                   |                                                 |
|-----|---------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| 179 | <i>rzeszotem wodę mierzyc mierzyć</i>             | <i>mierzyć</i>                                  |
| 179 | <i>sitom wodę mierzyc mierzyć</i>                 | <i>mierzyć</i>                                  |
| 214 | <i>Nie daj BoZe, konia leczyć</i>                 | <i>Boże</i>                                     |
| 247 | <i>Bo ju sam nie swój,<br/>połowina dijabłowa</i> | <i>Już<br/>połowica</i>                         |
| 247 | <i>sam Zaden nie swój żaden</i>                   | <i>żaden</i>                                    |
| 247 | <i>Ju sam nie swój,<br/>połowica dijabłowa</i>    | <i>już<br/>połowica</i>                         |
| 260 | <i>ni kolka, ni snopka</i>                        | <i>kolka</i>                                    |
| 291 | <i>przelewać z pustego w próZne</i>               | <i>próżne</i>                                   |
| 292 | <i>nieprawdy naliwać nalewać</i>                  | <i>nalewać</i>                                  |
| 292 | <i>zalać na elbeton żelbeton</i>                  | <i>żelbeton</i>                                 |
| 330 | <i>siedzieć jak na szydlach</i>                   | <i>siedzieć</i>                                 |
| 411 | <i>Daj joj róZu, ale brzozowego</i>               | <i>jej rózu</i>                                 |
| 431 | <i>rozchodník veliký</i>                          | <i>(é unha expresión checa, non<br/>polaca)</i> |

2) Lista de erratas descubiertas na reprodución dos exemplos polacos citados no manual *As imaxes da lingua rusa* de Mokienko.

| Páxina | Cita                                            | Corrección     |
|--------|-------------------------------------------------|----------------|
| 044    | <i>zalać (zakropić) robaca</i>                  | <i>robaka</i>  |
| 165    | <i>Ani Bogu świeczki, ani diabłu oZoga</i>      | <i>ożoga</i>   |
| 259    | <i>JuZ sam nie swój,<br/>połowica dijabłowa</i> | <i>już</i>     |
| 342    | <i>Cicha woda brzegi prodriva (rwie)</i>        | <i>podrywa</i> |



## Por unha metafraseografía peninsular

Károly Morvay<sup>1</sup>

*Universidade Eötvös Loránd de Budapest*

A fraseografía aínda non conseguiu producir un número suficiente de obras que se correspondan co nivel das investigacións fraseolóxicas realizadas. Recentemente apareceron dous dicionarios fraseolóxicos que, a pesar dalgúns aspectos discutibles, teñen unha gran significación práctica e teórica. Na miña análise comparo as solucións do *Diccionari de Sinonims de Frases Fetes* (DSFF) de M. Teresa Espinal coas dunha obra húngara similar, o *Magyar szólástár* (*Szólástár*) e chego á conclusión de que á vista das dificultades que implica a redacción dun dicionario conceptual de fraseoloxismos, como é o DSFF, parece máis viable a realización de dicionarios fraseolóxicos definitorios cun detallado índice conceptual, parecidos ó manual húngaro.

Phraseography has not been able to produce enough works which come up to the level of the phraseological research work that has been done yet. Two dictionaries have been published recently which, but for some debatable points, are of great practical and theoretical significance. In my analysis a comparison is made between the solutions of the *Diccionari de Sinonims de Frases Fetes* (DSFF) by M. Teresa Espinal (2004) and those of a similar Hungarian work (*Magyar szólástár*, 2003) and come to the conclusion that, taking into account all the difficulties about writing a conceptual dictionary of idioms like the DSFF, it seems to be more feasible to make dictionaries of idioms with definitions and a detailed conceptual index, similar to the Hungarian workbook.

---

<sup>1</sup> Traducido por Marta Rodríguez Añón.

## 1. Consideracións preliminares

Na primeira metade de 2004 apareceron dous dicionarios, un para o catalán e outro para o húngaro que, a pesar dalgunhas solucións discutibles ou xustamente por elas, teñen a un tempo unha gran significación práctica e teórica. As dúas obras en cuestión das que tiven o privilexio de elaborar senllas recensións (Morvay 2004c e 2004d) son o *Diccionari de Sinònims de Frases Fetes* (DSFF) de M<sup>a</sup> Teresa Espinal e o *Magyar szólástár*, título que poderíamos traducir por ‘Fraseoteca húngara’ (a partir de agora *Szólástár*), cuxo redactor principal é Vilmos Bárdosi. Neste artigo gustárame presenta-las bases lingüísticas e os principios de redacción destas dúas obras e meditar sobre as características dos dicionarios fraseolóxicos. Moitos dos problemas da fraseoloxía e fraseografía foron tratados nas *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía* (Ferro 1998; recensión en Morvay 2001a) e na extensa bibliografía mencionada polos participantes do coloquio. Para informacións bibliográficas máis recentes véxanse Corpas e Morvay (2002), Santamaría (2002; 2003) e Ginebra (2003). Para o tema que examino teñen un grande interese as conclusións fraseográficas do relatorio de A. Zuluaga (1998: 26-27). Espero que non pareza falla de modestia que coa intención de aproveita-las ensinanzas das miñas investigacións e traballos lexicográficos me refira aquí con frecuencia a publicacións propias relacionadas co tema, moi especialmente ós relatorios mencionados e ó proxecto do *Petit diccionari fraseològic cerdanià* (PDFC), presentado en diferentes comunicacións e publicacións (Morvay 2004a; 2004b ;e 2002).

O termo *fraseografía*, pouco empregado nos traballos lingüísticos da Península Ibérica e ausente da maioría dos dicionarios xerais peninsulares, aparece na literatura especializada rusa (soviética) xa a finais dos anos 70, principios dos oitenta (p.ex. Umarjodzhaiev 1983). Poderíase definir do seguinte xeito: A *fraseografía* (ou *lexicografía fraseolóxica*) é unha disciplina lingüística que se dedica a elaborar e aplica-los principios de tratamento das unidades fraseolóxicas. A fraseografía práctica dedícase a recoller e rexistra-lo conxunto (ou unha parte) dos fraseoloxismos dunha lingua (ou varias linguas), dun sector dunha lingua, dunha clase social ou dun individuo, moi especialmente dun autor e da súa obra. Utilizarei aquí o termo *metafraseografía* (fraseografía teórica) nun sentido similar ó que G. Haensch atribúe á palabra *metalexicografía* dicindo que hoxe en día se distinguen xa claramente a *lexicografía práctica*, isto é, a elaboración de dicionarios, da *lexicografía teórica*, tamén chamada *metalexicografía* (Haensch 1997: 30).

## 2. Xeneralidades

### 2.1. Terminoloxía e fenómenos relacionados

Os que se dedican a investigar diferentes tipos de combinacións estables de palabras en traballos lingüísticos ou as recollen en dicionarios deben decidir previamente que é o que aceptan dos conceptos básicos da fraseoloxía, unha disciplina lingüística con máis de 50 anos de tradición, e se utilizan ou non a terminoloxía empregada na maioría dos traballos publicados sobre este tema. Trátase dunha decisión persoal, pero sen dúbida ningunha

estrañan posicións como a de Mercè Lorente, quen propón utiliza-lo termo *fraseoloxismo* –empregado en diferentes países dende hai decenios como sinónimo de *unidade fraseolóxica*– nun sentido restrinxido, definíndoo como unidade de estrutura oracional completa que pode configurar un acto de fala autónomo (Lorente 2002: 841; tamén ó respecto Morvay 2004e).

A denominación dos dicionarios que teñen características similares ás das dúas obras examinadas polo xeral está intimamente ligada ó nome que se lles dá ás unidades recollidas neles. Na Península Ibérica ata o día de hoxe son poucos os autores e editores que se atreven a emprega-los termos *unidade fraseolóxica* (UF) ou *fraseoloxismo* e *dicionario fraseolóxico* para se referiren ó material recollido e para denomina-la obra. O *Szólástár* caracterízase por unha certa dualidade neste aspecto: no seu título aparece a palabra *szólás*, que no húngaro serve tradicionalmente para designa-las expresións metafóricas (idiomáticas). Malia esta elección, os autores deixan ben claro que a súa obra se inscribe dentro da fraseoloxía: na introdución falan de frasemas, UF e fraseoloxía. A actitude da autora do DSFF é ben diferente: na introdución usa unha única vez o termo *fraseoloxía*, empregándoo como sinónimo de *frase feita*. Canto ó carácter das unidades lexicais escollidas, o *Szólástár* coincide coa maioría dos fraseólogos: non rexistra ningún tipo de unidades monolexicais, nin palabras compostas, nin formas reduplicadas (vocábulos xemelgos) que, por certo, abundan no húngaro. Non fai constar tampouco combinacións de función puramente gramatical. Respecto ás poucas unidades terminolóxicas recollidas, véxanse as observacións feitas máis adiante. Teresa Espinal define a *frase feita* dicindo que se entendeu de forma xenérica por frase feita calquera *expresión supraléxica* que constitúe unha *forma lingüística estereotipada* do catalán, *estrutura sintagmática fixada* no léxico da lingua, independentemente de se se considerou locución, frase feita ou modismo, de acordo coa lexicoloxía e a lexicografía tradicionais (DSFF: 10). No DSFF figuran palabras compostas como *ping-pong*, *cul-de-sac*, *seixanta-nou*; formas reduplicadas como *zub-zub*, *zum-zum* e outras combinacións como *ballar-la*, *caure-hi*, *fer-ho*, *matar-ho*, etc. (verbo da exclusión de tales elementos do dominio da fraseoloxía Ginebra 2000). O dicionario documenta tamén usos figurados de unidades monolexicais, como é o caso de *ésser un as*, *ésser un ase*, etc.; formas chamadas “nombres calificativos” por María Moliner no seu dicionario (ó respecto Morvay 2003: 378-381). O DSFF inclúe ademais no seu material sintagmas preposicionais de valor puramente gramatical, como *a despit de*, *a favor de*, *a més de*, *a part de*, *en contra de*, *en pro de*, *en suport de*, *en oposició de*, *enfront de*, *prop de*, *com a*, *dret a* e outros como *no pas*, etc. que, na miña opinión, non teñen por que constar nun dicionario fraseolóxico.

Consultando o DSFF un decátase facilmente de que a autora considera *frase feita* unha ampla variedade de unidades, incluíndo por exemplo termos como *parc zoològic*. No *Szólástár* tamén atopamos esporadicamente algunha que outra combinación terminolóxica como *olimpiai falu* ‘vila olímpica’ ou *lesen áll* ‘estar en (posición de) fóra de xogo’. Creio que a terminoloxía, un campo excesivamente vasto, non ten que ser representada nos dicionarios fraseolóxicos. Este tipo de combinacións de palabras, ó meu parecer, ten interese para a

fraseoloxía só cando se trata de combinacións “anfíbias”, é dicir, cando estas teñen tamén sentido figurado (fraseolóxico ou idiomático, se se quere), como por exemplo *cop baix* ‘golpe baixo’. Na obra de M<sup>a</sup> Teresa Espinal abundan as unidades terminolóxicas, pero ás veces faltan xustamente formas do mencionado tipo: entre unha ducia de termos deportivos que serven para designar diferentes categorías de boxeo, loita, halterofilia, etc., o DSFF recolle só *pes lleuger*, *pes mosca*, *pes ploma* –acompañados por unhas definicións algo vagas– pero non rexistra *pes pesant*, que atopamos nalgúns dos dicionarios bilingües da *Enciclopèdia Catalana* cun sentido figurado (os exemplos correspondentes en Morvay 2004d).

Os dous dicionarios en cuestión son moi extensos e permiten diferentes tipos de busca. O *Szólástár*, que recolle unhas 13.000 UF na compañía de mil variantes formais usadas no húngaro contemporáneo, consta de dúas grandes partes: a primeira é un dicionario fraseolóxico definitorio que ordena o seu material baixo unhas 4.000 palabras clave; a segunda está formada por dous índices exhaustivos, un dos cales é un detallado índice conceptual que relaciona as UF rexistradas cuns dous mil conceptos, facendo posible así o uso activo do dicionario. O outro índice permite busca-los fraseoloxismos segundo os seus elementos constitutivos máis importantes (excluindo, evidentemente, a palabra clave lematizadora). O DSFF é a colección máis completa de fraseoloxía catalá: documenta 18.850 rexistros de 15.500 expresións lexicalizadas empregadas fundamentalmente no catalán contemporáneo e ordénaas baixo 5.500 entradas conceptuais (conceptos). Trátase dunha obra que a versión en CD-ROM transforma nun instrumento que axiliza considerablemente as buscas.

## 2.2. As introducións e as instrucións de uso

As decisións tomadas polos redactores teñen que ser argumentadas na introdución e completadas con instrucións de uso moi exactas. Deberíanse explicar, entre outros, os criterios de selección do material, da lematización, etc., para que os usuarios saiban que tipo de unidades poden atopar no dicionario e como teñen que buscalas. Dende este punto de vista, os dous traballos examinados merecen todo tipo de gabanzas, pero supoñendo que non serán moitos os peninsulares que consultarán a introdución do *Szólástár*, referireime á do DSFF. Este dicionario é unha das poucas obras lexicográficas catalás que non só analizou polo miúdo para as necesidades de redacción tódolos fenómenos que se inscriben no dominio das expresións lexicalizadas (ou sexa, para min, na fraseoloxía), buscando e atopando solucións para cada un dos diferentes tipos de unidades e fenómenos, senón que tamén intentou explicarlle ó usuario o porqué das súas decisións. Que despois algúns fraseólogos, e entre eles eu mesmo, consideremos pouco afortunadas moitas das súas solucións concretas, xa é fariña doutro fol.

### 3. A estrutura dos artigos

A primeira parte do *Szólástár* non trae exemplos nin outro tipo de informacións (sinónimos, antónimos, etc.), así que os seus artigos teñen unha estrutura simple. No exemplo que reproduzo aquí entre corchetes fago consta-la tradución:

**RÓZSA** [rosa] <sup>M</sup> **piros, mint a rózsa** egészségesen piros (arcszín)

[encarnado como a rosa sanamente rubio (cor da cara)]

Π **Szembe rózsám ha szeretsz!** HM., TRÉF. {rendszerint férfi mondja nőnek: üljünk szembe egymással, forduljunk egymással szembe!}

[**Ponte en fronte de min, meu ben, se me queres** FÓRMULA ROUTINEIRA, *festiva* {normalmente é un home quen lle di a unha muller: sentémonos ou poñámonos un fronte ó outro}]<sup>2</sup>

◇ **Nincsen rózsa tövis nélkül** KM. {nincs az életben hiánytalan, tökéletes öröm, zavartalan boldogság}

[**Non hai rosas sen espiñas** REFRÁN, {na vida non existe alegría perfecta, completa, felicidade imperturbada}]

Os artigos do DSFF brindan diferentes tipos de información e, por conseguinte, a súa estrutura é máis complexa cá do *Szólástár* (ó respecto DSFF: 11-12). Para facilita-la presentación da estrutura dos artigos no DSFF cito dous exemplos, completados cuns números entre corchetes. A numeración comeza no exemplo que figura baixo a entrada **avergonyir-se** [1-10] e continúa no de **rebutjar** [11-14]. Respecto ás informacións sinaladas cos números [15-18], que non exemplifico aquí, consúltase o comentario que aparece máis abaixo, no punto 7.2, e o capítulo correspondente da introdución do DSFF que leva por título “Instruccions per al maneig del diccionari i guia gràfica” (DSFF: 48-52). Véxase tamén o capítulo “Sigles, abreviatures i símbols utilitzats en el diccionari” (DSFF: 57-59).

A continuación reproduzo os exemplos modificando certas solucións tipográficas empregadas no DSFF.

AVERGONYIR-SE [1]

**caure-li la cara de vergonya** [2] (a algú) [3] *O* [4], passar molta vergonya [5] (EC) [6]

No sé com no li cau la cara de vergonya de tornar al poble després del que va fer / És un cínico; a un altre li hauria caigut la cara de parlar així [7] (També s'usa amb la forma **caure-li la cara** (a algú)) [8] (R-M) [9]

<sup>2</sup> Eu a fórmula mencionada coñezo e utilízoa na seguinte forma *Szembe rózsám ha szeretsz! Ha nem szeretsz elmehetsz* [... Se non me queres podes marchar] e, na miña familia, normalmente dicímoslla ós nenos.

→ abaixar el cap, abaixar el front [10]

▷ tornar-se de tots colors (p.ext.)

REBUTJAR

**donar carbassa** (a algú) *SV*, menysprear / refusar, una noia, un pretendent (R-M, Fr)

Té fama de donar carbassa a la majoria de nois / La Marta em va donar carbassa quan li vaig demanar per sortir / Al ball, totes les noies li donaven carabassa; cap no volia ballar amb ell (\*, \*, R-M)

▷ **donar carbasses** (a algú) (v.f.) [11], **donar el sí** (a algú) (ant.) [12], **rebre carbassa** (inv.) [13], **donar l'esquena** (a algú) (p.ext.), **donar la bola** (a algú) (p.ext.), **no ésser-li bon mosso el rei** (a algú) (p.ext.) [14].<sup>3</sup>

Outra acepción deste fraseoloxismo polisémico aparece baixo a entrada **suspender**.

Os exemplos anteriores permítenos constatar que a estrutura básica dos artigos do DSFF na versión papel é a seguinte: ordenados baixo conceptos [1] que se seguen alfabeticamente, enuméranse as expresións lexicalizadas que se relacionan semanticamente con esas entradas. O dicionario brinda as seguintes informacións sobre as unidades recollidas: a súa forma lexicográfica [2] completada, onde é necesario, con indicacións das eventuais restricións formais, gramaticais e semántico-pragmáticas na combinabilidade da unidade en cuestión [3]. Logo segue, en forma de abreviatura, a categoría gramatical do sintagma que constitúe a combinación dada [4], a definición [5] e a fonte da definición abreviada [6]. A continuación, témo-los exemplos que ilustran o uso da expresión en cuestión [7] e, eventualmente, algunha nota de uso [8] seguida, cando é o caso, pola indicación da fonte dos exemplos en forma abreviada [9]. Despois –precedidas por unha frecha– introdúcense as frases feitas que manteñen relación de sinonimia [10] coa expresión que se describe e, a continuación, precedidos por un triángulo figuran outros fraseoloxismos que ou son variantes formais [11] da expresión que se describe ou están relacionadas con ela por antonimia [12], por inversión argumental [13] ou por extensión [14]. Finalmente, enuméranse, se as hai, as variantes dialectais [15]. Ás veces indícase a marcaxe dialectal que aparece nos dicionarios consultados respecto á expresión que se describe [16] e, eventualmente, infórmase sobre a natureza morfolóxica [17] ou etimolóxica [18] dun dos elementos constitutivos da combinación en cuestión.

As informacións que facilitan os dicionarios respecto das UF refírense basicamente a certos aspectos principais estreitamente relacionados: á forma (constitución) dos fraseoloxismos, ó seu contido significativo e ó seu uso. As dificultades da separación tallante entre estes

---

<sup>3</sup>Falta a indicación da variante formal *donar carabassa (a algú)*, cuxa existencia se pode deducir dun dos exemplos que acabo de reproducir.

fenómenos pódense observar moi ben no eido das restricións formais, gramaticais e semántico-pragmáticas á combinabilidade dos fraseoloxismos. De seguida comentarei algunhas das solucións converxentes ou diverxentes das dúas obras analizadas, en relación cos mencionados aspectos principais.

#### 4. A ordenación do material

O xeito no que se ordena o material fraseolóxico nos artigos está intimamente ligado ós fenómenos que acabo de mencionar e define o tipo de dicionario. Os redactores en xeral escollen como palabra clave un dos elementos que forman a combinación, como é habitual nos “dicionarios de lingua”. No húngaro, este tipo de dicionario chámase explicativo ou definitorio (*értelmező szótár*), unha denominación que aparece no subtítulo do *Szólástár* (máis abaixo no punto 6) e que resulta máis fácil de contrastar coa do dicionario conceptual. Para a ordenación do material serven, neste último tipo, conceptos que se poden relacionar co significado da unidade en cuestión, solución practicada, por exemplo, polos dicionarios de sinónimos. No *Szólástár* a palabra clave é un dos elementos constitutivos da UF, preferentemente o primeiro substantivo ou, ende non, o primeiro verbo ou outro elemento (*Szólástár*: XIII-XIV). Unha solución moi útil é recorda-los principios básicos da lematización ó pé de cada páxina par, mentres que na páxina impar, no mesmo lugar, se explica o sentido das abreviaturas máis usuais. Desafortunadamente, a *Frasesoteca* non dispón dunha versión electrónica –como o DSFF– que podería facilitar moito máis a busca e multiplica-las súas posibilidades. No DSFF a palabra clave escollida para a ordenación do material é un concepto obtido a partir da definición da expresión en cuestión. Para evitar confusións sinalo que M<sup>a</sup> Teresa Espinal denomina *mot clau* (palabra clave) non a entrada conceptual (concepto), senón un dos elementos constitutivos das unidades, segundo os cales tamén é posible localizalas. Véxanse as explicacións ó respecto (DSFF: 44-47) e tamén o capítulo “Instruccions per al maneig do CD-ROM” (DSFF: 52-56.).

Como se pode ler na introdución do DSFF, sempre que foi posible, o concepto é unha síntese da definición (DSFF: 20) extraída –coa expresión mesma– preferentemente das obras lexicográficas consultadas. Esta obra, malia o que anuncie o seu título, é, como a propia autora nos indica (DSFF: 9), un dicionario conceptual de expresións lexicalizadas que sinala diferentes relacións semánticas: sinonimia, antonimia, inversión argumental e extensión das unidades recollidas baixo uns conceptos ordenados alfabeticamente (ó respecto DSFF: 40-43). Considero moi importante que os dicionarios fraseolóxicos faciliten o uso activo da lingua, pero paréceme que a ordenación do material tal e como se realizou no DSFF ten bastantes desvantaxes. Xa o mesmo *embarras du choix* pode dificulta-lo traballo do usuario. Opino que o número de conceptos (5.500 entradas conceptuais) é demasiado elevado. Esta cifra corresponde a unha terceira parte do número total dos fraseoloxismos rexistrados, o que fai que moitas das expresións sinónimas se atopen baixo entradas diferentes (Morvay 2004d). Segundo nos advirte a autora, a sinonimia e tamén o resto de relacións léxicas establécense entre expresións, non entre os conceptos cos que elas se relacionen. Por

consequente, dúas expresións lexicalizadas poden ser sinónimas entre si a pesar de que os conceptos baixo os que se encontran non o sexan, e dúas unidades que aparecen baixo o mesmo concepto ou conceptos sinónimos non son necesariamente sinónimas entre si (DSFF: 41). A estas características, que ó meu xuízo poden dificultar a orientación do usuario, hai que engadir que, examinando casos concretos, a elección de moitas palabras clave conceptuais parece bastante arbitraria. A min, por exemplo, endexamais se me ocorrería busca-los fraseoloxismos *tenir el llogat* ou *qui té el cul llogat no seu quan vol* baixo o concepto ‘empregado’ nin relacionalos coas unidades que se enumeran a propósito:

#### EMPLEAT

**tenir el cul llogat** *SV*, treballar per altri / no ésser senyor de si mateix, estar subjecte a les ordres d'altri / es diu d'un que fa feina per altri (R-M, A-M, R)

Hi ha una dita que assegura que "qui té el cul llogat no seu quan vol", significant que qui treballa a les ordres d'un altre no pot disposar de si mateix (R-M)

▷ **viure de renda** (ant.), **donar pa** (a algú) (inv.), **menjar el pa de l'ase** (p.ext.), **a sou** (p.ext.), **a soldada** (p.ext.)

● **tenir es cul llogat** (Mall.)

[Val. (A-M)]

A atomización do material fai que haxa entradas baixo as que figura unha única expresión, como é o caso do concepto **exhortació**. Sorprende constatar que mentres o DSFF enumera tres expresións na entrada **explicar**: *ésser breu (algú)*, *fer cinc cèntims (d'alguna cosa, a algú)*, *fer dos quartos (d'alguna cosa, a algú)*, no *Diccionari Temàtic de Modismes* (DTM) de Susana Rodríguez-Vida, de dimensións reducidas, atopamos 21 fraseoloxismos agrupados baixo oito conceptos supletivos (**explicar**, **e(xplicar)** **demostrant**, **e. donant proves**, **e. el que no interessa a ningú**, **e. concisament**, **informar**, **insinuar**, **puntualitzar**). A solución dos redactores do *Szólástár* é algo similar á do DTM: no índice conceptual da súa obra (DTM: 409-948) os autores intentan reduci-lo número de entradas conceptuais que en total son máis de dúas mil, agrupándoos baixo seiscentos conceptos máis xerais. Vendo as dificultades que implica a redacción dun dicionario conceptual de fraseoloxismos, penso que é máis viable a confección de dicionarios fraseolóxicos definitorios, parecidos ó *Szólástár*, cun detallado índice conceptual. Estas obras, eventualmente, poderían conter tamén nos seus artigos información sobre sinónimos e antónimos fraseolóxicos, etc., tal e como o propoñen A. M. Lewicki e colaboradores (1987).

## 5. A forma fraseográfica das unidades

Como indiquei, as informacións sobre a forma e o significado das UF son practicamente inseparables en calquera dicionario. A diferenciación tipográfica de tódalas indicacións relacionables con estes aspectos non é unha tarefa nada sinxela. A pesar destas dificultades,



penso que a forma fraseolóxica (completa) debería abrangue-las variantes formais – cuantitativas e cualitativas– da unidade (Morvay 2004a: 43) e indicar, sempre que sexa necesario, as eventuais restricións formais, gramaticais e semántico-pragmáticas na combinabilidade dos fraseoloxismos. Non se pode esquecer tampouco que a pesar do carácter estable das combinacións, os seus elementos constitutivos non están completamente fixados, petrificados; a súa forma pode sufrir múltiples cambios ó empregárense nun contexto concreto. Penso aquí en evidencias como a necesidade da conxugación do elemento verbal, etc. e tamén en fenómenos máis complicados cuxa descrición fraseográfica non está exenta de dificultades (os exemplos citados en Morvay 2003). É por esta variabilidade que prefiro referirme ós fraseoloxismos como combinacións estables de palabras e non fixas como é máis habitual, para evitar confusións que se poden observar ás veces respecto a estes termos (Morvay 1995: 52).

**5.1.** Os dicionarios reproducen os fraseoloxismos nunha forma que consideran máis xeral e o xeito de presentala pode variar dunha lingua a outra. No húngaro, por exemplo, faise constalo elemento verbal das UF en terceira persoa do presente de indicativo. Outras linguas usan normalmente o infinitivo que, repetido na definición, pode xerar frases de construción bastante estraña (ver tamén as observacións feitas no apartado 5.3).

**5.2.** Canto ás variantes formais (lexicais), no *Szólástár* unha parte delas aparece baixo entradas independentes, o que fai que moitas informacións se repitan de maneira superflua. Véxanse os exemplos das entradas: [far] **M egy farral két nyeregben [nyerget] ül**; [fenék] **M egy fenékkal [VULG. seggel] két lovát ül meg [két nyeregben ül] BIZ.**; [segg] **M egy seggel két nyerget [két nyeregben] ül VULG.**, comentadas na miña recensión (Morvay 2004c: 106). Pola falla dun sistema de remisións cruzadas, indispensables nun dicionario fraseolóxico, o usuario non relaciona estas formas. No DSFF tamén se pode observa-la repetición innecesaria de información (véxanse os termos *forat del cul*, *l'ull del cul*, *l'ull negre*, *l'ull que no s'hi veu*, enumerados no dicionario baixo o concepto **anus** e as observacións respectivas en Morvay 2004d). Como se deduce da presentación da estrutura do artigo no DSFF, as variantes formais dos fraseoloxismos menciónanse alí de diferentes maneiras e en diferentes lugares. Se se mencionan –véxase o comentario máis arriba sobre a unidade *donar car(a)bassa*– as informacións respectivas poden aparecer nas notas de uso ou despois dun triángulo na compañía de exemplos de antonimia, inversión argumental e extensión (cf. os exemplos citados máis arriba). Esta última solución –facer figura-las variantes formais nun apartado reservado principalmente para sinalar diferentes relacións semánticas– non me parece afortunada.

Unha das decisións importantes dos redactores debe concerni-la inclusión ou exclusión do material das variantes xeográficas. Evidentemente, no caso de linguas como o español ou o portugués, faladas en moitos países, a redacción de dicionarios fraseolóxicos completos é un soño dificilmente alcanzable, pero tampouco é doado de realizar para outros idiomas. Baseándose principalmente na información do *Diccionari català-valencià-balear* (DCVB),

que constitúe a fonte dun 25% das súas fichas (Alcover et alii 1962: 35-36), o DSFF rexistra tamén variantes dialectais. Estas indicacións son moitas veces pouco exactas xa que o DCVB se refire xeralmente ó lugar no que a expresión dada foi recollida, sen excluí-la posibilidade de que sexa empregada tamén noutras partes do dominio lingüístico, un feito do que M. T. Espinal é consciente (cf. a observación na introdución DSFF: 37). Hai que dicir tamén que se se tomasen en consideración, por exemplo, tódalas variantes formais mallorquinas co artigo **salat** –como é o caso de *tenir es cul llogat*, que cito máis arriba, ou da expresión *posaria sa mà en es foc i no em cremaria* (Mall.), que figura baixo o concepto **certificar**, etc.– o número de variantes formais multiplicaríase de xeito excesivo. Aproveito a oportunidade para mencionar tamén que no DSFF se observa un gran desequilibrio na representación da fraseoloxía das diferentes variantes xeográficas. Citarei só un exemplo concreto: coa axuda do CD-ROM, en toda a obra só se poden localizar dous rosellonismos (*un tal e li taparien pas el cul amb nou matalassos (a algú)*), ós que hai que engadir *anar al safrà*, expresión que leva a curiosa marca *Pir. or.* (Pireneo oriental). Esta pobreza caracteriza tamén outros dicionarios cataláns, a excepción do DCVB. Nunha comunicación aínda non publicada comentei que dos 460 fraseoloxismos usados por Jordi Pere Cerdà que documento no PDFC, só 104 unidades –ou sexa, aproximadamente un 22,6%– figuran no dicionario normativo *Diccionari de la llengua catalana* (DIEC). A inmensa maioría, 356 unidades, é dicir un 77,3%, non consta neste dicionario (Morvay 2004e). O DCVB é moito máis xeneroso neste aspecto (Morvay 2002), pero precisamos dunha obra lexicográfica que documente a vitalidade das unidades concretas nas diferentes variantes do catalán. Só citarei un exemplo ó respecto: despois de redactar este texto, escoitei na fala viva dun habitante da Alta Cerdaña un dos fraseoloxismos que acabo de mencionar, na seguinte forma: *li taparien pas el cul amb set borrasses* e verificándoo, atopo no *Vocabulari específic rossellonès* (VER) a variante *li taparien pas el cul amb nou borrassos*.

**5.3.** A importancia do coñecemento das restricións formais, gramaticais e semántico-pragmáticas á combinabilidade das UF foi tamén salientada por A. Zuluaga (1998: cf. o punto 7.2.5 das súas conclusións). Trátase dun fenómeno demasiado amplo para ser presentado aquí detalladamente. Recordarei brevemente un aspecto que examinei máis de preto a propósito do tratamento da combinación *llamar la atención* en diferentes dicionarios cataláns e españois (Morvay 2004f), a indicación do suxeito e o obxecto das UF. O *Diccionario fraseológico del español moderno* (DFEM) é un dos poucos dicionarios peninsulares que, na miña opinión, atopou solucións fraseográficas axeitadas para sinalalo: os seus autores informan consecuentemente do suxeito da unidade dada coa axuda da abreviatura *u. p.* (unha persoa) ou *u. c.* (unha cousa) respectivamente e indican o obxecto da unidade coas palabras *alguien* ou *algo*, segundo corresponda. O DFEM documenta a combinación en cuestión da seguinte forma:

[atención] **llamar(le) u. p./u. c. la atención a/de alguien** (f.). *Provocar o atraer la atención de alguien*: “Si te empeñas en ponerte esa corbata roja con rayas amarillas, vas a llamar la atención de todo el mundo”.

[llamar] **llamarle u. p. la atención a alguien** (f.). *Reprender o amonestar a alguien*: “No pises el césped; el guardia te va a llamar la atención”.

No PDFC sigo a proposta do DFEM, pero na forma fraseolóxica (completa) que fago aparecer entre chaves coordino o elemento verbal co suxeito sinalado por *u. p.* ou *u. c.*:

**despertar la curiositat** {u.p., u.c. desperta la curiositat d'algú}

*u.c., u.p.*, encurioiseix *algú*; fa desvetllar la curiositat *d'algú*. [encuriosir\*]

O *Szólástár* fai consta-lo elemento verbal da combinación en terceira persoa do presente de indicativo; a solución de M. T. Espinal é a que practica a maioría dos dicionarios cataláns: poñe-lo verbo en infinitivo (p.ex. *criidar l'atenció* baixo **destacar** e **distingir-se**; *criidar l'atenció (a algú)* baixo **renyar** e *criidar l'atenció (d'algú)* baixo **advertir**). Do mesmo xeito en que o fan os dicionarios xerais cataláns, o DSFF só excepcionalmente sinala se o suxeito da unidade é unha persoa ou unha cousa: *ésser breu (algú)*. O usuario ten que deducir esta información dos exemplos (p.ex. as formas *tenir el cul llogat*; *donar carbassa (a algú)*, *fer cinc cèntims (d'alguna cosa, a algú)*, citadas máis arriba, e a expresión *poder pujar-hi de peus*, que comento máis abaixo).

No caso do DSFF a importancia desta indicación consiste tamén no feito de que sen ela non sempre se podería saber cal é exactamente a UF á que o dicionario fai referencia no apartado de sinónimos e outras relacións semánticas. Neste eido hai algunhas solucións pouco consecuentes na obra en cuestión. Normalmente o DSFF especifica a forma exacta do sinónimo, como no caso de *posar (algú) en guàrdia*, que aparece baixo a entrada **advertir**, e *toc d'atenció*, que figura baixo o concepto **advertiment**, unidades que están relacionadas coa forma *criidar l'atenció (d'algú)* e *criidar l'atenció (a algú)* respectivamente. Mais outras veces o dicionario remite á forma *criidar l'atenció* a secas, como no caso da combinación *fer-se veure*, que consta baixo **presumir**, e de *pintar la cigonya*, baixo **exhibir-se**. Verificando os artigos correspondentes onde aparece a forma –incompleta– *criidar l'atenció* (**destacar** e **distingir-se**), un decátase de que o dicionario documenta dous significados diferentes, xa que dos exemplos facilitados se deduce que o primeiro se aplica a persoas e o segundo a cousas:

DESTACAR

l que excel·leix

**criidar l'atenció** *SV*, donar-se importància (R-M)

Tot ho faria per *criidar l'atenció*; vol que tothom estigui pendent d'ell (R-M)

→ fer-se veure, donar la nota, dur la balla, pintar la cigonya, fer-se notar<sup>4</sup>

<sup>4</sup> *fer-se veure* defínese como “procurar *criidar l'atenció*; obrar amb presumció, per *exhibir-se* / fer coses per tal de *criidar l'atenció*, obrar per *exhibir-se*” e logo entre os sinónimos aparece tamén *criidar l'atenció*.

- ▷ ésser el rei de la casa (p.ext.), ésser el rei de la festa (p.ext.)

#### DISTINGIR-SE

**cridar l'atenció** *SV*, significar-se / estar clarament per sobre de la resta (R-M, \*)

El seu llibre crida l'atenció per la singularitat del tema / La pel·lícula crida l'atenció per la nova tècnica del color que s'hi aplica / Les declaracions dels líders sindicals criden l'atenció per la seva contundència (R-M, R-M, \*)

- ▷ ferir la vista (p.ext.)

Segundo a solución que propoño no PDFC, a forma lexicográfica (incompleta) das dúas combinacións en cuestión sería *cidar l'atenció*, pero a fraseográfica que fago aparecer entre chaves precisaría se a forma dada se refire a unha persoa (*u.p.*) ou a unha cousa (*u.c.*): {*u.p. crida l'atenció*} - {*u.c. crida l'atenció*}.

## 6. A clasificación (categorización) do material recollido

Entre a información que precisa a forma das UF e a que sinala o seu significado e uso insírese tradicionalmente unha indicación máis: a que se refire á categoría fraseolóxica ou gramatical da combinación dada. Trátase dunha clasificación que pode resultar útil ós redactores para examina-las diferentes solucións que esixe a documentación da forma e do contido significativo de cada un dos tipos especificados. Algúns autores emprégana tamén para a ordenación do material rexistrado dentro dos artigos extensos. Por exemplo, no DFEM os fraseoloxismos veñen ordenados en dous grandes grupos: primeiro aparecen as locucións agrupadas separadamente, segundo sexan nominais, pronominais, adnominais, adverbiais ou verbais, e despois seguen as expresións (fórmulas rutineiras). Esta solución pode dificultar a localización das UF concretas, como se pode comprobar consultando os artigos **boca**, **cosa**, **Dios**, **mano** (Morvay 2001a: 285). Véxanse tamén as observacións sobre a ordenación do material en *Euskal Lokuzioak* (EL) (Morvay 1996). Hai redactores que prefiren omitir este tipo de información. Na introdución do *Diccionario didáctico de español intermedio* (DDEI), por exemplo, podemos le-lo que segue respecto das locucións: “No llevan indicación gramatical, porque ya en la propia definición se ve si están definidas como verbos, sustantivos, adjetivos, etc.” (DDEI, IX). Os autores do *Szólástár* distinguen só tres categorías fraseolóxicas, como deixa ver tamén o subtítulo do diccionario: *Szólások, helyzetmondatok, közmondások értelmező és fogalomköri szótára*, ou sexa, ‘Diccionario definitorio e conceptual de expresións idiomáticas, fórmulas rutineiras e refráns’. O grupo máis nutrido, 9.452 unidades, un 78% do total, constitúeo o das expresións fixas ou idiomáticas, sen máis subcategorización. Na clasificación de Gloria Corpas Pastor (1996) estas combinacións de palabras corresponden ás locucións e parcialmente ás colocacións, das que a *Frasesoteca* recolle poucos exemplos. Dentro do segundo grupo, que Corpas Pastor denomina enunciados fraseolóxicos, o diccionario rexistra 2.098 fórmulas rutineiras, un 17% do total do material, e 542 paremias (refráns), un 5% do total. Nos artigos enuméranse,

caracterízanse e defínense primeiro as expresións idiomáticas marcadas cun punto negro, logo as fórmulas rutineiras, precedidas por un cadro negro, e finalmente os refráns, sinalados cun rombo. Dúas das subcategorías –fórmulas rutineiras e refráns– quedan tamén resaltadas coa axuda da abreviatura correspondente que segue á expresión. Nos artigos extensos (cf. **ló** ‘cabalo’) os fraseoloxismos séguense ordenados alfabeticamente segundo a(s) primeira(s) letra(s) da combinación dentro de cada unha das tres categorías mencionadas. Penso que para o usuario resulta máis doada a subordinación alfabética empregada tamén no DSFF, pero a falla de referencias cruzadas pode dificultar a localización das variantes formais (cf. a este respecto máis arriba o punto 5.2).

M. T. Espinal fai unha clasificación do material recollido segundo a categoría gramatical do sintagma que constitúe a combinación distinguindo as seguintes categorías: O (oración), SA (sintagma adxectivo), SAdv (s. adverbial), Sconj (s. conxuntivo), Scoord (s. coordinado), SD (s. determinante), SN (s. nominal), SQ (s. cuantificador), SV (s. verbal). Nas definicións ou nos exemplos ás veces tamén se usan algunhas das denominacións tradicionais, como é o caso de *dita* (cf. máis arriba, baixo **empleat**), ou *locución* que aparece baixo a entrada **avergonyit**, na definición das expresións *amb el cap baix* e *amb el cap cot*. O DSFF tamén rexistra algunhas paremias para amosa-la relación derivativa que hai entre un refrán e algunha expresión lexicalizada. Alí podemos le-lo seguinte ó respecto: indicouse convenientemente o caso daqueles sintagmas lexicalizados que son en orixe fragmentos dun refrán. É este o caso do SV *ésser el cul d'en Jaumet* <bellugadís>, que provén do refrán *el cul d'en Jaumet, que no sap seure ni estar dret* (A-M) (DSFF: 19). De xeito semellante a como o fan os novos dicionarios xerais da lingua catalá, M. T. Espinal tamén recolle algúns refráns, sen indicar que o son (cf. p.ex. *tants caps tants barrets*, baixo o concepto **dissensió**) ou rexístraos modificando a súa forma para poder citalos como *sintagma verbal*:

PENA

**no haver-hi rosa sense espines** *SV*, no haver-hi plaer que no porti aparellada alguna pena (IEC)

Mira que està de pega! Ara que té feina resulta que els companys li fan la guitza. És ben bé que no hi ha rosa sense espines

▷ corona d'espines (p.ext.), llit d'espines (p.ext.)

Como acabo de mencionar, o DSFF caracteriza como locucións as expresións *amb el cap baix* e *amb el cap cot*, pero non o fai na documentación das unidades que se citan como antónimas: *amb el cap alt*, recollida baixo os conceptos **altiu** e **dignament** e *amb el front alt*, que figura baixo **dignament**. As catro combinacións levan a abreviatura *SP*, dando a entender que se trata de sintagmas preposicionais. Penso que a clasificación baseada na categoría sintáctica da combinación dada na maioría dos casos ten moi pouco valor informativo para os usuarios. Como menciono na miña recensión, o DSFF non rexistra a unidade *amor a primera vista*. Buscando diferentes formas na versión en papel ou valéndose

da axuda do CD-ROM, pódese localiza-la expresión *a primera vista*, que no “Índex alfabètic de frases fetes a conceptes” vai acompañada do concepto **intuitivament**, un adverbio que a todas luces non casa coa palabra *amor* (Morvay 2004d).

## 7. A definición e a información que a completa (exemplos incluídos)

O tratamento detallado da problemática da definición das UF, de cuestións como a polisemia e a sinonimia fraseolóxicas, etc. é unha tarefa que excede os límites deste artigo. A definición do significado dos fraseoloxismos ten que ser completada coa axuda de explicacións metalingüísticas ou de notas de uso. Tamén é imprescindible a información que se pode facilitar a través de diferentes marcas cronolóxicas, estilísticas, etc. Respecto ó nivel de lingua das combinacións véxase 7.2.7 das conclusións de Zuluaga (1998), onde di que habería que distinguir “cuatro dimensiones de la variedad lingüística”. Outro aspecto vital para a precisión do significado das UF é a exemplificación do seu uso. A importancia dos exemplos radica, entre outras cousas, no feito de que os fraseoloxismos –segundo algúns autores– se caracterizan por unha certa vaguidade semántica, a este respecto pronúnciase Zuluaga (1998) no apartado 7.2.4. das conclusións. Do mesmo xeito que se observan variacións na forma dos fraseoloxismos, existe certa flexibilidade no sentido, debido posiblemente ó feito de que en moitas UF o valor expresivo, estilístico, prevalece sobre o valor denotativo. Debido a estes fenómenos os falantes empregan a miúdo as expresións alterando o seu significado e/ou modificando a súa forma canónica (V. Corpas 1998: 365-390).

**7.1.** Canto ós dous dicionarios analizados, cabe salientar que no *Szólástár* as definicións das fórmulas fraseolóxicas e dos refráns son moi informativas mercé ás explicacións metalingüísticas que aparecen entre chaves (véxanse os exemplos correspondentes no punto 3. citados baixo a entrada **rózsa**). O DSFF acada un efecto similar coa axuda das notas de uso, pero non se pode esquecer que M. T. Espinal, considerando primordial a fidelidade ás fontes das definicións (e dos exemplos), reproduce moitas das solucións pouco consecuentes doutros dicionarios cataláns. Por exemplo, baixo o concepto **anus** atópanse os termos: *el forat del cul, l’ull del cul, l’ull negre, l’ull que no s’hi veu, la porta falsa*, dos que os catro primeiros levan a seguinte definición: “canal digestiu, a través del qual l’animal expulsa les matèries fecals”, a pesar de que no exemplo que acompanya a un de eles (*l’ull negre*) apareza un neno (Morvay 2004d). Penso que esta esaxerada fidelidade ás fontes lexicográficas utilizadas non favorece o DSFF, senón todo o contrario, xa que o tratamento das UF non é o punto forte dos dicionarios cataláns (V. Conca 1998, Morvay 2001b).

**7.2.** Sempre que é necesario o *Szólástár* precisa, coa axuda de diferentes marcas cronolóxicas, estilísticas, etc. o significado e os usos que poden te-las expresións. A lexicografía catalá, e a peninsular en xeral, tería que mellora-la súa información sobre este aspecto, sinalando se se trata de usos “neutros” ou, pola contra, cultos, literarios, xornalísticos, administrativos, coloquiais, infantís, argóticos, populares, rurais, vulgares,

eufemísticos e/ou matices humorísticos (festivos), irónicos, pexorativos, despectivos ou formas dialectais, obsoletas, pouco usadas ou outras. O DSFF só excepcionalmente indica estas características e faino dentro da definición (cf. *ésser un as (algú)* baixo o concepto **inútil**). Pola falla desta información o usuario pode considerar sinónimas moitas das unidades que na práctica non son intercambiáveis (cf. p.ex. as formas que se enumeran baixo a entrada **morir**). A autora é consciente de que as expresións similares teñen usos sociolingüísticos diferentes (DSFF: 41), pero a pesar disto citaas como sinónimas. Tentando usalas, un decátase de que unha parte importante delas non se pode empregar nos exemplos que acompañan o fraseoloxismo que se describe. Comentei máis polo miúdo este fenómeno relacionado coa falla da definición exacta de sinonimia fraseolóxica a propósito do *Diccionari de locucions i de frases fetes* (DLFF), que nos seus artigos enumera tamén sinónimos (Morvay 2004f). Non podendo entrar en detalles, menciono que hai investigadores que pensan que só as variantes formais das unidades poden considerarse sinónimos plenos.

Volvendo ó tema das marcas, quero destacar unha vez máis que o *Szólástár* lles atribúe unha grande importancia. Para ilustralo reproduzo o cadro ‘Distribución dos tipos de frasetas no dicionario’ (*Szólástár*: XI). No orixinal as marcas están ordenadas alfabeticamente, solución que sigo na reprodución, cambiando así a orde dos datos.

| <b>Segundo as marcas</b> | <b>Expresións idiomáticas</b> | <b>Fórmulas rutineiras</b> | <b>Refráns</b> | <b>En total</b> |
|--------------------------|-------------------------------|----------------------------|----------------|-----------------|
| argóticos                | 788                           | 231                        | 0              | 1.019 (8%)      |
| coloquiais               | 1.411                         | 602                        | 10             | 2.023 (17%)     |
| cultos                   | 769                           | 17                         | 4              | 790 (7%)        |
| eufemísticos             | 67                            | 19                         | 0              | 86 (1%)         |
| humorísticos             | 817                           | 443                        | 26             | 1.286 (11%)     |
| irónicos                 | 172                           | 104                        | 7              | 283 (2%)        |
| obsoletos                | 275                           | 33                         | 63             | 371 (3%)        |
| pexorativos              | 141                           | 20                         | 2              | 163 (1%)        |
| pouco usados             | 276                           | 43                         | 20             | 339 (3%)        |
| populares                | 377                           | 137                        | 69             | 583 (5%)        |
| vulgares                 | 254                           | 80                         | 10             | 344 (3%)        |
| En total                 | 5.347                         | 1.729                      | 211            | 7.287 (60%)     |

Como se observa neste cadro, das 12.092 unidades que o *Szólástár* recolle, máis da metade levan algunha marca. Os redactores dinnos que isto representa un 60% do material total, pero supoño que esquecen que algúns fraseoloxismos levan dúas indicacións. Por exemplo, baixo **befött**: **Nehogy már a befött rakja [tegye] el a nagymamát!** HM, SZLENG, TRÉF. [Non sexa que a compota prepare a avoa! FÓRMULA FRASEOLÓXICA, *argótica, festiva*]. De todas formas, fronte á ausencia case total deste tipo de informacións no DSFF, trátase dunha porcentaxe elevadísima<sup>5</sup>.

### 7.3. Os exemplos de uso

Con toda a información que os dicionarios facilitan sobre a forma e o significado das UF, o usuario, moi especialmente se non se trata da súa lingua materna, a miúdo non ve moi claro como ten que empregalas. Eu, por exemplo, durante anos non sabía como podería utiliza-la expresión catalá que a maioría dos dicionarios recollen na forma *poder pujar-hi de peus* e que o DIEC define, sen exemplifica-lo seu uso, como “dit per a assegurar la veritat de una cosa”. Só cando un día escoitei a un colega afirmar doutro lingüista que “sobre el que diu ell, hi pots pujar de peus” caí na conta do que significaba. O DSFF recolle esta unidade baixo os conceptos **cert** e **segur**:

CERT

**poder pujar-hi de peus** *SV*, dit per a assegurar la veritat o la certesa d'una asserció / poder obrar ben confiadament, sense cap mena de recel (EC)

Ja hi podeu pujar de peus, perquè el conec i sé que ell no ho ha fet

→ posar les mans al foc, tenir (alguna cosa) pit avall

▷ jugar-se qualsevol cosa (p.ext.), anar a missa (p.ext.), ésser faves comptades (p.ext.)

As informacións que aparecen baixo a entrada **segur** son idénticas, pero están completadas cun exemplo máis convincente que di: *Si ell t'ho ha dit, pots pujar-hi de peus perquè n'està molt ben informat* (R-M).

O tema da utilidade dos exemplos de uso foi amplamente discutido nas intervencións dos participantes do *I Coloquio Galego de Fraseoloxía* (Ferro 1998), onde houbo opinións a favor e en contra dos mesmos. F. Varela, coautor do DFEM, por exemplo, considerou que “os exemplos sacados da literatura teñen o grande inconveniente de non poder ofrecer, en poucas liñas, o contexto, a situación que ilustra unha UF” (Varela 1998: 206). O profesor A. Zuluaga, pola contra, no punto 7.2.6. das súas conclusións, salientou que un bo dicionario fraseolóxico “debera ofrecer exemplos de uso interesantes, non meras frases triviais construídas *ad hoc*, polo lexicógrafo mesmo” (Zuluaga 1998). Vendo que nos dicionarios

<sup>5</sup> Algunhas das variantes da fórmula que acabo de citar e doutros fraseoloxismos argóticos parécenme individualismos que se poderían eliminar deste dicionario (Morvay 2004c: 107-108).



son habituais os exemplos pouco ilustrativos, constituídos *ad hoc*, paréceme imprescindible a creación de bancos de datos extensos con exemplos fraseolóxicos extraídos de diferentes tipos de textos, que poderían servir como fonte de inspiración para os redactores.

Unha carencia importante do *Szólástár* é a falla absoluta de exemplos de uso. Como xa vimos, o DSFF trae exemplos, pero estes –extraídos, na maioría dos casos, doutros dicionarios– non sempre son convincentes. Pode estrañar tamén que M. T. Espinal, a pesar de ser consciente da orixe do exemplo, reproduza unha frase do Tirant lo Blanc (cf. a observación da autora respecto á combinación *a camp clos* (DSFF: 37)). Coido que en vez de aumentar, custe o que custar, o número de UF rexistradas nos dicionarios, os redactores terían que aspirar a mellora-la calidade da información facilitada ó usuario, sen ter medo de empregar, cando sexa necesario, exemplos máis extensos.

## 8. Conclusións

En cada un dos apartados anteriores tentei sacar unhas breves conclusións respecto ós fenómenos examinados. Para rematar gustárame facer algunhas observacións de carácter máis xeral.

A fraseoloxía, entendida como disciplina lingüística, tivo un desenvolvemento espectacular na Península Ibérica (Corpas e Morvay 2002). Ó mesmo tempo, a lexicografía fraseolóxica peninsular –exceptuando algúns intentos esperanzadores como é o DFEM ou algúns traballos aínda inéditos (Biosca 1989, Biosca e Cornadó 2002) e, a pesar dos seus aspectos criticables, tamén o DSFF– non conseguiu acadar un número suficiente de obras que se correspondan co nivel das investigacións efectuadas. Para verificalo abonda con compara-la produción peninsular cos dicionarios fraseolóxicos redactados, por exemplo, en diferentes linguas eslavas. Co *Szólástár* tamén o húngaro deu un gran paso adiante neste campo.

Para recupera-lo retraso os fraseólogos da Península Ibérica teñen a urxente tarefa de repensa-los criterios de tratamento das UF nas obras lexicográficas e, moi especialmente, nos dicionarios fraseolóxicos. Estes últimos, ó lado da versión en papel, terían que contar xa sempre cunha versión electrónica (en CD-ROM), o que supón que haberá que buscar solucións específicas, axeitadas a este tipo de adaptacións. Por todas estas esixencias penso que sería útil publicar mostras de traballos concretos en proceso de realización, como é o proxecto fraseográfico galego do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e tentar iniciar unha discusión profunda ó respecto. Esta forma de colaboración de diversos especialistas, habitual hai uns decenios nos países de Europa centro-oriental (Morvay 2002: 99), axilizada agora grazas á Internet, permitiría discuti-la conveniencia ou non das solucións prácticas propostas antes de adoptalas como definitivas. As ensinanzas desta discusión, recollidas nunha publicación, poderían servir de guía para os redactores de futuras obras lexicográficas.

Por último, pero non por iso menos importante, xa é hora de escoitar a X. Ferro Ruibal, quen nos aconsella “perde-lo medo a recoñecer que o dominio da fraseoloxía é o máis alto nivel de dominio de calquera lingua” (Ferro 1996: 104) e reclama-lo recoñecemento pleno da disciplina que se ocupa da súa investigación. Quizais o intercambio de pareceres que propoño podería axudar a facer aceptar universalmente –quero dicir “peninsularmente” – que a parte da lingüística que se dedica ó exame de diferentes tipos de combinacións estables de palabras é a *fraseoloxía*, que a denominación axeitada de tales combinacións é *unidades fraseolóxicas* (*fraseoloxismos*) e, por conseguinte, as obras que os recollen terían que chamarse *dicionarios fraseolóxicos*. Un dos logros importantes dos fraseólogos rusos e centroeuropeos foi conseguir impoñer-la aceptación destes termos. Valería a pena segui-lo seu camiño para poder chegar a sentar-las bases dunha (meta)fraseografía peninsular que estea á altura das esixencias do século XXI e que saiba aproveitar plenamente as múltiples posibilidades que ofrecen as versións electrónicas e Internet, que pode facilita-la consulta dos bancos de datos lexicográficos.

## 9. Dicionarios citados en forma abreviada

- DCVB ALCOVER, A. M. e MOLL, F. de B. (1926-1962): *Diccionari català-valencià-balear* I-X. Editorial Moll, Palma.
- DDEI DE LAS HERAS FERNÁNDEZ, J. A. et alii (1994<sup>3</sup>): *Diccionario didáctico de español intermedio*. Ediciones SM, Madrid.
- DFEM VARELA, F. e KUBARTH, H. (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Gredos, Madrid.
- DIEC *Diccionari de la llengua catalana* (1995). Institut d'Estudis Catalans, Barcelona. (Ten tamén unha versión en CD-ROM).
- DLFF RASPALL, J. e MARTÍ, J. (1984): *Diccionari de locucions i de frases fetes*. Edicions 62, Barcelona. [Reeditado en dous volumes independentes en 1995 e 1996, respectivamente: *Diccionari de locucions* e *Diccionari de frases fetes*. (DFF). Edicions 62, Barcelona.]
- DSFF ESPINAL, M. T. (2004): *Diccionari de Sinònims de Frases Fetes*. Universitat Autònoma de Barcelona - Servei de Publicacions, Barcelona.
- DTM RODRÍGUEZ-VIDA, S. (1997): *Diccionari temàtic de modismes*. Edicions 62, Barcelona.
- EL IZAGUIRRE, K. (1980): *Euskal lokuzioak*. Hordago, Donostia.
- Szólástár BÁRDOSI, V. (red.) (2004): *Magyar szólástár. Szólások, helyzetmondatok, közmondások értelmező és fogalomköri szótára* [Diccionario definitorio e conceptual de expresions idiomáticas, fórmulas rutineiras e refráns]. Tinta Könyvkiadó, Budapest.
- VER BOTET, R. (1997): *Vocabulari específic rossellonès*. Ed. Trabucaire, Perpinyà.

## 10. Bibliografía

- BIOSCA I POSTIUS, M. (1989): *La fraseología en l'obra de Jesús Moncada I-II. Manuscrit d'un diccionari fraseològic*. Universitat de Lleida, Lleida.
- BIOSCA I POSTIUS, M. e CORNADÓ, M. P. (2002): *Les frases fetes en l'obra de Jesús Moncada I-IV*. Universitat de Lleida, Lleida.
- CONCA, M. (1998): “Os estudos de fraseoloxía catalana: realidades e proxectos” en FERRO RUIBAL, X. (coord.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 139-167.
- CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.
- (1998): “El uso de paremias en un corpus del español peninsular actual” en WOTJAK, G. (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Vervuert, Frankfurt a.M., 365-390.
- CORPAS PASTOR, G. e MORVAY, K. (2002): “Los estudios de fraseología y fraseografía en la Península Ibérica” en *Annales Universitatis Scientiarum Budapestinensis de Rolando Eötvös Nominatae* XXV, 2002, 165-184.
- FERRO RUIBAL, X. (1996): *Cadaquén fala como quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. Real Academia Galega, A Coruña.
- (coord.) (1998): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- GINEBRA, J. (2000): “Sintaxi i fraseologia: els límits de les unitats fraseològiques verbals” en SALVADOR, V. e PIQUER, A. (eds.): *El discurs prefabricat. Estudis de fraseologia teòrica i aplicada*. Universidad de Castellón, Castellón, 65-80.
- (2003): “Fraseologia, concurrències lexiques i lengua estàndard” en PRADILLA, M. A. (ed.): *Identitat lingüística i estandardització*. Cossetània, Barcelona, 7-55.
- HAENSCH, G. (1997): *Los diccionarios del español en el umbral del siglo XXI*. Ediciones de la Universidad de Salamanca, Salamanca.
- LEWICKI, A. M. et alii (1987): *Z zagadnień frazeologii. Problemy leksykograficzne* [Cuestións de fraseoloxía. Problemas lexicográficos]. PWN, Warszawa.
- LORENTE CASAFONT, M. (2002): “Altres elements lèxics” en SOLÀ, J. (dir.): *Gramàtica del català contemporani*. Empúries, Barcelona, 831-888.
- MORVAY, K. (1995): “Problemes de fraseologia catalana - fraseologismes i fraseoides” en *Estudis de lingüística oferts a Antoni M. Badia i Margarit II*. Publicacions de l'Abadia de Montserrat, Barcelona, 51-63.
- (1996): “Harri batez bi kolpe. Cuestiones de fraseología comparada” en *Herri literaturen IV. Jardunaldiak 'Paremiogiaz' / Euskera* 3, 1996, 719-767.
- (2001a): “Ferro Ruibal, X. (ed.) ‘Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía’ en *Estudis Romànics* XXIII, 2001, 282-287.

- (2001b): "Problemes de fraseologia i fraseografia catalanes. El tractament de les unitats fraseològiques al 'Diccionari manual de la llengua catalana' en *Rassegna Iberistica*, 2001,3-19.
- (2002): "Atent com un gos caçaire. Mostra d'un petit diccionari fraseològic" en *Miscellània Joan Veny* 1,2002,99-146.
- (2003a): "Problemes de fraseologia i fraseografia. Notes sobre la comparació fraseològica" en *Momenti di cultura catalana in un millennio. Actes del col·loqui internacional de l'AISC II (Nàpoles 2000)*. Liguori Editore, Napoli, 5-393.
- (2003b): "El Diccionari Català-Valencià-Balear i la fraseologia rossellonesa (Notes fraseogràfiques sobre el projecte d'un 'Petit Diccionari Fraseològic Cerdanià') en *Actes del Congrés Internacional A. M. Alcover (Palma, 2001)*. Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 343-370.
- (2004a): "La fraseologia de les 'Contalles de Cerdanya' de Jordi Pere Cerdà (Notes i mostra del projecte d'un 'Petit Diccionari Fraseològic Cerdanià') en *Actes del colloqui de ICRECS - Universitat de Perpinyà. Jordi Pere Cerdà -literatura, societat, frontera (Osseja-Llívia, 2001)*. Publicacions de l'Abadia de Montserrat, Presses Universitaires de Perignan, Grup Català d'Estudis Rossellonesos, 31-70.
- (2004b): "A puding próbája - Gondolatok a Magyar szőlőstárról" [A proba do pudim - Notas sobre a Magyar szőlőstár] en *Magyar Nyelvőr* 128 évf. [ano 128], 2004. január-március 1. szám, [núm. 1 de xaneiro-marzo de 2004],104-109. (recensió).
- (2004c): "El recull més complet d'expressions idiomàtiques catalanes" en *Serra d'Or* 535-536,2004, 103-105. [Recensió do DSFF de M<sup>a</sup> T. Espinal].
- (2004d no prelo) "L'herència de Fabra" en *II Col·loqui Internacional 'La lingüística de Pompeu Fabra' (Tarragona, 2003)*. Universitat Rovira i Virgili, Tarragona. (recensió)
- (2004e no prelo): "La fraseologia en la llengua literària del segle XX" en *Actes del 13è Col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes. (Girona, 2003)*. Universitat de Girona.
- PRADILLA, M. A. (ed.) (2003): *Identitat lingüística i estandardització*. Cossetània Edicions, Tarragona.
- SALVADOR, V. e PIQUER, A. (eds.) (2000): *El discurs prefabricat. Estudis de fraseologia teòrica i aplicada*. Publicacions de la Universitat Jaume I, Castellón.
- SANTAMARÍA PÉREZ, M. I. (2002): *Tratamiento de las unidades fraseológicas en la lexicografía bilingüe español-catalán*. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes en <http://cervantesvirtual.com> [teses de doutoramento en CD-ROM].
- (2003): *La fraseología española en el diccionario bilingüe español-catalán: aplicaciones y contrastes*. Publicaciones de la Universidad de Alicante, Alicante.
- SOLÀ, J. (dir.) (2002): *Gramàtica del català contemporani*. Editorial Empúries, Barcelona.

- UMARJODZHAIEV, M. I. (1983). *Osnovy frazeologii* [Fundamentos da fraseografía]. Ed. Fan, Tashkent.
- VARELA, F. (1998): “Problemas e solucións adoptadas no *Diccionario Fraseolóxico del Español Moderno*” en FERRO RUIBAL, X. (coord.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 201-218.
- WOTJAK, G. (ed.) (1998): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Vervuert, Frankfurt am Main / Iberoamericana, Madrid.
- ZULUAGA OSPINA, A. (1998): “Sobre fraseoloxismos e fenómenos colindantes” en FERRO RUIBAL, X. (coord.): *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 15-30.



## **Extracción automática de colocacións e modismos**

Antonio Pamies Bertrán<sup>1</sup>

*Universidad de Granada*

José Manuel Pazos Granada

*Universidad de Granada*

Nas definicións estatísticas das colocacións estas son descritas como combinacións de palabras que coaparecen con máis frecuencia do que se prediciría a partir das súas frecuencias respectivas e a lonxitude do texto. Dende que Sinclair (1970) propuxo este suposto nos seus traballos leváronse a cabo, con diferentes criterios e métodos, múltiples estudos experimentais con corpóra electrónicos dos que se obtiveron resultados diversos (p.ex. Berry-Roghe 1973; Church e Hanks 1989; Clear 1993; Dunning 1993). No noso traballo aplícanse métodos diferentes a un pequeno corpus literario da lingua española co fin de avaliar, co mesmo texto e os mesmos criterios, cada unha das ferramentas metodolóxicas que poderían ser empregadas na detección automática de colocacións en base a datos estritamente cuantitativos, as cales poderían tamén manexar locucións e mesmo refráns.

Statistical definitions of collocations describe them as combinations of words which co-occur more often than their respective frequencies and the length of the text would predict. Since Sinclair's works (1970) proposed this assumption, many experimental works, with different methods and criteria, have been carried out with electronic corpora obtaining different results (e.g. Berry-Roghe 1973; Church & Hanks 1989; Clear 1993; Dunning 1993). Our work applies different methods to a small literary corpus in Spanish language, in order to evaluate, with the same text and the same criteria, each methodological tool that could be involved in automatic detection of collocations on the basis of strictly quantitative data, which should deal also with idioms and even proverbs.

---

<sup>1</sup> Traducido por Cristina Veiga Novoa.

## 1. Introducción e metodoloxía

Nun traballo anterior (Pamies e Pazos 2003) investigámo-la extracción automatizada de unidades fraseolóxicas nun corpus (non etiquetado) mediante criterios puramente cuantitativos, presupoñendo que a fraseoloxía, no senso máis amplo do termo, cumpre os requisitos estatísticos que segundo Halliday (1961; 1966: 158) definen como tales as colocacións: a aparición repetida de varias palabras a curta distancia unhas doutras nun corpus textual<sup>2</sup> (véxase tamén Sinclair 1970: 150; 1991: 170; Jones e Sinclair 1974: 19; Berry-Roghe 1973; Church e Hanks 1989; Church et alii 1989; 1991; Clear 1993; Oakes 1998; Manning e Schütze 1999). Para iso aplicamos ó texto completo de *El Quijote* unha técnica de extracción baseada no tratamento automático das frecuencias de aparición e de coaparición das palabras, coa idea de elaborarmos unha metodoloxía susceptible de ser aplicada posteriormente a un corpus de grandes dimensións para a elaboración de grandes dicionarios de colocacións (cf. Haussmann 1979; 1985; Cowie 1981; Luque 1995).

As unidades pluriverbais que só aparecen unha vez quedan naturalmente fóra do alcance do noso experimento, pois este parte exclusivamente da frecuencia e a probabilidade (cf. Church e Hanks 1989), e o corpus foi filtrado previamente para eliminar secuencias recorrentes de carácter meramente gramatical (artigos, pronomes, auxiliares, etc.), para evitar que o ruído<sup>3</sup> que xeran distorsione os resultados. O texto resultante consta de 145.261 palabras. O número de bigramas recorrentes detectados foi de 10.716, dos cales só 707 (6,6%) son colocacións, modismos ou paremias, mentres que o resto (93,4%) eran combinacións lexicamente irrelevantes: nomes propios (*amadis+gaula*; *vélez+málaga*), figuras retóricas (*reduplicación*, *anadiplosis*, *pleonismo*, etc.), combinacións conceptualmente motivadas (*silla+sentado*, *jarro+agua*) ou unións contextuais cuxa frecuencia é máis ou menos específica do corpus elixido (*ingenioso+hidalgo*, *barbero+cura*, *gobierno+ínsula*)<sup>4</sup>. O listado de bigramas e de frecuencias obtívose co programa Tact 2.1 (Bradley 1996, Pérez Guerra 1998) e o procesamento do mesmo realizouse con SPSS 11, de acordo con tres criterios estatísticos: *z-score*, *t-score* e a fórmula de Dunning (de agora en diante *fD*) co obxectivo de que as unidades fraseolóxicas quedasen automaticamente *decantadas*, separándose do resto ó reordenar decrecentemente o listado a partir dalgún destes tres marcadores.

Estudámo-lo número de bigramas recorrentes (BG), o número de unidades fraseolóxicas (UF), a *densidade fraseolóxica* (proporción entre o número de UF e de BG), o *volumen fraseolóxico* (proporción entre o número de UF dun fragmento determinado e o total de UF do corpus) e o *volumen de coaparición* (proporción entre o número de BG nun fragmento determinado e o total de BG no corpus). O experimento co texto de *El Quijote*


<sup>2</sup> *The syntagmatic association of lexical items, quantifiable, textually, as the probability that they will occur at n removes (a distance of n lexical items) from an item x, the items a,b,c....* (Halliday 1961).

<sup>3</sup> cf. Kilgariff e Rundell 2002: 810.


<sup>4</sup> Nos listados obtidos por Berry-Roghe (1973) predominaban as combinacións gramaticais, mais tamén encontramos combinacións “conceptuais” como *house+family*, *house+decorate*, *house+buying* cun *z-score* superior ó de unidades léxicas coma *ghost+house*.




demostrou que existe correlación entre as tres fórmulas baseadas en frecuencias de coaparición e o carácter fraseolóxico ou colocacional dun bigrama recorrente, aínda que non tódolos parámetros o reflictan no mesmo grao. A información mutua (*MI-score*), proposta por Church e Hanks en 1989, resultou moi pouco eficaz, polo que abandonamos incluso o seu emprego, malia que dá bos resultados para as unidades frecuentes cuxos compoñentes, por separado, teñen unha frecuencia relativamente baixa (cf. Kilgariff e Rundell 2002, Čermak 2004). *T-score* (proposto en Church et alii 1991) resulta máis eficaz ca *z-score* (proposto por Berry-Roghe 1973), pero menos có *log-likelihood* proposto por Dunning en 1993 (*fD*), que é o que obtén a maior densidade fraseolóxica na parte inicial do listado: a maior valor de *fD*, maior proporción de UF nun fragmento e á inversa (Pamies e Pazos 2003).



Nun segundo experimento modificámo-lo método para que os resultados fosen extrapolables a outro corpus. As subdivisións do eixo horizontal do gráfico xa non debían corresponder a unha segmentación do listado en valores absolutos de *fD* (>50, >20 etc.), senón a anacos do listado iguais entre si (p.ex. 10%). Reanalizamos así o texto de *El Quijote* e verificase aínda mellor a correlación: a maior valor do marcador estatístico, maior densidade fraseolóxica, así como a superioridade da fórmula de Dunning sobre *z-score* e *t-score*: 302 UF concéntranse no primeiro 10% do listado de bigramas recorrentes ordenado de forma decrecente segundo o valor de *fD* (42,7% do total do volume fraseolóxico). A densidade fraseolóxica (%UF/BG) do tramo inicial é de 28%.




Para comproba-la extrapolabilidade destes criterios aplicámoslos a outro corpus de fácil verificación polo seu reducido tamaño (non hai que esquecer que a discriminación das UF se comproba manualmente), neste caso a novela *La familia de Pascual Duarte* de C.J. Cela, texto breve mais abundante en modismos e paremias. Unha vez eliminados do texto os artigos, pronomes, preposicións, auxiliares, etc. extraémo-los bigramas recorrentes e ordenámoslos decrecentemente segundo o valor de *fD*. O corpus queda en 14.261 palabras, das que se extraen automaticamente 556 bigramas recorrentes. A densidade fraseolóxica total do corpus é moi alta, a pesar de que só sexan detectables as UF que aparecen máis dunha vez: 123 bigramas corresponden a UF (unha proporción tres veces máis elevada ca en *El Quijote*). A análise estatística obtén unha pendente decrecente, agás o primeiro tramo, un imprevisto que requirirá unha comprobación cualitativa.



2. Discusión

Nunha análise cualitativa comprobamos que o primeiro tramo do listado contén máis nomes propios e duplicacións ca UF. As duplicacións son especialmente “nocivas”, xa

que resultan privilexiadas no cálculo de  $fD$  porque *TACT-2.1* computa erroneamente a coaparición dun termo consigo mesmo<sup>5</sup>. Isto lévanos a efectuar un terceiro experimento: eliminar tanto os nomes propios coma as duplicacións, de xeito que só se procesen bigramas realmente susceptibles, a priori, de seren colocacións ou modismos. Os 556 bigramas recorrentes de *La familia de Pascual Duarte* corresponden en realidade a 63 nomes propios (ou combinación recorrente dun nome propio con outra palabra), 88 duplicacións (das cales unha tamén é un nome propio), 114 UF, máis 9 duplicacións que tamén son UF, e 282 combinacións aleatorias (conceptuais, contextuais ou casuais, do tipo *domingos+misa*, *litro+vino*). Se eliminamos nomes propios e duplicacións<sup>6</sup>, os bigramas recorrentes (451)<sup>7</sup> reordenaríanse dentro do listado do seguinte modo:



A liña volve ser descendente e a densidade fraseolóxica do primeiro tramo é do 49%. Isto supón unha melloría considerable con respecto ó método anterior pero, a pesar de todo, non se pode dicir que se conseguise separar as combinacións fraseolóxicas das aleatorias (estas mesmo representan un 51% no primeiro tramo)<sup>8</sup>.


Outro factor susceptible de influencia-lo resultado estatístico é a lematización do corpus (Kilgarriff e Rundell 2002: 811): se as variantes gramaticais se unifican, sumaríanse entre si no cómputo, polo que non só se incrementa o seu valor de  $fD$ , senón que as posibilidades de detección aumentan ó agrupárense entre si unhas variantes que, por apareceren unha única vez, quedaban excluídas nunha busca sen lematización. Por iso, realizamos un cuarto experimento aplicando un lematizador (Moreno e Guirao 2003) ó mesmo corpus, eliminando de principio nomes propios e duplicacións, obtendo un total de 1.054 bigramas recorrentes, dos que 265 son UF, coa distribución seguinte:

<sup>5</sup> Por exemplo, para o bigrama <yegua+yegua> sinala 4 coaparicións cando na verdade só hai dúas: <¡To, yegua! ~~La~~ yegua se arrimó...>, <¡To, yegua! ~~La~~ yegua se movía...>, ou ben en <enflaqueciendo +enflaqueciendo> a coincidencia dunha palabra consigo mesma é computada erroneamente como dúas coincidencias <vamos enflaqueciendo, enflaqueciendo>, o que eleva artificialmente o valor de  $fD$ .

<sup>6</sup> Sacrificamos ó facelo as 9 UF que, ademais, eran duplicacións (gota <~~a~~> gota, costase <~~lo que~~> costase).

<sup>7</sup> Ó non incluírmolos xa as duplicacións, queda corrixido o cómputo dos bigramas.

<sup>8</sup> A inevitable recorrencia deste atranco xa foi sinalada por Church e Hanks en 1989. Fontenelle (2001: 82) tamén afirma: “les données extraites par ces outils, aussi précieuses soient-elles, sont sémantiquement hétérogènes...”



Como vemos, a lematización permitiu duplica-lo número de UF detectadas, tanto na totalidade do texto coma nas que se acumulan no primeiro tramo, manténdose –con maior regularidade- a liña descendente da densidade fraseolóxica entre cada tramo, polo que resulta metodoloxicamente máis eficaz.

Con todo, proporcionalmente, a densidade fraseolóxica é a mesma ca no texto non lematizado: no mellor dos casos (primeiro tramo) seguimos arredor do 49% de UF. Isto demostra que os bigramas recorrentes aleatorios tamén se viron beneficiados pola lematización na mesma proporción. As combinacións casuais (*sangrar+pensar*, *orar+clavo*) ou temáticas (*fumar+pitillo*, *encender+luz*) demostran ser tan frecuentes coma as combinacións fraseolóxicas no primeiro tramo, e moito máis frecuentes se consideramos a totalidade dos bigramas extraídos con métodos estatísticos. No mellor dos casos, o “ruído” representa aquí o 51% malia os filtros empregados.

Outra posibilidade sería amplía-lo tamaño da fiestra de busca, aínda que é de supoñer que, ó igual que acontece coa lematización, o ruído tamén se beneficiaría na mesma proporción, pois como observan Kilgarriff e Rundell:

*different windows show different kinds of information [...] lists of this type are usefully suggestive but contain too much noise, require too much interpretation and are too arbitrary in how they are specified, to be an indispensable lexicographic tool* (Kilgarriff e Rundell 2002: 811)<sup>9</sup>.

### 3. Aspectos cualitativos

A metodoloxía aquí descrita exclúe totalmente os pares de palabras que coaparecen unha única vez, o que podería eventualmente influír no resultado. Para esquivar este obstáculo o sistema máis simple é duplica-lo texto<sup>10</sup>, estatisticamente non mellora a recuperación automática, posto que o ruído tamén será favorecido na mesma proporción; así e todo,

<sup>9</sup> Por outra parte, Berry-Roghe (1973) xa sinalaba que a fiestra óptima depende da natureza estilística do corpus elixido.

<sup>10</sup> Só leva uns minutos, posto que o texto xa está filtrado e lematizado.

permite obter datos estatísticos sobre calquera combinación independentemente da súa frecuencia.

Aplicamos este método nun quinto experimento e obtemos en *La familia de Pascual Duarte* un total de 11.921 bigramas, dos cales 10.871 corresponden a pares que coaparecen unha única vez, é dicir, obtéñense dez veces máis datos cun corpus dúas veces maior. Naturalmente, as combinacións irrelevantes resultaron igualmente favorecidas por esta operación, pero isto permítenos investigar unhas colocacións en particular con respecto ó resto das combinacións.

Investigando as colocacións verbo-nominais cuxo soporte son os verbos *dar*, *hacer*, *tener* e *tomar*, obtemos en *Pascual Duarte* 230 bigramas dos que só 53 foran detectados no texto “simple”, ou sexa, detectando 177 bigramas que só coaparecen unha vez, entre os cales 33 son UF (*dar+consejo*, *dar+corazonada*, *dar+dolor*, *dar+abrazo*, etc). Estes resultados demostran que a capacidade de detección de colocacións (a partir dun compoñente) se incrementa nunha razón moi superior a dous se duplicámo-lo corpus:

*dar*: 230 BG [53 UF] (só 53 BG [20 UF] coaparecen dúas ou máis veces)

*hacer*: 217 BG [48 UF] (só 52 BG [16 UF] coaparecen dúas ou máis veces)


*tener*: 272 BG [45 UF] (só 72 BG [13 UF] coaparecen dúas ou máis veces)

*tomar*: 28 BG [10 UF] (só un bigrama coaparecía máis dunha vez, *tomar+tren*)

Dentro do ficheiro que contén só as combinacións do verbo seleccionado, verifícase que, ó seren ordenadas mediante o valor *fD* de cada combinación, a maior densidade colocacional tende unha vez máis a concentrarse na zona inicial do listado<sup>11</sup>.

| BG        | UF         |    |              |    |              |    |              |     |
|-----------|------------|----|--------------|----|--------------|----|--------------|-----|
|           | <i>dar</i> |    | <i>hacer</i> |    | <i>tener</i> |    | <i>tomar</i> |     |
| tramo     | nº         | %  | nº           | %  | nº           | %  | nº           | %   |
| 0 a 10%   | 18         | 78 | 14           | 64 | 9            | 33 | 0            | 0   |
| 10 a 20%  | 7          | 30 | 6            | 27 | 2            | 7  | 2            | 67  |
| 20 a 30%  | 5          | 22 | 5            | 23 | 3            | 11 | 0            | 0   |
| 30 a 40%  | 4          | 17 | 4            | 18 | 3            | 11 | 1            | 33  |
| 40 a 50%  | 6          | 26 | 3            | 14 | 7            | 26 | 1            | 33  |
| 50 a 60%  | 3          | 13 | 4            | 18 | 6            | 22 | 2            | 67  |
| 60 a 70%  | 4          | 17 | 0            | 0  | 2            | 7  | 3            | 100 |
| 70 a 80%  | 2          | 9  | 4            | 18 | 4            | 15 | 1            | 33  |
| 80 a 90%  | 3          | 13 | 4            | 18 | 7            | 26 | 0            | 0   |
| 90 a 100% | 1          | 4  | 4            | 18 | 2            | 7  | 0            | 0   |

<sup>11</sup> O resultado é negativo para o verbo *tomar*, pero o número total de datos para esta palabra é tan escaso neste texto (10% de 30 aparicións) que a estatística non pode funcionar, como parece confirmalo o feito de que *fD* e *z-score* dean exactamente o mesmo resultado nesta columna.

Distribución do nº de UF no listado ordenado segundo *fD*.

Así mesmo, compróbase que, tamén en buscas lingüisticamente orientadas, a fórmula de Dunning é moito máis eficaz ca *z-score*, cuxo resultado é moito máis confuso para a mesma operación<sup>12</sup>:

| BG        | UF         |    |              |    |              |    |              |     |
|-----------|------------|----|--------------|----|--------------|----|--------------|-----|
|           | <i>dar</i> |    | <i>Hacer</i> |    | <i>tener</i> |    | <i>tomar</i> |     |
| Tramo     | nº         | %  | nº           | %  | nº           | %  | nº           | %   |
| 0 a 10%   | 12         | 52 | 15           | 68 | 4            | 15 | 0            | 0   |
| 10 a 20%  | 4          | 17 | 1            | 5  | 3            | 11 | 2            | 67  |
| 20 a 30%  | 9          | 39 | 8            | 36 | 5            | 19 | 0            | 0   |
| 30 a 40%  | 7          | 30 | 4            | 18 | 6            | 22 | 1            | 33  |
| 40 a 50%  | 8          | 35 | 5            | 23 | 7            | 26 | 1            | 33  |
| 50 a 60%  | 4          | 17 | 1            | 5  | 4            | 15 | 2            | 67  |
| 60 a 70%  | 3          | 13 | 2            | 9  | 4            | 15 | 3            | 100 |
| 70 a 80%  | 2          | 9  | 4            | 18 | 3            | 11 | 1            | 33  |
| 80 a 90%  | 2          | 9  | 5            | 23 | 7            | 26 | 0            | 0   |
| 90 a 100% | 2          | 9  | 3            | 14 | 2            | 7  | 0            | 0   |

Para comproba-la extrapolabilidade desta hipótese, aplicámo-lo mesmo test a *El Quijote*, filtrado, lematizado e duplicado, cun resultado menos vistoso pero máis homoxéneo.

<sup>12</sup> Verlinde et alii (2003) aplican un método deste tipo para a creación de dicionarios: extracción orientada de bigramas mediante concordancias (*Wordcruncher*) nun gran corpus periodístico francés (non-etiquetado), empregando *z-score* como criterio de relevancia estatística. Os nosos datos permítenos sospeitar que a clasificación obtida sería máis produtiva coa fórmula de Dunning.

*dar*: 1157 BG [103 UF]: só 491BG [42 UF] coaparecen dúas ou máis veces


*hacer*: 1258 BG [91 UF]: só 514 BG [39 UF] coaparecen dúas ou máis veces

*tener*: 1617 BG [167 UF]: só 633 BG [79 UF] coaparecen dúas ou máis veces

*tomar*: 507 BG [33 UF]: só 123 BG [15 UF] coaparecen dúas ou máis veces

Ordenado o listado obtido polo valor de  $fD$ , a maior densidade colocacional concéntrase no tramo inicial, o que confirma a existencia dunha correlación entre o devandito marcador estatístico e o carácter fraseolóxico-colocacional dunha combinación de palabras.

| BG        | UF         |       |              |       |              |       |              |       |
|-----------|------------|-------|--------------|-------|--------------|-------|--------------|-------|
| Tramo     | <i>dar</i> |       | <i>hacer</i> |       | <i>tener</i> |       | <i>tomar</i> |       |
|           | nº         | %     | nº           | %     | nº           | %     | nº           | %     |
| 0 a 10%   | 33         | 32,04 | 23           | 25,27 | 31           | 18,56 | 12           | 36,36 |
| 10 a 20%  | 11         | 10,68 | 17           | 18,68 | 14           | 8,38  | 2            | 6,06  |
| 20 a 30%  | 11         | 10,68 | 5            | 5,49  | 13           | 7,78  | 4            | 12,12 |
| 30 a 40%  | 7          | 6,80  | 6            | 6,59  | 19           | 11,38 | 5            | 15,15 |
| 40 a 50%  | 13         | 12,62 | 9            | 9,89  | 13           | 7,78  | 0            | ,00   |
| 50 a 60%  | 7          | 6,80  | 6            | 6,59  | 18           | 10,78 | 3            | 9,09  |
| 60 a 70%  | 4          | 3,88  | 6            | 6,59  | 17           | 10,18 | 0            | ,00   |
| 70 a 80%  | 7          | 6,80  | 5            | 5,49  | 13           | 7,78  | 3            | 9,09  |
| 80 a 90%  | 2          | 1,94  | 8            | 8,79  | 17           | 10,18 | 3            | 9,09  |
| 90 a 100% | 8          | 7,77  | 6            | 6,59  | 12           | 7,19  | 1            | 3,03  |



O marcador *z-score* para a mesma proba volve ser menos fiable ca *fD*:

| BG        | UF         |       |              |       |              |       |              |       |
|-----------|------------|-------|--------------|-------|--------------|-------|--------------|-------|
|           | <i>dar</i> |       | <i>hacer</i> |       | <i>tener</i> |       | <i>tomar</i> |       |
| tramo     | nº         | %     | nº           | %     | nº           | %     | nº           | %     |
| 0 a 10%   | 27         | 26,21 | 22           | 24,18 | 17           | 10,18 | 3            | 9,09  |
| 10 a 20%  | 12         | 11,65 | 10           | 10,99 | 18           | 10,78 | 9            | 27,27 |
| 20 a 30%  | 8          | 7,77  | 10           | 10,99 | 23           | 13,77 | 6            | 18,18 |
| 30 a 40%  | 9          | 8,74  | 8            | 8,79  | 15           | 8,98  | 2            | 6,06  |
| 40 a 50%  | 15         | 14,56 | 6            | 6,59  | 22           | 13,17 | 3            | 9,09  |
| 50 a 60%  | 9          | 8,74  | 7            | 7,69  | 17           | 10,18 | 2            | 6,06  |
| 60 a 70%  | 8          | 7,77  | 3            | 3,30  | 11           | 6,59  | 1            | 3,03  |
| 70 a 80%  | 5          | 4,85  | 12           | 13,19 | 17           | 10,18 | 3            | 9,09  |
| 80 a 90%  | 4          | 3,88  | 6            | 6,59  | 16           | 9,58  | 3            | 9,09  |
| 90 a 100% | 6          | 5,83  | 7            | 7,69  | 11           | 6,59  | 1            | 3,03  |

#### 4. Conclusións

a) A definición das unidades fraseolóxicas baseada nun criterio estatístico é “útil” na medida en que permite extraer automaticamente un listado de bigramas recorrentes que, ó seren ordenados segundo o valor decrecente de *fD*, concentra no seu primeiro 10% unha alta proporción de UF.



b) Con todo, esta definición non se axusta á realidade empírica, na medida en que a frecuencia de coaparición é un trazo compartido por outras combinacións aleatorias (conceptuais ou casuais) nunha proporción bastante superior á das UF, constituíndo, mesmo no mellor dos casos, a maioría do listado extraído (o tramo con maior valor de  $fD$ ).

c) A lematización do corpus aumenta considerablemente a capacidade de detección de combinacións fraseolóxicas en termos absolutos, e presenta unha agrupación máis coherente dos valores de  $fD$ . Pero tamén aumenta a detección de bigramas non-fraseolóxicos, de xeito que a proporción entre ámbolos dous tipos de combinación non listado extraído non varía moito con respecto ó obtido nun corpus non-lematizado.

d) A duplicación dun mesmo corpus lematizado permite recupera-las combinacións que, por apareceren unha soa vez, quedarían excluídas da detección. Dende o punto de vista cuantitativo o resultado non mellora porque o ruído aumenta na mesma proporción mais, cualitativamente, permite multiplicar considerablemente a capacidade de detectar combinacións fraseoloxicamente relevantes, por exemplo, obter bases a partir do colocativo ou viceversa.

De todo isto dedúcese que os métodos matemáticos chocan unha e outra vez cos mesmos obstáculos. Non sorprende que a maioría das investigacións actuais se oriente cara a métodos “híbridos” que combinan a estatística con criterios de carácter lingüístico, como por exemplo a categoría sintáctica dos compoñentes nun corpus etiquetado (Daille 1994, Heid et alii 2000, Daille e Williams 2001, Evert e Krenn 2001, Zinsmeister e Heid 2002, Kilgarriff e Rundell 2002, Pearce 2002, Čermák 2004, Granjer et alii 2004). Con todo, convén tamén salientar que as devanditas limitacións dos modelos estatísticos “puros” derivan á súa vez da mesma definición “clásica” de colocación, xa que foron os lingüistas quen as describiron exclusivamente en termos de frecuencia de coaparición (Halliday 1961, 1966; Sinclair 1970: 150, 1991: 170; Jones e Sinclair 1974:19), o que resulta ser unha condición necesaria pero non suficiente.

## 5. Bibliografía

- BERRY-ROGHE, G.L.M. (1973): “The computation of collocations and their relevance in lexical studies” en AITKEN, A. J. et alii (eds.): *The computer and literary studies*. University Press, Edinburgh.
- BRADLEY, J. et alii (1996): *TACT 2.1 (Text Analysis Computer Tools)* en <http://www.chass.utoronto.ca/cch/tact.html>.
- ČERMÁK, F. (2004): “Statistical Methods for searching Idioms in Text Corpora”. [Comunicación presentada en *Europhras 2004 (Basilea, 2004)*].
- CHURCH, K. e HANKS P. (1989): “Word association norms, mutual information and leicography” en *Computational Linguistics* 16/1,1989,22-29.
- CHURCH, K., GALE, W., HANKS, P. e HINDLE, D. (1989): “Parsing, word associations and typical predicate-argument relations” en *Proceedings of the International Workshop on Parsing Technology '89*,1989,389-398.

- (1991): “Using statistics in lexical analysis” en ZERNIK, U. (ed.): *Lexical Acquisition: Exploiting On-Line Resources*. Lawrence Erlbaum Associates, Hillsdale.
- CLEAR, J. (1993): “From Firth principles: computational tools for the study of collocation” en BAKER et alii (eds.): *Text and Technology*. John Benjamins, Amsterdam.
- COWIE, A. P. (1981): “The Treatment of Collocations and Idioms in Learner’s Dictionaries” en *Applied Linguistics* 2/3, 1981, 223-235.
- DAILLE, B. (1994): *Combined approach for terminology extraction: lexical statistics and linguistic filtering*. Université de Paris, Paris. ([http://www.comp.lancs.ac.uk/ucrel/tech\\_papers.html](http://www.comp.lancs.ac.uk/ucrel/tech_papers.html)).
- DAILLE, B. e WILLIAMS, G. (EDS.) (2001): *Proceedings of ACL Workshop on Collocations: Computational Extraction, Analysis ad Exploitation*. Université de Toulouse, Toulouse.
- DUNNING, T (1993): “Accurate Methods for the Statistics of Surprise and Coincidence” en *Computational Linguistics*, 19/1, 1993.
- EVERT, S. e KRENN, B. (2001): “Methods for the qualitative evaluation of lexical association measures” en *Proceedings of the 39th Annual Meeting of the Association for Computational Linguistics*. Université de Toulouse, Toulouse.
- FONTENELLE, T. (2003): “Collocations et traitement automatique du langage naturel” en GROSSMANN, F. e TUTIN, A. (eds.): *Les Collocations. Analyse et traitement*. De Werelt, Amsterdam, 75-88.
- GRANJER, S., PAQUOT, M., RAYSON, P. e FAIRON, C. (2004): “Extraction of multi-word units from EFL and native English corpora: the phraseology of the verb *make*”. [Comunicación presentada en *Europhras 2004 (Basilea, 2004)*].
- GROSSMANN, F. e TUTIN, A. (eds.) (2003): *Les Collocations: Analyse et traitement*. De Werelt, Amsterdam.
- GUIRAO, J.M., PAMIES, A. (no prelo): “Transfrags, an automatic extraction tool of translation equivalents fragments”.
- HALLIDAY, M. A. K. (1961): “Categories of the Theory of Grammar” en *Word* 17, 1961, 241-292.
- (1966): “Lexis as a linguistic level” en BAZELL et alii (eds.): *In Memory of John Firth*. Longman, London, 148-162.
- HAUSSMANN, F. J. (1979): “Un dictionnaire des collocations est-il possible?” en *Travaux de Linguistique et Litterature* 17, 1979, 187-195.
- (1985): “Kollokationen im deutschen Wörterbuch: ein Beitrag zur Theorie des lexikographischen Beispiels” en BERGENHOLTZ H. e MUGDAN, J. (eds.): *Lexikographie und Grammatik*. Max Neumeier, Tübingen.
- HEID, U., EVERT, S., DOCHERTY, V., WORSCH, W. e WERMKE, M. (2000): “Computational tools for semi-automatic corpus-based updating of Dictionaries” en *EURALEX 2000* [Stuttgart], 183-196.
- JONES, S., e SINCLAIR, J.M. (1974): “English Lexical Collocations. A Study in Computational Linguistics” en *Cahiers de Lexicologie* 24, 1974, 15-61.
- KILGARRIFF, A. e RUNDELL, M. (2002): “Lexical Profiling Software and its Lexicographic Applications – a Case Study” en BRAASCH, A. e POVLSSEN,

- C. (eds.): *Proceedings of the Tenth EURALEX International Congress (Copenhagen 2002)*. Københavns Universitet, Copenhagen, 807-818.
- KOIKE, K. (2001): *Colocaciones léxicas en el español actual: estudio formal y léxico semántico*. Universidad de Alcalá, Madrid.
- KRAIF, O. (1997): "Modèles probabilistes pour le traitement automatique de corpus textuel" en *Travaux du LILLA* 2,1997,81-100.
- LUQUE DURÁN, J. de D. (1995): "Tipos de diccionario y el diccionario del futuro" en LUQUE e PAMIES: *Segundas Jornadas sobre Estudio y Enseñanza del Léxico*. Método, Granada, 93-102.
- MANNING, C. e SCHÜTZE, H. (1999): *Foundations of Statistical Natural Language Processing*. MIT Press, Cambridge, MA.
- MERKEL, M., NILSSON, B. e AHRENBER, L. (1994): "A phrase-retrieval system based on recurrence" en *Proceedings of the Second Annual Workshop on Very Large Corpora (WVLC-2)*, Kyoto, 43-56.
- MORENO SANDOVAL, A. e GUIRAO MIRAS, J.M. (2003): "Tagging a Spontaneous Speech Corpora of Spanish" en *Proceedings of the International Conference in Recent Advances in Natural Language Processing (Borovets 2003)*, 292-296.
- OAKES, M. P. (1998): *Statistics for Corpus Linguistics*. Edinburgh University Press, Edinburgh.
- PAMIES, A. e PAZOS, J.M. (2003): "Acceso automatizado a fraseologismos y colocaciones en corpus no etiquetado" en *Language Design* 5,2003,39-50.
- PAMIES, A., GUIRAO, J.M. e BOLÍVAR, J. (1998): "Critères pour la détection automatisée de phraséologismes en corpus réel" en *Travaux du L.I.L.L.A* 3,1998.
- PÉREZ GUERRA, J. (1998): *Análisis computerizado de textos. Una introducción a TACT*. Universidade de Vigo, Vigo.
- PEARCE, D. (2002): "A Comparative Evaluation of Collocation Extraction Techniques" en *Third International Conference on Language Resources and Evaluation (Las Palmas de Gran Canaria, 2002)*.
- SINCLAIR, J. et alii (1970): *English lexical studies*. OSTI Report. University of Birmingham, Birmingham.
- SINCLAIR, J. (1991): *Corpus, Concordance, Collocation*. Oxford University Press, Oxford.
- VERLINDE, S., SELVA, T. e BINON, J. (2003): "Les collocations dans les dictionnaires d'apprentissage: repérage, présentation et accès" en GROSSMANN, F. e TUTIN, A. (eds.): *Les Collocations. Analyse et traitement*. De Werelt, Amsterdam,105-116.
- WATT, R.J.C. (2002): *Concordance 3.0*. (<http://www.rjcw.freeseve.co.uk>).
- WOODS, A., FLETCHER, P. e HUGHES, A. (1986): *Statistics in language studies*. CUP, Cambridge.
- ZINSMEISTER, H. e HEID, U. (2002): "Collocations of complex words: implications for the acquisition with a stochastic grammar" en *Proceedings of the International Workshop on 'Computational Approaches to Collocations' (Vienna, 2002)*.



## **Estudo das colocacións a través da análise de corpus**

### **Un estudo das colocacións co verbo galego *caer* e o correspondente inglés *to fall***

M<sup>a</sup> Carmen Paz Roca<sup>1</sup>

University of Wolverhampton

O obxectivo deste traballo é facer unha análise comparativa das colocacións co verbo galego *caer* e o correspondente inglés *to fall*. Tal estudio está baseado na análise de frecuencias de coaparición deses verbos en dous cörpora: o CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual) para o galego e o BNC (British National Corpus) para o inglés. A intención é máis a de ser un experimento sobre que nos pode aportar un corpus á hora de analizar aspectos fraseolóxicos, que un estudo cuantitativo exacto. O traballo en si consta de dúas partes: a primeira é unha reflexión sobre o que un corpus nos pode aportar á hora de facer este tipo de estudos e a segunda é a presentación e análise comparativa dos resultados.

The aim of this study is making a comparative analysis of collocations with the Galician verb *caer* and the corresponding English one *to fall*. Such study is based on the analysis of co-occurrence frequencies of these verbs in two corpora: CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual) for Galician and BNC (British National Corpus) for English. The purpose is to make an experiment of how corpora can contribute to the analysis of phraseology, rather than an accurate quantitative study. The work has two main parts: the first one is a reflection upon what a corpus can contribute to this type of study and the second one is the presentation and comparative analysis of the results.

---

<sup>1</sup> O meu agradecemento ó Research Group in Computational Linguistics da University of Wolverhampton e en especial ó profesor Ruslan Mitkov e a Constantin Orarsan, por poñeren á miña disposición tódolos medios e apoio necesarios para a elaboración deste traballo.

## 1. Por que usar c rpora?

O uso de c rpora na investigaci n lexicogr fica non   un descubrimento do s culo XX, pero a forma de procesalos para obter informaci n sobre o uso real da lingua   algo relacionado co desenvolvemento da inform tica.   principio, a maior a dos traballos de lexicograf a computacional centr base nas palabras e frecuencias, mais a fraseolox a e o estudo da fixaci n a trav s de c rpora foi adquirindo m is relevancia nas  ltimas d cadas.

Lexic grafos como Samuel Johnson, ou mesmo os centos de persoas que traballaron para compila-lo *Oxford English Dictionary*, xa usaban un corpus. Con todo, a s a idea de como empregalo para sabe-lo significado dunha palabra base base en recoller l xico lendo textos e facendo fichas con citas que conti an cada lema e mailos contextos correspondentes. Podemos imaxina-lo tama o dun proxecto destas caracter sticas hai douscentos anos, cando todo se fac a sobre papel e non hab a ordenador para organizar ou levar conta do traballo. Hoxe en d a son tam n moitos os dicionarios que se ve en compilando desde o enfoque da simple base de datos, s  que agora resulta moito m is r pido coa axuda dos ordenadores. As  e todo, cada vez   m is frecuente que os dicionarios modernos estean baseados nun corpus. O obxectivo deste novo enfoque non   usa-los ordenadores para face-lo mesmo traballo que fac an Samuel Johnson e os seus contempor neos, sen n para face-lo traballo dunha forma que s  podemos facer grazas   inform tica.

Biber describe a diferenza entre un m todo e mailo outro como segue:

*The primary difference is that citation slips represent only those contexts that a human reader happens to notice (in some cases representing only the more unusual uses). In contrast, a corpus-based listing provides an exhaustive listing of all occurrences and contexts* (Biber et alli 1998: 26) .

Merc    uso dos ordenadores, ademais de ter unha lista, podemos ter tam n automaticamente as frecuencias de uso en distintos rexistros e variedades de lingua; e isto vale tanto para a lexicograf a en xeral coma para o caso concreto da investigaci n fraseol xica.

En resumo, moitas das listas fraseol xicas coas que contamos compil ronse a base de ler textos e recon ce-la fixaci n e os contextos de uso de xeito manual ou ben a partir de traballo de campo ou da memoria do propio autor. As  e todo, ter un corpus facilita a an lise de frecuencias e mais a elaboraci n das listas de palabras en contexto.

## 2. CORGA, BNC e a fraseolox a

Tendo en conta o exposto anteriormente, o obxectivo deste traballo   presentar un estudo pr ctico que leve   reflexi n sobre como pode contrib i-la an lise de corpus   estudo das colocaci ns e das expresi ns fixas. Para iso, escoll ronse as colocaci ns co verbo galego *caer* e o correspondente ingl s *to fall* e os c rpora empregados foron o CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual) e o BNC (British National Corpus).

A elección do enfoque fundaméntase no crecente interese pola elaboración de córpora galegos (CORGA, TILGA, CLUVI) nos últimos anos que, malia ofrecer un campo de traballo moi amplo, aínda están sen explotar. Non é así no caso do inglés, onde a análise de corpus é xa unha tradición. Por iso pode ser interesante ver qué se pode facer co BNC e qué se podería facer cos nosos córpora galegos tamén.

Neste punto é importante ter en conta as diferenzas entre ámbolos dous córpora. Por un lado, o CORGA, que foi elaborado por un equipo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, é aínda un proxecto aberto. Contén na actualidade 17.646.907 palabras de fontes diversas desde 1975 ata a actualidade, sobre todo de estilo periodístico. Por outro lado, o BNC é un proxecto xa completo, levado a cabo por un equipo dirixido pola Oxford University Press. Contén 100 millóns de palabras e está considerada a maior colección de textos de inglés británico, que ademais se compilou co obxectivo primordial de evitar sobrerepresentar textos idiosincráticos.<sup>2</sup>

A análise demostrou que no CORGA hai moitos segmentos que se repiten debido á similitude das fontes e do tema. De aí que non tódolos elementos ou series de elementos que presentan unha frecuencia alta se poidan considerar como fixados na lingua. Por exemplo, o feito de incluír unha gran cantidade de textos periodísticos leva a que a cobertura dun mesmo acontecemento durante varias semanas devolva frecuencias moi altas para combinacións de palabras que non teñen tal representatividade na lingua. Por exemplo, *caer un proxectil* aparece 5 veces no CORGA en noticias relacionadas coa guerra de Bosnia; e esa é a mesma frecuencia que *caer enfermo*. Sen embargo, a asociación entre *proxectil* e *caer* non parece tan frecuente no contexto global da lingua galega.

Outra diferenza importante entre o BNC e mailo CORGA é o motor de busca. O do BNC (Sara98) permite a busca directamente por colocacións e frecuencias. Ademais, dános o *z-score*<sup>3</sup> da relación entre dous elementos que aparecen xuntos con certa frecuencia. Incluso é posible determina-lo número de palabras cara á dereita ou cara á esquerda que queremos considerar para calcula-la frecuencia de coaparición, así como a categoría gramatical da palabra ou palabras que buscamos ou unha cadea de categorías gramaticais determinada.

O CORGA é un corpus máis pequeno e o motor de busca non permite facer buscas tan complexas. Polo tanto, as frecuencias de coaparición hai que calculalas sobre unha base de datos elaborada a partir dos resultados que o corpus nos proporciona. Os resultados que obtemos son moi semellantes ós que se poden obter a partir dunha base de datos ou mesmo dun documento de texto. Por exemplo, non é posible especifica-la categoría gramatical ou a cadea de categorías gramaticais buscada. Así pois, podemos limita-la busca para ve-los casos en que *caer* vai seguido de *desde* ou de *de*, ou de *vítima* ou

<sup>2</sup> “avoids over-representing idiosyncratic texts” (<http://www.natcorp.ox.ac.uk/>).

<sup>3</sup> O *z-score* é unha medida estatística. Neste caso, expresa cal é a probabilidade de que dous elementos non teñan relación entre si. Por exemplo, se no corpus aparece a colocación *caer na tentación*, o *z-score* mide a probabilidade de que *caer* e *tentación* teñan correlación ou simplemente aparezan con certa frecuencia, sen haber relación entre eles. Polo tanto, canto máis alto sexa o *z-score*, máis probable é que dúas palabras que aparecen xuntas sexan unha colocación.

*derrotado*; pero o que non nos permite é analizar automaticamente a frecuencia de aparición de *caer* seguido de preposición, substantivo, adxectivo, etc.

Dado que os dous corpóra son diferentes, a información resultante e mailo proceso de análise tamén son diferentes. Disto resulta que os datos expostos a continuación teñen máis un valor metodolóxico ca estritamente cuantitativo.

### 3. Procedemento

Esta análise foi levada a cabo en tres pasos: análise bibliográfica, exploración e explotación dos dous corpóra e, finalmente, análise comparativa dos resultados nas dúas linguas.

Para empezar, o manual *Corpus Linguistics* de Douglas Biber e *Fixed Expressions and Idioms in English: A Corpus-Based Approach* de Rosamund Moon, foron decisivos á hora de defini-lo punto de partida. O primeiro ofrece unha explicación clara e precisa do uso de corpóra en lingüística, incluíndo exemplos de cada unha das posibilidades. E o de Moon é unha análise completa e minuciosa da fraseoloxía inglesa baseándose na análise de corpus. De aí a decisión de combina-la análise de corpóra en dúas linguas co campo da fraseoloxía.

Unha vez exploradas as posibilidades de investigación, fíxose a elección do tema e do procedemento. A primeira vista a comparación entre o inglés e o galego parecía difícil debido á diferenza estrutural das dúas linguas: a primeira moi analítica e a segunda máis sintética. Esas diferenzas entre o inglés e o galego nótanse sobre todo na variación morfolóxica. Tal é o caso do verbo *caer*. A desinencia verbal cambia segundo a persoa gramatical (*eu caio, ti caes...*), o tempo (*eu caio, eu caía...*) e o modo (*eu caio, eu caía...*). E algúns verbos irregulares presentan moita máis variación aínda. Véxase, por exemplo, o verbo *ir* (*eu fun, eu irei, eu vaía...*) ou *ser* (*eu son, ti es, nós sexamos, eles foron...*).

Nun intento de face-la busca eficiente e ó mesmo tempo minuciosa, seguiu-se este procedemento: dividi-lo verbo entre elementos constantes e elementos variables. O elemento constante era a raíz *ca-* e os variables *-e-* e máis *-ia-*. A combinación do elemento constante, máis os dous variables e máis calquera outro segmento, dános tódalas formas posibles de *caer*. Pero o inconveniente deste proceder é que formas que non pertencen ó paradigma verbal de *caer* pero que teñen esa combinación de caracteres poden aparecer como resultados da busca. Por exemplo, cando buscamos *cae*<sup>4</sup>, aparecen palabras como *Caetano*, *Caeiro*, *CAE* (Comités Abertos de Estudantes), etc. e cando se busca *caia*<sup>5</sup> obtéñense resultados como *caiado*. Por iso, un dos pasos á hora de puli-los resultados é determinar se tódolos termos que se están tendo en conta pertencen ó paradigma que buscamos ou non.

---

<sup>4</sup> O asterisco significa que a busca é para calquera forma que coincida co que nós escribimos no motor de busca, seguido de calquera outro carácter ou serie de caracteres.

<sup>5</sup> Hai unha opción de busca que nos permite non ter en conta os tiles. Polo tanto, pedir resultados que conteñan *caia*\* inclúe tanto formas como *caía* coma outras como *caíamos*.



Neste sentido, as dificultades que presenta un verbo irregular inglés non teñen comparación coas do galego. Por exemplo, o verbo irregular *to fall* só ten cinco formas en todo o paradigma: *fall* para tódalas persoas, tempos e modos de presente e futuro, excepto a terceira persoa de singular de presente que é *falls*, *fell* (pasado simple), *fallen* (participio de pasado) e *falling* (xerundio). Estas son as únicas formas que se buscaron para a análise de colocacións co verbo *to fall* en inglés. Sobra dicir que, de tratarse dun verbo regular, a busca tería sido aínda máis simple.

#### 4. Análise dos resultados

Xa queda dito que os resultados obtidos nos dous casos foron moi diferentes. No caso do galego, a busca de colocacións co verbo *caer* deu lugar a unha lista de contextos de aparición do verbo. Despois transformouse esta lista nunha base de datos para atopar as coaparicións e determinar con que elementos colocaba, e ese foi o listado que permitiu conta-la frecuencia de aparición dun determinado segmento. É importante ter en conta neste punto que se entendeu por colocación para facer este estudo.

Por unha banda, John Sinclair, referente imprescindible na análise de corpus en inglés, considera que “collocation is the occurrence of two or more words within a short space of each other in a text” (Sinclair 1991: 170). Esta definición non resultou de todo axeitada para este traballo porque se temos en conta só a simple coaparición e frecuencia, segmentos como *has fallen* serían colocacións en vez de tempos compostos do verbo.

Por outra banda, F. J. Hausmann limita moito máis ca Sinclair o concepto de colocación. Para Hausmann “a combinación dunha palabra autosemántica cunha sinsemántica axeitada é unha colocación” (Hausmann 1998: 66), entendéndose por palabras autosemánticas aquelas que forman parte do núcleo do vocabulario, son semanticamente autónomas e poden definirse sen ter en conta o contexto; e por palabras sinsemánticas aquelas que “non podemos definir sen referencia a un contexto preciso porque son semanticamente dependentes” (*Ibidem*: 65). Así, unha colocación é unha combinación de palabras que “para a codificación dun texto está dispoñible en bloque” (*Ibidem*: 66). Esta definición de Hausmann implica unha relación semántica entre os compoñentes da colocación que vai alén da pura coaparición. É dicir, no caso das colocacións, os distintos elementos coaparecen porque a colocación está fixada en bloque e a aparición do elemento sinsemántico está supeditada á aparición dun determinado elemento autosemántico.

Ademais de colocacións, a definición que se adoptou para este traballo inclúe tamén o que Hausmann considera locucións: aquelas que “non empregan as palabras nin como autosemánticas, nin como sinsemánticas, senón como extrasemánticas” (Hausmann 1998: 66). Por exemplo, se dicimos que *Xoán caeu nas redes da mafia*, *caer* e *redes* teñen un significado figurado que depende do contexto (non se trata das mesmas redes que cando un peixe cae na rede dun pescador). O mesmo podería dicirse do inglés *fall in love* [namorarse] ou *fall foul* [poñerse a mal / chocar].

Tendo en conta as devanditas posturas sobre o que é e o que non é unha colocación, para o presente traballo consideráronse colocacións aqueles segmentos que presentan unha

fixación alta dentro dos respectivos córpora, pero tamén se tivo en conta a relación semántica entre eles. Non se fixo distinción do tipo de relación semántica e por iso entran na nosa clasificación de colocación o que Hausmann incluía dentro das locucións. Deste xeito, aínda que o concepto pode parecer demasiado amplo, permitiu descartar combinacións coma *has fallen* ou *is falling* para o inglés, e outras como *teñen caído* ou *ía caer* para o galego, porque a relación que existe entre os elementos desas unidades é gramatical e non semántica. Ó mesmo tempo, o concepto de colocación do que se parte é suficientemente amplo para incluír combinacións difíciles de clasificar. O que nos interesa neste caso é con que palabras combinan os verbos *caer* e *to fall* máis ca que significado extrasemántico adquiere ese bloque (que, sen dúbida, podería ser tema doutro estudo).

Unha vez feito o cribado segundo o criterio que vimos de explicar, vexamos como se analizaron as frecuencias. Para o galego, nun corpus que proporcionou 516 contextos diferentes de aparición do verbo *caer*, consideráronse colocacións aqueles segmentos con frecuencia de aparición superior a 2. Con todo, ó non te-lo *z-score* e ó seren textos moi parecidos, non se pode asegurar que os elementos de frecuencia 1 non sexan colocación nin que tódolos que teñen frecuencia superior a 2 si o son.

Pola contra, no caso do BNC, Sara98 permite buscar automaticamente as frecuencias e consideráronse colocacións os segmentos con *z-score* superior a 10 e con frecuencia de coaparición superior a 6 por cada 1000 casos. O *z-score* dá idea da relación semántica entre palabras en tanto que mide a probabilidade de que haxa relación entre dous elementos máis alá da pura frecuencia de coaparición. Por exemplo, en *caer chuzos* o *z-score* mide a probabilidade de que estas dúas palabras teñan ou non relación semántica. Isto faise analizando con que outros elementos combinan cada unha das palabras dentro do corpus. Se *chuzos* combina con *caer* en máis casos que con calquera outra palabra, o *z-score* será máis alto.

A táboa que segue dá conta das palabras ou cadeas de palabras que coaparecen con *caer* en galego e a frecuencia de aparición no CORGA en números absolutos cando fora maior de 2. En ámbalas dúas táboas, a do galego e máis a do inglés, na terceira columna aparece a correspondencia na outra lingua. Esta marcouse con letra negra e cursiva cando na outra lingua o corpus non proporcionou esa colocación, ou ben cando na outra lingua iso non é unha colocación co verbo *caer* ou *to fall*. Cando simplemente se fixo unha aliñación cos resultados devoltos polos dous córpora, a correspondencia aparece só en letra negra.

Ademais, o número que aparece á esquerda entre parénteses corresponde á clasificación semántica das distintas colocacións segundo a lenda que aparece a continuación: *caer* asociado a (1) fenómenos meteorolóxicos (2) situacións ou estados negativos, (3) categorizacións, (4) índices, (5) lugar onde / de onde, (6) partes do corpo ou (7) outros (sen clasificar).

| <b>CAER<br/>COLOCA<br/>CON</b>                                                   | <b>frec.</b> | <b>corresp. inglés</b>                                                                                                                                                                                                                                                      |                            |    |                                                                                                                                                                                                                                 |
|----------------------------------------------------------------------------------|--------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|----|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (5) (2) (3) en<br>(incluíndo as<br>contraccións<br><i>no, na, nos,<br/>nas</i> ) | 240          | <b>into</b> (+mar,<br>desgracia, trampa,<br>desuso, tentación,<br>nas mans de)<br><b>on</b> (+superficie<br>plana: no chan,<br>día da semana:<br>caer en luns)<br><b>in</b> (+lugar)<br><b>to lapse into</b> (caer<br>nun erro, en malos<br>hábitos, vicios,<br>nun tópico) | (2) trampa                 | 16 | <b>trap</b> (nunha<br>trampa: into a<br>trap)                                                                                                                                                                                   |
| (5) sobre                                                                        | 39           | <b>on / over</b> (+<br>persoa, lugar)                                                                                                                                                                                                                                       | (1) neve                   | 15 | <b>snow</b>                                                                                                                                                                                                                     |
| (5) de<br>(incluíndo as<br>contraccións<br><i>do, da, dos,<br/>das</i> )         | 37           | <b>from</b> (+moto,<br>andamio)<br><b>off</b> (+cabalo)                                                                                                                                                                                                                     | (1) chuvia                 | 12 | <b>rain</b>                                                                                                                                                                                                                     |
| (5 / 7?) conta                                                                   | 31           | <b>to realise</b> (caer na<br>conta)                                                                                                                                                                                                                                        | (2) derrotado              | 11 | <b>to be defeated</b>                                                                                                                                                                                                           |
| (6) mans                                                                         | 30           | <b>hands</b> (caer nas<br>súas mans: to fall<br>into his hands)                                                                                                                                                                                                             | (4) bolsa                  | 11 | <b>the Stock<br/>Exchange<br/>dropped</b> (caeu a<br>bolsa)                                                                                                                                                                     |
| (5) por                                                                          | 24           | <b>over</b> (caer por un<br>barranco: to fall<br>over a cliff)<br><b>drop in on</b><br>(deixouse caer por<br>Santiago: He<br>dropped in on<br>Santiago)                                                                                                                     | (2) ante                   | 10 | <b>before</b>                                                                                                                                                                                                                   |
| (4) (un) %                                                                       | 23           | % (prezos,<br>índices coma o do<br>paro, bolsa,<br>cotización)                                                                                                                                                                                                              | (2) tentación              | 10 | <b>temptation</b> (caer<br>na tentación: to<br>fall into<br>temptation, <i>to give<br/>in to temptation</i> )                                                                                                                   |
| (5) chan                                                                         | 22           | <b>floor</b>                                                                                                                                                                                                                                                                | (5) (2) enriba /<br>encima | 10 | <b>on/over</b>                                                                                                                                                                                                                  |
| (5) mar                                                                          | 19           | <b>sea</b> (ó mar, no<br>mar: into the sea)                                                                                                                                                                                                                                 | (7) en sorte               | 10 | <b>to one's lot</b>                                                                                                                                                                                                             |
|                                                                                  |              |                                                                                                                                                                                                                                                                             | (5) á auga                 | 9  | <b>into the water</b>                                                                                                                                                                                                           |
|                                                                                  |              |                                                                                                                                                                                                                                                                             | (5) desde                  | 9  | <b>from</b> (desde un<br>segundo piso)                                                                                                                                                                                          |
|                                                                                  |              |                                                                                                                                                                                                                                                                             | (7) bombas                 | 9  | <b>bombs</b> (tamén<br><i>bombs drop</i> )                                                                                                                                                                                      |
|                                                                                  |              |                                                                                                                                                                                                                                                                             | (3) ben                    | 8  | <b>I like him</b> (cáeme<br>ben)                                                                                                                                                                                                |
|                                                                                  |              |                                                                                                                                                                                                                                                                             | (5) a                      | 8  | <b>into, on, onto</b>                                                                                                                                                                                                           |
|                                                                                  |              |                                                                                                                                                                                                                                                                             | (7) deixa                  | 7  | <b>to drop in</b> (deixou<br>caer algo ou<br>deixouse caer, é<br>dicir, pola casa de<br>alguén: he<br>dropped in<br>someone's house)<br>V. <b>por.</b><br><b>let fall</b> (deixou<br>cae-la carteira: he<br>let his purse fall) |
|                                                                                  |              |                                                                                                                                                                                                                                                                             | (2) baixo                  | 6  | <b>below, under</b>                                                                                                                                                                                                             |

|                               |   |                                                                                                                                       |                 |   |                                                                                                                                                                                                                                                 |
|-------------------------------|---|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|---|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (2) desgracia                 | 6 | <b>disgrace</b> (caer en desgracia: to fall into disgrace)                                                                            | (6) de xeonllos | 4 | <b>on one's knees</b>                                                                                                                                                                                                                           |
| (2) equipo                    | 6 | <b>team</b>                                                                                                                           | (7) árbores     | 4 | <b>trees</b>                                                                                                                                                                                                                                    |
| (7) coma / como               | 6 | <b>to come as</b> (caer coma un tiro: to come as a blow)                                                                              | (7) muro        | 4 | <b>the wall falls down</b> (cae a casa / caer: fall down)                                                                                                                                                                                       |
| (1) a noite                   | 5 | <b>nightfall</b>                                                                                                                      | (7) no sono     | 4 | <b>asleep</b>                                                                                                                                                                                                                                   |
| (1) raio                      | 5 | <b>to strike</b> (caeu un raio: lightening struck)                                                                                    | (7) proxectil   | 4 | <b>projectiles / missiles drop</b> (caen proxectís)                                                                                                                                                                                             |
| (2) enfermo                   | 5 | <b>ill</b>                                                                                                                            | (1) a tarde     | 3 | <b>evening</b>                                                                                                                                                                                                                                  |
| (4) prezos                    | 5 | <b>prices</b>                                                                                                                         | (1) chuzos      | 3 | <b>to pour / to rain cats and dogs</b>                                                                                                                                                                                                          |
| (5) (1) auga                  | 5 | <b>water</b> (caer á auga: <i>to fall into water</i> , pero “caer auga = chover”: <i>to rain, to pour</i> )                           | (2) asasinado   | 3 | <b>murdered / assassinated</b>                                                                                                                                                                                                                  |
| (7) caía quen caía            | 5 | <b>no matter who may fall</b>                                                                                                         | (2) erro        | 3 | <b>to make a mistake, to lapse into an error</b> (caer nun erro)                                                                                                                                                                                |
| (2) avión                     | 4 | <b>to crash, to come down</b> (o avión caeu: the plane crashed / the plane came down)                                                 | (2) lesionado   | 3 | <b>injured</b>                                                                                                                                                                                                                                  |
| (3) da lista                  | 4 | <b>to drop from the list</b>                                                                                                          | (2) redes       | 3 | <b>trap</b> (caer nas súas redes: to fall into his trap)<br><b>network</b> (caeu unha rede de traficantes de droga: a drug-dealers' network fell)                                                                                               |
| (4) consumo                   | 4 | <b>consumption</b>                                                                                                                    | (3) mal         | 3 | <b>not to suit</b> (o martes cáeme mal: Tuesday doesn't suit me)<br><b>not to like / to get on badly with / not to get on well with</b> (non me cae ben María: I don't like María / I get on badly with María / I don't get on well with María) |
| (4) mercados                  | 4 | <b>market</b>                                                                                                                         |                 |   |                                                                                                                                                                                                                                                 |
| (5) (2) diante de             | 4 | <b>before, in the face of</b>                                                                                                         |                 |   |                                                                                                                                                                                                                                                 |
| (5) onde                      | 4 | <b>where</b>                                                                                                                          |                 |   |                                                                                                                                                                                                                                                 |
| (6) (5) cara (subst. e prep.) | 4 | <b>to die of shame</b> (cae-la cara de vergoña: to die of shame)<br><b>towards</b> (caeu cara ó interior: it fell towards the inside) |                 |   |                                                                                                                                                                                                                                                 |

|                  |   |                                                                                                                                                                                           |
|------------------|---|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (3) tópico       | 3 | <i>to lapse into a cliché</i> (non caían nos tópicos da Galicia de charanga e pandeireta: they wouldn't lapse into the clichés of the brass band and tambourine Galicia)                  |
| (5) escaleira    | 3 | <i>to fall down the stairs</i> (caer polas escaleiras)                                                                                                                                    |
| (5) ó            | 3 | <i>into</i> (cando implica “dentro de”, p.ex. caer ó mar: to fall into the sea / caer ó río: to fall into the river)<br><i>on</i> (+ superficie plana. Caer ó chan: to fall on the floor) |
| (6) brazos       | 3 | <i>arms</i> (caer nos seus brazos: to fall into his arms)                                                                                                                                 |
| (6) de cabeza    | 3 | <i>headfirst / on one's head</i>                                                                                                                                                          |
| (6) de cu        | 3 | <i>on one's backside</i>                                                                                                                                                                  |
| (7) folla        | 3 | <i>leaf</i>                                                                                                                                                                               |
| (1) trebón       | 2 | <i>heavy rain</i>                                                                                                                                                                         |
| (2) abatido      | 2 | <i>shot</i> (caeu abatido pola policía: he was shot down by the police)                                                                                                                   |
| (2) eliminado    | 2 | <i>to be eliminated</i>                                                                                                                                                                   |
| (2) esquecemento | 2 | <i>oblivion</i> (caer no esquecemento: to fall / to sink into oblivion)                                                                                                                   |
| (2) lazo         | 2 | <i>trap</i> (caer no lazo: to fall into the trap)                                                                                                                                         |
| (2) lei          | 2 | <i>law</i> (que caía todo o peso da lei sobre os terroristas: let all the weight of the law fall on terrorists)                                                                           |
| (2) morta        | 2 | <i>to lie dead</i> (caeu morta: she lay dead)                                                                                                                                             |
| (2) preso de     | 2 | <i>prey of stricken</i> (desde que caera preso dun extraño autismo: since he had fallen stricken with a strange autism)<br><i>stricken</i> (presa do pánico: panic-stricken)              |
| (2) redondo      | 2 | <i>in a heap / to collapse</i>                                                                                                                                                            |
| (2) rendido      | 2 | <i>to drop with tiredness</i> (caín rendido: I dropped with tiredness)                                                                                                                    |
| (2) todo o peso  | 2 | <i>all the weight</i>                                                                                                                                                                     |
| (2) vicio        | 2 | <i>to lapse into a bad habit</i> (caer nun vicio)                                                                                                                                         |
| (2) vítima       | 2 | <i>victim</i>                                                                                                                                                                             |
| (3 / 7?) día     | 2 | <i>on</i> (cae en martes: it falls on a Tuesday)                                                                                                                                          |
| (3) en gracia    | 2 | <i>to make a hit with s.o.</i> (caeu en gracia: she made a hit with him)                                                                                                                  |
| (4) cotizacións  | 2 | <i>prices</i>                                                                                                                                                                             |

|                   |   |                                                                                                                                                                   |                          |   |                                                                                     |
|-------------------|---|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|---|-------------------------------------------------------------------------------------|
| (4) emprego       | 2 | <b>employment</b>                                                                                                                                                 | (6) cabelo               | 2 | <b>hair</b> (o cabelo caíalle polos ombreiros: her hair fell down her shoulders)    |
| (4) índice        | 2 | <b>fall (off)</b>                                                                                                                                                 | (6) de fociños           | 2 | <b>to fall flat on one's face</b>                                                   |
| (4) produción     | 2 | <b>production</b>                                                                                                                                                 | (6) debrozado            | 2 | <b>flat on one's face / headlong</b>                                                |
| (4) puntos        | 2 | <b>points</b>                                                                                                                                                     | (7) bágoas               | 2 | <b>to drop tears</b> (caían bágoas: tears would drop)                               |
| (4) rendibilidade | 2 | <b>profitability</b>                                                                                                                                              | (7) casa                 | 2 | <b>house</b> (caeu unha casa: a house fell down)                                    |
| (5) (3) dentro    | 2 | <b>into</b>                                                                                                                                                       | (7) granada              | 2 | <b>grenade / shell</b> (tamén <i>to drop</i> )                                      |
| (5) a/á terra     | 2 | <b>to land</b> (os satélites caeron a terra: satellites landed)<br><b>to come down / to crash</b> (o avión caeu á terra: the plane came down / the plane crashed) | (7) pano                 | 2 | <b>curtain</b>                                                                      |
| (5) río           | 2 | <b>river</b> (caer ó / no río: to fall into the river)                                                                                                            | (7) polo seu propio peso | 2 | <b>on its own</b> (o sistema cae polo seu propio peso: the system falls on its own) |

E a seguinte táboa é a correspondente ó inglés:

| <b>TO FALL COLOCA CON</b> | <b>frec.</b> | <b>N-SCORE</b> | <b>CORRESP. GALEGO</b>                                                                                                                          |               |         |      |
|---------------------------|--------------|----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------|------|
| (5) (2) into              | 40<br>5      | 21.6           | <b>en</b> (+ mar, desgracia, trampa, desuso, tentación, nas mans de, <i>desembocar</i> )<br><b>a / ó / á...</b> (ó mar, ó río)<br><b>dentro</b> | (7) love      | 14<br>5 | 10.6 |
| (4) per                   | 16<br>0      | 10.6           | %                                                                                                                                               | (4) cent      | 14<br>4 | 12.8 |
|                           |              |                |                                                                                                                                                 | (4) by        | 11<br>5 | 10.3 |
|                           |              |                |                                                                                                                                                 | (7) asleep    | 11<br>0 | 26.3 |
|                           |              |                |                                                                                                                                                 | (7 / 2) short | 90      | 13.8 |

|                                                               |    |      |                                                                                           |
|---------------------------------------------------------------|----|------|-------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                               |    |      | <i>ser suficiente, non cumpli-las expectativas</i>                                        |
| (4) below                                                     | 65 | 10.5 | <b>por debaixo de</b> (p.ex. índices. “it fell below 3%: <i>caeu por debaixo do 3%</i> )  |
| (2) down                                                      | 62 | 18.8 | <b>caer, fracasar</b>                                                                     |
| (3) within                                                    | 62 | 14.8 | <b>dentro</b> (dun grupo, categoría)                                                      |
| (4) prices                                                    | 60 | 12.8 | <b>prezos</b>                                                                             |
| (3) category                                                  | 55 | 23.3 | <b>categoría</b> (to fall within a category: <i>entrar dentro dunha categoría.</i>        |
| (7) over                                                      | 49 | 10.9 | <b>devecer (por)</b> (to fall over oneself to do sth: <i>devecer por facer algo</i> )     |
| (1) snow                                                      | 45 | 13.8 | <b>neve</b>                                                                               |
| (1) rain                                                      | 44 | 30.1 | <b>chuvia</b>                                                                             |
| (4) %                                                         | 39 | 21.8 | <b>%</b>                                                                                  |
| (4) sharply                                                   | 34 | 10.5 | <b>bruscamente, en picado</b> (p.ex. un índice)                                           |
| (7) since (*non parece unha colocación a pesar da frecuencia) | 34 | 14.2 | <b>desde</b> (temporal. Production fell since 1999: a produción caeu / baixou desde 1999) |
| (4) profits                                                   | 33 | 13.2 | <b>beneficios, ganancias</b>                                                              |

|                  |    |      |                                                                                                            |
|------------------|----|------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (4) rates        | 32 | 16.7 | <b>proporción, %</b>                                                                                       |
| (7) wicket       | 28 | 49.0 | <b>pau</b> (expresión relacionada co mundo do golf)                                                        |
| (2) victim       | 27 | 11.5 | <b>víctima</b> (to fall victim of: <i>caer vítima de</i> )                                                 |
| (7) tree         | 25 | 12.8 | <b>árbore</b>                                                                                              |
| (2) foul         | 24 | 13.1 | <b>poñerse a mal / chocar (con algo ou alguén)</b> (to fall foul of sb.: <i>poñerse a mal con alguén</i> ) |
| (7) let          | 24 | 14.5 | <b>deixar</b>                                                                                              |
| (2) apart        | 23 | 11.9 | <b>desfacerse, desmoronarse, fracasar</b>                                                                  |
| (4) rising       | 22 | 32.9 | <b>crecente, á alza</b> (the stocks rise and fall: <i>as accións suben e baixan</i> )                      |
| (4) steadily     | 22 | 20.7 | <b>sen parar, ininterrumpidamente</b>                                                                      |
| (4) rise         | 21 | 20.8 | V. “rising”                                                                                                |
| (2 / 7) behind   | 20 | 12.7 | <b>rezagarse, quedarse atrás</b>                                                                           |
| (2) disuse       | 18 | 29.9 | <b>desuso</b>                                                                                              |
| (2) trap         | 18 | 15.3 | <b>trampa</b>                                                                                              |
| (4) index        | 18 | 27.3 | <b>índice</b>                                                                                              |
| (7) leaves       | 17 | 21.8 | <b>follas</b>                                                                                              |
| (2) dramatically | 16 | 10.5 | <b>Dramaticamente de maneira espectacular</b>                                                              |

|                     |    |      |                                                                      |
|---------------------|----|------|----------------------------------------------------------------------|
| (4)inflation        | 14 | 21.5 | <b>inflación</b>                                                     |
| (4) values          | 14 | 16.2 | <b>valores</b>                                                       |
| (2) prey            | 13 | 10.2 | <b>víctima</b>                                                       |
| (4) consumpti<br>on | 13 | 23.5 | <b>consumo</b>                                                       |
| (4) points          | 13 | 10.4 | <b>puntos</b>                                                        |
| (4) rose            | 13 | 12.4 | <b>subiron.</b> Fell and rose: baixaron e subiron (accións, índices) |
| (4) stop            | 13 | 10.3 | <b>parar de</b> (to stop falling: parar de baixar)                   |
| (4) industrial      | 12 | 10.9 | <b>industrial</b> (asociado coa producción industrial)               |
| (4) output          | 12 | 15.7 | <b>producción</b>                                                    |
| (4) temperature     | 12 | 18.7 | <b>temperatura</b> (caer ou baixar)                                  |
| (4) demand          | 11 | 10.2 | <b>demanda</b>                                                       |
| (4) investment      | 11 | 10.2 | inversión                                                            |
| (5) floor           | 11 | 10.2 | <b>chan</b> (to fall on the floor: caer ó/no chan)                   |
| (5) onto            | 11 | 14.2 | <b>en.</b> “to fall on” = “to fall onto” (+superficie plana)         |
| (7) shadow          | 11 | 11.2 | <b>quedarse en sombra:</b> to fall in shadow.                        |

|                        |    |      |                                                                                          |
|------------------------|----|------|------------------------------------------------------------------------------------------|
| (2) danger             | 10 | 13.1 | <b>perigo</b>                                                                            |
| (4) p.c.<br>(per cent) | 10 | 20.3 | V. “%”                                                                                   |
| (4) pound              | 10 | 12.1 | <b>libra</b> (cotización)                                                                |
| (4) rises              | 10 | 24.5 | V. “rising”                                                                              |
| (7) bombs              | 10 | 18.1 | <b>bombas</b>                                                                            |
| (1) dusk               | 9  | 17.5 | <b>crepúsculo, a tarde</b>                                                               |
| (4) billion            | 8  | 11.7 | <b>mil millóns</b>                                                                       |
| (4) dollar             | 8  | 18.5 | V. “pound” (cotización)                                                                  |
| (4) GDP                | 8  | 27.3 | <b>P.I.B.</b>                                                                            |
| (7) silent             | 8  | 13.8 | <b>quedar en silencio / quedar calado</b> (h e fell silent: quedou en silencio / calado) |
| (2) ill                | 7  | 10.1 | <b>enfermo</b>                                                                           |
| (3) frame              | 7  | 12.4 | <b>marco</b> (to fall within a frame (of): caer dentro do marco (de)                     |
| (4) stands             | 7  | 11.8 | <b>posicións</b>                                                                         |
| (3) scope              | 6  | 10.3 | <b>ámbito</b>                                                                            |
| (4) pre-tax            | 6  | 22.5 | <b>preimposto / pretaxa</b> (índices)                                                    |
| (4) retail             | 6  | 13.4 | <b>venda</b>                                                                             |
| (7) ash                | 6  | 17.7 | <b>cinza</b>                                                                             |




## 5. Conclusións

Unha vez vistas as correspondencias e as frecuencias de aparición nas dúas linguas, debemos facer dous tipos de valoración. En primeiro lugar, está a cuestión da pura análise de resultados e, en segundo lugar, a metodoloxía e a utilidade dun corpus para este tipo de análise.

Canto ós resultados, cabe destacar que os dous verbos, *caer* e *to fall*, non teñen sempre o mesmo comportamento nas dúas linguas, aínda que moitas das palabras que colocan con un en galego colocan tamén co outro en inglés. O punto de diverxencia máis importante entre os dous ten que ver co feito de que *to fall* é un verbo frasal en inglés, é dicir, que unha vez combinado cunha partícula (con forma igual ás preposicións pero función diferente) pasan a significar algo que non ten que ver co significado orixinal do verbo. Véxase por exemplo o caso de *fall over* ‘devecer’. Neste caso, a análise dos dous corpóra non nos axuda a atopalo paralelismo a menos que ámbolos dous conteñan a versión dos mesmos textos en linguas diferentes. Ademais, as correspondencias non son sempre directas. Por exemplo, aínda que *into* en inglés sexa equivalente a *dentro*, non sempre que temos *fall into* en inglés teremos *caer dentro* en galego. Por iso, a aliñación de correspondencias debe ter en conta os contextos que o corpus nos proporciona e non só a lista de palabras que colocan con cada verbo.

Por outro lado, e tamén dentro da análise dos resultados, este é o resultado da tentativa de clasificación semántica:



(1) fenómenos meteorolóxicos, (2) situacións ou estados negativos, (3) categorizacións, (4) índices, (5) lugar onde / de onde, (6) partes do corpo, (7) outros

Os gráficos mostran a distribución porcentual das colocacións segundo o campo semántico ó que se asociaron. Os números que aparecen enriba das porcentaxes corresponden ós números asignados ós distintos grupos semánticos nas táboas de correspondencias.

<sup>a</sup> Carmen Paz Roca

A primeira vista apréciase unha diferenza notable entre os campos semánticos cos que se asocia *caer* e *to fall*. Podemos pensar que o tipo de textos que inclúen os dous corpóra é diferente e, polo tanto, cabería esperar resultados diferentes. Pero casos coma o da ausencia total de colocacións relacionadas coas partes do corpo en inglés, ou a case ausencia das relacionadas co lugar, poñen de manifesto as diferenzas entre estes verbos que inicialmente parecían equivalentes.

No caso das colocacións relacionadas con partes do corpo, no corpus galego hai algunhas do tipo *cae-la cara de vergoña*, outras do tipo *caer de xeonllos*, ou do tipo *caer nos brazos de alguén*. No inglés non aparece ningunha dentro da mostra seleccionada, aínda que si se pode dicir *to fall face down* ‘caer de fociños’ ou *to fall on one’s knees* ‘caer de xeonllos’. O que revela a análise dos dous corpóra neste caso pode ser simplemente a diferente frecuencia de uso destas expresións nas dúas linguas.

Por outro lado, a abundancia de colocacións relacionadas con índices no corpus británico podería ter que ver con que *to fall* se usa moito máis en inglés cando se describen gráficos ou a evolución dun determinado índice do que se pode usar en galego *caer*. *Caer* ten unha connotación moito máis negativa e “drástica” ca *to fall*. Por exemplo, non é o mesmo *baixaron os prezos* ca *caeron os prezos*. No primeiro caso, a baixada non ten por que ser grande, mentres que no segundo a baixada é moi significativa. En inglés, aínda habendo unha lixeira diferenza entre *prizes lowered* e *prizes fell*, poderíamos usar *to fall* para un contexto moito máis amplo.

Non menos vistosa é a diferenza no que atinxe ós fenómenos meteorolóxicos. Neste caso, a diverxencia podería deberse incluso á diferenza estrutural das dúas linguas. En inglés, cando se fala de fenómenos meteorolóxicos, emprégase directamente o verbo (*it rains, it pours, it snows...*) e en galego o uso de expresións do estilo *caeu unha nevada* ou *caeu unha treboada* está máis restrinxido á expresión literaria.

Canto á metodoloxía e, a pesar de tódalas deficiencias que poida te-lo traballo, o uso de corpóra para a análise fraseolóxica e en particular das colocacións é produtivo. Un dos valores importantes que nos aporta é a posibilidade de establecer frecuencias de uso. Se ben eses valores son máis significativos canto máis grande e variado sexa o corpus, non deixa de ser unha orientación á hora de determinar que é o que realmente ten fixación e que é o que non. Ademais, a frecuencia vai acompañada de contextos reais de uso da lingua, que en caso de que o corpus estea anotado pode levarnos a determinar se un fraseoloxismo ou colocación dados son máis propios dunha variedade de lingua ou doutra (análise que non se fixo neste caso). Cando se teñen corpóra paralelos a utilidade é moito maior, xa que a alíñación é moito máis fácil, exacta e útil para os estudos ou traballos que se fagan a partir dela.

Por último, e non menos importante, un valor indiscutible deste tipo de análise é o que manifestaban os lingüistas Jenny Thomas e Mick Short: “although things that are discovered from corpus analysis are ‘obvious’, they only become ‘obvious’ once the corpus has revealed them to us, i.e. they are not reliably recovered from the lexicographer’s innate knowledge and understanding of the language” (Thomas e Short 1996: 263).

## 6. Bibliografía

### 6.1 Referencias de internet

<http://www.natcorp.ox.ac.uk/> para o BNC (*British National Corpus*)

<http://corpus.cirp.es/corga/> para o CORGA (*Corpus de Referencia do Galego Actual*)

### 6.2 Outras referencias

BIBER, D. et alii (1998): *Corpus Linguistics: Investigating Language Structure and Use*. C.U.P, Cambridge.

CARBALLEIRA ANLLO, X.M. (coord.) et alii (2000): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Edicións Xerais, Vigo.

CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de Fraseología Española*. Gredos, Madrid.

HAUSMANN, F. J. (1998): “O dicionario de colocacións. Criterios de organización” en FERRO RUIBAL, X. (coord.): *Actas do I coloquio galego de fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 63-81.

MOON, R. (1998): *Fixed Expressions and Idioms in English: A Corpus-Based Approach*. Clarendon Press, Oxford.

SINCLAIR, J. et alii (ed.) (1987): *Collins Cobuild English Dictionary*. Collins, London.

(1995): *Collins Cobuild Dictionary of Idioms*. Harper Collins, London.

SINCLAIR, J. (1991): *Corpus, Concordance, Collocation*. O.U.P, Oxford.

THOMAS, J. e SHORT, M. (ed.) (1996): *Using Corpora for Language Research*. Longman, London / New York.



## O concepto *correspondencia* na tradución paremiolóxica

Julia Sevilla Muñoz<sup>1</sup>

Universidad Complutense de Madrid

A tradución de paremias ou enunciados sentenciosos supón un atranco para moitos tradutores, motivado xeralmente por ter unha escasa competencia paremiolóxica e non aplica-lo procedemento tradutolóxico máis axeitado en función da natureza destas unidades lingüísticas. Dado que no proceso da tradución paremiolóxica resulta importante o concepto *correspondencia*, o presente traballo céntrase no devandito concepto e ilustra as explicacións con paremias de procedencia xeográfica moi variada, aínda que a maioría veñen principalmente das linguas romances.

The translation of paremias or pithy statements is a handicap for many translators. It is generally due to a limited paremiological competence and the use of an inappropriate translation process according to the nature of these linguistic units. Since the concept "correspondence" is important in the paremiological translation process, this study is focussed on such concept. The explanations are illustrated with paremias from different geographical origins, although most of the examples are taken from Romance languages.

### 1. As paremias populares e a súa tradución literal

Aínda hai tradutores que verten literalmente (palabra por palabra) dunha lingua a outra as paremias populares, en especial os refráns e as frases proverbiais, mesmo afirman que con esta actitude están a enriquece-la lingua terminal con novos enunciados sentenciosos. Quen realiza tales afirmacións está manifestando o seu descoñecemento do mundo paremiolóxico, da complexa natureza das paremias e, en definitiva, a adopción dunha vía cómoda para resolver un problema tradutolóxico. Así, a pesar de que a tradución literal da paremia castelá *De noche todos los gatos son pardos* pode coincidir

---

<sup>1</sup> Traducido por Cristina Veiga Novoa.

coa paremia existente en galego, *De noite tódolos gatos son pardos*, ou coa portuguesa, *De noite todos os gatos são pardos*, non ocorre o mesmo noutras linguas nas que esta paremia ten unha forma moi semellante, mais non idéntica:

Catalán: *De nit tots els gats són negres*.

Francés: *La nuit, tous les chats sont gris*.

Inglés: *All cats are grey in the dark*.

Italiano: *Al buio tutti i gatti sono bigi/neri*.

A paremia vasca mantén o período nocturno pero non o actante, pois opta por un suxeito abstracto: *Gaua sartua, dena nahastua* [Noite entrada, todo mesturado].

Pode que nalgún caso concreto, en efecto, haxa total coincidencia formal, como acontece coa seguinte paremia castelá *En casa del herrero, cuchillo de palo* e a primeira parte da paremia galega *Na casa do ferreiro, coitelo de pau*; e na do carpinteiro, *sentarse no chao*. En catalán hai unha paremia moi próxima formalmente, mais non idéntica: *A casa del ferrer, ganivet de fusta*, xa que non figura “coitelo de pau” senón “coitelo de madeira”. Con todo, na maioría dos casos resulta difícil dar cunha coincidencia total: en portugués e en vasco non se alude a un pau senón a un asador (*Em casa de ferreiro, espeto de pau*. *Errementariaren etxean, zotza burduntzi* [Na casa do ferreiro, o asador é un paucíño]). Noutras linguas prodúcese un cambio do actante e, por conseguinte, da acción verbal, pois o protagonista xa non é o ferreiro senón o zapateiro (en catalán: *El sabater és el pitjor calçat*; en francés: *Les cordonniers sont toujours les plus mal chaussés*; en italiano: *In casa di calzolaio non si hanno scarpe*; en alemán: *Er flickt andern die Schuhe und geht selber barfuß* [Menda a outros os zapatos e el mesmo vai descalzo]). Se imos a África, observamos que a figura do zapateiro aparece, por exemplo, nunha lingua falada en Senegal, concretamente en wolof: *Wuudé du èweël boppam* [O zapateiro non fai zapatos para si]. Se buscamos noutras linguas, descubrimos que non sempre o protagonista será o zapateiro, pois en xaponés dise ‘O quimono do tintureiro queda branco’ e en árabe clásico ‘A porta do carpinteiro queda frouxa’; o carpinteiro xa aparecía na paremia galega citada ó comezo deste parágrafo e protagoniza tamén outra paremia: *Na casa do carpinteiro, bancos coxos e desfeitos*. Estes exemplos salientan a necesidade de ter en conta os referentes culturais para levar a cabo a tradución paremiolóxica. É certo que o protagonista de todas estas paremias recae nun oficio, pero, mentres a paremia portuguesa e as paremias españolas destacan a figura do ferreiro, presente na Península Ibérica dende a Idade do Ferro, outras paremias europeas pertencentes a unha mesma zona xeográfica resaltan o oficio do zapateiro, como curiosamente fai a paremia wolof, o que leva a preguntármonos se neste caso habería unha influencia francesa. A paremia xaponesa opta por un oficio frecuente na sociedade que viu nace-lo seu caudal paremiolóxico: o tintureiro; as paremias galegas e do árabe clásico mencionan un oficio moi común: o carpinteiro. Deixamos para o final a paremia inglesa pola súa orixinalidade con respecto ós enunciados mencionados en dous aspectos: primeiro, a paremia adopta unha modalidade interrogativa e, segundo, o zapateiro figura no enunciado, mais ocupa un lugar secundario, xa que o protagonista é a súa muller: *Who is worse shod than the shoemaker’s wife?*

Para profundar na tradución das paremias populares, resulta indispensable coñecer previamente a súa natureza.

## 2. Natureza das paremias populares

As paremias populares obxecto deste traballo, os refráns e as frases proverbiais, posúen polo xeral unha natureza peculiar pola súa sintaxe, o seu léxico e o seu sentido.

A maioría dos refráns sobresaen pola súa estrutura bimembre (*En casa del herrero / cuchillo de palo*) fronte á estrutura unimembre das frases proverbiais (*El hábito no hace al monje*), marcada con frecuencia por:

- a supresión de elementos léxicos como o verbo (*De tal palo, tal astilla*) ou o artigo (*Hombre prevenido vale por dos*);
- a repetición de vocábulos (*De buena casa, buena brasa*);
- a alteración da orde sintáctica co fin de lle dar énfase a algún elemento do refrán (*De noche, todos los gatos son pardos*) ou por motivos rítmicos (*Lo que has de dar al rato, dáselo al gato*);
- a súa forma rítmica (*Compón el sapillo, parecerá bonillo*).

Posto que numerosos refráns foron pasando de xeración en xeración por tradición oral desde o seu nacemento na Idade Media ata os nosos días, resulta habitual atopar vocábulos en desuso e arcaísmos: *Debajo del sayal, hay al* (O *sayal* é unha tea de la basta e *al* equivale a ‘outra cousa’); *Ratón que no sabe más que un horado, presto es cazado* (*horado* é a forma antiga castelá de ‘burato’; na actualidade, consérvase en castelán o verbo *horadar* co sentido de ‘furar’).

A idiomaticidade –característica típica de numerosas paremias populares<sup>2</sup>– fai que moitos refráns e frases proverbiais teñan máis dun sentido: un sentido recto e un figurado; un sentido específico e un máis xeral. O refrán meteorolóxico castelán *Tras la tempestad viene la calma* pode empregarse non só para aludir á tranquilidade que se produce despois deste fenómeno atmosférico, senón tamén cun sentido figurado para aconsellar tranquilidade en caso dunha contrariedade, o enfado de alguén ou unha situación anoxosa, pois seguramente non durará moito. Cando este refrán meteorolóxico se utiliza co seu sentido figurado convértese nun refrán moral. Outro exemplo constitúeo o refrán *Tanto va el cántaro a la fuente que al final se rompe*, pois dise, por un lado, para indicar que é normal que as cousas rompan co uso e, polo outro, que a persoa que se expón moitas veces a un perigo acabará por sufrir-las consecuencias.

O tradutor tamén deberá ter en conta a existencia de variantes formais e semánticas, en especial no caso dos refráns. Así, do último refrán citado, *Tanto va el cántaro a la fuente que al final se rompe*, pódense cita-los seguintes sinónimos: *El pez que busca el anzuelo, busca su duelo*; *Quien busca el peligro, en él perece*; *Quien carretea, vuelca*; *Quien con*

---

<sup>2</sup> A idiomaticidade “es el rasgo semántico propio de ciertas construcciones lingüísticas fijas cuyo sentido no puede establecerse a partir de los significados de sus elementos componentes ni del de su combinación” (Zuluaga 1980: 121ss.).

*fuego juega, se quema; Quien muchas piedras mueve, en alguna se hiere.* Por outra parte, o refrán *En casa del herrero, cuchillo de palo* ten a súa forma antónima no enunciado *En casa del gaitero, todos son danzantes.*

Amais das variantes sinónimas e antónimas, podemos cita-la existencia das paremias hiperónimas ou xenéricas, xa que o seu significado inclúe o de outras. Deste xeito, a frase proverbial *La perseverancia todo lo alcanza* é a paremia hiperónima, entre outros, dos seguintes enunciados sentenciosos: *A la larga, el galgo a la liebre mata. Amén, amén, al cielo llega. Dando la gotera, hace señal en la piedra. De un solo golpe no se derriba un roble. El que la sigue, la consigue. La peña es dura y el agua menuda, mas cayendo de continuo, hace cavadura.*

Por último, se o texto traducido é susceptible de ser lido en Hispanoamérica, o tradutor haberá de coñecer as variantes paremiolóxicas hispanas. Do refrán *En casa del herrero, cuchillo de palo* existen, entre outras, as seguintes variantes: *En casa del herrero, asador de palo* (Colombia, México, Panamá, Rep. Dominicana, Texas, Venezuela); *En casa del herrero, asador de madero* (Venezuela). As modificacións poden ser mínimas, aínda que significativas, como se aprecia neste outro exemplo: a tradución castelá da paremia francesa *On apprend à hurler avec les loups* mantén o lobo como protagonista: *Quien con lobos anda, a aullar se enseña*; non así no refrán mexicano *Quien con coyotes anda, a aullar se enseña.*

Todo o anterior corrobora a inadecuación de traducir literalmente os refráns e as frases proverbiais. Cal sería o procedemento tradutolóxico máis axeitado?

### 3. Concepto de correspondencia

Traducir paremias populares como os refráns ou as frases proverbiais non consiste, polo tanto, en procurar equivalencias formais senón en localizar na lingua terminal a paremia que presente máis coincidencias coa paremia da lingua orixinal, non só formais senón tamén, e de xeito moi especial, semánticas e pragmáticas.

No eido da tradución paremiolóxica, a correspondencia é o enunciado que máis se achega ó sentido, ó uso e á forma da paremia en cuestión. Deste xeito, pódense distinguir dous tipos de correspondencia: unha correspondencia literal e unha correspondencia conceptual.

### 4. Tipos de correspondencia

A correspondencia literal é a paremia da lingua terminal con sentido e forma idénticos ou practicamente idénticos á paremia da lingua orixinal. Por exemplo:

Castelán: *El hábito no hace al monje.*

Francés: *L'habit ne fait pas le moine.*

Portugués: *O hábito não faz o monge.*

Italiano: *L'abito no fa il monaco.*

Polaco: *Habit nie czyni mnicha.*



Provençal: *L'abi fai pas lou mouine.*

A correspondencia conceptual é a paremia da lingua terminal que coincide só no sentido coa paremia da lingua orixinal. Por exemplo:

Castelán: *Un grano no hace granero, pero ayuda al compañero.*

Vasco: *Harri batek ez du pareta egiten* [Unha pedra non fai o muro].

Francés: *Les petits ruisseaux font les grandes rivières.*

Italiano: *A granello a granello s'empie lo staio e si fa il monte.*

Alemán: *Viele kleine Bäche machen einen großen Strom* [Moitos reguiños fan un gran río].

Canto á paremia castelá mencionada, podemos sinalar que outras linguas presentan correspondencias case literais, como se aprecia nos seguintes enunciados sentenciosos:

Catalán: *Un gra no fa graner, però ajuda.*

Inglés: *One grain fills not [does not fill] a sack, but [it] helps his [its] fellows.*

Galego: *Un gran non enche o celeiro, pero axuda o compañeiro.*

Portugués: *Um grão não enche o celeiro mas ajuda o seu companheiro.*

Considéranse estas tres paremias literais ou conceptuais?

#### 4.1. Correspondencia literal

Estas catro paremias integrárianse tamén dentro do grupo de correspondencias literais no que se acha a paremia castelá, de acordo coa nosa definición de correspondencia literal. Na paremia catalá faltaría un complemento para coincidir totalmente coa paremia castelá; nas paremias inglesa, galega e portuguesa –correspondencias literais entre si– prodúcese un cambio léxico no sintagma verbal na primeira parte que as distancia lixeiramente da paremia castelá.

Dentro das correspondencias literais inclúense, pois, as paremias que presentan unha serie mínima de cambios, producidos por:

- diferiren no sintagma verbal (cast.: *A Dios rogando y con el mazo dando*; gal.: *A Deus rogando e co arado arando*), na orde léxica (Cast.: *Más vale prevenir que curar*; gal.: *Vale máis prever que remediar*), na orde estrutural (cast.: *Nadie deje de sembrar por miedo de gorriones*; gal.: *Por medo ós paxariños, non deixes de sementar millo*);
- ter unha das paremias un elemento léxico sobreentendido como o verbo ou o artigo (cast.: *A enemigo que huye, puente de plata*; gal.: *Ó inimigo que foxe ponlle ponte de prata*. cast.: *A cada olla, su cobertera*; gal.: *A cada ola, a súa tapadeira*);
- posuír unha das paremias unha adición estrutural que a converte nunha paremia trimembre, cuádrimembre ou plurimembre (cast.: *Mientras dura, vida y*

*dulzura; gal.: Mientras dura, vida e dozura, e ó acabarse, esperanza, que é o último que se alcanza).*

#### 4.2. Correspondencia conceptual

A busca da correspondencia conceptual pode provocar unha serie de situacións que convén precisar, polo menos as máis frecuentes.

Ás veces non se elixe a correspondencia literal fronte á conceptual por cuestións pragmáticas. Aínda que existe a paremia castelá *Más vale un toma que dos te dará*, a cal posúe moitas correspondencias literais ou case literais:

Galego: *Ninguén diga “farei, farei”, que máis vale un toma que dous che darei.*

Catalán: *Val més un té que dos te’n dará.*

Francés: *Un “tiens” vaut mieux que deux “tu l’auras”.*

Portugués: *Mais vale um “toma” que dois “te darei”.*

Italiano: *E’ meglio un “tò”, che cento “ti darò”*

esta forma castelá non se emprega, polo que a miúdo optaremos polo refrán *Más vale pájaro en mano que ciento volando*, se prima o criterio pragmático. O mesmo acontece cos refráns *Poco a poquillo hace el pájaro su nidillo* e *Poco a poco hila la vieja el copo*, posto que se prefire este último refrán como correspondencia da paremia francesa *Petit à petit, l’oiseau fait son nid*, se nos atemos ó uso.

Aínda que o número de correspondencias literais dunha paremia adoita reducirse a unha, non ocorre o mesmo co das correspondencias conceptuais, debido esencialmente á existencia de varios sentidos nunha mesma paremia e á existencia de paremias sinónimas ou hiperónimas. A paremia francesa *À grand pêcheur échappe anguille* ten unha correspondencia literal castelá, *Al mejor pescador se le escapa una anguila*, e varias conceptuais: *Al mejor cazador, se le va la liebre*; *Al mejor galgo, se le va la liebre*; *El mejor escribano echa un borrón*; *El mejor nadador es el que se ahoga*; *No hay caballo por bueno que sea que no tropiece*. Un caso semellante preséntase coa paremia francesa *Il n’y a pas si bon cheval qui ne bronche*, cuxa correspondencia castelá literal é *No hay caballo por bueno que sea que no tropiece*. Pola contra, o enunciado *Il n’y a si bon charretier qui ne verse* só ten correspondencias conceptuais: *El mejor escribano echa un borrón*; *El mejor nadador es el que se ahoga*; e *Al mejor cazador, se le va la liebre*. Convén sinalar, por outra parte, que ademais das correspondencias existe unha paremia xenérica (*El más diestro, la yerra*), por riba da cal habería outras paremias de carácter aínda máis xenérico: *Una equivocación, la tiene cualquiera* e *Un tropezón, cualquiera lo tiene en la vida*. En francés encontramos correspondencias de significado similar para estas dúas paremias: *N’importe quipeut peut faire un faux pas*, non así para o refrán *El más diestro, la yerra*, cuxa correspondencia sería unha paremia cun referente específico: *Il n’y a si bon charretier qui ne verse*.

Ás veces a solución tradutolóxica reside en recorrer á paremia hiperónima: *La persévérance est la clef du succès* constitúe a correspondencia tanto da frase proverbial

*La perseverancia todo lo alcanza* como do refrán *El que la sigue la consigue*. Este procedemento tradutolóxico pode resultar de grande utilidade para os intérpretes.

#### 4.3. Inexistencia de correspondencia

Os exemplos citados pertencen a dous grupos moi concretos caracterizados pola súa idiomaticidade e o seu alcance xeral: as frases proverbiais e os refráns morais, cuxo sentido está presente en tódolos pobos. Estes tipos de paremias serían considerados universais paremiolóxicos. Con todo, ¿que sucede cos demais tipos de refráns, caracterizados na súa maioría polo seu sentido non idiomático e o seu alcance reducido?

A busca de correspondencias nos refráns meteorolóxicos e temporais supón grandes dificultades que, en bastantes ocasións, non permiten dar cunha solución satisfactoria por posúen referentes distintos ou moi localistas. Poucas son as correspondencias que se poden localizar do coñecido refrán castelán *Por San Blas la cigüeña verás, y si no la vieres, año de nieves*, do que moitas veces só se di a primeira parte: *En San Blas la cigüeña verás, si non la vieres, año de ñeves* (asturiano); *Per sant Blai, la cigonya per l'espai; i si no l'hi veus, senyal de neus* (catalán). En galego e en portugués atopámo-las correspondencias conceptuais, pois non aluden ás neves senón ó inverno: *O día de san Brais a cegoña verás, si non a ves, inda o inverno vén detrás* e *Día de S. Brás a cegonha verás e se não a vires, o inverno vem atrás*. En galego, como en castelán, existe tamén unha versión máis breve: *O día de san Brais a cegoña verás*. A paremia francesa relativa á festividade de San Brais que presenta máis afinidade coa castelá é *Pour Saint-Blaise, / Il y a de la neige jusqu'à la queue de l'âne*. Se houbese que traducir esta paremia a outras linguas carentes deste referente relixioso e dun clima semellante, habería que descubrir cales son as paremias relativas ó tempo de primeiros de febreiro. Seguramente o fenómeno atmosférico sería diferente, non aparecería a neve senón a chuvia, como sucede nalgunhas paremias do árabe dialectal.

Os refráns xeográficos causan tamén graves problemas tradutolóxicos. O refrán *Quien no ha visto Sevilla, no ha visto maravilla* encontra facilmente correspondencia en francés *Qui n'a pas vu la Bouille n'a rien vu*, mais nas linguas nas que non encontra correspondencia haberá que recorrer a unha paráfrase ou a unha tradución literal.

#### 5. Conclusións

O concepto *correspondencia* desempeña un papel importante no proceso da tradución paremiolóxica, non só porque confirma a inadecuación na maioría dos casos da tradución palabra por palabra, senón tamén porque serve de vía para chegar a unha boa tradución.

A distinción entre correspondencia literal e correspondencia conceptual permite acadar unha tradución máis precisa.

Queda patente a conveniencia de seguir unha orde de prelación na busca de traducións paremiolóxicas: o tradutor tentará encontrar na lingua terminal a paremia de significado, uso e forma máis aproximadas á da paremia da lingua orixinal.

No caso de non encontra-la correspondencia literal dunha paremia, recorrerase á correspondencia conceptual, considerando tamén *correspondencia conceptual* a paremia hiperónima.

De non haber ningún tipo de correspondencia, quedarían varias opcións: deixala na lingua orixinal seguida dunha breve explicación acerca do seu significado entre parénteses ou en nota do tradutor, ou facer unha tradución literal, precedida dunha fórmula introdutoria: “como di o proverbio chinés...”, “como se di en francés...”.

Estas son algunhas das principais pautas que coidamos máis axeitadas no proceso da tradución paremiolóxica mais, tendo en conta a complexidade do mundo proverbial, non son as únicas.

## 6. Bibliografía<sup>3</sup>

- BENAVENTE JAREÑO, P. e FERRO RUIBAL, X. (1995): *Refraneiro galego da vaca*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- CONDE TARRÍO, G. (2001): *Diccionario de refráns*. Galaxia, Vigo.
- CORREAS MARTÍNEZ, M. e GARGALLO GIL, J. E. (2003): *Calendario romance de refranes*. Edicions de la Universitat de Barcelona, Barcelona.
- FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro galego básico*. Galaxia, Vigo.
- (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. La Voz de Galicia-Galaxia, Vigo.
- PÉREZ MARTÍNEZ, H. (2004): *Refranero mexicano*. Academia Mexicana / Fondo de Cultura Económica, México.
- SEVILLA MUÑOZ, J. (1987): “Los universales paremiológicos en dos paremias heroicas (una francesa y otra española)” en *Revista de Filología Románica* V, 1987, 221-234.
- (1990): “La traducción al español de algunas paremias francesas” en *II Encuentros Complutenses en torno a la traducción (Madrid, 1988)*. Editorial de la Universidad Complutense, Madrid, 145-150. [Reimpreso na revista electrónica *De proverbio* 7 (<http://www.deproverbio.com/DPjournal/DP.4.2.98/CURRENT/TRADUCCION.html>)]
- (1992): “La terminologie parémiologique française et sa correspondance espagnole” en *Terminologie et Traduction* 2/3, 1992, 331-343.
- (1993): “Las paremias españolas: clasificación, definición y correspondencia francesa” en *Paremia* 2, 1993, 15-20.
- (2001): “La sinonimia en el proceso traductológico de paremias francesas al español (II)” en CASAL, M.L. et alii (eds.): *La Lingüística francesa en España camino del siglo XXI* 2. Arrecife, Madrid, 995-1004.
- SEVILLA MUÑOZ, J. e CANTERA ORTIZ DE URBINA, J. (eds.) (2000<sup>2</sup>): *877 refranes españoles con su correspondencia catalana, gallega, vasca, francesa e inglesa*. Eiunsa, Madrid.

---

<sup>3</sup> Agradecemoslle a Pilar Río Corbacho (Universidade de Santiago de Compostela) e a Ana Díaz Ferrero (Universidad de Granada) as súas informacións sobre as paremias galegas e portuguesas, respectivamente.

- (2001): *1001 refranes españoles con su correspondencia en ocho lenguas (alemana, árabe, francesa, inglesa, italiana, polaca, provenzal y rusa)*. Eiunsa, Madrid.
- (2002): *Pocas palabras bastan. Vida e interculturalidad del refrán*. Centro de Cultura Tradicional - Diputación de Salamanca, Salamanca.
- SEVILLA MUÑOZ, J. e SEVILLA MUÑOZ, M. (2000): "Técnicas de la traducción paremiológica (francés-español)" en *Proverbium* 17,2000,369-386.
- (2003): "La traducción de paremias. Las paremias científicas" en *El trujamán* (Centro Virtual del Instituto Cervantes, <http://www.cvc.cervantes.es/trujaman>)
- (2003): "La traducción de paremias populares. El refrán y la frase proverbial" en *El trujamán* (Centro Virtual del Instituto Cervantes, <http://www.cvc.cervantes.es/trujaman>).
- SOTO POSADA, G. (1997): *La sabiduría criolla. Refranero hispanoamericano*. Verón editores, Barcelona.
- ZULUAGA OSPINA, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Peter Lang, Frankfurt a.M. / Bern, 121-135.



## Aplicacións didácticas dos refráns

María Rosario Soto Arias

I.E.S. Eusebio da Guarda. A Coruña

Luís González García

Universidade da Coruña

O obxectivo deste traballo eminentemente práctico é ofrecer aos docentes de bacharelato un pequeno corpus de exercicios cuxa materia prima son os refráns galegos. O enfoque é dobre: immanente –o refrán como obxecto de estudo de seu– e transcendente –o refrán ao servizo da lingua e da literatura.

From an essentially practical point of view, this paper offers secondary school teachers a small set of exercises whose raw material is an extendable compendium of Galician sayings. The approach is twofold: immanent –the saying as an object of study by itself– and transcendent –the saying in service of language and literature.

### 0. Introducción

Hai unha serie de valores, a fina sabedoría, a graza, a ironía por veces escarniña, a beleza, a pertenza a un ámbito cultural común paneuropeo, etc., que converten os refráns en instrumentos excelentes para o traballo cotián na aula. Entre eses valores, gustaríanos salientar un par de aspectos: o demótico, pois en sociedades democráticas sempre é importante reafirmar a creatividade e en síntese a intelixencia do pobo; e o filosófico, canto que este contido, presente nunha discreta porcentaxe de refráns (*o cultivar ben a terra goces tranquilos encerra*), nos ofrece óptima materia de conversa ou diálogo cos alumnos, establecendo apartes deleitosos na rutina e no *stress* dos prolixos programas do bacharelato. Precisamente para eles, para os alumnos de galego do nivel de bacharelato, é para quen, idealmente, foi concibido este traballo.

Traballo que dividiremos en dúas partes. Na primeira o enfoque será immanente: aproximámonos ao refraneiro e observamos características de seu ou en relación con

outros refraneiros ou coas fontes dos mesmos. Na segunda parte o enfoque será transcendente: o refrán ao servizo do programa docente; o núcleo metodolóxico consistirá basicamente en que os refráns se convertan en materia con que exemplificar distintos aspectos da teoría lingüística ou da literatura.

## 1. Enfoque inmanente

**1.1. Estrutura bimembre.** Moitos refráns teñen unha estrutura bimembre (*O que veza os grelos lambe os dedos*). Podemos pedirllas ós alumnos que localicen unha ducia de exemplos dándolles nós bibliografía ou, unha vez que levemos un tempo traballando cos refráns e teñamos un corpus suficiente, que procuren daquela eses doce casos.

**1.2. A rima.** Procederemos igualmente. Deben localizar casos de rima asonante (*O que ten vergonza quedalle a barriga sonsa*) e casos de rima consonante (*Moscatel non vai ao pichel*).

**1.3. A elipse.** Nos seguintes casos o alumno repoñerá o verbo que lle pareza pertinente:

|                                                             |                                                |
|-------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|
| a) <i>A escote un boi.</i>                                  | b) <i>A gando bravo, corda longa.</i>          |
| c) <i>A mal tempo, boa cara.</i>                            | d) <i>A morrer, morrer farto.</i>              |
| e) <i>A muller e a ovella con día na cortella.</i>          | f) <i>A padre ganador, seu fillo gastador.</i> |
| g) <i>A probe soberbio, esmola de pau.</i>                  | h) <i>Auga parada, xente matada.</i>           |
| i) <i>A primeira na borralleira e a segunda na cadeira.</i> |                                                |

**1.4. A sinonimia.** A sinonimia entre refráns é un fenómeno común a tódolos refraneiros. Na seguinte listaxe o alumno procederá a emparellar os refráns sinónimos:

|                                                                                  |                                                                                               |
|----------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>A folla mexa no lume e vaise.</i>                                          | b) <i>Os dedos das mans non son todos iguais.</i>                                             |
| c) <i>Besta de moitos cómena os lobos.</i>                                       | d) <i>O que é do común non é de ningún.</i>                                                   |
| e) <i>Non hai pega sen mancha negra.</i>                                         | f) <i>Un non é ningún.</i>                                                                    |
| g) <i>Non as fagas, non as temas.</i>                                            | h) <i>O que non pide, Deus non o escoita.</i>                                                 |
| i) <i>Os mortos ao cebolo e o vivo ao bolo.</i>                                  | l) <i>Pra o que non quere, ten meu pai moito.</i>                                             |
| ll) <i>Non puido dar na besta e deu na albarda.</i>                              | m) <i>O coxo i o manco e mais o corcovado foron buscar o tolleito para casar co derreado.</i> |
| n) <i>As feitas son as que valen.</i>                                            | ñ) <i>Fanas os ranchos e páganos os bacoriños.</i>                                            |
| o) <i>Coa fame que se pasa mantiñanse outros tantos.</i>                         | p) <i>Quen tal fixo que tal pague.</i>                                                        |
| q) <i>Deus os dá e eles xíntanse.</i>                                            | r) <i>Falar é de quen quere: facer é de quen pode.</i>                                        |
| s) <i>Unha vara calquera a rompe e moitas xuntas non as rompen moitos homes.</i> | t) <i>O que non chora non mama.</i>                                                           |
| u) <i>Moito ruído e poucas noces.</i>                                            | v) <i>Ao mellor galgo escápaselle unha lebre.</i>                                             |
| x) <i>Os mortos, á burata; e os vivos, á fogaza.</i>                             | z) <i>Homes hai de homes.</i>                                                                 |

**1.5. A antonimia.** Cada refrán ten o seu contrario, así é nun alto número de casos, o cal nos permite reflexionar cos rapaces sobre a relatividade de moitas cousas ou sobre a aparente facilidade con que se pode argumentar nun ou noutro sentido, dependendo de segundo que factores. O exercicio agora será emparellar os contrarios:



|                                                                      |                                                                           |
|----------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>¿Quen che quere mal? O do teu igual.</i>                       | b) <i>Vale máis caste que fariña.</i>                                     |
| c) <i>A pedra andando non cria musgo.</i>                            | d) <i>O que non se fai o día de santa Lucía xa se fará pró outro día.</i> |
| e) <i>Ave que se muda, en cada sitio deixa unha pluma.</i>           | f) <i>Onde paces e non onde naces.</i>                                    |
| g) <i>O traballo ennobrece.</i>                                      | h) <i>A galiña polo bico pon.</i>                                         |
| i) <i>Consello é de sabios perdoar inxurias e esquecer agravios.</i> | l) <i>A moita carne é pra os sapos.</i>                                   |
| ll) <i>Un corvo a outro non lle tira os ollos.</i>                   | m) <i>O que has facer hoxe non o deixes para mañá.</i>                    |
| n) <i>O traballo é bo para os bois.</i>                              | ñ) <i>O home onde nace e o boi onde paze.</i>                             |
| o) <i>Unha por outra non é pecado.</i>                               | p) <i>Dáme gordura e dareiche fermosura.</i>                              |

**1.6. O punto de vista.** É decisivo á hora de comprender moitos refráns. Neste exercicio o alumno presuporá desde que punto de vista ou baixo que ideoloxía foi concibido cada un destes refráns:

|                                                                        |                                                      |
|------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
| a) <i>A xente nova toda é boba.</i>                                    | b) <i>Abril e maio, a chave do ano.</i>              |
| c) <i>Ansias alleas matan os asnos.</i>                                | d) <i>Antes o cliente que os parentes.</i>           |
| e) <i>O que en Deus nunca pensou, ese non ten corazón.</i>             | f) <i>Teñamos paz e chegaremos a vellos.</i>         |
| g) <i>Aquí están os nosos ósos esperando polos vosos.</i>              | h) <i>A conta dos porfiados viven nosos estados.</i> |
| i) <i>Paso de boi, dente de lobo e, de vez en cando, facer o bobo.</i> | l) <i>Boa vida non quer présa.</i>                   |

**1.7. As fobias e os prexuízos.** Á vista dos seguintes refráns, primeiro enumeraremos cales son os obxectos das fobias; logo reflexionaremos cos rapaces se hai algunha lóxica ou explicación posible que as xustifique (son privativas dalgún grupo humano, dependen do grao de “primitivismo” da sociedade, son quizais produto dun determinado nivel cultural ou de civilización?):

|                                                                                                               |                                                                                    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Non lle fagas mal que non o merecen, mais non lle fagas ben que non o agradecen (dise dos galegos).</i> | b) <i>O portugués se non che caga na cima da escaleira, cágache no fondo.</i>      |
| c) <i>De España, nin bo vento nin bo casamento.</i>                                                           | d) <i>De español de pelo roxo e de francés de pelo negro librate coma do demo.</i> |
| e) <i>Non hai coxo que corra nin torto que sexa bo.</i>                                                       | f) <i>Sexan xudeus pero sexan dos meus.</i>                                        |
| g) <i>O que vai nunha mula e con un francés, vai tolo e vai de a pé.</i>                                      |                                                                                    |

**1.7.1. O antifeminismo.** Esta é unha característica do noso refraneiro que merece especial mención. Que defectos lle apón á muller cada un destes refráns?

|                                                           |                                                                                                       |
|-----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>A muller e mailo can non traban cando lles dan.</i> | b) <i>A muller e o vento cambian no momento.</i>                                                      |
| c) <i>A muller e o neno só calan o que non souberon.</i>  | d) <i>De solteira sete brazos e unha lingua e de casada sete linguas e un brazo, e aquel tollido.</i> |

**1.7.2. Os xentilicios.** Outro caso particular vén representado polos refráns contra lugares ou habitantes dun lugar. Nos exemplos que seleccionamos o alumno xogará a localizar

nun mapa de Galicia (ou integrar nunha comarca natural) os topónimos; tamén poden citar un personaxe coñecido vinculado a eses lares; igualmente pódese pedir un mínimo comentario sociolóxico sobre as causas destas rivalidades locais:

|                                                                                             |                                                                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Larouco, pan pouco.</i>                                                               | b) <i>Os de Lalín, xente ruín.</i>                                              |
| c) <i>A Cruña rabuña.</i>                                                                   | d) <i>A Mahía, pasala con día.</i>                                              |
| e) <i>Homes de Lemos, homes chufós, bois da mulida, carros cantós.</i>                      | f) <i>Home de Lugo, muller de Melide e aire santiagués, ningún dos tres.</i>    |
| g) <i>Tratos con masidaos, miralles prás maos.</i>                                          | h) <i>Entre Vigo e Mendorós, dez veciños, vinte ladrós.</i>                     |
| i) <i>En Lestrove, nin bo porco nin bo home.</i>                                            | l) <i>En Meira, nin boa xente nin boa festa.</i>                                |
| ll) <i>As nenas de Mondoñedo, chegan tarde e vanse cedo (por preguiceiras no traballo).</i> | m) <i>En Ares non te pares, en Redes non te quedas e en Camouco para pouco.</i> |

### 1.8. Das fontes posibles:

**1.8.1. O evanxeo.** Hai moitos refráns que xa atopamos nos evanxeos e son, en boa medida, froito da cristianización. Vexamos na primeira columna as palabras bíblicas e procuremos as súas correspondencias entre os refráns galegos da segunda columna:

|                                                                                                  |                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Amoreade máis ben tesouros no ceo (Mt 6,20).</i>                                           | 1) <i>Do que non pide ninguén se acorda.</i>                     |
| b) <i>Entrade pola porta estreita[...], ¡que apretado é o camiño que leva á vida! (Mt 7,13).</i> | 2) <i>De tal pau, tal racha.</i>                                 |
| c) <i>Ninguén pode servir a dous amos (Mt 6,24).</i>                                             | 3) <i>O demo aos seus quere.</i>                                 |
| d) <i>Cada día ten abondo cos seus pesares (Mt 6,34).</i>                                        | 4) <i>O que non queiras para ti, non o queiras para ninguén.</i> |
| e) <i>Coa medida coa que midades hancos medir a vós (Mt 7,2).</i>                                | 5) <i>Non se fixo o mel para o fociño do porco.</i>              |
| f) <i>Non lle botéde-las vosas perlas ós porcos (Mt 7,6).</i>                                    | 6) <i>Máis val tesouro de virtude que de ouro.</i>               |
| g) <i>Pedide e recibiredes (Mt 7,7).</i>                                                         | 7) <i>A cada día abóndalle a súa malicia.</i>                    |
| h) <i>Se vós, que sodes ruíns, ben sabedes darlles cousas boas ós vosos fillos... (Mt 7,11).</i> | 8) <i>Ninguén pode servir a dous amos e agradar a entrambos.</i> |
| i) <i>Tratade á xente en todo conforme queredes que vos traten a vós (Mt 7,12).</i>              | 9) <i>Como medires serás medido.</i>                             |
| l) <i>Toda árbore de boa caste produce froitos xeitosos (Mt 7,17).</i>                           | 10) <i>Non se vai ao ceo a cabalo.</i>                           |
| ll) <i>O traballador ben merece a súa mantenza (Mt 10,10).</i>                                   | 11) <i>Santo bo, o de lonxe.</i>                                 |
| m) <i>Polas túas palabras declararante xusto e polas túas palabras condenarante (Mt 12,37).</i>  | 12) <i>Detrás do traballo vén o pago.</i>                        |
| n) <i>A un profeta só o aceptan mal na súa terra e na súa casa (Mt 13,57).</i>                   | 13) <i>Cada un di quen é.</i>                                    |

**1.8.2. As fontes clásicas ou latinas.** Moitos dos refráns que aínda hoxe están vivos no acervo popular teñen a súa orixe na cultura clásica grecolatina. O alumno observará as seguintes máximas do Oráculo de Delfos, Cicerón, Séneca e outros (Gracián 1997 [1647]; tradución ao galego dos autores), que contribuíron a sentar os alicerces do

pensamento occidental, e tratará de relacionar todas ou parte delas con algún refrán actual:

|                                                                                                  |                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Os iguais facilmente conxenian cos iguais.</i>                                             | b) <i>O que comeza xa fixo a metade.</i>                         |
| c) <i>Os eruditos queren parecerse aos estúpidos e os estúpidos queren ser como os eruditos.</i> | d) <i>A variedade reanima, repara o ánimo.</i>                   |
| e) <i>As cousas fermosas son difíciles.</i>                                                      | f) <i>Ao discreto non lle interesa agradar aos máis.</i>         |
| g) <i>Hai máis virtude no medio que nos extremos.</i>                                            | h) <i>A fortuna axuda aos audaces.</i>                           |
| i) <i>Ama para ser amado.</i>                                                                    | l) <i>Sentir cos menos e falar cos máis.</i>                     |
| ll) <i>Pensar amodo e obrar á preša.</i>                                                         | m) <i>O que logo se fai logo se desfai.</i>                      |
| n) <i>Dabondo rápido se fai o que se fai ben.</i>                                                | ñ) <i>Coñécete a ti mesmo.</i>                                   |
| o) <i>Non convén estar sempre de burlas.</i>                                                     | p) <i>Moitas veces non logramos porque non o intentamos.</i>     |
| q) <i>Hoxe pensa negro e mañá branco de todo.</i>                                                | r) <i>A xustiza rigorosa convértese en inxustiza.</i>            |
| s) <i>Antes de emprender, mide as tías forzas.</i>                                               | t) <i>Non traballa o bo en balde: a virtude é o pago de seu.</i> |
| u) <i>Tantas cabezas, tantas sentenzas.</i>                                                      |                                                                  |

**1.8.3. A historia.** O alumno explicará estes refráns á luz dos seus coñecementos de historia tanto de España como de Galicia, tanto antiga como recente:

|                                                                                                                                                                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>A Castela e a León novo mundo dou Colón.</i>                                                                                                                           |
| b) <i>Foros e fornos vellos, canto antes desfácelos.</i>                                                                                                                     |
| c) <i>Pedro Pérez e máis o bandullo van os dous ao cabo do mundo (Pedro Pérez Gamarra, obeso en demasía, visitador incansable da Inquisición de Santiago).</i>               |
| d) <i>O wolfram vale oito duros e para quitálo hai que marrear duro.</i>                                                                                                     |
| e) <i>Cando estaba Azaña había pan branco en España; veu Mola e púxose á cola; agora que chegou Franco, nin negro nin branco.</i>                                            |
| f) <i>O bispo de Santiago: báculo et balista (refrán moi antigo que alude á dobre condición, eclesiástica e guerreira, dos señores da terra de Santiago na Idade Media).</i> |

**1.8.4. Contos populares, mitos e tradicións.** Estes refráns son axeitados para que os alumnos investiguen a materia en cuestión, no caso de que a descoñezan; motivarémoslos así para que presenten pequenos traballos de tipo antropolóxico ou histórico-lendario:

|                                                                                                                                                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Boi bravo, vente ao carro, que o manda o Apóstolo Santiago (alude ao ciclo mítico xacobeo. Os bois atopábanse salvaxes no Pico Sacro e pertencían á Raíña Lupa).</i>        |
| b) <i>Díxolle San Froilán ao lobo: “xa que me comiche o burro, lévame os libros a Lugo”.</i>                                                                                      |
| c) <i>O que se laia e non come nin sonea logo dá os fíos á tea (préstase a relacionar este tópico co mito das parcas que tecen e tallan os fíos da vida dos homes).</i>           |
| d) <i>As fadas dos pais non caen nas pallas (pódense cumprir; así é no relato risquiano “O lobo da xente” onde a loba o é pola maldición materna).</i>                            |
| e) <i>No mes de febreiro faise o lardeiro (no Entroido en Viana fanse monecos de palla e róbanse mutuamente a roupa, de aí que algúns interpreten lardeiro como ‘ladroeiro’).</i> |
| f) <i>Tres meses herba, tres meses lama, tres carne cristiá (a explicación ofrécenola Otero Pedrayo no cap. II de Os señores da terra, da triloxía Os camiños da vida).</i>       |

**1.8.5. As supersticións.** Os alumnos comentarán canto saiban das supersticións ás que se refiren os seguintes refráns. Por exemplo, no a) pódese referir a lenda e relacionar co

asunto das ánimas reencarnadas en animalíños; no c) procuraranse datos que efectivamente avalen a importancia da lúa en certos labores agrícolas; no d) trazaranse paralelismos entre os mouchos e os outros elementos propios da cultura popular que tamén anuncian morte; co caso e) lembraremos os agoiros no camiño de Burgos ao principio do *Cantar de Mio Cid*: “a la exida de Bivar ovieron la corneia diestra / e entrando a Burgos oviéronla siniestra” (Michael 1976: 76, vv.11-12).

|                                                                             |                                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|
| a) <i>A Santo Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo.</i>     | b) <i>Se pasas por debaixo do pau non medras máis.</i>            |
| c) <i>Home moi lueiro, nin moita meda nin moito palleiro.</i>               | d) <i>Cando o moucho mouchea hai defunto na aldea.</i>            |
| e) <i>Corvos á dreita, sorte ben feita.</i>                                 | f) <i>Soñar con mortos, sinal de vivos.</i>                       |
| g) <i>Cando o ano entrare en domingo vende os boiciños e merca milliño.</i> | h) <i>Crego ao principio do cocedoiro, mal agoiro.</i>            |
| i) <i>O que oe o cuco en xaxín leva albarda pró ano.</i>                    | l) <i>En martes nin cortes nin plantas nin á túa filla cases.</i> |

## 1.9. As relacións de parentela con outros refranceiros

**1.9.1. Do mundo en xeral.** África. Procuraranse as correspondencias entre o bloque de refráns africanos traducidos (Hima 1998; tradución ao galego dos autores) e os galegos. Percíbense elementos autóctonos, variables ao servizo de conceptos comúns?

|                                                                                             |                                                                     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------|
| a) <i>O coador trata de obxecto furado ao escorredor de cuscús.</i>                         | 1) <i>De lonxe non se ven os defectos.</i>                          |
| b) <i>Antes ou despois o óso acabará nas fauces do can.</i>                                 | 2) <i>Anque tome moitos baños, o negro non se fai branco.</i>       |
| c) <i>As manchas da plumaxe da galiña de Guinea non desaparecen con auga nin con xabón.</i> | 3) <i>Díxolle o pote ao caldeiro: “Arrédate alá, non me luxes”.</i> |
| d) <i>Só unha vez poderás tripar a un cego, a segunda desconfiará.</i>                      | 4) <i>A besta, de amataada, de lonxe ve vir a albarda.</i>          |
| e) <i>A simple vista non pode saberse se ao prebe lle falta sal.</i>                        | 5) <i>O que é burro, tanto é aquí como en Lugo.</i>                 |
| f) <i>Con ou sen coitelo, o asno morrerá sen que o degolen.</i>                             | 6) <i>Se metes a man no teu seo non dirás do malfado alleo.</i>     |
| g) <i>Só dúas mans poden lavarse perfectamente.</i>                                         | 7) <i>O que ao alto cospe, á cara lle vén dar.</i>                  |
| h) <i>A vida é coma un zapato de follas de enforbio (efémera).</i>                          | 8) <i>Unha man lava a outra e as dúas lavan a cara.</i>             |
| i) <i>Aínda que lle deas figado a alguén que ten má sorte, atopará un óso.</i>              | 9) <i>O que non ten sorte, na cama parte as pernas.</i>             |
| l) <i>Se cres que o xeonllo ten carne, toca mellor o teu.</i>                               | 10) <i>Hoxe somos e mañá non fomos.</i>                             |
| ll) <i>O seu lapo caeulle no peito.</i>                                                     | 11) <i>Ao que ha de ser a súa lle vén.</i>                          |
| m) <i>A peregrinación á Meca non transforma ao peregrino.</i>                               | 12) <i>A verdade sempre triunfa.</i>                                |

**1.9.2. Co refraneiro castelán.** Son moitas as concomitancias e moitos os casos de completa semellanza, de tal xeito que lle será moi doado ao alumno dar a versión castelá das seguintes paremias galegas:

|                                           |                                                |
|-------------------------------------------|------------------------------------------------|
| a) Carballo en terra, todos á leña.       | b) Mar revolto, ganancia de mariñeiros.        |
| c) Cada moucho no seu souto.              | d) A cortesía non quita a valentía.            |
| e) Sae o pau á racha.                     | f) Cando o rego zoa auga leva.                 |
| g) De vella, gaiteira.                    | h) A gaita é para o gaiteiro.                  |
| i) Coas augas pasadas non anda o rodicio. | l) Diga a miña veciña e teña o meu fol fariña. |

En ocasións, a correspondente paremia castelá pode axudarnos a entender mellor algún noso caso difícil. Así, por exemplo, estes refráns galegos interprétanse doadamente poñendo a carón a parella en castelán (Soto 2003), labor que fará o alumno:

|                                                    |                                                           |
|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| 1) Non hai peor portela cá da casa.                | a) Jarro de plata no hace más fresca el agua.             |
| 2) Non hai mellor instrución cá do cabo do ligón.  | b) El principio es la mitad de todo.                      |
| 3) Vale máis esvarar co pé que esvarar coa lingua. | c) Sanan cuchilladas y no malas palabras.                 |
| 4) Vara seca non se domea, que creba.              | d) Hacer bien nunca se pierde.                            |
| 5) Se ben o fan, ben o terán.                      | e) Malo es el zamarro de espulgar y el viejo de castigar. |
| 6) Sen sangue non se poden facer sangueiras.       | f) La labranza es hermana gemela de la crianza.           |
| 7) Ter non muda ser.                               | g) No se hacen tortillas sin tocar los huevos.            |

Agora collamos ao chou un parágrafo do libro de Cervantes (do cap. VII da 2ª parte):

[Fala Sancho] *Hablen cartas y callen barbas, pues más vale un toma que dos te daré. Y yo digo que el consejo de la mujer es poco, y el que no le toma es loco [...], todos estamos sujetos a la muerte y que hoy somos y mañana no, y que tan presto se va el cordero como el carnero, y que nadie puede prometerse más horas de vida de las que Dios quisiera darle, porque la muerte es sorda...*(Cervantes 1962 [1605-15]: 625)

[Fala Don Quijote] *que si al palomar no le falta cebo, no le faltarán palomas. Y advertid, hijo, que vale más buena esperanza que ruin posesión, y buena queja que mala paga.* (Cervantes 1962 [1605-15]: 627)

Sancho debe ser o personaxe que cita máis refráns de toda a literatura universal, aínda que o seu amo sabe imitalle. Pero o caso é que no refranceiro galego atopamos case tódolos refráns deste fragmento agás un. O alumno debe dicirnos cal é o que falta; así mesmo, deberá reflexionar por que se dá ese fenómeno: porque hai un substrato hispánico ou ibérico ou románico común; porque Cervantes ten apelidos galegos; porque o romance occidental é moi innovador, ou quizais moi conservador...?

|                                                                               |                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| a) O consello da muller é pouco e o que n' o segue, un louco.                 | b) O que baralla non parte, o que parte non dá. |
| c) Ninguém diga “farei, farei”, que máis vale un “toma” que dous “che darei”. | d) Onde hai papel calan barbas.                 |
| e) Máis vale boa queixa que mala paga.                                        | f) Tan presto se vai o año como o carneiro.     |
| g) Ninguém morre ata que Deus quer.                                           | h) Hoxe somos e mañá non seremos.               |
| i) Haxa cebo no pombal, que os pombos non faltarán.                           |                                                 |

**1.9.3. Co refraneiro portugués.** Tamén son evidentes as semellanzas e é lóxico que así sexa, por razóns históricas que o alumno pode repasar. Deseguido achegamos refráns portugueses (Moreira 2000) e refráns galegos para establecer as oportunas correspondencias:

|                                                                       |                                                            |
|-----------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|
| 1) <i>Amores zangados, amores dobrados.</i>                           | a) <i>O que no berce se aprende só na cova se esquece.</i> |
| 2) <i>Andar a ensinar o Pai Nosso ao vigário.</i>                     | b) <i>Casar e tirarse á auga debe ser de somergullo.</i>   |
| 3) <i>Ano de neves, ano de pão.</i>                                   | c) <i>A mellor palabra é a que queda no corpo.</i>         |
| 4) <i>Amor louco, eu por ti e tu por outro.</i>                       | d) <i>Polos ruíns perden os bos.</i>                       |
| 5) <i>Amor de mulher e amor de cão de nada valem se nada lhe dão.</i> | e) <i>Ano de nevadas, ano de fornadas.</i>                 |
| 6) <i>Amor e livros, querem-se poucos e bons.</i>                     | f) <i>A vaca da miña veciña dá máis leite cá miña.</i>     |
| 7) <i>A vaca da vizinha, dá mais leite do que a minha.</i>            | g) <i>Antes morte que vergonza.</i>                        |
| 8) <i>A melhor palavra é a que fica por dizer.</i>                    | h) <i>Rifan os amantes e quérense máis que antes.</i>      |
| 9) <i>A maçã podre estraga a companheira.</i>                         | i) <i>Quen con rapaces se deita, mexado se levanta.</i>    |
| 10) <i>Ganho e lazeira, andam de feira em feira.</i>                  | l) <i>Aquel que con espada fere, con espada morrerá.</i>   |
| 11) <i>Quem bem te amar te fará chorar.</i>                           | ll) <i>A quen Deus quer ben, o vento apáñalle a leña.</i>  |
| 12) <i>Na terra onde fores ter, faz como vires fazer.</i>             | m) <i>Amigos e libros, poucos, bos e ben coñecidos.</i>    |
| 13) <i>Quem com ferros mata, com ferros morre.</i>                    | n) <i>Quen máis te quere máis te fará chorar.</i>          |
| 14) <i>O que se aprende no berço dura até a sepultura.</i>            | ñ) <i>Vai vender cunchas ao que vén de Fisterra.</i>       |
| 15) <i>Quem com meninos se deita, acorda borrado.</i>                 | o) <i>Mágoas alleas matan aos asnos.</i>                   |
| 16) <i>Pagar o justo pelo pecador.</i>                                | p) <i>Amor louco: eu por vós e vós por outro.</i>          |
| 17) <i>Quem casa não pensa; quem pensa não casa.</i>                  | q) <i>Unha ovella sarnosa infesta todo o rabaño.</i>       |
| 18) <i>Por fazenda alheia ninguém perca a ceia.</i>                   | r) <i>Onde fores fai como vexas.</i>                       |
| 19) <i>A morte com honra não desonra.</i>                             | s) <i>A ganancia e a laceira andan de feira en feira.</i>  |
| 20) <i>A quem Deus ajuda, o vento lhe ajunta a palha.</i>             | t) <i>A muller e mailo can non traban cando lles dan.</i>  |

**1.10. O número sete.** Son abundantísimas as paremias onde aparece o número sete. O alumno tratará de encontrarlle un sentido (valor simbólico, quizais mítico ou máxico, como o número *n* en matemáticas, etc.); tamén pode facer memoria e achegar aqueles casos coñecidos onde o sete volve cobrar un valor arquetípico (sete días da semana, sete marabillas do mundo, as sete belas artes, sete vidas do gato, sete ananiños e Brancaneves, sete irmáns con Polgarcíño, os sete sabios de Grecia, os sete magníficos, as sete pezas do tangram, os sete pecados capitais, os sete sacramentos...):

|                                                           |                                                                           |
|-----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Os amigos, para ser amigos, sete veces reñidos.</i> | b) <i>O home xusto cae no erro sete veces no día (Proverbios 24, 16).</i> |
|-----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|

|                                                             |                                                                 |
|-------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| c) <i>Máis dano fai un meigo que sete meigas.</i>           | d) <i>Máis vale unha chea ca sete lambetadas.</i>               |
| e) <i>Sete oficios ten Adán e de ningún saca pan.</i>       | f) <i>Sete xastres fan un home e sete pineiros non.</i>         |
| g) <i>O que de si mesmo se esquece, sete tundas merece.</i> | h) <i>Quen ten pais na vila, sete veces lle amañece ao día.</i> |
| i) <i>Máis inventa un pobre que sete avogados.</i>          |                                                                 |

### 1.11. Os elementos propios dunha sociedade labrega.

O alumno localizará estes elementos simbólicos configuradores da idiosincrasia particular de todo refraneiro inscrito nunha cultura concreta. Podería extraer tales elementos identitarios do corpus de refráns traballados na aula (o carro, os bois, o millo, o carballo...). O carro préstase especialmente a unha serie de pequenos traballos voluntarios de investigación socio-literaria. Podemos pedirlle ós rapaces que localicen tódolos refráns posibles que versen sobre o carro, facilitándolles minimamente as fontes (Vázquez 2003: nn. 1658,1710-1718,1720,1745,1761,1762,9628; Ferro 1987: s. v. *carro*); tamén poden ler os poemas de Cabanillas en *Da terra asoballada* e de Manuel María en *Terra Cha*, dedicados ao carro, así como as espléndidas páxinas de Cuevillas (“Elexía prematura do carro de bois” en *Prosas Galegas*) e observar os diferentes puntos de vista. Cuevillas abre as portas ao carro dos nosos devanceiros europeos, ao carro de guerra, básico en moitas epopeas de Europa, importante ata o punto de soterralo consigo o home indoeuropeo da Galia, do centro de Europa. O alumno interesado pode achegar datos en colaboración co profesor de historia. Son estes, intereses materiais que aparecen mesturados co transcendente, co espiritual. Cal é o carro da nosa moderna sociedade, que case que nos define perante os demais e pretende simbolizar o que somos e/ou podemos?

### 1.12. Explicar ou procurar un concepto-tema

|                                                    |                                                                 |
|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|
| a) <i>Sempre mellor e nunca peor.</i>              | b) <i>Gaita paga non fai son.</i>                               |
| c) <i>Paxaro vello non cae na gaiola.</i>          | d) <i>Palabra de boca, pedra de fonda.</i>                      |
| e) <i>Pan alleo caro custa.</i>                    | f) <i>Os males fan amigos.</i>                                  |
| g) <i>Non se pescan troitas a bragas enxoitas.</i> | h) <i>O que vai facer mal xa vai medio ferido, di o refrán.</i> |

**1.13. Aplicar un refrán apropiado ao contexto.** Vexamos primeiro os contextos e logo incluímos os refráns desordenados:

|                                                                                                   |                                                               |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|
| 1) O conto da leiteira.                                                                           | a) <i>O que non ten cabeza ten que ter pés.</i>               |
| 2) O que lle di a formiga da fábula á chicharra para que aprenda, cando lle foi pedir no inverno. | b) <i>As contas da feira non dan coas da casa.</i>            |
| 3) Refrán que se usa para indicar que entre dous males cómpre escoller o menor.                   | c) <i>Vale máis fraco no souto que gordo nas mans doutro.</i> |
| 4) Refrán que confirma a lei do Talián.                                                           | d) <i>Uns comen a froita aceda e outros teñen a denteira.</i> |
| 5) Refrán apropiado cando un esquece algo e ten que desandar o andado para ir buscalo.            | e) <i>O que ten fillos non estoupa de cheo.</i>               |
| 6) Refrán-máxima ante proxectos desbaratados por unha desgraza imprevista.                        | f) <i>Sobre mel, filloas.</i>                                 |
| 7) Refrán con que celebras que alí onde esperabas un agasallo, recibiches dous.                   | g) <i>Hai que gardar das risas para as choras.</i>            |

|                                                                                                                          |                                                       |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| 8) Uns traballan como escravos para que outros recollan os beneficios.                                                   | h) <i>Unha por outra non é pecado.</i>                |
| 9) Un pai bota contas: “cando estudan a carreira, gastos; cando casan e compran piso, máis gasto para axudalos...”       | i) <i>Ningúen faga conta senón do que ten na man.</i> |
| 10) Refrán con que concluíu no conto popular o rato de campo a súa visita ao rato urbano, cando o ve nas fauces do gato. | l) <i>Antes torto que cego de todo.</i>               |

**1.14. As figuras literarias.** Na composición dun alto número de refráns entra en xogo a función estética da linguaxe. Apreciamos así, en moitos deles, recursos literarios. O alumno poderá analízalos e identificalos:

**Aliteración:** *A ocasión chega, chama e foxe; Reis rachan leis; Millo raro carga o carro; Morreu o can e acabouse a rabia; Non se doe o farto do famento.*

**Antítese:** *Por ben facer, mal haber; Morte duns, vida doutros; Pensa moito e fala pouco; Pequeno machado derruba gran carballo; Na casa do ferreiro, coitelo de pau.*

**Diloxía:** *A curiosidade é boa pra a roupa branca; As medias son boas pra os pés.*

**Ironía:** *Coa fame que se pasa mantiñanse outros tantos.*

**Metáfora:** *A muller é a cesta e o home o angazo; O saber falar é ouro e o calar é prata; Xente crecente ten o diaño no dente; Hai que aproveitar os tantos, que as briscas fóronse; Nos fornos e lavadoiros adúbanse os coiros; A can vello non hai cuscús; Pra ti fías: pra ti son as mazarocas; Óso que che tocou en parte, hai que roelo con arte; Paso de boi, dente de lobo e de vez en cando faise o tolo.*

**Metonimia:** *Que gane Pedro, que gane Xan, quen paga todo é o saio de lan (o labrego); Cara de beato e unllas de gato; Inda agora se come o pan da voda.*

**Onomatopea:** *Ara que en marzo raquea, en abril rabea.*

**Paralelismo:** *As feridas da ternura, quen as fai, quen as cura; O que contas non bota, contas non atopa; O que ben anda ben acaba; O que antes nace antes pace.*

**Paronomasia:** *O que espera desespera; O traballo non mata pero amata; Non é o mesmo ser ocorrente que rente ao cu.*

**Personificación:** *O millo canto dá canto come; O mundo e o pecado non dan bo bocado; O inverno come e non cría.*

**Símbolo:** *Bo serás, mais no meu carro non entras (carro supera a metáfora, simboliza unha cosmovisión, afinidade de caracteres); Deus nos amañeza con sete buratos na cabeza (ollos, narices, orellas e boca: simbolizan os cinco sentidos).*

## 2. Enfoque transcendente

### 2.1. A lingua

**2.1.1. A colocación dos pronomes átonos.** Os refráns pódense presentar ós alumnos sen pronomes, do tipo *O tempo dá Deus de balde (o)*, sendo eles os encargados de repoñelos no lugar apropiado; tamén podemos pedir a xustificación da súa colocación:



|                                                                                |                                                                     |
|--------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------|
| a) <i>A porta cerrada o demo se volve.</i>                                     | b) <i>Cal te vexo, tal te teño.</i>                                 |
| c) <i>A quen pode esperar, todo lle chega a tempo e vontade.</i>               | d) <i>A roupa sucia lávase na casa.</i>                             |
| e) <i>Así as fagas, así as temas.</i>                                          | f) <i>Quen as busca encóntraas.</i>                                 |
| g) <i>Lebre que escapa, galgos a seguen.</i>                                   | h) <i>Agosto o dá, agosto o leva.</i>                               |
| i) <i>Os bos lévaos Deus pra si e os malos quedamos aquí para entendernos.</i> | l) <i>Pai non tiveche, mai non temeches e mal fillo te fixeche.</i> |
| ll) <i>Ou herdalo ou mamalo.</i>                                               | m) <i>Palleiro vello logo se queima.</i>                            |
| n) <i>A morte várreo todo.</i>                                                 | ñ) <i>O que escaravellos manda á praza, merda lle traen á casa.</i> |
| o) <i>Carballo torto ninguén o endereita.</i>                                  | p) <i>Xiada na lama, á chuvia lle fai a cama.</i>                   |
| q) <i>Quen te cobre tamén te descobre.</i>                                     | r) <i>A fariña do demo todo se volve farelo.</i>                    |
| s) <i>Do coiro alleo boas piallas se fan.</i>                                  | t) <i>Pouquiño a pouquiño faise o camiño.</i>                       |
| u) <i>Mal lle vai ao que por zapatos de defuntos espera.</i>                   |                                                                     |

**2.1.2. Os usos especiais dos posesivos** (c): ‘a miña xente’; f), m), r)...: ‘por natura, pola súa propia natureza, naturalmente’; b), o), q): ‘propiedade exclusiva’, etc.):

|                                                                             |                                                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>O que se levanta cedo ve o seu e maillo alleo.</i>                    | b) <i>Vístete de teu e chámate meu.</i>                                 |
| c) <i>Alá me leve Deus onde ache dos meus.</i>                              | d) <i>Cada un sabe as súas e Deus as de todos.</i>                      |
| e) <i>Quen mal quer os seus non quere ben os alleos.</i>                    | f) <i>Cen anos hai que morreu e cheira de seu.</i>                      |
| g) <i>Conténtate co teu e deixa a cada cal o seu.</i>                       | h) <i>Arrúa, arrúa, cada un coa súa.</i>                                |
| i) <i>A mellor paga é o seu pra cada seu.</i>                               | l) <i>Cada un do seu fai un pandeiro.</i>                               |
| ll) <i>O que nada ten de seu, negra nai o veu.</i>                          | m) <i>Malia a espiña que de seu non pica.</i>                           |
| n) <i>Deus dea qué, que as ganas de comer veñen de seu.</i>                 | ñ) <i>Por atender ao veciño non deixes o teu.</i>                       |
| o) <i>Ten de teu e fai por ter, que tarde ou cedo ao teu has de volver.</i> | p) <i>Nada ten que perder quen nada ten de seu.</i>                     |
| q) <i>O que non ten casa de seu, de cada pobo é veciño.</i>                 | r) <i>Mal alleo, tal mo dis tal cho creo; pero o meu sintoo de seu.</i> |

**2.1.3. Ausencia de artigo diante de determinante posesivo** (g): pola relación de parentela; a), b), c), e), h), i): polo valor distributivo do posesivo; d): polo carácter especial da frase nominal, valor literario e medio estereotipado):

|                                                                             |                                                               |
|-----------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|
| a) <i>Cada terra seu uso e cada roca seu fuso.</i>                          | b) <i>Meu dito, meu feito.</i>                                |
| c) <i>Cada louco, seu carreiro.</i>                                         | d) <i>A conta dos nosos traballos mantemos nosos estados.</i> |
| e) <i>Dá o seu a seu dono.</i>                                              | f) <i>O queixo de outono cómeo seu dono.</i>                  |
| g) <i>Un pai mantén a sete fillos e sete fillos non manteñen a seu pai.</i> | h) <i>Cada cabeza, súa sentenza.</i>                          |
| i) <i>Cada cousa a seu tempo.</i>                                           |                                                               |

**2.1.4. Adverbios ou indefinidos?**

|                                                    |                                                                       |
|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| a) <i>A escote <b>nada</b> hai caro.</i>           | b) <i>Para o que non quere <b>nada</b>, ten meu pai <b>moito</b>.</i> |
| c) <i>Entre <b>moitos</b> toca a <b>pouco</b>.</i> | d) <i><b>Tal</b> o paxariño, <b>tal</b> o niño.</i>                   |

|                                                                              |                                                                             |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| e) <i>Non hai palabra que, <b>pouco</b> ou <b>moito</b>, algo non valla.</i> | f) <i>Non é pobre o que ten <b>pouco</b> senón o que quer <b>moito</b>.</i> |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|

**2.1.5. As locucións adverbiais e prepositivas.** O alumno deberá identificalas, explicar o seu significado, achegar sinónimos:

|                                                                          |                                                                            |
|--------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>No que se toma a vulto, engano hai oculto.</i>                     | b) <i>A anada non se pilla á carreira.</i>                                 |
| c) <i>Abril, se por malas quere vir, inda as portas non deixa abrir.</i> | d) <i>Deus dea a pereira e a min á beira.</i>                              |
| e) <i>Eu ben sei con que bois aro e por iso vou con tento.</i>           | f) <i>Os pais a xugadas e os fillos a pulgadas (referido ao traballo).</i> |
| g) <i>Os pais a pulgadas e os fillos a brazadas (referido ao gasto).</i> | h) <i>Procura o teu proveito, a torto ou a dereito.</i>                    |
| i) <i>Nubes barbadadas, auga ás carretadas.</i>                          | l) <i>Cando o Farelo ten sombreiro, os labradores que anden con xeito.</i> |
| ll) <i>O xastre das Bañas cose de balde e mais pon as liñas.</i>         | m) <i>Andoriñas a rentes de auga, chuvia na praia.</i>                     |
| n) <i>Os santos non se fan á forza.</i>                                  | ñ) <i>Marzo ben feito, patacas a oito.</i>                                 |
| o) <i>A sona sen o proveito corre polo mundo a feito.</i>                |                                                                            |

**2.1.6. Os pronomes persoais de solidariedade.** Identificalos. Poderían ir colocados noutra orde?

|                                                                                                           |                                                                                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Beber viño dá alegría e o fumar dá pracer; o que non fuma nin bebe, ¿que alegría che ha de ter?</i> | b) <i>Hoxe é lus e martes vén; pra de hoxe en oito días éche a semana que vén.</i> |
| c) <i>Longaiña, ¿viche o fogo? –Se llo vin, non lle me acordo.</i>                                        | d) <i>Non che hai mel sen aguillón.</i>                                            |
| e) <i>A muller do xogador nunca se alegra, que se hoxe o gaña, mañá cho perde.</i>                        | f) <i>Des canto ha que che nabos mordo, nabizas coma elas nunca chas vin.</i>      |
| g) <i>Cal máis cal menos, toda a la che é pelos.</i>                                                      |                                                                                    |

**2.1.7. Os pronomes persoais ‘te’ e ‘che’.** Escoller entre os dous a forma pertinente e colocala no lugar que lle corresponde:

|                                                                 |                                                                                                                     |
|-----------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Non (te) fagas pobre a quen (te) non pode facer rico.</i> | b) <i>Por moita vida que teñas e diñeiro que (che) sobre, se (che) falta a caridade, xa(te) podes chamar pobre.</i> |
| c) <i>Lóate coitelo, que a vender (te) levo.</i>                | d) <i>Cría corvos e quitaran(che) os ollos.</i>                                                                     |
| e) <i>Non me leves ano, que eu (te) irei alcanzando.</i>        | f) <i>Des que levas o chasco, todas as cousas (che) acordan.</i>                                                    |
| g) <i>Dime con quen andas e direi(che) quen es.</i>             | h) <i>Ventura (che) dea Deus, que o saber pouco (che) abunda.</i>                                                   |
| i) <i>Non (che) dá quen ten, senón quen (te) quere ben.</i>     | l) <i>Ti ten grans no teu pombal, que as pombas xa (che) virán.</i>                                                 |

**2.1.8. Os tiles diacríticos.** Os seguintes refráns, ricos en acentos diacríticos, poden ser ditados aos alumnos:

|                                                     |                                        |
|-----------------------------------------------------|----------------------------------------|
| a) <i>Cando se chama á morte e non vén, é que a</i> | b) <i>Ben veñas morte, se vés soa.</i> |
|-----------------------------------------------------|----------------------------------------|

|                                                   |                                                                |
|---------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|
| súa razón ten.                                    |                                                                |
| c) Ata a morte, pé forte.                         | d) Morte de sogra e dor de nora, máis por dentro que por fóra. |
| e) Á porta do fiadeiro, o que escoita de si oe.   | f) Labor feito non ten présa.                                  |
| g) Dar ao pé, facer é.                            | h) O que non queira roer o cabelo que non faga o nó.           |
| i) Óso que tocou en parte hai que roelo con arte. | l) Detrás dun aforrador sempre vén un gastador.                |
| ll) Con ben veñas, mal, se non me vés a levar.    |                                                                |

**2.1.9. O futuro de subxuntivo.** Identifícalo (hai que diferenciarlo dos infinitivos); ou ben conxugalo, dando só o infinitivo do verbo entre parénteses:

|                                                           |                                                                                                                    |
|-----------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) Cando fores ao chan alleiro leva o pan no capelo.      | b) Non esperes que o teu amigo che faga o que ti puideres.                                                         |
| c) O lobo non come da carne que quer senón da que houber. | d) O muiño e o castelo, quen o quixer, véleo.                                                                      |
| e) Na terra en que vivires fai sempre o que vires.        | f) Por ben facer, mal haber.                                                                                       |
| g) Haber hai moito pero está mal repartido.               | h) Se a Candelaria chora a metade do inverno xa vai fóra; e se a Candelaria ríe a metade do inverno está por vire. |
| i) Nace o home para traballar e non para folgar.          | l) Do que alleo for, o que o dono quixer.                                                                          |

**2.1.10. Os verbos con alternancia vocálica.** Identifícalos e explicar en que consiste o fenómeno da alternancia vocálica. Sabemos de máis verbos semellantes?

|                                                    |                                                            |
|----------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|
| a) O borracho descobre o que ten no cacho.         | b) Non é ouro todo o que reloce.                           |
| c) Quen ten cobiza non dorme.                      | d) Ninguén sabe o que lle cómpre.                          |
| e) O que arriba non sobe, cereixa madura non come. | f) O tempo todo o cobre, todo o encobre e todo o descobre. |

**2.1.11. As perífrases verbais.** Identifícalas e clasifícalas:

|                                                        |                                                                                                |
|--------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) Trigo que n'has de colleitar, déixao de visitar.    | b) Quen come do pote alleo, tenlle que quitar o testo ao seu.                                  |
| c) Hai que ter razón, saber pedila e haber quen a dea. | d) Está a vella a morrer e está a aprender.                                                    |
| e) Has de collelas con tento e has de matalas calando. | f) En xaneiro, se ves verdegar os prados, bótate a chorar; se os ves negrexar, ponte a cantar. |
| g) Vén a rula a rulear, colle o saco e vai sementar.   | h) O que moito espreme chega a sacar sangue.                                                   |
| i) O que vai pedindo non vai correndo.                 | l) Non comer por ter comido non é mal de perigo.                                               |
| ll) De tanto andar algunha vez ha cadrar.              |                                                                                                |

**2.1.12. As desviacións da norma.** Localízalas, analízalas, substituír pola forma estándar:

|                                         |                                      |
|-----------------------------------------|--------------------------------------|
| a) A xusticia, para vencela, obedecela. | b) Gusta a traición e o traídor non. |
|-----------------------------------------|--------------------------------------|

|                                                                      |                                                           |
|----------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|
| c) <i>Canto máis se ten máis se deseia.</i>                          | d) <i>É cousa de tolos non ter xuicio.</i>                |
| e) <i>Non hai mellor luz que a da mañán.</i>                         | f) <i>Non hai tal feitizo como o bon servizo.</i>         |
| g) <i>O que enredou a meada que seipa desenredala.</i>               | h) <i>O cuiro alleo non doi.</i>                          |
| i) <i>O que traballa e se instruye, en bon e máis rico concruye.</i> | l) <i>Soilo do tempo é avaro o home de talento craro.</i> |

**2.1.13. Léxico difícil.** O alumno achegará o significado e sinónimos das palabras salientadas; pódese tamén propoñer a busca da familia léxica de todas ou algunhas:

|                                                                            |                                                                                                            |
|----------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>A pedra que roda non ten <b>carrizo</b>.</i>                         | b) <i>Hai que ganar cos dentes para comer coas <b>enxivas</b> (traballar de novo para comer de vello).</i> |
| c) <i>O que quer coller o pan ten que cavar a <b>bouza</b>.</i>            | d) <i>Lobos dunha mesma <b>tonaxe</b> (variante: <b>camada</b>) non se <b>traban</b>.</i>                  |
| e) <i>En camada <b>molida</b> non se <b>goberna</b> a vida.</i>            | f) <i>O falar é <b>parola</b>.</i>                                                                         |
| g) <i><b>Tallada</b> de touciño quer <b>gulapo</b> de viño.</i>            | h) <i>Quen pode puxa e quen non, <b>tarruxa</b> (rechía cos dentes) .</i>                                  |
| i) <i>Froita que <b>ragaña</b>, madura está.</i>                           | l) <i>O que non cae <b>asonlla</b>.</i>                                                                    |
| ll) <i>Non hai home ruín que non teña <b>freba</b> de <b>proveito</b>.</i> | m) <i><b>Choupín torgallo</b> á tixola con beluga e allo.</i>                                              |
| n) <i>Cando che dan o <b>almallo</b>, acode co <b>barazo</b>.</i>          | ñ) <i>O sol de agosto corre como un <b>lostro</b>.</i>                                                     |
| o) <i>A boa fame n' hai <b>codelo</b>.</i>                                 |                                                                                                            |

#### 2.1.14. A formación de novas palabras

**2.1.14.1. A produtividade do prefixo *es-* en palabras patrimoniais.** Achegárase o valor semántico e sinónimos:

|                                                                                 |                                                                                           |
|---------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Unha mala palabra non racha a roupa pero <b>esgaza</b> a alma.</i>        | b) <i>O pombal <b>esborrallado</b> non precisa ter <b>tellado</b>.</i>                    |
| c) <i>Prá morte non hai remedio cando veña senón <b>estarricar</b> a perna.</i> | d) <i>Quen co demo anda, o boi se lle <b>esmouca</b>.</i>                                 |
| e) <i>Deus me garde de home mal barbado e de lobo <b>esfameado</b>.</i>         | f) <i>Onde burros andan, alí <b>escoucean</b>.</i>                                        |
| g) <i>Boi morto, cornos que non <b>escornan</b>.</i>                            | h) <i>O que anda cos bois, a <b>escurrutar</b> (var.: <b>turrar</b>) <b>deprende</b>.</i> |
| i) <i>Boi que <b>espirra</b>, o tempo <b>revira</b>.</i>                        |                                                                                           |

**2.1.14.2. A produtividade do sufixo ‘-eiro’.** Achéguese o significado e, a ser posible, a base de derivación:

|                                                                                              |                                                                            |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Xaneiro, greleiro (var.: laceiro, lameiro, lamagueiro, xabreiro, oveiro).</i>          | b) <i>Xaneiro é <b>carameleiro</b> (var.: moi <b>frieiro</b>).</i>         |
| c) <i>Xaneiro <b>añeiro</b> e <b>febreiro</b> <b>cabriteiro</b>.</i>                         | d) <i>Xaneiro <b>purraqueiro</b>, nin bon ano nin bon <b>palleiro</b>.</i> |
| e) <i>Xaneiro <b>xiadeiro</b>, busca a lebre no regueiro e o coello no <b>sibadeiro</b>.</i> | f) <i>Xaneiro <b>areeiro</b> aumenta o teu <b>celeiro</b>.</i>             |
| g) <i>Xaneiro <b>verceiro</b> (de ‘verde’), nin boa meda nin bo <b>palleiro</b>.</i>         |                                                                            |

**2.1.14.3. Outros sufixos.** Identificación e clasificación, coñecemos máis palabras onde aparezan?; ademais tamén poden achegar sinónimos:

|                                                              |                                                  |
|--------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| a) <i>A xogueta e a bebedela botan as casas por terra.</i>   | b) <i>Dicires ao tuntún non teñen logranza.</i>  |
| c) <i>De pedir a pedichar algo se pode sacar.</i>            | d) <i>Vale máis unha chea que cen lambuscos.</i> |
| e) <i>Boas eran as comerotas, se non foran as pagarotas.</i> | f) <i>Os freixós non se fan con augaxos.</i>     |

**2.1.15. Os campos semánticos.** Nos seguintes refráns aparecen membros de tres campos semánticos distintos: fenómenos meteorolóxicos, flora e aves. O alumno procederá a organizalos por separado (en conxuntos e subconxuntos, por exemplo: aves mariñas e terrestres; ou árbores, arbustos e plantas comestibles; etc.):

|                                                                                                    |                                                                           |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Ballón de maio e sol de san Xoán sobe a herba por riba do pan.</i>                           | b) <i>Cando partas a uz fai o sinal da cruz.</i>                          |
| c) <i>Esterco de fento, esterco de vento.</i>                                                      | d) <i>Brétima de marzo, xeadas en maio.</i>                               |
| e) <i>A leña de amieiro arde no regueiro.</i>                                                      | f) <i>Marzo marcisco, algúns días corisco.</i>                            |
| g) <i>Mazarico na praia a cantar, os mariscos a flotar.</i>                                        | h) <i>Marzo marzada, vento frío e mais sarabia.</i>                       |
| i) <i>Se o mascato ves voar e tirar, vai alí a pescar.</i>                                         | l) <i>Cando se pon a pardela a espiollar non tarda un día o temporal.</i> |
| ll) <i>As herbellas que son tardías brotan aos corenta días.</i>                                   | m) <i>As escarabanadas de abril fan berrar os porcos no cubil.</i>        |
| n) <i>Catro aves escollidas son as que pasan o mar: o cuco e a andoriña, a rula e o paspallás.</i> | ñ) <i>A leña da xesta ten o demo na testa.</i>                            |
| o) <i>Un torbón en abril vale máis ca un carro de ouro do rei David.</i>                           | p) <i>Alcacén mollado non toca a gaita.</i>                               |
| q) <i>A sobreira non hai pau que a encha nin a fenda.</i>                                          | r) <i>Marzo marzolo, trobón, chuvasco e raiolo.</i>                       |
| s) <i>Cando chían os beloricos, moita auga e moito frío.</i>                                       | t) <i>Os araus na ría, miña nai prá casa.</i>                             |
| u) <i>Nin de sabugueiro bon vencello nin de cuñado bon consello.</i>                               | v) <i>Ponse o paño no mar, sente chuvia e temporal.</i>                   |
| x) <i>A liñaza, que vexa ir o dono prá casa.</i>                                                   | z) <i>Anque o millo arriqueza, non sexa todo festa.</i>                   |

**2.1.16. O se. Análise:**

|                                                            |                                                                    |
|------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Non se pode agradar a todos.</i>                     | b) <i>Non todo o que se di se fai nin todo o que se fai se di.</i> |
| c) <i>Con pan e con viño ándase o camiño.</i>              | d) <i>Porque van á feira os parvos, véndese o torto e o malo.</i>  |
| e) <i>Un lobo a outro lobo non se comen nin se morden.</i> |                                                                    |

**2.1.17. A análise sintáctica.** Salientamos aquelas partes que consideramos de maior interese, sexa unha cláusula, unha frase ou un *que* con certa dificultade:

|                                                         |                                                                           |
|---------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Cada un raña <b>onde lle proi</b>.</i>            | b) <i>Cada un conta da feira <b>segundo lle foi nela</b>.</i>             |
| c) <i><b>Mentres tempo non pasa</b>, sazón non vén.</i> | d) <i><b>Seña</b> de palla, <b>seña</b> de avea, ande a barriga chea.</i> |

|                                                                                |                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|
| e) <i>¡Onde irás, boi, <b>que</b> non ares!</i>                                | f) <i>Non sexas forneira, <b>se</b> tes a cabeza de manteiga.</i>                                |
| g) <i><b>Cal</b> é o herbado <b>tal</b> é o gado.</i>                          | h) <i>Malas fadas fixéronme negra <b>que</b> eu ben branca era.</i>                              |
| i) <i>Hainos <b>que</b> merecen paus.</i>                                      | l) <i>O demo non fai empanada <b>que</b> dela non coma.</i>                                      |
| ll) <i>Hai máis na marra <b>que</b> facela e furala.</i>                       | m) <i>A quen dan <b>en que</b> escoller, danlle abondo que facer.</i>                            |
| n) <i>O forno chamoulle ao muiño <b>queimado</b>, sendo el o máis aburado.</i> | ñ) <i>O que <b>de moitos</b> é temido a moitos ten que temer.</i>                                |
| o) <i>A auga todo o lava, <b>senón</b> a mala fada.</i>                        | p) <i>Non sexamos <b>tan</b> calvos <b>que</b> se nos vexan os sesos.</i>                        |
| q) <i>Do que non me pago, <b>xordo</b> me fago.</i>                            | r) <i>Non te fies <b>no que</b> moito fala.</i>                                                  |
| s) <i>Colle o tempo <b>conforme vén</b>, se outra cousa non podes facer.</i>   | t) <i>Ou a Deus ou ao demo ningúnén deixa de servilos, <b>senón o que</b> serve a entrambos.</i> |

## 2.2. A Literatura

**2.2.1. As cantigas medievais.** Nelas, nas profanas de amor, de amigo e de escarnio, atopamos refráns ou conceptos que teñen cabida tamén no refraneiro que chegou ata nós. Debemos procurar as correspondencias entre a versión literaria dos séculos XIII e XIV (Brea 1996) e a dos refráns conservados hoxe en día polo pobo:

|                                                                                                                    |                                                                           |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Somos oj'e non seremos cras</i> (Airas Perez Vuitoron 16,8).                                                 | 1) <i>Ningún pode servir a dous amos e agradar a entrambos.</i>           |
| b) <i>O que perdeu nos allos quer cobrar nas cebolas</i> (Afonso Soares Sarraça 10,1).                             | 2) <i>Lonxe dos ollos, lonxe do corazón.</i>                              |
| c) <i>Dos escarmentados se fazen mais ardeiros</i> (Íbid. 10,1).                                                   | 3) <i>Moito gañou o que noutro escarmentou.</i>                           |
| d) <i>Qual concello, tal campana</i> (Afonso Lopez de Baíam 6,1).                                                  | 4) <i>Hai que ver para crer.</i>                                          |
| e) <i>Qual ricomen, tal vassalo</i> (Íbid. 6,1).                                                                   | 5) <i>Ao boi vello non lle busques a corte, que xa che dará el coela.</i> |
| f) <i>Faça quis-cada-quen seu mester</i> (Afonso Eanes do Coton 2,18).                                             | 6) <i>Este mundo acá ha quedar e outros virán que o han de herdar.</i>    |
| g) <i>Quen pregunta non erra</i> (Íbid. 2,8).                                                                      | 7) <i>Hoxe somos e mañá non seremos.</i>                                  |
| h) <i>Quen quanto ussa non pod enprestar</i> (Íbid. 2,5).                                                          | 8) <i>Amor con amor se paga.</i>                                          |
| i) <i>E de collerdes, razom seria, da falsidade que semeastes</i> (Don Denis 25,1).                                | 9) <i>Do que sementes collerás.</i>                                       |
| l) <i>Nunca muller debe, ben vos digo, muit' a creer perjuras d'amigo</i> (Íbid. 25,81).                           | 10) <i>O ben e o mal á cara saen.</i>                                     |
| ll) <i>A vida com bem se cobraria bem por bem</i> (Íbid. 25,85).                                                   | 11) <i>O que se usa, non se escusa.</i>                                   |
| m) <i>Bon dia naceu, com'eu oi, quen se d'outro castiga e non de si</i> (Johan Airas 63,2).                        | 12) <i>Máis vale pan con amor que galiña con dolor.</i>                   |
| n) <i>Todos andan cuidando en aver e outra ren non queren cuidar ja, e morren ced'e fica tod'aca</i> (Íbid. 63,5). | 13) <i>De longas vías saen longas mentiras.</i>                           |
| ñ) <i>Un pobre ledo mil tanto val ca rico triste en que non á prazer</i> (Íbid. 63, 5).                            | 14) <i>O que non vai nas mangas vai nas faldas.</i>                       |

|                                                                                                                       |                                                                           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| o) <i>E nunca mi o faran creer se mi o non fezeren veer</i> (Íbid. 63,10).                                            | 15) <i>Dos escarmentados veñen os avisados.</i>                           |
| p) <i>E, se vos fordes amigo leal, guardaredes vossa senhor de mal</i> (Íbid. 63,13).                                 | 16) <i>Se ben me queres, trátame como debes.</i>                          |
| q) <i>E esto sera mentr'o mundo for: quant'ome máis ouver ou acabar, tanto d'aver máis avera sabor</i> (Íbid. 63,20). | 17) <i>Canto máis se ten máis se quer.</i>                                |
| r) <i>Non podedes dous senhores servir que ambos ajan ren que vos gracir</i> (Íbid. 63,68).                           | 18) <i>A concello mao, campá de pao.</i>                                  |
| s) <i>Quem amor á, mal que lhi pês, de cuidar á</i> (Fernan Froiaz 42,1).                                             | 19) <i>Onde hai gran amor, hai gran dor.</i>                              |
| t) <i>Bem e mal sempre na face vem</i> (Estevan Fernandiz d'Elvas 33,7).                                              | 20) <i>En todas partes cocen fabas e nalgunha, a caldeiradas.</i>         |
| u) <i>Diz o verv'antigo: A boi velho non lhi busques abrigo</i> (Pero da Ponte 120,21).                               | 21) <i>Cando pedimos somos meiguños, des que alcanzamos xa cambiamos.</i> |
| v) <i>Quan lonje d'olhos, tan lonje de coração</i> (Fernand' Esquio 38, 7).                                           | 22) <i>Cal o amo tal o criado.</i>                                        |
| x) <i>De longas vías mui longas mentiras</i> (Nuno Fernandez Torneol 106, 7).                                         | 23) <i>A gaita é para o gaiteiro.</i>                                     |
| z) <i>Cada casa, fabas lavan</i> (Johan Garcia de Guilhade 70, 52).                                                   | 24) <i>Quen pregunta non erra.</i>                                        |

**2.2.2. Rosalía de Castro.** En *Cantares Gallegos* xa sabemos que a autora glosa, reutiliza fragmentos de cantigas populares preexistentes á hora de compoñer; mais tamén se serve dos refráns e en ocasións os seus versos verten contidos que moito se achegan aos do acervo paremiolóxico popular. O alumno primeiro localizará o poema (indicamos entre paréntese o número da cantiga: Castro 1982) para explicar o contexto en que se integra a paremia ou pseudoparemia rosaliana e logo trazará as correspondencias pertinentes cos refráns do pobo:

|                                                                                               |                                                                  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Mais non sempre as niñas craras son proba de craras vistas</i> (3).                     | 1) <i>Quen co demo anda, o boi se lle esmouca.</i>               |
| b) <i>É pan que onde queira espiga, en tódalas partes crese, en todas partes se cría</i> (3). | 2) <i>O que feo ama, bonito lle parece.</i>                      |
| c) <i>Quen ben está, ben estea</i> (3).                                                       | 3) <i>Carne sen óso non é pra probes.</i>                        |
| d) <i>Somos nós para nós as lurpias máis enemigas</i> (3).                                    | 4) <i>Os camiños mal coidados fan probes os potentados.</i>      |
| e) <i>Cada conexo ao seu tobo</i> (3).                                                        | 5) <i>Cada un é como Deus o fixo.</i>                            |
| f) <i>Lama con honra non mancha nada, nin seda limpa honra emporcada</i> (5).                 | 6) <i>Canto máis vexo menos vexo.</i>                            |
| g) <i>Andar rachada non manda Dios</i> (5).                                                   | 7) <i>En toda terra crece o pan.</i>                             |
| h) <i>As perdas dos descoidados fan os lotiños dos apañados</i> (5).                          | 8) <i>Cada moucho no seu soute.</i>                              |
| i) <i>Por acá todos somos tal como Dios nos fixera</i> (6).                                   | 9) <i>Quen ben está, ben estea.</i>                              |
| l) <i>Pobres palomas, buscaban a luz que as iba queimar</i> (8).                              | 10) <i>O pobre sempre é mal home e o rico sempre un bendito.</i> |
| ll) <i>O que o diancre traballa din que acaba tarde ou nunca</i> (9).                         | 11) <i>Predicar no deserto, sermón perdido.</i>                  |
| m) <i>Onde moitos cospen, lama fan</i> (12).                                                  | 12) <i>O peixe que busca o anzol busca o seu</i>                 |

|                                                                                                                                |                                                                             |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                | <i>dó.</i>                                                                  |
| n) <i>Ora, meu meniño, ora...</i> (20).                                                                                        | 13) <i>Vai así o mundo rolando, uns rindo e outros chorando.</i>            |
| ñ) <i>Donde menos penses tamaño lebre salta</i> (21).                                                                          | 14) <i>O inimigo do home sempre foi o home.</i>                             |
| o) <i>Que predicar en deserto da miña terra n'é usanza</i> (23).                                                               | 15) <i>A mancha grande non hai xabazón que a lave.</i>                      |
| p) <i>Nunca des do que ben sabe</i> (25).                                                                                      | 16) <i>A pobreza Deus a amou, pero a porcallada non.</i>                    |
| q) <i>É triste o rostro da mortal pobreza... i hastra a hermosura ven cando riqueza co seu mirar risoño nos comprace</i> (25). | 17) <i>Ora meu meniño, ora, se non queres calar chora.</i>                  |
| r) <i>Marzo marzal: pola mañán, cariña de rosas, pola tarde, cara de can</i> (27).                                             | 18) <i>Onde menos se pensa, salta a lebre.</i>                              |
| s) <i>...Que así o mundo vai rolando</i> (33).                                                                                 | 19) <i>Onde moitos cospen, lama fan.</i>                                    |
| t) <i>Din que parés lagarteiro desprumado, si é verdad, ¡meu lagarteiro tenme o corasón prendado!</i> (9).                     | 20) <i>Marzo marzán: cara de rosas pola mañán e pola noite cara de can.</i> |

**2.2.3. M. Curros Enríquez.** Na súa obra tamén aparecen os refráns do pobo; porén, o ourensán xoga con eles a reutilízalos nun proceso que poderíamos cualificar de desautomatización de fórmulas fixadas desde hai centos de anos. Na seguinte listaxe de versos currosianos o alumno procurará distinguir cales se corresponden literalmente con refráns, cales versos presentan esa “reutilización” ou “desautomatización” de refráns tradicionais, cales presentan simplemente paralelismo conceptual con outros refráns, etc. En g) o autor cita un refrán que, polo que nós sabemos, non figura nas coleccións actuais pero que sen dúbida ningunha é unha fermosa paremia popular. O alumno deducirá polo contexto o seu valor semántico:

|                                                                                                                 |                                                              |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|
| a) <i>¿Onde has de ir, boi que non aras senón á cortaduría? (O divino sainete, introdución).</i>                | 1) <i>Quen teña tenda que a atenda.</i>                      |
| b) <i>É ben pra mañán non gardes o que poidas facer hoxe. (Íbid.)</i>                                           | 2) <i>Cando menos se pensa, a morte chega.</i>               |
| c) <i>A morte non nos avisa. (Íbid.)</i>                                                                        | 3) <i>Súa o traballador pró que non é suador.</i>            |
| d) <i>Sonche os que gustan das troitas, e como lles gustan, tentan pescar coas bragas enxoiatas. (Canto II)</i> | 4) <i>Non deixes pra mañán o que has de facer hoxe.</i>      |
| e) <i>Quen teña tenda que a atenda (C. IV).</i>                                                                 | 5) <i>Non se pescan troitas a bragas enxoiatas.</i>          |
| f) <i>¡Cantos sudan neste mundo –penséi- pra que folgue un home! (C. VIII)</i>                                  | 6) <i>Sardiña que leva o gato, lambida do gato vai.</i>      |
| g) <i>Unha da boca lle sai i outra no corpo lle queda. (A Virxe do Cristal III)</i>                             | 7) <i>¿A onde irás boi que non aras, senón á cortaduría?</i> |
| h) <i>Despóis de que a levou o gato, é cando el vai en busca da sardiña. (Íbid. V)</i>                          | 8) <i>Non hai home para home.</i>                            |
| i) <i>Xuntas, as pallas sinxelas, forman as medas Xigantes. (“Pola Unión”)</i>                                  | 9) <i>O que non pode un, pódeno moitos.</i>                  |
| l) <i>Non hai home pra home. (“Os Díoscoros”)</i>                                                               |                                                              |



**2.2.4. Castelao.** En *Os vellos non deben de namorarse* hai polo menos media ducia de refráns; pódese proceder a localizar en boca de qué personaxes están postos, trazar o contexto e explicar o seu sentido. Son os refráns os únicos elementos populares da obra?

|                                                                            |                                                                             |
|----------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| a) <i>Os peixes e as mulleres cóllense con artimañas</i> (lance primeiro). | b) <i>Os probes andamos polo mundo expostos a todo</i> (Íbid.).             |
| c) <i>Que non todos somos uns</i> (lance segundo).                         | d) <i>Quen vos pareu que vos lamba</i> (Íbid.).                             |
| e) <i>A conducta logo se perde</i> (Íbid.).                                | f) <i>Na feira todo se vende, cada cousa no seu prezo</i> (lance terceiro). |

Nunha das *Cousas*, “O bruxo da montaña”, o personaxe lanza unha especie de esconxuro que se conserva no refrancero (*¡Tronos ao mar! Que alí teñen onde se afogar*). O alumno deberá localizalo. A paremia en cuestión implica un estrato cultural precristián. Este bruxo castelano irmándase así co Merlín de Cabanillas “que a terra fixo súa, impóndolle obediencia/ ás agoas da riada, ós rochedos do cume,/ ás nubes da tromenta”(Cabanillas 1976 [1926]: 19).

### 3. Solucionario:

Apartado 1.4.: a-u, b-z, c-d, e-v, f-s, g-p, h-t, i-x, ll-ñ, n-r, o-l, q-m.

Apartado 1.5.: a-ll, b-h, c-e, d-m, f-ñ, g-n, i-o, l-p.

Apartado 1.8.1.: a-6, b-10, c-8, d-7, e-9, f-5, g-1, h-3, i-4, l-2, ll-12, m-13, n-11.

Apartado 1.9.1.: a-3, b-12, c-2, d-4, e-1, f-11, g-8, h-10, i-9, l-6, ll-7, m-5.

Apartado 1.9.2.: 1-b, 2-f, 3-c, 4-e, 5-d, 6-g, 7-a.

Apartado 1.9.3.: 1-h, 2-ñ, 3-e, 4-p, 5-t, 6-m, 7-f, 8-c, 9-q, 10-s, 11-n, 12-r, 13-l, 14-a, 15-i, 16-d, 17-b, 18-o, 19-g, 20-ll.

Apartado 1.13.: 1-i, 2-g, 3-l, 4-h, 5-a, 6-b, 7-f, 8-d, 9-e, 10-c.

Apartado 2.2.1.: a-7, b-14, c-15, d-18, e-22, f-23, g-24, h-11, i-9, l-21, ll-8, m-3, n-6, ñ-12, o-4, p-16, q-17, r-1, s-19, t-10, u-5, v-2, x-13, z-20.

Apartado 2.2.2.: a-6, b-7, c-9, d-14, e-8, f-15, g-16, h-4, i-5, l-12, ll-1, m-19, n-17, ñ-18, o-11, p-3, q-10, r-20, s-13, t-2.

Apartado 2.2.3.: a-7, b-4, c-2, d-5, e-1, f-3, g--, h-6, i-9, l-8.

### 4. Referencias bibliográficas

*A Biblia . Traducción ó galego das linguas orixinais* (1992<sup>2</sup>). SEPT, Vigo.

BREA, M. (coord.) (1996): *Lírica Profana Galego-Portuguesa*. Centro Ramón Piñeiro de Investigacións Lingüísticas e Literarias, Santiago de Compostela.

CABANILLAS, R. (1976): *Da terra asoballada*. Akal, Madrid.

(1976 [1926]): *Na noite estrelecida*. Secretariado de publicacións de la Universidad de Santiago, Santiago de Compostela, 19.

CASTELAO (1953): *Os vellos non deben de namorarse: farsa en tres actos con un prólogo e un epílogo*. Galaxia, Vigo.

(1962<sup>3</sup>): *Cousas*. Galaxia, Vigo.

CASTRO, R. (1982): *Poesías*. Ed. do Patronato, Vigo.

CERVANTES, M. (1962 [1605-15]): *Don Quijote de La Mancha*. Planeta, Barcelona.

CURROS ENRÍQUEZ, M. (1979): *Obras completas*. Aguilar, Madrid.

FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refrancero Galego Básico*. Galaxia, Vigo.

- GRACIÁN, B. (1997 [1647]): *Oráculo manual y arte de prudencia*. Cátedra, Madrid.
- HIMA, M. (1998): *Sabiduría africana*. José J. de Olañeta editor, Barcelona.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1982): *Prosas Galegas*. Galaxia, Vigo
- MANUEL MARÍA (1972<sup>3</sup>): *Terra Cha*. Celta, Lugo.
- MICHAEL, I. (ed.) (1976): *Poema de Mio Cid*. Castalia, Madrid.
- MOREIRA DOS SANTOS, Mª A. (2000): *Dicionário de Provérbios, adágios, ditados, máximas, aforismos e frases feitas*. Porto editora, Porto.
- OTERO PEDRAYO, R. (1992<sup>4</sup>): *Os camiños da vida*. Galaxia, Vigo.
- RISCO, V. (1995): “O lobo da xente” en *O porco de pé e outras narracións*. Galaxia, Vigo, 187-196.
- SOTO ARIAS, Mª R. (2003): “Achegas a un diccionario de refráns” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 3, 2003.
- VÁZQUEZ SACO, F. (2003): “Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

**Recadística**



## Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco

M<sup>a</sup> Carmen Paz Roca

University of Wolverhampton

Ana Vidal Castiñeira

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Publicado no ano 2003 o *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral* de Francisco Vázquez Saco (VS), o Dr. Vázquez Gallego fíxonos saber que unha persoa de Lugo lle acababa de entregar unha carpeta con novos materiais do sacerdote lugués. Na tal carpeta, ademais de numerosas fotografías e notas referentes basicamente ó patrimonio histórico artístico de Lugo, aparecen papeis de interese fraseolóxico.

Moi interesante é o feito de que neste manuscrito atopamos dous tipos de letra, unha de Vázquez Saco e outra dunha persoa que no prólogo da edición se denominou *colaboradora principal* (VS: XLIV, 1.6.2) e que xa daquela sospeitabamos que se trataba dunha muller aínda que non tiñamos constancia. Agora sabemos que se chama M<sup>a</sup> del Carmen González Pérez, que é a que fai entrega desta nova carpeta<sup>1</sup> e que nos dá informacións sobre a xestación do *Refraneiro*, confirmando que o ms16 é, como nós pensabamos, a derradeira versión en que traballou Vázquez Saco (VS: XLIX, 1.6.4).

---

<sup>1</sup> M<sup>a</sup> Carmen González Pérez é sobriña do que foi párroco de Pidre; moi nova ingresou no Colexio das Xosefinas en Lugo e tamén no grupo de *Jóvenes de Acción Católica*. É nese grupo onde Vázquez Saco elixe dúas colaboradoras: ela e tamén M<sup>a</sup> Teresa Chas López. Lembra que polas tardes, despois das sete e media, colaboraban con el en clasificar ideolóxicamente os refráns anotándoos en *pregos de papel* pero non lembra a súa participación no ms4. Xa adulta foi profesora no mesmo colexio e acompañou a Vázquez Saco nas visitas a igrexas para a elaboración das fichas de patrimonio histórico artístico de Lugo. Engade que V. Saco nunca falaba de publica-los refráns, aínda que supón que esa era a súa intención, o que confirma que era consciente do estado aínda inorgánico do seu material e contradi as afirmacións de Vázquez Seijas (VS: XXXI-XXXII, 1.4.4; XLIII-XLIV, 1.6.1). Confirma que a lingua de traballo de Vázquez Saco era o castelán aínda que estaba moi interesado en todo o que se publicaba en galego e na forma de falar da xente dos diferentes lugares: di incluso que publicou dous poemas en galego.

O manuscrito está formado por 37 follas de distintos tamaños: 24 cuartillas de 22 x 16 cm. aproximadamente, 11 fichas de 10'50 x 15'50 cm. aproximadamente e outras 2 de 8 x 15'50 cm. e 8 x 21'50 cm. respectivamente. De todas elas só 4 están escritas polas dúas caras.

O contido deste manuscrito é moi variado. Podemos destacar que a maioría das fichas conteñen refráns clasificados por temas. Describiremos o contido das fichas clasificándoas segundo estean escritas por Vázquez Saco ou pola súa colaboradora.

Escritas por Vázquez Saco temos 9 cuartillas e unha ficha de refráns galegos nas que aparecen os seguintes temas e subtemas:

*Marítimos. Artes de pesca* (9r);  
*Marítimos. Marineros y pescadores* (12r);  
*Marítimos. Meteorológicos. Aspecto del mar y la costa* (19r);  
*Marítimos. Meteorológicos. Astros* (14r);  
*Marítimos. Meteorológicos. Aves* (8r);  
*Marítimos. Meteorológicos. Meteoros acuosos* (13r);  
*Marítimos. Meteorológicos. Meteoros luminosos* (7r);  
*Marítimos. Meteorológicos. Nubes* (11r);  
*Marítimos. Temporal* (2r);  
*Marítimos. Vientos* (1r);

Ademais, tamén temos 1 ficha con refráns galegos sen tema (37r), 1 cuartilla escrita polas dúas caras co tema *Correspondencias portuguesas* (15) e 11 fichas: 3 das cales conteñen notas léxicas (26r; 27r; 30r); outras 7 que citan unidades fraseolóxicas que conteñen diversos topónimos (25r; 28r; 29r; 31r; 32r; 33r; 34r); e outra na que copia a explicación que dá R. de Artaza dunha locución (36r) que xa recolleemos na edición do 2003.

Canto ó escrito por M<sup>a</sup> del Carmen González Pérez, temos 10 cuartillas cos seguintes temas:

*Abejas*. (24r);  
*Arte de la pesca* (22r);  
*Conformidad* (5r);  
*Desgracias, males* (21r);  
*Herencia* (20r);  
*La Mujer* (4)<sup>2</sup> (3r);  
*Marineros* (23r);  
*Nuevos ricos* (4r);  
*Riqueza* (6r);  
*Robo* (10r);

Ademais, tamén aparece unha cuartilla escrita polas dúas caras con diversos refráns galegos para os que se dan correspondencias portuguesas e/ou castelás (16), e outras dúas, tamén escritas polas dúas caras, que conteñen refráns portugueses e que aparecen co título *Correspondencias Portuguesas* (17; 18).

---

<sup>2</sup> Esta folla parece ser a continuación dunha serie de follas co tema *La Mujer*, xa que aparece a indicación 4 entre parénteses e a serie de refráns, ordenados alfabeticamente, empeza na letra m.

A folla 35 deste ms., debidamente estudada, resultou se-la 49,18 do ms18 que estaba extraviada. Contén o final do texto xa publicado en (VS: 857,280. s.v. *cibreiro*), aínda que coa peculiaridade de que conserva en galego a cita de Ben-Cho-Shey (Nós 42,1927,14) que no mecanoscrito traducira ó castelán tal como aparece en VS: 876,686 s.v. *Medorra*. Isto pon en evidencia que no mc. (1952) a intención de Vázquez Saco era explicar tódolos refráns en castelán independentemente da lingua usada polas fontes que manexaba. A seguir e co número 9, vén o texto que agora editamos no epígrafe IV,4 e IV,2. Finalmente e co número 10, aparece o seguinte texto:

*En Ultreia, revista quincenal de Cultura Galaica que començou en Santiago el 1º de maio de 1919 y tiro 22 números (el último lleva fecha de 15 de junio de 1922 varios números publican "Refranes Gallegos recogidos en la provincia de Pontevedra" por D. Salustiano Portela Pazos. De ellos recogemos los siguientes:*

Como isto continúa no ms18 (49,19), esta folla devolvémola a aquel ms. e alí queda arquivada.

Mantemos nesta edición os mesmos criterios da edición do 2003 (VS: 1.8.3, LXIII-LXIX).

## 1. Novos refráns galegos

1. **A ganancia do taberneiro vai na medida.** (ms23,37r: Sober).
2. **¿Casado e dis que mandas na casa? Mintes sin \*tasa.** (TP) (ms23,37r).
3. **Con muller zunada, boca calada.** (TP) (ms23,37r).
4. **Crego madrugón, ou tonto ou ladrón.** (ms23,37r: Ribera de Piquín).
5. **De can perdigueiro, perdigueiros \*salen.** (TP) (ms23,37r).
6. **O que ten, co seu se entretén<sup>3</sup>.** (ms23,37r: Incio).
7. **Vaca e muller non pola cara se han de escoller.** (TP) (ms23,37r).
8. **Valdeporrás, millor pra uces que pra mazás.** (ms23,37r: Lugo).

<sup>3</sup> O que tén, co seu se entretén.

## ABEJAS

9. **A cera xunt'ó santo do devoto, enxúgao pronto<sup>4</sup>.** (ms23,24r).
10. **Despois de maio, a que cho pedir dállo<sup>5</sup>.** (ms23,24r). (o enxamio).
11. **Máis moscas xunta entena de mel que ola de vinagre<sup>6</sup>.** (ms23,24r).
12. **Ovellas e abellas, nas túas devesas<sup>7</sup>.** (ms23,24r).
13. **Rifan os ladrós e descúbrense os roubos<sup>8</sup>.** (ms23,24r).
14. **Sacristán que vende a cera e non ten o \*colmenar, rapaverum furtaverum as veliñas do altar<sup>9</sup>.** (ms23,24r).

<sup>4</sup> A cera junt'ó santo do devoto, enxugao pronto.

<sup>5</sup> Despois de mayo, a que cho pedir dallo (o enxamio).

<sup>6</sup> Mais moscas junta entena de mel que ola de vinagre.

<sup>7</sup> Ovellas e abellas, nas tuas devesas.

<sup>8</sup> Rifan os ladros e descubrense os roubos.

<sup>9</sup> Sacristan que vende a cera e non ten o colmenar, rapaverum furtaverum as veliñas d'o altar.

15. Se ques ter abellas: míraas polas Candeas; se ques ter mel, míraas polo san Miguel<sup>10</sup>. (ms23,24r).

16. Son abellas da Madanela, \*Dios as trai e \*Dios as leva<sup>11</sup>. (ms23,24r).

#### ARTE DE LA PESCA

17. Garola asexo sardiña presa<sup>12</sup>. (ms23,22r).

Se a explicación que intercala no refrán (encendida a la puerta) é correcta parecería que a palabra inicial “garola” é unha errata por “farola”, tal como aparece na edición do refraneiro (VS: 490,12.745).

#### DESGRACIAS, MALES

18. O mal nunha casa, acaba coas caravillas<sup>13</sup>. (ms23,21r).

#### HERENCIA

19. S'un pai malo ten un fillo bo, o neto ha de saír a seu avó<sup>14</sup>. (ms23,20r).  
(pt) *Se um filho dum ruim é bô, lá vem o neto que sai ao avô.* (ACPL)

#### LA MUJER (4)

20. A muller i-a sardiña por pequeniña; mentras a grande se baixa, a pequena barre a cociña<sup>15</sup>. (ms23,3r).

21. Muller barbuda, o demo qu'a sacuda<sup>16</sup>. (ms23,3r).

22. Muller e forno, con un hai abondo. (ms23,3r).

23. Muller que en inverno foi previsora, en vran pode ser ben señora. (ms23,3r).

24. \*Lunes e martes lava a curiosa, \*miércoles e \*jueves a envidiosa, sábado a priguizosa<sup>17</sup>. (ms23,3r).

#### MARINEROS

25. Gaivotas na ribeira, mariñeiros á merda<sup>18</sup>. (ms23,23r).

26. Gaivotas pró mar fuxir, \*hastr'os vellos poden ir<sup>19</sup>. (ms23,23r).

27. Troboada polo leste, mariñeiro pró mar<sup>20</sup>. (ms23,23r).

#### MARÍTIMOS.

##### ARTES DE PESCA

28. En chegando o mes de xaneiro, \*arrúganselle as barbas ao xeiteiro. (ms23,9r: Puebla del Caramiñal).

29. O palangre chucha \*sangre. (ms23,9r: Riveira).

#### MARÍTIMOS.

##### MARINEROS Y PESCAntINES

30. Barco á costa, capitán rico<sup>21</sup>. (GI) (ms23,12r: Ribadeo).

31. O que tarde embarca, un remo roto nunca lle falta. (GI) (ms23,12r: Lira).

#### METEOROLÓGICOS.

##### ASPECTO DEL MAR Y LA COSTA

32. Si o mar se pon a amelleirar, vento sur vai entrar. (GI) (ms23,19r: Bayona).

33. A \*plaia de Panxón a roncar, bo tempo vai entrar<sup>22</sup>. (ms23,19r: Bayona).

<sup>10</sup> *Se ques ter abellas: mira-as po-l-as Candeas; se ques ter mel, mira-as po-l-o San Miguel.*

<sup>11</sup> *Son abellas da Madanela, Diós as trai e Diós as leva.*

<sup>12</sup> *Garola asexo (encendida a la puerta) sardiña presa.*

<sup>13</sup> *O mal nunha casa, acaba coas caravillas.*

<sup>14</sup> *S'un pai malo ten un fillo bo, o neto ha de saír a seu avó.*

<sup>15</sup> *A muller y-a sardiña por pequeniña; mentras a grande se baixa, a pequena barre a cociña.*

<sup>16</sup> *Muller barbuda, o demo c'a sacuda.*

<sup>17</sup> *Lunes e martes, lava a curiosa, miercoles e jueves a envidiosa, sábado a priguizosa.*

<sup>18</sup> *Gaivotas na ribeira, mariñeiros a merda.*

<sup>19</sup> *Gaivotas pro mar fuxir, hastr'os vellos poden ir.*

<sup>20</sup> *Troboada pol-o l'este, mariñeiro pr'o mar.*

<sup>21</sup> *Barco á costa, capitán rico.*



34. Si estás na costa do nordeste e ves por Sisargas \*oscuro, \*vamos a coller á ría, que vai vir norte duro<sup>23</sup>. (GI) (ms23,19r: Sada).

35. \*Semblante de fóra e ventos de ría, auga pra outro día<sup>24</sup>. (ms23,19r: Riveira).

#### AVES

36. \*Gaviotas en terra, mariñeiro pescando pola \*carretera<sup>25</sup>. (ms23,8r: Bayona).

37. Gaivotas na ribeira, mariñeiros á merda<sup>26</sup>. (GI) (ms23,8r: Vigo).

#### METEOROS LUMINOSOS

38. Rías con solada, Leixões con turbonada<sup>27</sup>. (GI) (ms23,7r: Rías Baixas).

39. Encarnado ó monte, bois á corte; encarnado ó mar, bois a labrar<sup>28</sup>. (GI) (ms23,7r: Riveira).

40. Ruibas ao mar, vellas a sollar. (GI) (ms23,7r: Cangas, Ferrol).

41. Ruibas ao Miño, vellas ao niño. (GI) (ms23,7r: Vigo).

42. Ruibas ao monte, vellas á fonte<sup>29</sup>. (GI) (ms23,7r).

43. Ruibas ao nacente, auga de repente. (GI) (ms23,7r).

<sup>22</sup> *A playa de Panxón a roncar, bó tempo vai entrar.*

<sup>23</sup> *Si estás na costa do nordeste e ves por Sisargas oscuro, vamos a coller a ría, que vai vir norte duro.*

<sup>24</sup> *Semblante de fora e ventos de ría, auga pra outro día.*

<sup>25</sup> *Gaviotas en terra, mariñeiro pescando pol-a carretera.*

<sup>26</sup> *Gaivotas na ribeira, mariñeiros a merda.*

<sup>27</sup> *Rías con solada, Leixoes con turbonada.*

<sup>28</sup> *Encarnado ô monte, bois â corte; encarnado ô mar, bois a labrar.*

<sup>29</sup> *Ruibas ao monte, vellas á fonte.*

#### NUBES

44. Nubes baixas de Udra a Adigua, mal tempo axiña. (GI) (ms23,11r: Pontevedra).

45. Van as nubes de terra pr'afora, homes e mulleres ao mar. (ms23,11r: Bayona).

46. Nubes a Armenteira, norte na ribeira. (GI) (ms23,11r: Bueu).

#### ASTROS

47. Cando a lúa é chea, bon tempo; e si a lúa vai deitada, mariñeiro en pé<sup>30</sup>. (GI) (ms23,14r: Miño).

48. As \*estrellas a brilar, mariñeiro para o mar. (GI) (ms23,14r: Bayona).

49. Lúa a Mondigo, baixamar no río. (GI) (ms23,14r: Foz).

50. Non é o que a lúa pinta, qu' é o que \*Dios dita. (GI) (ms23,14r: Marín).

51. Sol barbado, vento ou mollado. (ms23,14r: Cangas).

#### METEOROS ACUOSOS

52. Chuvia antes de vento, cose rizos que vén mal tempo<sup>31</sup>. (GI) (ms23,13r: Marín).

53. Chuvia do mar e vento da ría, foliada pra todo o día. (GI) (ms23,13r: Isla de Arosa).

54. Néboa na boca da ría, norte \*fuerte ó outro día<sup>32</sup>. (GI) (ms23,13r: Isla de Arosa).

55. Néboa no mar, mariñeiros a pescar. (GI) (ms23,13r: Cariño).

56. Neboeiro por Xaxán, vento sur na man. (GI) (ms23,13r: Vigo).

<sup>30</sup> *Cando a lua é chea, bon tempo; e si a lua vai deitada, mariñeiro en pé.*

<sup>31</sup> *Chuvia antes de vento, cose rizos que ven mal tempo.*

<sup>32</sup> *Neboa na boca da ría, norte fuerte o outro día.*

57. Si a chuvia no mar fai cabazas,  
non deixes a roupa d'augas na casa.  
(GI) (ms23,13r: La Guardia).

58. Si chove o domingo antes da misa,  
lévase toda a semana de risa<sup>33</sup>. (GI)  
(ms23,13r: Marín).

#### VIENTOS

59. Area mol, nordeste no fol. (GI)  
(ms23,1r: Ribadeo).

60. Noroeste no vran, levante na  
man<sup>34</sup>. (GI) (ms23,1r: Barbate).

61. Pola mañán vento da ría, á tarde  
vento do mar<sup>35</sup>. (GI) (ms23,1r: Arosa).

62. Si vas con sur ó mar, roupa  
d'auga has de levar<sup>36</sup>. (GI) (ms23,1r:  
Grove).

63. Si vai a chuvia antes do vento,  
deixa ir a vela ó vento<sup>37</sup>. (GI)  
(ms23,1r).

64. Si ves escuma na praia, sur  
encima. (GI) (ms23,1r: Miño).

#### ROBO

65. A cada un o seu, dixo o que  
roubaba. (ms23,10r).

66. Bés de menós, bens de ladrós<sup>38</sup>.  
(ms23,10r).

67. Furto xeitoso fai o home ladrón<sup>39</sup>.  
(ms23,10r).

68. Na hucha aberta o xusto peca<sup>40</sup>.  
(ms23,10r).

69. Non hai pior ladrón que o da  
casa<sup>41</sup>. (ms23,10r).

70. O que coce i-amasa, nunca lle  
furte-la masa<sup>42</sup>. (ms23,10r).

71. O que rouba no ano de fame, xa  
no da fartura ten un risque rasque<sup>43</sup>.  
(ms23,10r).

Quien acostumbra a robar en año de  
hambre, facilmente alarga la mano en  
año de hartura para tomar lo ajeno.

72. Pró ladrón da casa n'hai  
coutura<sup>44</sup>. (ms23,10r).

73. Rifan os ladrós e descóbrense os  
roubos<sup>45</sup>. (ms23,10r).

## 2. Refróns galegos con correspondencia castelá e portuguesa

1. A auga todo leva, senón a mala  
fada. (ms23,16r).

(pt) *A água tudo lava menos quem se  
louva e as más linguas.* (PCH)

2. A \*blancura sete faltas disimula.  
(ms23,16r).

(es) *La blancura mil tachas disimula.*  
(HN)

3. A confesión de tambor,  
ausolución de pito. (ms23,16r).

(es) *A confesión de castañeta,  
absolución de zapateta*<sup>46</sup>. (GC)

4. A moita \*manualidá é causa de  
menosprecio. (ms23,16r).

(es) *La mucha conversación acarrea  
menosprecio.* (HN)

<sup>33</sup> Si chove o domingo antes da misa, levase toda a  
semana de risa.

<sup>34</sup> Noroeste no vran, levante na man.

<sup>35</sup> Pol-a mañán vento da ría; á tarde vento do mar.

<sup>36</sup> Si vas con sur ó mar, roupa d'auga has de levar.

<sup>37</sup> Si vai a'chuvia antes do vento, deixa ir a vela ó  
vento.

<sup>38</sup> Bés de menós, bens de ladrós.

<sup>39</sup> Furto xeitoso, fai o home ladrón.

<sup>40</sup> Na hucha aberta, o justo peca.

<sup>41</sup> Non hay pior ladrón que o d'a casa.

<sup>42</sup> Ó que coce y-amasa, nunca lle furtel'a masa.

<sup>43</sup> O que rouba no ano de fame, xa non da fartura  
ten un risque rasque.

<sup>44</sup> Pr'ó ladrón d'a casa n'-hay coutura.

<sup>45</sup> Rifan os ladrós e descóbrense os roubos.

<sup>46</sup> A confesión de castañeta, ausolución de  
zapateta.

(pt) *Muita confiança, pouco respeito.*  
(PCH)

**5. Altas ou baixas, en Abril son as Páscuas.** (ms23,16r).

(pt) *Altas ou baixas, em abril vêm as Páscoas.* (PCH)

(es) *Altas o bajas, en abril sean las pascuas.*<sup>47</sup>(GC)

(es) *Altas o bajas, en abril son las pascuas.*<sup>48</sup>(GC)

**6. Amigo un, enemigo ningún.** (ms23,16v).

(pt) *Amigo de um, inimigo de nenhum.*  
(PCH)

(es) *Amigo de uno, y enemigo de ninguno*<sup>49</sup>. (GC)

**7. Inda non asamos e xa pingamos.** (ms23,16v).

(es) *No asamos, y ya empringamos*<sup>50</sup>.  
(HN)

**8. Porta vella, caravilla nova.** (ms23,16v).

(es) *A buey viejo, cencerro nuevo.*  
(HN)

**3. Refráns portugueses**

1. *20 de Janeiro sobe ao iteiro; se vires verdejar, põe-te a chorar; se vires terrear, põe-te a cantar.* (ms23,18r: ACPL).

2. *A acha sai à racha, / Maria à tua tia*<sup>51</sup>. (ms23,18v: ACPL).

3. *A mulher e a galinha com sol a casa.* (ms23,18v: ACPL).

4. *A nabiça disse no princípio do mundo: / -Semeia-me no pó, e de mim não tenhas dó*<sup>52</sup>. (ms23,17v: ACPL).

<sup>47</sup> *Atas o bajas, en abril sean las Páscuas.*

<sup>48</sup> *Atas o bajas, en abril son las Páscuas.*

<sup>49</sup> *Amigo de uno y enemigo de ninguno.*

<sup>50</sup> *Aun no asamos y ya empringamos.*

<sup>51</sup> *A acha sai a racha. Maria a tua tia.*

<sup>52</sup> *A nabiça disse no principio do mundo: -Semeia-me no pó e de min não tenhas dó.*

5. *Ao ladrão de casa, nada se lhe fecha*<sup>53</sup>. (ms23,18v: ACPL).

6. *Boi velho não olha rego*<sup>54</sup>. (ms23,18v: ACPL).

7. *Cada tolo com sua mania.* (ms23,18v: ACPL).

8. *Casa quanta habites, terra quanta vejas, dinheiro quanto contes*<sup>55</sup>. (ms23,18v: ACPL).

9. *Contos não enchem barriga, nem adubam sopas*<sup>56</sup>. (ms23,17v: ACPL).

10. *Criados e bois, um ano até dois*<sup>57</sup>. (ms23,18v: ACPL).

11. *Dá, que não peças*<sup>58</sup>. (ms23,17r: ACPL).

12. *De hora em hora Deus melhora*<sup>59</sup>. (ms23,18v: ACPL).

13. *Depois de Sol posto, é noite.* (ms23,15r: ACPL).

14. *Do cerejo ao castanho / Bem me eu amanho; / Do castanho ao cerejo é que me eu vejo*<sup>60</sup>. (ms23,18r: ACPL)

O ditado aplica-se tanto aos lavradores como às aves que lutam com falta de recursos no Inverno<sup>61</sup>.

15. *Em casa cheia, / depressa se arranja a ceia; / em casa vazia, / mais depressa se avia.* <sup>62</sup> (ms23,18v: ACPL).

<sup>53</sup> *Ao ladron da casa, nada se lhe fecha.*

<sup>54</sup> *Boi velho não olha, rego.*

<sup>55</sup> *Casa quanta habites, terra quanta vejas dinheiro quanto contes.*

<sup>56</sup> *Contos não enchen, nem adubam sopas.*

<sup>57</sup> *Criados e bois, um ano ate dois.*

<sup>58</sup> *Da, que nom pesas.*

<sup>59</sup> *De hora em hora, Deus melhora.*

<sup>60</sup> *Do cerejo ao castanho, bem me eu amanho. Do castanho ao cerejo é que me eu vejo.*

<sup>61</sup> *Do ditado aplicase tanto a os lavradores como às aves que lutam, com falta de recursos no inverno.*

<sup>62</sup> *Em casa cheia, depressa se arranja a a ceia em casa vazia, mais depressa se avia.*

16. *Em dia de S. Lourenço, nem nascido* (o nabal), *nem no lenço* (a semente)<sup>63</sup>. (ms23,18r: ACPL).
17. *Em Maio bebe o boi no rego*<sup>64</sup>. (ms23,18r: ACPL).
18. *Em Março iguaço*<sup>65</sup>. (ms23,18r: ACPL)  
São os dias iguais às noites<sup>66</sup>.
19. *Em Março tanto durmo como faço*. (ms23,18r: ACPL).
20. *Em S. Tiago pinta o bago*. (ms23,18r: ACPL).
21. *Filho casado à porta, é como chiba na horta*<sup>67</sup>. (ms23,18v: ACPL).
22. *Fugi, marinheiros, que não vos cace S. Simão no mar*<sup>68</sup>. (ms23,18r: ACPL).
23. *Gado fraco tudo são moscas*. (ms23,18v: ACPL).
24. *Grande nau, grande tormenta*. (ms23,17r: ACPL).
25. *Honra sem proveito faz mal ao peito*. (ms23,15r: ACPL).
26. *Janeiro geoso, Fevereiro scaldanoso, Março amoroso, Abril chuvoso, Maio loiroso, fazem o ano formoso*<sup>69</sup>. (ms23,18r: ACPL).
27. *Lua em circo água no bico*<sup>70</sup>. (ms23,18v: ACPL).
28. *Lume ao pé da estopa, o diabo lhe assopra*<sup>71</sup>. (ms23,15r: ACPL).
29. *Mais vale sogá vazia do que ruim mercadoria*<sup>72</sup>. (ms23,18v: ACPL).
30. *Mais vale um hoje que dois amanhã*<sup>73</sup>. (ms23,15r: ACPL).
31. *Mais vale verde no meu papo que maduro no papo alheio*. (ms23,18v: ACPL).
32. *Março, Março, / De manhã cara de cão, / À tarde cara de home honrado, / À noite molha a raposa o rabo*<sup>74</sup>. (ms23,15r: ACPL).
33. *Mãe diligente, filha preguiçosa*<sup>75</sup>. (ms23,18v: ACPL).
34. *Nesta terra, terruca, / quem não trabuca, não manduca*<sup>76</sup>. (ms23,17r: ACPL).
35. *No mês de Janeiro / Cada pinga um centeeiro...*<sup>77</sup> (ms23,15r: ACPL).
36. *Nunca o raro pediu ao basto*. (ms23,17r: ACPL).
37. *Não há mal que sempre dure, nem bem que sempre ature*<sup>78</sup>. (ms23,18v: ACPL).
38. *Não há sábado sem sol, domingo sem missa, nem segunda sem preguiça*<sup>79</sup>. (ms23,15r: ACPL).
39. *Não peças a quem pediu, / nem sirvas a quem serviu*<sup>80</sup>. (ms23,18v: ACPL).

---

<sup>63</sup> *Em dia de S. Lourenço, nem nascido nem no lenço.*

<sup>64</sup> *Em maio bebe o boi no rego.*

<sup>65</sup> *Em Março, iguaço.*

<sup>66</sup> *São os dias iguais às noites.*

<sup>67</sup> *Filho casado a porta e como chiba na horta.*

<sup>68</sup> *Fugi mariñeiros, que não vos cace S. Simão no mar.*

<sup>69</sup> *Janeiro geoso, Fevereiro scaldanoso Março amoroso, Abril chuvoso, Maio loiroso, fazem o ano formoso.*

<sup>70</sup> *Lua em circo, água no bico.*

---

<sup>71</sup> *Lume ao pé da estopa, o diabo lhe assopra.*

<sup>72</sup> *Mais vale sogá vazia do que ruim mercadoria.*

<sup>73</sup> *Mais vale um hoje que dois amanhã.*

<sup>74</sup> *Março março*

*De manhã cara de cão*

*A tarde cara de home honrado*

*A noite molha a raposa o rabo.*

<sup>75</sup> *Mãe diligente, filha preguiçosa.*

<sup>76</sup> *Nesta terra terruca, quem não trabuca, não manduca.*

<sup>77</sup> *No mês de Janeiro, cada pinga um centeeiro.*

<sup>78</sup> *Não há mal que sempre dure nem bem que sempre ature.*

<sup>79</sup> *Não há sábado sem sol, domingo sem missa, nem segunda sem preguiça.*

<sup>80</sup> *Não peças a quem pediu nem sirvas a quem serviu.*

40. *O comer e coçar, está no começar.* (ms23,17r: ACPL).
41. *O diabo cobre com a cabeça e descobre com o rabo.* (ms23,15r: ACPL).
42. *O que não mata, engorda.* (ms23,17r: ACPL).
43. *O que pudeses fazer hoje, não guardes para amanhã.* (ms23,17r: ACPL).
44. *O sardineiro vende sardinha e come galinha.* (ms23,15r: ACPL).
45. *O vinho que nasce em Maio é para o gaio; o que nasce em Abril vai ao funil; o que nasce em Março fica no regaço*<sup>81</sup>. (ms23,18r: ACPL).
46. *Onde há lume, lá fumeja*<sup>82</sup>. (ms23,17r: ACPL).
47. *Os bois na terra alheia, as vacas escornam os bois.* (ms23,17v: ACPL).  
Um homem, em sua casa, é tão valente, que, mesmo depois de morto, são precisos quatro para o tirar<sup>83</sup>.
48. *Pela linha se vai ao novelo.* (ms23,17r: ACPL).
49. *Pelo S. Martinho barra o teu vinho e mata o teu porquinho*<sup>84</sup>. (ms23,18v: ACPL).
50. *Por cima das peras vinho bebas, mas não tanto que andes com a cabeça de esquina em canto.* (ms23,15r: ACPL).
51. *Porco que nasce em Abril, vai ao chamberil*<sup>85</sup>. (ms23,18r: ACPL).
52. *Pouco me custas, pouco me duras.* (ms23,17r: ACPL).
53. *Preguiça não mantém bons criados*<sup>86</sup>. (ms23,17r: ACPL).
54. *Pão quente dana a gente.* (ms23,17r: ACPL).
55. *Quando aparecem os peneireiros, é costume dizer-se: Temos chuva*<sup>87</sup>. (ms23,17r: ACPL).
56. *Quando nasceu um sapo, nasceu uma sapa*<sup>88</sup>. (ms23,17r: ACPL).
57. *Quando se fez uma panela, fez-se logo testo para ela*<sup>89</sup>. (ms23,17r: ACPL).
58. *Quanto mais tem, mais quer.* (ms23,17r: ACPL).
59. *Quem a boa árvore se encosta, boa sombra o cobre*<sup>90</sup>. (ms23,17r: ACPL).
60. *Quem a morte doutro espera, a si se lhe gera.* (ms23,17r: ACPL).
61. *Quem adiante não olha, atrás torna.* (ms23,15r: ACPL).
62. *Quem andou não tem para andar.* (ms23,15r: ACPL).
63. *Quem ao longe vai casar, ou leva pulha ou vai buscar*<sup>91</sup>. (ms23,17r: ACPL).
64. *Quem aos vinte não é, e aos trinta não tem, aos quarenta não é ninguém*<sup>92</sup>. (ms23,15r: ACPL).

---

<sup>81</sup> *O Vinho que nasce em Maio e para o gaio; o que nasce em Abril vai ao funil, o que nasce em Março fica no regaço.*

<sup>82</sup> *Onde há lume lá fumeja.*

<sup>83</sup> *Um home en sua casa e tão valente, que, mesmo depois de morto, são preciso quatro para o tirar.*

<sup>84</sup> *Pelo S. Martinho barra o veu (sic) vinho e mata o teu porquinho.*

<sup>85</sup> *Porco que nasce em Abril, vai ao chamberil.*

---

<sup>86</sup> *Preguiça não mantem bons criados.*

<sup>87</sup> *Quando aparecem os peneireiros e costume dizerse temos chuva.*

<sup>88</sup> *Quando nasceu um sapo nasceu uma sapa.*

<sup>89</sup> *Quando se fez uma panela, fez se logo testo para ela.*

<sup>90</sup> *Quem a árvore se encosta, boa sombra o cobre.*

<sup>91</sup> *Quem a longe vai casar, ou leva pulha ou quer casar.*

<sup>92</sup> *Quem aos vinte não é, e aos trinta não tem, aos quarenta não é ninguém.*

65. *Quem canta antes do almoço, chorará antes do Sol posto*<sup>93</sup>. (ms23,15r: ACPL).
66. *Quem com o demo anda, com ele acaba*<sup>94</sup>. (ms23,17r: ACPL).
67. *Quem com o demónio cava a vinha, o demónio a vindima*<sup>95</sup>. (ms23,17r: ACPL).
68. *Quem compra sem poder, vende sem querer*. (ms23,15r: ACPL).
69. *Quem dá antes que morra, merece com uma cachaporra*<sup>96</sup>. (ms23,15r: ACPL).
70. *Quem dá o que tem, a pedir vem*. (ms23,17r: ACPL).
71. *Quem foi ao ar, perdeu o lugar*. (ms23,17r: ACPL).
72. *Quem foi ao vento, perdeu o assento*. (ms23,17r: ACPL).
73. *Quem mais alto assobe, mais baixo vem cair*<sup>97</sup>. (ms23,17r: ACPL).
74. *Quem muito dorme, pouco aprende*<sup>98</sup>. (ms23,17v: ACPL).
75. *Quem não vai em novo, de velho não escapa*<sup>99</sup>. (ms23,17v: ACPL).
76. *Quem o feio ama, bonito lhe parece*<sup>100</sup>. (ms23,17v: ACPL).
77. *Quem quiser o antrecosto, tem de o começar a fazer em Agosto*. (ms23,15r: ACPL).

---

<sup>93</sup> *Quem canta antes do almoço, chorará antes do sol posto.*

<sup>94</sup> *Quem co demo anda, co demo acaba.*

<sup>95</sup> *Quem com o demonio cava a vinha o demonio a vendima.*

<sup>96</sup> *Quem da antes que morra, merece com uma cachiporra.*

<sup>97</sup> *Quem mais alto assobe, mais abaixo vem cair.*

<sup>98</sup> *Quem moito dorme, pouco aprende.*

<sup>99</sup> *Quem não vai de novo, de velho não escapa.*

<sup>100</sup> *Quem a feio ama, bonito lhe parece.*

78. *Quem semeia basto, gasta mais e colhe menos*. (ms23,17r: ACPL).
79. *Quem tem amigos, não morre na cadeia*<sup>101</sup>. (ms23,17v: ACPL).
80. *Quem tem capa, sempre escapa*<sup>102</sup>. (ms23,17v: ACPL).
81. *Remenda teu pano, chegar-te-á ao ano; torna-o a remendar, tornar-te-á a chegar*<sup>103</sup>. (ms23,17v: ACPL).
82. *Se a Senhora das Candeias estiver a rir, está o Inverno para vir; se estiver a chorar, está o Inverno a acabar*<sup>104</sup>. (ms23,15r: ACPL).
83. *Se um filho dum ruim é bô, lá vem o neto que sai ao avô*<sup>105</sup>. (ms23,15r: ACPL).
84. *Tanta pena merece o consentidor, como o ladrão*<sup>106</sup>. (ms23,15r: ACPL).
85. *Tanta vez vai o cântaro à fonte, que de alguma vez lá fica*<sup>107</sup>. (ms23,17v: ACPL).
86. *Tanta vez vai o cântaro à fonte, que no fim lá deixa a asa*<sup>108</sup>. (ms23,17v: ACPL).
87. *Tropeçar não é cair, mas é meio caminho andado*<sup>109</sup>. (ms23,17v: ACPL).

---

<sup>101</sup> *Quem tem amigos non morre na cadeia.*

<sup>102</sup> *Quem tem capa, escapa.*

<sup>103</sup> *Remenda teu pano, chegar-te-a ao ano; torna-o a remendar, tornarte-a a chegar.*

<sup>104</sup> *Se a Senhora das Candeias estiver a rir está o inverno para vir; se estiver a chorra, está o inverno a acabar.*

<sup>105</sup> *Se um filho dum ruim é bo, lá vem o neto que sai ao avô.*

<sup>106</sup> *Tanta pena merece o consentidor como o ladrão.*

<sup>107</sup> *Tanta vez vai o cântaro à fonte que de alguma vez lá fica.*

<sup>108</sup> *Tanta vez vai o cântaro à fonte que no fim lá deixa a asa.*

<sup>109</sup> *Tropeçar não e cair, mas e meio caminho andado.*

88. *Tudo que vires fazer farás, mas vinho verde não colherás*<sup>110</sup>. (ms23,15r: ACPL).
89. *Tão bom é o ladrão que vai à vinha, como o que fica de guarda*<sup>111</sup>. (ms23,15r: ACPL).
90. *Um circo em volta da lua é sinal de chuva.* (ms23,18v: ACPL).
91. *Um, em sua casa, vale por sete.* (ms23,17v: ACPL).  
Um homem, em sua casa, é tão valente, que, mesmo depois de morto, são precisos quatro para o tirar<sup>112</sup>.
92. *Vale mais cair em graça do que ser engraçado*<sup>113</sup>. (ms23,17v: ACPL).
93. *Vaquinha que não come com os bois, ou comeu antes, ou come depois*<sup>114</sup>. (ms23,17v: ACPL).
94. *Vento suão, chuva na mão.* (ms23,15v: ACPL).
95. *Vermelho ao mar, pega nos bois e vai lavar.* (ms23,15v: ACPL).
96. *Vermelho ao nascente, chuva de repente.* (ms23,15v: ACPL).
97. *Vermelho ao nascente, chuva no poente*<sup>115</sup>. (ms23,15v: ACPL).
98. *Vermelho ao nascente, pega nos bois e foge sempre.* (ms23,15v: ACPL).
99. *Vermelho ao norte, pega nos bois e foge prá corte*<sup>116</sup>. (ms23,15v: ACPL).

<sup>110</sup> *Tudo que vires fazer farás mas vinho verde não colherás.*

<sup>111</sup> *Tao bom e o ladrão que vai a vinha como o que fica de guarda.*

<sup>112</sup> *Um home em sua casa e tão valente, que, mesmo depois de morto, são preciso quatro para o tirar.*

<sup>113</sup> *Vale mais caer en graça do que ser engraçado.*

<sup>114</sup> *Vaquinha que não come com os bois, ou comeu antes ou come depois.*

<sup>115</sup> *Vermelho ao nascente chuva no poente.*

100. *Vinho que nasce em Março, vai no regaço.* (ms23,18r: ACPL).

101. *Viúva rica, casada fica*<sup>117</sup>. (ms23,15r: ACPL).

#### 4. Unidades con topónimo

##### 1. Bueu (Bueu, PO)

Os patrianos fóronche paisános. (ms23,29r: Bueu)

##### 2. Castropol (Castropol, O)

Castropol, corral de vacas,  
As figueiras de cabritos,  
A Veiga de folgazás

Ribadeu de señoritos. (BB) (ms23,35r: Ribadeo)

Os nomeados son pobos de Ria, algús dos que pertencen administrativamente a Asturias.

##### 3. Figueiras, As (Castropol, O)

V. Castropol

##### 4. Palmeira (Riveira, C)

Magorrentos de Palmeira  
pelados son os da Vila;  
para cantar e bailar  
as mozas de Santa Uxía<sup>118</sup>. (BB)  
(ms23,35r: Ría de Arosa)

##### 5. Ribadeu (Ribadeo, LU)

V. Castropol

##### 6. Santa Uxía (Riveira, C)

V. Palmeira

##### 7. Veiga, A (A Veiga/Vegadeo, O)

V. Castropol

##### 8. Vila, A (A Pobra do Caramiñal, C)

V. Palmeira

<sup>116</sup> *Vermelho ao norte pega nos bois e foge pra corte.*

<sup>117</sup> *Viuva rica, casada fica.*

<sup>118</sup> *Magorrentos de Palmeira  
pelados son os da Vila (Caramiñal);  
para cantar e bailar  
as mozas de Santa Uxía (Ribeira).*

## 5. Notas léxicas

1. **Aleitar.** De 'allactare', amamantar.  
Amamantar y tener leche la hembra.  
(ms23,27r: GD)
2. **Amedes.** De 'Ames, itis', andas.  
(ms23,30r: GD)
3. **Guincha.** Berzas tiernas. En Lugo se  
llaman 'bertos'. (ms23,26r: Puebla de  
Brollón)

## 6. Fontes citadas neste manuscrito

- [ACPL] PIRES DE LIMA, A.C. (1948): *Estudos Etnográficos, filológicos e Históricos* 3. Junta da Província do Douro-Litoral, Porto.
- [BB] BOUZA-BREY, F. (1927): "Ditos referentes a xentes e pobos" en *Nós* 45,1927,13.
- [GC] CORREAS, G. (1967 [1627]): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales (1627)*. Texte établi, annoté et présenté par Louis Combet. Institut d'Etudes Ibériques et Ibéro-Américaines de l'Université de Bordeaux, Bordeaux.
- [GD] GARCÍA DE DIEGO, V. (1909): *Elementos de gramática histórica gallega*. Hijos de Santiago Rodríguez, Burgos.
- [GI] GELIA ITURRIAGA, J. (1944): *Refranero del mar*. Instituto Histórico de Marina, Madrid.
- [HN] NÚÑEZ, H. (1555): *Refranes o proverbios en romance, qve nvemente colligio y glosso el Comendador...* Prólogo de León de Castro. Casa de Juan de Cánova, Salamanca.
- [PCH] CHAVES, P. (1945 [1928]): *Rifoneiro Português*. Editorial Domingos Barreira, Porto.
- [TP] TRAPERO PARDO, J. Supoñemos que se trata dalgunha das súas colaboracións no xornal *El Progreso* de Lugo.
- [VS] VÁZQUEZ SACO, F. (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.



## **Recensións e Bibliografía**



**ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): *As locucións verbais galegas (Verba: Anuario Galego de Filoloxía, anexo n.º 52)*. Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela, 275 páxs.**

O título do presente volume anticipa, de xeito claro e transparente, o que vai achar nel o seu lector. En *As locucións verbais galegas* atopamos, pois, un estudo profundo e concienciado no que a súa autora, María Álvarez de la Granja, levou a cabo unha catalogación das locucións verbais da lingua galega. Con todo, este estudo non queda limitado ó plano formal, senón que abunda no eido do comportamento destas unidades fraseolóxicas, ata o punto de chegar a establecer conclusións referentes á modificación das locucións verbais e, aínda máis, ás razóns que as impiden e as fan posibles. Na base deste libro subxace, polo demais, un afán rotundo por desmentir-la crenza de que as unidades fraseolóxicas son algo anómalo ou excepcional.

Asegura Álvarez de la Granja (223) que as locucións verbais “son un subtipo de [unidade fraseolóxica] enormemente rico e complexo, susceptible de ser analizado desde múltiples perspectivas”. Das perspectivas posibles, é a forma da expresión a que Álvarez de la Granja erixe en eixo central do seu estudo, eixo central que desenvolve ó longo de 275 páxinas e seis capítulos agrupados en catro grandes bloques. No primeiro dos capítulos establece a autora unha clasificación do universo das unidades fraseolóxicas, o cal constitúe, polo tanto, unha delimitación do obxecto de estudo que se concretará nos capítulos restantes. Da clasificación do universo fraseolóxico que se ofrece deducimos que a concepción que da fraseoloxía ten Álvarez de la Granja está relacionada co sentido estrito da palabra, posto que, por poñer un exemplo, o que para algúns teóricos son locucións, para ela son combinacións libres de palabras (como é o caso de *glasa-lo pastel*, *follea-lo libro* e *incoa-lo expediente*). Ó mesmo tempo, pon en dúbida o límite superior que autores como Zuluaga ou Corpas Pastor lle poñen á unidade fraseolóxica, a oración composta, pois opina a autora que algunhas cancións, adiviñas ou trabalinguas que superan este linde deben considerarse igualmente unidades fraseolóxicas.

Unha vez realizada a contextualización do estudo, nos capítulos seguintes a autora pasa a describir de forma máis exhaustiva distintos aspectos referidos ás locucións verbais.

Desta forma, no segundo capítulo analízanse as 850 locucións verbais galegas que comprenden o corpus co gallo de localizar regularidades de comportamento e conclusións no tocante á súa fixación. Canto á elaboración do corpus, salienta a autora a dificultade existente para distingui-las locucións verbais propias do galego das locucións verbais procedentes do español. Da análise do corpus extrae Álvarez de la Granja dous principios básicos: por unha banda, faise evidente como canto máis complexa é a locución verbal, maior será a dificultade de fixación; pola outra, advírtese que canto maior sexa a frecuencia dunha función ou dun esquema no discurso libre, máis posibilidades haberá de encontrar tal función ou tal esquema nas locucións verbais.

Confirman estes dous principios as evidencias do corpus de Álvarez de la Granja, xa que as locucións verbais máis comúns son as formadas por verbo + obxecto directo e verbo + complemento circunstancial. A este respecto, é preciso sinalar que esta afirmación se corresponde coa conclusión á que chega Castillo Carballo (2000: 117-118,125) no estudo que realiza das locucións verbais para o español.

Canto á fixación das locucións verbais, Álvarez de la Granja conclúe que esta non se rexe pola arbitrariedade, senón que, contra todo pronóstico, é o resultado “da aplicación das leis que regulan a sintaxe, a semántica e a pragmática do galego” (55).

No seguinte capítulo –o terceiro–, pola súa parte, encárgase a autora da presente obra de caracterizar cal é a frecuencia das distintas estruturas das locucións verbais en relación coa aparición ou ausencia de determinantes. O predominio do esquema verbo + artigo + substantivo é incontestable, pois supón case o 25% do total de locucións verbais de que se compón o corpus.

Con respecto ó emprego do determinante, a figura máis empregada é, con diferenza, o artigo definido (coma no caso de *tentar o demo* ou *perder o norte*), pois aparece no 61% das locucións analizadas. Por outra parte, a segunda figura é a ausencia do determinante (*coller por banda*, *[non] levantar cabeza* son exemplos disto), cun 34% de aparicións.

Expón Álvarez de la Granja moi acertadamente, segundo a nosa opinión, que as razóns que xustifican o emprego do artigo definido son de dupla natureza: por un lado, contextuais e, polo outro, semánticas. Dentro das primeiras inclúe a autora xustificacións de emprego que se basean no contexto extraverbal e verbal e no campo de sentido, elementos nos que se inclúen, polo demais, posteriores clasificacións. Canto ás razóns semánticas, estas divídense á súa vez en mencións á clase e mencións de totalidade.

Xustifica Álvarez de la Granja a presenza maioritaria do artigo definido nas locucións galegas analizadas no feito de que as locucións verbais en particular e as unidades fraseolóxicas en xeral tenden a reflectir unhas realidades que, pola súa relación directa e inmediata co ser humano, debido á visión antropolóxica deste, adoitan ir acompañadas do artigo determinado.

Segundo se desprende da análise, as locucións verbais sen presenza de determinante son o segundo tipo de locucións verbais máis frecuentes. As razóns para isto, neste caso, non están tan claras, algúns teóricos xa apuntan á posibilidade de que as locucións verbais teñan o seu propio modelo formativo, mentres que outros consideran probable que este

tipo de unidades fraseolóxicas, por cuestións de fixación, se constrúe de acordo cos modelos formativos aceptados no galego antigo e se mantiveran ata a actualidade, opción esta última pola que, despois dunha razoada argumentación, se decanta a autora da obra.

Finalmente, os capítulos cuarto, quinto e sexto conforman o cuarto e derradeiro gran bloque, no que se debate o comportamento das locucións verbais no discurso, para o cal se abordan distintos aspectos con respecto ás locucións verbais flexibles e ríxidas.

No capítulo cuarto, Álvarez de la Granja encárgase das locucións verbais denominadas por ela *ríxidas*, isto é, daquelas locucións verbais cuxos elementos son insubstituíbles ou presentan escasas posibilidades de substitución. Así e todo, con anterioridade a isto coida necesario estudar aquilo ó que ela dá en chamar *manipulación das unidades fraseolóxicas*, termo que fai referencia á operación pola que o falante, de forma consciente, manipula e actualiza a unidade fraseolóxica, o que implica que o oínte centre a súa atención no falante (pola perda do sentido canónico e da forma habitual da unidade fraseolóxica). Deste xeito, afirma que o procedemento de manipulación máis frecuente é a superposición do significado literal e idiomático. Con respecto ó estudo das locucións verbais fixas, polo seu distinto comportamento, considera Álvarez de la Granja preciso estudar por separado as unidades fraseolóxicas con complementos figurados e non figurados.

En relación co estudo das locucións verbais fixas con complementos figurados, analiza a autora as operacións permitidas e as non permitidas para a desautomatización de unidades fraseolóxicas, destacando neste último grupo (o das non permitidas) as dificultades que supón nas locucións verbais fixas o emprego de pronomes clíticos, de elementos tematizados e da voz pasiva. No caso das locucións verbais con complementos non figurados, pola contra, advirte Álvarez de la Granja a posibilidade de facer uso da coordinación ou elisión de elementos, a tematización e, nalgúns casos, a voz pasiva.

Os capítulos quinto e sexto ocúpense do estudo do que Álvarez de la Granja denomina *locucións verbais flexibles*. Así, no primeiro destes dous capítulos abórdanse distintos aspectos das conversións relacionadas co procesamento do significado literal das locucións verbais. Estes aspectos non son outros que a modificación; a variación do determinante; a variación numérica; a anáfora; a coordinación; e a tematización, a voz pasiva e a focalización. De seguida, despois dunha análise concienciada das relacións que se establecen entre as modificacións de unidades fraseolóxicas e o seu significado idiomático e literal, chega á conclusión Álvarez de la Granja de que a carencia parcial de fixación nas locucións verbais analizadas está relacionada polo xeral co seu significado literal.

Pola súa banda, o capítulo sexto e derradeiro deste libro dedícase integramente ó estudo das conversións vinculadas coa análise semántica das locucións verbais flexibles. As conclusións ás que se chega neste extenso capítulo son claras: a análise semántica das locucións verbais permítenos deducir cal vai se-lo comportamento de tales locucións no que se refire ás operacións de manipulación permitidas e non permitidas. Aínda así, a

pesar do afirmado anteriormente, debe engadirse tamén que a imprevisión é outro elemento que xorde con facilidade no comportamento das locucións verbais no discurso.

A continuación do sexto capítulo encontrará o lector unhas pormenorizadas conclusións nas que resume Álvarez de la Granja os aspectos máis destacados que se trataron no libro. Tralas conclusións atopamos un apéndice no que se recolle o corpus de 850 locucións verbais que empregou a autora para levar a cabo o seu estudo e que extraeu tanto de publicacións escritas coma orais. No devandito apéndice as locucións verbais organízanse por orde alfabética, ó tempo que se acompañan da súa definición, da referencia ás fontes de procedencia e da súa estrutura funcional, o cal constitúe un recurso moi útil para o estudo deste tipo de unidades fraseolóxicas.

Por último, cérrase a obra cunha extensa bibliografía na que se refiren as obras consultadas tanto para a elaboración do corpus e a localización de definicións das locucións verbais como para a realización do estudo en sentido estrito.

*As locucións galegas* é, en definitiva, unha obra moi interesante e rigorosa que non defraudará o lector e que lle permitirá profundar no estudo das locucións, unha das esferas da fraseoloxía cuxo estudo non prima habitualmente (compárese coas paremias, onde abundan os traballos nos que, hai que dicilo, acostuma facerse fincapé no elemento sociocultural). Polo demais, a súa lectura non é útil unicamente para os estudosos da fraseoloxía galega, senón tamén de calquera outra lingua, xa que a súa presentación é aplicable e válida para outros idiomas.

Non dubida Corpas Pastor á hora de afirmar que “la fraseología española se encuentra en estos momentos al mismo nivel que al resto de Europa” (Corpas 2003: 32). O presente libro non é senón unha proba máis que vén apoiar esta aseveración, pois pon de manifesto que, ó contrario do que se puidese pensar a priori, é posible realizar estudos serios e de calidade que escapen ó anecdótico e abunden no estudo sistemático e fundamentado da fraseoloxía. Non obstante, o estudo da fraseoloxía en España –en calquera das súas linguas ou de forma contrastiva entre elas–, lonxe de estar esgotado, debe de seguir avanzando. Toda nova achega, como é esta, será benvida.

Jorge Leiva Rojo<sup>1</sup>

*Universidad de Málaga*

## Bibliografía

- CASTILLO CARBALLO, M. A. (2000): “Lingüística del corpus y fraseología: algunas consideraciones sobre las locuciones verbales” en *Las lenguas de Europa: estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Comares, Granada, 95-126.
- CORPAS PASTOR, G. (2003): *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Iberoamericana, Madrid.

---

<sup>1</sup> Traducido por Cristina Veiga Novoa.

**CARBONELL BASSET, Delfín (2004): *Diccionario inglés y español de modismos (Las frases que Ud necesita)*. Ediciones del Serbal, Barcelona, 208 páxs.**

O novo traballo deste autor incansable sorprende polas innovacións que incorpora e pola calidade dos contidos que presenta. O *Diccionario inglés y español de modismos* está organizado nun único bloque, sen división por idioma e consta aproximadamente de 2.700 fraseoloxismos ordenados por palabra chave. Cada entrada está composta por un ou varios modismos que van acompañados polos equivalentes da lingua de chegada e unha ou varias citas nas que se mostra o seu uso real. Estas citas proveñen de libros, xornais e revistas de varios países, tanto de lingua inglesa como española, identificadas polo título da publicación, a abreviatura do país e a data de extracción. Ó estaren organizadas nun mesmo bloque, as entradas en lingua inglesa distínguense das españolas porque a palabra chave destas últimas se presenta en cursiva. Así mesmo, o autor incorpora unha serie de referencias cruzadas que facilitan a consulta do dicionario.

O innovador sistema de organización, que el denomina *Sistema Unialphabet*, funde ambos idiomas nunha única ordenación alfabética. Todo o que é novo corre o risco de parecer unha extravagancia, pero á hora de consultarmos-las referencias cruzadas, por exemplo, resulta máis cómodo e doado. Quizais en dicionarios de maior volume resultase aínda máis cómodo este sistema.

Un aspecto que cómpre destacar desta obra é que as equivalencias que ofrece Carbonell non só son pertinentes e actuais senón que ademais podemos apreciar un esforzo pola súa parte para ofrecer verdadeiros equivalentes fraseolóxicos. Mentres que outros dicionarios adoitan ofrecer só unha definición da paremia, neste atopamos os modismos equivalentes e, na maioría dos casos, múltiples opcións, todas elas válidas.

Se a pluralidade de equivalentes para cada modismo é un dos puntos fortes deste dicionario, tamén o é a incorporación de expresións actuais e novidosas como por exemplo *irse de rositas*, que en moitos casos estaban ausentes doutros dicionarios semellantes. Resultan especialmente interesantes fraseoloxismos como *escurrir el bulto*, *pasarlas canutas*, *ni por el forro*, *de bote en bote*, *caer gordo*, *ir de la Ceca a la Meca*, etc., que forman parte importante da linguaxe coloquial actual e que deben estar presentes nunha publicación deste estilo.

Así mesmo, atopamos expresións anglosaxonas que tamén destacan pola súa novidade e frecuencia de uso, como *no skin off my back*, *to get off scot-free*, *stuffed to the rafters* ou *to beat around the bush*, para os que o autor ofrece os equivalentes: *traérsela a uno floja*, *irse de rositas*, *lleno hasta la bandera* e *salir por peteneras*, respectivamente. Se cadra, en ocasións o rexistro dos modismos peca dunha coloquialidade excesiva que un usuario non experto pode utilizar nun rexistro equivocado, pero este é un problema de calquera usuario de dicionarios bilingües e o feito de poder contar cun abano máis amplo de posibilidades e opcións pouco frecuentes nos dicionarios bilingües de fraseoloxismos prevalece ante ese tipo de dificultades.

Outro dos acertos desta obra é o de incluír citas reais para ilustra-lo uso dos modismos. Ademais de ser un dato importante para coñecer-la vixencia e actualidade dos modismos, o usuario do dicionario ten a oportunidade de comprobar como se emprega unha

expresión nun contexto real. Ademais, o feito de poder consultar un modismo dentro dun contexto útil nos dous idiomas axuda a comprende-lo significado do fraseoloxismo e a evitar posibles confusións. En ocasións é frecuente atopar algún dicionario de modismos que só ofrece un equivalente para o orixinal e ningún dos dous resulta transparente para o lector, esta falta de transparencia queda superada coas citas que se proporcionan nesta obra.

Por último, é preciso destaca-la acertada selección das palabras chave e a coidada presentación da obra, que xunto co dito anteriormente proba que unha vez máis Carbonell nos ofrece unha útil ferramenta de traballo para o uso dos modismos, ben como obra de consulta para tradutores e fraseólogos ben como complemento para a didáctica de linguas.

Ana García Lozano

*Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

**GONZÁLEZ REY, M<sup>a</sup> Isabel (2002): *La Phraséologie du Français*. Presses Universitaires du Mirail, Toulouse, 268 páxs.**

A partir da década dos 70 do século XX, e esencialmente nos últimos anos, o estudo do discurso repetido atinxiu un enorme desenvolvemento. A xustificación do actual apoxeo das investigacións fraseolóxicas pode encontrarse en boa medida na complexidade e riqueza das unidades obxecto de análise e na conseguinte posibilidade de abordaxe desde múltiples perspectivas: sintaxe, semántica, pragmática e análise do discurso, lexicografía, didáctica, tradución, lingüística computacional ou psicolingüística. Asemade, a análise das unidades fraseolóxicas pode botar moita luz sobre o comportamento xeral das linguas, na medida en que, no meu entender, o funcionamento do discurso repetido está regulado por principios, propiedades e tendencias de carácter xeral que van moito máis alá do ámbito fraseolóxico.

O libro de Isabel González Rey, *La phraséologie du français*, é unha nova e interesante achega neste campo de investigación, cuxos principais obxectivos son, en palabras da autora, “l'organisation du matériel phraséologique selon des critères de classification de nature syntaxique, sémantique et pragmatique, et, d'autre part, l'élaboration d'une théorie qui permet d'embrasser tout ce matériel au sein d'une même discipline”. Este libro supón un importante avance na investigación sobre a fraseoloxía do francés, tanto polo feito de que nel se poden encontrar condensadas e sistematizadas as ideas máis relevantes verquidas neste ámbito de estudo desde Charles Bally ata a actualidade, como pola achega orixinal da autora, que ofrece unha novidosa clasificación e análise das unidades fraseolóxicas francesas. Isabel González Rey é unha investigadora que ten traballado



abondo no terreo fraseolóxico, tanto desde o punto de vista teórico como aplicado (fraseografía, tradución, didáctica, análise do discurso<sup>2</sup>) e esta interdisciplinariedade non podía por menos que verse reflectida nunha análise das unidades fraseolóxicas dinámica, multifocal e integradora.

O libro está estruturado en nove capítulos, seguidos de conclusión e bibliografía. Tras unha breve introdución, a autora fai un repaso pola historia da fraseoloxía, dedicando unha sección propia aos estudos sobre o francés. Polo seu interese e singularidade neste tipo de obras, é de destacar a información que a autora fornece sobre os proxectos, congresos e estudos universitarios que xiran en volta do fenómeno fraseolóxico. No terceiro capítulo, Isabel González Rey reflexiona sobre o status da fraseoloxía, desde diferentes perspectivas. A autora expón as distintas dicotomías que se teñen presentado a este respecto: disciplina autónoma ou rama doutra disciplina, concepción ampla ou concepción restrinxida do fenómeno fraseolóxico, status marxinal ou status central das unidades fraseolóxicas no sistema xeral das linguas. Como se pode comprobar ao longo de todo o libro, a autora opta pola consideración da fraseoloxía como unha disciplina lingüística autónoma, centrada na análise non só de expresións idiomáticas, senón tamén de colocacións e paremias, as cales, no seu conxunto, constitúen un fenómeno lingüístico esencial das linguas.

No cuarto capítulo a autora inicia a análise do material fraseolóxico. Tras facer un breve repaso polas diferentes aproximacións tradicionais á fraseoloxía e pola terminoloxía empregada, González Rey expón e define as propiedades que en maior ou menor grao están presentes nas unidades fraseolóxicas e que permiten o seu recoñecemento (idiomaticidade, figuración, institucionalización, repetición...). Este capítulo serve de introdutor aos restantes, que constitúen o corpo central da obra.

No quinto capítulo a autora expón a súa clasificación do dominio fraseolóxico. Empregando como criterio de diferenciación a presenza/ausencia de propiedades comentadas no capítulo precedente, distingue entre colocacións, expresións idiomáticas e paremias, as cales poden ser estudadas tanto en lingua xeral (fraseoloxía xeral) como en linguas de especialidade (fraseoloxía terminolóxica).

Nos capítulos sexto, sétimo e oitavo González Rey aborda o estudo dos tres tipos de unidades fraseolóxicas: respectivamente, paremias, colocacións e expresións idiomáticas. Con todo, a análise das paremias é moi breve e ten como finalidade esencial procurar unha xustificación á polémica inclusión deste tipo de unidades dentro do dominio fraseolóxico. O estudo das colocacións, pola contra, é moito máis demorado. Para a autora, unha colocación é unha expresión fixa e institucionalizada, semanticamente composicional e de función esencialmente referencial (*lave-vaisselle*,

---

<sup>2</sup> V. p.ex. "La presencia de la comparación en la construcción de expresiones idiomáticas del español y del francés" en *Cahiers du P.R.O.H.E.M.I.O* 3,2000,213-228; "Unha proposta didáctica para o ensino das expresións idiomáticas en lingua estranxeira" en *Revista galega do ensino* 6,1995,161-173; "La mise en discours des expressions idiomatiques françaises" en *Paremia* 8,1999,249-254. Ademais, González Rey participou no proxecto de elaboración dun dicionario de fraseoloxía galega no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

*avoir intérêt a, de longue durée...*). A análise encerra un repaso do concepto, unha caracterización formal, semántica e pragmática, tanto en lingua xeral como en linguas de especialidade, unha tipoloxía e unha comparación coas expresións idiomáticas en volta dos conceptos de endocentrismo e exocentrismo.

Precisamente, e como sinaléi, as expresións idiomáticas son o obxecto de estudo do oitavo capítulo. A autora considera expresións idiomáticas aquelas unidades fixas e institucionalizadas, de semántica non composicional, que teñen como función esencial a inferencia e a connotación. Como no capítulo anterior, a caracterización das expresións faise desde o punto de vista formal, semántico e pragmático, e tanto en lingua xeral como en linguas de especialidade.

O derradeiro capítulo ten como obxecto de estudo un subtipo de expresións idiomáticas: as construcións verbais. A autora analiza polo miúdo os valores estilísticos das expresións idiomáticas verbais e os seus diferentes empregos discursivos, condicionados e determinados polo carácter figurado deste tipo de unidades. Ademais, o estudo mostra convincentemente o dinamismo que preside o funcionamento das expresións idiomáticas, tanto en sincronía como en diacronía.

Como pode deducirse das liñas precedentes, *La phraseologie du français* é unha obra ambiciosa que ofrece unha clasificación e caracterización completa das unidades fraseolóxicas francesas. Bótase de menos, con todo, un tratamento máis extenso do ámbito paremiolóxico, cuxo escaso desenvolvemento na obra contrasta coa análise moito máis pormenorizada das colocacións e das expresións idiomáticas.

Coido que merece unha mención especial o estudo da autora sobre os aspectos figurativos das expresións idiomáticas, os cales, como ela mesma sinala, determinan en boa medida o comportamento no discurso e a funcionalidade pragmática deste tipo de unidades. Aínda que González Rey non acode na súa análise á concepción das metáforas e das metonimias xurdida na Lingüística Cognitiva, esta visión corrobora as hipóteses presentadas. Neste sentido, coido que podería ser moi enriquecedor un achegamento da autora a esta nova e revolucionaria interpretación da linguaxe figurada.

É evidente que *La phraseologie du français* non nos ensina “todo” sobre as unidades fraseolóxicas francesas. De ser así, estaríamos ante unha obra monumental, composta por varios volumes. Non é este tampouco o obxectivo do libro. O propósito de Isabel González Rey é ofrecer unha visión global e integradora da fraseoloxía francesa, desde o punto de vista formal, semántico e pragmático e desde o punto de vista da lingua xeral e das linguas de especialidade. Dado que se trata, na miña opinión, dun obxectivo cumprido, *La phraseologie du français* é un manual obrigado para os profesores e estudantes universitarios e, en xeral, para todos aqueles que queiran achegarse ao complexo e fascinante universo fraseolóxico.

María Álvarez de la Granja

*Universidade de Santiago de Compostela*

**MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán. Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation*, herausgegeben von Gerd Wotjak. Peter Lang, Frankfurt am Main, 268 páxs.**

Antes de dar comezo á descrición desta obra de Carmen Mellado Blanco, froito da remodelación e actualización da súa tese de doutoramento, cómpre sinalar que *Fraseologismos somáticos del alemán* non é, en contra do que poida parecer, un libro do interese exclusivo de fraseólogos xermanistas. Certamente a análise morfosemántica e léxica dos fraseoloxismos somáticos (SO) do alemán ocupa un lugar central na obra e delimita o seu contido, ó que hai que engadir que o coñecemento da lingua alemá permite comprender citas reveladoras de eminentes fraseólogos das escolas rusa, praguense e alemá, así como os múltiples SO tirados do corpus dos que a autora bota man para demostrar empiricamente as súas hipóteses. Con todo, tamén é certo que todos e cada un dos temas fraseolóxicos que se tratan son abordados dende unha perspectiva diacrónico-crítica, cunha exposición e argumentación de tal precisión e diafanidade que, ó meu ver, este libro pode ser “libado” por calquera amante das linguas, sobre todo polos amantes do alemán e da súa rica, abraiante e literalmente idiomática fraseoloxía. Tal é o caso da propia autora e o motivo principal polo que se ten dedicado tan afervoadamente ó estudo da fraseoloxía desta lingua. Canto á súa especialización no estudo dos SO, sinala o seguinte: “Su naturaleza de universal lingüístico, su preponderancia numérica y su frecuencia de uso en el alemán son razones de peso que me indujeron a tomar esta decisión” (7).

Así, partindo dun corpus de 1.385 SO locucionais, procede á súa análise teórico-práctica dende una tripla vertente, a cada unha das cales lle dedica un capítulo do libro. O obxectivo é claro: “indagar en la irregularidad formal y semántica que supuestamente define a los FR[aseologismos] para demostrar que tal irregularidad no ha de ser considerada como criterio definitorio en sentido absoluto” (12). Dito doutro xeito, os resultados deste estudo dos SO do alemán demostran o que cada vez máis voces veñen propugnando na Fraseoloxía desde hai uns anos: a relatividade e, polo tanto, cuestionabilidade da “esencia arbitraria” do fenómeno fraseolóxico. Proba disto é que Mellado Blanco consegue establecer modelos semántico-estruturais de significado próximo dentro do grupo dos SO e mostrar que isto é posible debido a que o significado fraseolóxico tende máis á transparencia cá opacidade e que está condicionado tanto polo significado literal do fraseoloxismo como polo significado externo do seu constituínte somático.

Pero comecemos polo estudo dos criterios definitorios dos fraseoloxismos e dos SO, tratados no primeiro capítulo da presente obra. Unha vez analizadas as definicións máis representativas do termo *fraseoloxismo* e os seus trazos tradicionalmente definitorios, a autora conclúe que o carácter plurilexemático e semanticamente unitario dos mesmos é o que realmente caracteriza ó seu conxunto e relega ó segundo plano unha serie de criterios adicionais de idiomaticidade e estabilidade que, asegura, non teñen outra función máis cá de situa-los fraseoloxismos nun contínuum de “fraseoloxidade”, segundo a coñecida teoría do centro e periferia da Escola de Praga. Dado que cuestiona-

la suma relevancia dos dous grandes piares nos que asenta a arbitrariedade fraseolóxica require máis ca unha breve introdución, a autora dedica o resto do libro -segundo e terceiro capítulo- á análise da idiomaticidade/transparencia e estabilidade/variabilidade dos fraseoloxismos somáticos.

O primeiro capítulo continúa coa caracterización dos SO como grupo fraseolóxico. Cabe salienta-la preponderancia dos SO sintagmáticos verbais, a expresión xeneralizada de emocións e comportamentos (Mellado 1997), a súa negatividade, a súa carga expresiva e, por suposto, a súa subxectividade no que respecta á valoración dun feito. A autora adianta novamente o contido dos capítulos seguintes ó subliña-la importancia das características semánticas dos compoñentes dos fraseoloxismos somáticos, “ya que éstas determinan en gran medida muchos de los semas del significado fraseológico” (26), permitindo, ademais, identifica-los chamados *rasgos tipológicos*, que dan lugar a series fraseolóxicas de significado afín, evidencia da menor idiomaticidade do grupo dos SO. Especialmente interesante resulta o apartado tocante á súa universalidade e ás causas antropolóxicas desta. A seguir, a autora incide no amplo grupo dos SO cinéticos, rematando o capítulo cunha breve descrición dos SO animais e da súa distinta consideración estilística e frecuencia de uso no alemán estándar e dialectal.

Chegamos así ó segundo capítulo, “Constitución semántica de los somatismos”, verdadeiro esqueleto da obra (41-152) que consta de cinco “subcapítulos”. Trátase en primeiro lugar a cuestión da idiomaticidade fraseolóxica. Mellado Blanco procede á análise crítica dos criterios clásicos de idiomaticidade, afirmando que o principal é o non composicional. Puntualiza, non obstante, que a maior ou menor autonomía semántica dos constituíntes fraseolóxicos é un feito determinante do grao de idiomaticidade dos fraseoloxismos e establece tres criterios para identifica-la idiomaticidade total ou parcial dos mesmos. A continuación, profunda nos conceptos de opacidade/transparencia e expón os métodos que utilizan diversos lingüistas para determina-la opacidade/idiomaticidade dos fraseoloxismos, aplicándoos ó grupo dos SO. Relaciona, de seguida, a idiomaticidade e a expresividade, vinculándoas sen dúbida ningunha, pero engadindo que a marca estilística, as particularidades formais e os mecanismos de aliteración inflúen tamén decisivamente na expresividade fraseolóxica. O terceiro apartado está dedicado á metáfora como mecanismo importante de transformación semántica. A autora afirma que “con la metáfora no se suelen crear conceptos nuevos, sino maneras subjetivas de experimentar esos conceptos” (57), de aí a súa lexicalización e convencionalización nos fraseoloxismos. Detense na metáfora local ou espacial, característica dos SO, baseada “en nuestra experiencia física y cultural con el mundo exterior a partir del espacio primario de nuestro propio cuerpo” (57). Ilustra este concepto mediante a metáfora espacial baseada na verticalidade (Mellado 1999), entre outras, a cal deixa patente a universalidade non tanto das imaxes metafóricas como dos procesos cognitivos que as motivan. Deste xeito, dentro do grupo que ten como denominador común “(1) ESTADO DE ÁNIMO POSITIVO [...] (sgdo. fraseolóxico) ES ‘ARRIBA’ (sgdo. literal) – (2) ESTADO DE ÁNIMO NEGATIVO [...] ES ‘ABAJO’ (sgdo. literal)” obsérvase nos seguintes exemplos a validez de tal principio (58):

(1) jmdm. Schlägt das Herz bis zum Hals:

SL: ‘palpitarle a alg. el corazón hasta el cuello’;

SF: ‘estar muy emocionado’

(2) den Kopf hängen lassen:

SL: ‘dejar caer la cabeza’;

SF: ‘estar desanimado’

Para pecha-lo primeiro subcapítulo abórdase o tema da metonimia e a súa presenza como tropo xerador de idiomaticidade nos SO.

No seguinte subcapítulo trata a controvertida oposición entre polisemia e amplitude de significado. Estúdanse distintas definicións do “significado amplo ou difuso” na Fraseoloxía e os argumentos que xustifican o seu predominio fronte á polisemia (só o 3,5% dos SO do corpus son considerados polisémicos). Retómase neste punto o tema do proceso de metaforización, vinculada á propia transformación semántica do lexema somático e presentada como causa directa do fenómeno polisémico nos fraseoloxismos somáticos, concretamente a metaforización en cadea (máis frecuente) e a paralela. Segue a lista dos SO polisémicos do corpus coas súas correspondentes acepcións e maila indicación do proceso de metaforización que tivo lugar en cada caso. O seguinte paso é caracterizar a posteriori a polisemia nos fraseoloxismos, distinguíndoa da significación ampla. Xa en último lugar, menciónanse as dificultades metodolóxicas que supón a separación entre homonimia e significado amplo na Fraseoloxía.

No terceiro subcapítulo a autora ocúpase da análise e caracterización das relacións semánticas paradigmáticas de sinonimia e antonimia nos SO. Alén diso, expón a problemática da distinción entre fraseoloxismos sinónimos/antónimos internos e variantes sinónimas/antónimas (ou sinónimos/antónimos estruturais), incluíndo tamén neste caso a lista dos sinónimos e antónimos internos atopados no corpus.

Os subcapítulos cuarto e quinto son o miolo da presente obra, por estaren dedicados á aplicación e consecuente demostración empírica da tese fundamental da autora: a relativa regularidade semántica e morfosintáctica do proceso de fraseoloxización, nos SO en particular. O cuarto subcapítulo, correspondente á análise semántica específica dos SO de acordo cos seus trazos tipolóxicos, iníciase cun repaso da literatura existente verbo do concepto actual de *rasgos tipolóxicos*, ó que lle segue a importante identificación dos trazos comúns máis relevantes dos SO que dan lugar a series fraseolóxicas que teñen como constituínte principal o mesmo lexema somático (37 lexemas somáticos, 102-120). Tal identificación só é posible a través dunha análise semántica sistemática, clara e rigorosa, como a abordada por Mellado Blanco. Das interesantes conclusións tiradas da análise semántica, quixera destaca-la seguinte afirmación: “el volumen de rasgos tipológicos de las series fraseológicas depende de factores culturales, pues dependiendo del lugar y del tiempo, los lexemas somáticos de las lenguas desarrollan más o menos significados externos que despiertan determinadas asociaciones metafóricas” (121). Con todo, a primeira vista sorprende a coincidencia de moitos trazos tipolóxicos dos SO máis activos do alemán cos do galego. Sería interesante profundar nesas coincidencias e nas produtividades respectivas, así como nas discrepancias.

Para rematar, a autora presenta a súa clasificación dos SO de acordo cos trazos tipolóxicos, sinalando o proceso de transformación semántica de cada grupo e o grao de idiomaticidade ó que este dá lugar (en progresión ascendente). Como xa mencionei, no quinto e último subcapítulo lévase a cabo a análise semántico-estrutural dos SO, isto é, a relación entre o significado fraseolóxico e a estrutura sintáctica. Despois dunha revisión crítica da concepción tradicional e actual da “modelación”, a autora decántase polo coñecido e aínda revolucionario procedemento de análise semántico-estrutural de Mokienko e readáptao para establecer 10 modelos semántico-estruturais agrupados baixo tres “invariantes situacionais” a partir do seu corpus. Estes modelos, a diferenza do que ocorre cos trazos tipolóxicos, son específicos do alemán, posto que cada lingua se serve dos seus medios formais particulares, aínda que se poida encontrar algún paralelismo na invariable situacional ou fraseosemántica. Só trata aparte un modelo: as estruturas bimembres, modelo que é especialmente produtivo no alemán por ser un idioma xermánico (145). A autora deduce dos SO con parellas fraseolóxicas as funcións propias de cada micromodelo e pasa a xustifica-la irreversibilidade dos seus constituíntes. Acádase, unha vez máis, o duplo obxectivo do presente traballo: a) demostra-la regularidade fraseolóxica (neste caso semántico-estrutural); e b) demostrar que o significado literal e a estrutura sintáctica se interrelacionan e que ambos inflúen no significado fraseolóxico global.

Tras esta completa abordaxe da cuestión idiomática, pásase a tratar no terceiro capítulo outra cuestión que é motivo de polémica na Fraseoloxía: a estabilidade. Isto implica, como é obvio, o estudo da variabilidade fraseolóxica, do que Mellado Blanco extrae que: “a mayor grado de idiomaticidad, mayor grado de fijación” (159), vinculando deste xeito ambos conceptos. Define entón “variante usual” e “ocasionalismo” e enumera as variacións morfosintácticas dos constituíntes internos e externos recorrentes nos SO do corpus, incluíndo en cada unha delas as parellas de variantes correspondentes. Dado que aquí son relevantes os aspectos sintácticos, as variacións mencionadas son prototípicas do alemán. Á variación morfosintáctica séguelle a variación léxica, na que a autora distingue variantes cuantitativas, sinónimas, antónimas e conversivas. Culmina este capítulo cun exame diacrónico da fixación fraseolóxica, do que se extrae, xunto co exposto anteriormente, que “cuanto más global e idiomático es el significado de un FR más expuesto está a irregularidades sintácticas y a que su estabilidad sea mayor, con menor probabilidad de desarrollar variantes” (195).

Esta e máis outras moitas conclusións importantes ás que chega a autora están reunidas no cuarto capítulo, o cal permite ter unha visión de conxunto de tódolos resultados desta frutífera investigación.

Antes da extensa bibliografía inclúese en forma de anexo o corpus de 1.385 SO extraídos do dicionario *Duden 11* (1992). Cada somatismo consta baixo o lexema somático principal, lexemas estes que aparecen por orde alfabética.

Cabe esperar que tanto este corpus como as xa postuladas teorías de Mellado Blanco verbo das regularidades semánticas e estruturais dos fraseoloxismos en xeral e dos somatismos en particular, relativas ó alemán pero perfectamente aplicables –polo menos no método empírico– a outras linguas, inspiren e sirvan de base para estudos

relacionados coa fraseoloxía somática do galego, tamén moi produtiva. Sería igualmente interesante acometer estudos contrastivos sobre este particular, nos que se valorase a universalidade ou, pola contra, a idiomaticidade dos somatismos e as súas causas cognitivas, culturais, diacrónicas, diatópicas, etc. Non teño dúbida de que *Fraseologismos somáticos del alemán* inicia unha nova e interesante liña de investigación dentro do eido da Fraseoloxía.

Cristina Veiga Novoa

*Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

### Bibliografía

- MELLADO BLANCO, Carmen (1997): “Fraseologismos alemanes y españoles del campo de las emociones” en *Paremia* 6,1997,383-388.
- MELLADO BLANCO, Carmen (1999): “La relevancia de la metáfora en el proceso de formación de fraseologismos alemanes y españoles: las metáforas locales” en *Paremia* 8,1999,333-338.

**RODRÍGUEZ LEÓN, M<sup>a</sup> Esmeralda (2003): *Pequeno refraneiro alemán-galego*. Servizo de publicacións da Universidade de Vigo, Vigo, 87 páxs.**

O Proxecto de Fin de Carreira da Licenciatura en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo de M<sup>a</sup> Esmeralda Rodríguez León foi publicado o ano pasado co título *Pequeno refraneiro alemán-galego*. Este refraneiro, malia ser “pequeno”, contribúe a satisfacer dúas “grandes” necesidades. En primeiro lugar, a necesidade que teñen os tradutores dende e para o galego de ferramentas esenciais para desempeñaren o seu labor: dicionarios, glosarios, obras de consulta, etc., incluíndose aquí, por suposto, os dicionarios fraseolóxicos tanto monolingües coma plurilingües, que infelizmente aínda son moi escasos (Pena 2001, Conde 2001, Martínez 2002). Ademais, a maioría das obras de consulta paremiolóxicas do galego ocúpanse da rica fraseoloxía locucional e formulaica da nosa terra, limitando ou obviando os refráns, de aí que toda achega a este campo tan pouco cultivado sexa benvida. E máis benvida é aínda se temos en conta que se trata, neste caso, non só dun refraneiro, senón dun refraneiro bilingüe alemán-galego, unha combinación lingüística pouco común, o cal outorga se cabe máis valía a este traballo.

A segunda necesidade que pretende axudar a cubri-lo *Pequeno refraneiro alemán-galego* é abondo recoñecida por tódolos que traballan por e coa nosa lingua: a de normalizar o uso do galego para garanti-la súa supervivencia. Rodríguez León e maila Área de

Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, conscientes desta realidade, sacan á luz a súa “pequena achega a este proceso” (7).

O *Pequeno refraneiro alemán-galego* consta de dúas partes. A primeira parte ten unha finalidade teórico-práctica: teórica porque a autora considera importante que o tradutor teña certas nocións básicas sobre os refráns para poder identificalos e traducilos correctamente; e práctica porque presenta tamén algunhas das estratexias das que se pode botar man na tradución dun refrán. O refraneiro alemán-galego en si, resultado da aplicación práctica da teoría precedente, constitúe a segunda parte da obra.

Dentro da parte teórica, no segundo capítulo a autora aborda o “Problema terminolóxico e conceptual” que existe en torno ás unidades fraseolóxicas en xeral, tanto pola profusión de denominacións como polos trazos que estas comparten e que fan difícil trazar unha fronteira clara entre cada unha delas. Por iso, pasa a facer unha introdución teórica verbo das características e clasificación das unidades fraseolóxicas (UF). Para isto recorre ás clasificacións -xa clásicas na fraseoloxía peninsular- de Corpas, Zuluaga e Casares. Segundo a teoría de Corpas, os refráns clasifícanse, xunto cos enunciados de valor específico, dentro das paremias, que á súa vez se inclúen no grupo dos chamados enunciados fraseolóxicos, xunto coas fórmulas rutineiras. Non obstante, Álvarez de la Granja, nunha primeira proposta de clasificación semántico-funcional das UF galegas (2003: 9-34), cuestiona a distinción entre fórmulas e “enunciados lexicalizados con valor específico”, entre outros aspectos de varias clasificacións fraseolóxicas do castelán. Rodríguez León relativiza o principio de “verdade xeral” dos refráns de Corpas, xa que a verdade que estes conteñen só o é dentro do marco espazo-temporal e sociocultural no que xurdiron. Unha vez sopesadas as tres clasificacións, conclúe que un refrán é “un enunciado fraseolóxico fixado, bimembre ou plurimembre que posúe unha autonomía sintáctica e textual, un significado autónomo, e que o seu significado non se obtén a partir da suma dos significados dos compoñentes individuais (idiomaticidade)” (13). Con todo, non concorda coas características de verdade xeral –como xa se indicou–, artificio e carácter anónimo (14).

De seguida, Rodríguez León reflexiona brevemente sobre un tema tan enigmático coma interesante: a orixe dos refráns. Destaca a metáfora como tropo xerador de idiomatidade e ampliación do significado paremiolóxico e engade que os feitos obxecto de metaforización proveñen, na súa maioría, das actividades cotiás de cada cultura e do entorno no que estas se desenvolven, o cal explica que, por exemplo, predominen na fraseoloxía galega as metáforas provenientes da agricultura e a pesca.

Acerca dos usos dos refráns ou, mellor dito, do seu desuso, di a autora que “as condicións lingüísticas e culturais existentes hoxe en día non adoitan ser nada favorables para a utilización dos refráns” (17), referíndose ó rexeitamento destes por parte dos falantes, que os consideran obsoletos, e á crecente estandarización da lingua, promovida polos medios de comunicación. Así e todo, e a pesar desta situación panlingüística, puntualiza que nas sociedades xermanofalantes os refráns seguen a ter un uso moito máis normalizado e frecuente ca na galega e inclúe, a modo ilustrativo, varios fragmentos de textos especializados nos que se utiliza un refrán directa ou indirectamente (18-19).



Rodríguez León apunta, moi acertadamente, que a funcionalidade dos refráns abrangue aspectos pragmáticos, aínda pouco estudados, que permitirían determina-la equivalencia de uso, e non só semántica, de dous refráns de linguas diferentes, concedendo especial importancia a este respecto á elaboración do “mínimo paremiolóxico” de cada lingua<sup>3</sup>.

Especialmente interesantes resultan os seus comentarios acerca dos chamados *Antispruchwörter* ‘antirefráns’, denominación alemá moito máis fiel á realidade social da que son produto ca “refráns desautomatizados” –por exemplo “*Arbeit adelt – wir bleiben lieber bürgerlich*” (21) –, posto que os falantes os parodian para restarlle autoridade ás ensinanzas que estes transmiten. Ofrecense, ademais, interesantes exemplos dos distintos métodos de desautomatización que se utilizan no alemán para parodiar refráns, así como as observacións de Zuluaga (23) acerca da tradución de UF desautomatizadas.

No terceiro capítulo Rodríguez León aborda a cuestión tradutolóxica da paremioloxía, comezando polas dificultades que presenta a tradución dun refrán, xa comentadas nos capítulos anteriores: a escaseza de bibliografía de consulta de tipo fraseolóxico tanto monolingüe coma plurilingüe, completa e fiable<sup>4</sup>; o descoñecemento de moitos refráns debido ó seu uso reducido, a súa desautomatización e, por suposto, as características singulares destes, que os converten en “unidades de sentido” especialmente difíciles de transferir a outra lingua. Perante esta situación, o tradutor só conta coa súa competencia lingüística e intuición para identificar, analizar e traducir correctamente as paremias. Pero, segundo a autora, non todo son desvantaxes, xa que os refraneiros de moitas culturas beberon de fontes comúns, feito que deu orixe a refráns totalmente equivalentes malia conservaren o seu carácter nacional e cultural.

Procede entón a autora a presenta-las diversas estratexias de tradución de refráns propostas por Julia Sevilla Muñoz<sup>5</sup> e Joaquim Mallafrè, que coinciden en que se debe procurar en primeiro lugar a equivalencia total, de existir, e en segundo lugar a equivalencia conceptual a falta da total (formal, semántica e pragmática). No relativo á abordaxe da inexistencia dun equivalente na lingua meta é onde se observan as diferenzas, decantándose a autora pola solución de Joaquim Mallafrè de adapta-lo refrán dun xeito literal ou equivalente (29). En calquera caso, o importante é buscar unha solución adecuada para cada situación e contexto, tentando, na medida do posible, conserva-la expresividade inherente á paremia, motivo fundamental do seu uso no canto dunha linguaxe neutral e insulsa.

---

<sup>3</sup> A pesar de que en galego non contamos aínda cun verdadeiro mínimo paremiolóxico, témo-la achega de Ana Vidal Castiñeira (2003: 79-116), sobre todo no aspecto metodolóxico, xa que o seu estudo se circunscribe á comarca de Viana do Bolo.

<sup>4</sup> Cabe destacar no tocante a isto a importancia das achegas do profesor Ferro Ruibal ó coñecemento e difusión da paremioloxía galega a través das súas numerosas publicacións e do seu labor como director da área de fraseoloxía do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades tanto nos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* coma no proxecto *Diccionario de fraseoloxía galega*, que conta neste momento cunha base de datos fraseolóxica de aproximadamente 250.000 entradas.

<sup>5</sup> Véxase o artigo de Julia Sevilla Muñoz “O concepto correspondencia na tradución paremiolóxica” nesta mesma obra.

O capítulo seguinte está dedicado á exposición dos “Criterios seguidos para a elaboración do refraneiro”. Despois de indicar Rodríguez León que o método elixido foi o temático, explica un por un os pasos que se seguiron, así como con que problemas se atoparon en cada un deles e como se resolveron. As dez categorías escollidas para este refraneiro (agrupadas en ‘animais domésticos’, ‘cartos’ e ‘ser humano’) responden ós criterios de representatividade, presenza en ambas linguas e universalidade ou menor marca cultural, o cal garante a existencia de equivalentes dos refráns alemáns no repertorio paremiolóxico galego. É importante salientar que neste refraneiro non se traducen literalmente os refráns alemáns, senón que se ofrecen directamente os seus equivalentes, dando prioridade á fidelidade semántica e respectando a esencia cultural destes fronte á aparente equivalencia total, para o cal houbo que salvar moitos obstáculos (34-35). Por outra parte, a inclusión de variantes e sinónimos facilita, de acordo coa autora, a busca do orixinal (no caso dos refráns alemáns) e a súa tradución ó ter unha maior variedade de refráns galegos entre os que escoller. Rodríguez León pecha o capítulo establecendo algunhas pautas para a consulta e máximo aproveitamento do refraneiro.

Durante a elaboración do refraneiro Rodríguez León reparou no feito de que os refráns das categorías *Hund* (can) e *Frau, Mädchen, Weib* (muller, rapaza) eran os máis numerosos e en que dentro desta última categoría a maioría eran negativos e machistas, polo que decidiu analiza-lo sexismo presente no refraneiro nun capítulo aparte, o quinto. Curiosamente, os tópicos machistas que existen sobre as mulleres, creados en épocas e sociedades nas que a desigualdade entre estas e os homes era moito máis patentes que na actualidade, aparecen tanto nos refráns alemáns coma nos galegos e por iso a autora os clasifica e ilustra con refráns de ámbalas dúas linguas. Neste caso bótase en falta a tradución dalgúns refráns alemáns, que, na miña opinión, son especialmente crueis e sarcásticos: *Klopfe den Pelz aus – es wird dir wärmer; klopfe das Weib, sie wird dir lieber* ‘sacude as peles, abrigarante máis; sacude a muller, quereate máis’; ou *Liebe dein Weib von ganzem Herzen, schlage es, dass die Glieder schmerzen* ‘quere a túa muller de todo corazón, bátelle ata que doan os membros’.

O sexto e derradeiro capítulo constitúe a segunda parte desta obra. Trátase do *Pequeno refraneiro alemán-galego*, que consta de 162 refráns alemáns ordenados alfabeticamente dentro de cada unha das dez categorías, seguidos da remisión a outra entrada variante ou sinónima, en caso de que exista, e o seu equivalente galego coas súas variantes e sinónimos respectivos. A continuación, e para facilitar aínda máis a consulta, ordénanse alfabeticamente tódolos refráns en dous índices: o alemán primeiro e despois o galego. Por último, aparece a extensa bibliografía e obras de referencia empregadas para a elaboración do refraneiro (dicionarios e recompilacións de refráns), que poden serlle de moita utilidade ó tradutor, a quen, ó fin e ó cabo, vai dirixido este traballo.

O *Pequeno refraneiro alemán-galego* é unha obra que, aínda que modesta, contribúe, como pretende, a amplia-lo abano de obras de consulta fraseolóxica coas que pode conta-lo tradutor galego do alemán, contribuindo a normaliza-la nosa lingua e facilita-la preservación e difusión da nosa paremioloxía, importante expoñente de todo acervo cultural.

Cristina Veiga Novoa

*Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

### **Bibliografía**

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, Mª (2003): “Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 4,2003,9-34.
- CONDE TARRÍO, G. (2001): *Diccionario de refráns*. Galaxia, Vigo.
- PENA ROMAY, X. A. (2001): *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*. Edicións do Cumio, Vigo.
- MARTÍNEZ SEIXO, R. A. (2002): *Diccionario fraseolóxico galego*. Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- VIDAL CASTIÑEIRA, A. (2003): “Aproximación ó ‘mínimo paremiolóxico’ galego. Unha proposta didáctica” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4,2003,79-116.



## **Noticia de traballos fraseolóxicos feitos en Galicia dende o ano 2000 e que están inéditos, en prensa ou aínda en elaboración**

Consello de Redacción

*Cadernos de Fraseoloxía Galega* desexa publicar no vindeiro número 7 (2005) unha bibliografía de traballos fraseolóxicos ou fraseográficos feitos sobre a lingua galega ou feitos por investigadores que residen en Galicia. Por iso agradecemos anticipadamente todo tipo de noticias que se nos poidan ofrecer sobre traballos non contidos na permanentemente actualizada *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (BILEGA) do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [<http://airas.cirp.es/WXN/wxn/frames/bilega.html>].

Na presente nota queremos dar conta simplemente de traballos actualmente inéditos ou en curso de elaboración.

### **1. Universidade de Santiago de Compostela**

#### **1.1 Traballos de Departamentos**

*Estudo contrastivo sociolingüístico e fraseolóxico entre o (baixo)alemán e o galego: a súa situación en Europa como linguas menores e análise da súa fraseoloxía como signo de identidade cultural.* Proxecto interdepartamental (Filoloxía Alemana e Filoloxía Galega). Investigadores: Carmen Mellado Blanco (directora), María Álvarez de la Granja, Francisco Dubert, Carmen Cayuelas, Patricia Buján, Catuxa López. Financiado pola Xunta de Galicia. Dirección Xeral de I + D.

*A fraseoloxía na lingua e no discurso: estudo das expresións fixas no oral e no escrito.* Proxecto do departamento de Filoloxía Francesa e Italiana (Facultade de Humanidades de Lugo). Investigadores: M<sup>a</sup> Isabel González Rey (directora), Montserrat López Díaz, María Montes López, Ascensión Sierra Soriano, M<sup>a</sup>

Isabel Veiga Levray. Financiado pola Xunta de Galicia. Dirección Xeral de I+D.

## 1.2 Teses de doutoramento

MORALEJO GÁRATE, M. T. (2001): *Predicados complejos en inglés medio*. Universidade de Santiago de Compostela. Dirixida por Luís Iglesias Rábade.

MUÑIZ ÁLVAREZ, E. M. (2004): *El concepto de colocación en español*. Universidade de Santiago de Compostela. Dirixida por Guillermo Rojo.

VEIGA LEVRAY, M<sup>a</sup> I. (en elaboración): *Étude du traitement hémérogaphique de la phraséologie dans une perspective traductologique*. Dirixida por M<sup>a</sup> Isabel González Rey.

## 1.3 Outros traballos de investigación inéditos

VEIGA LEVRAY, M<sup>a</sup> I. (2002): *Les expressions figées à la Une*. DEA dirixido por M<sup>a</sup> Isabel González Rey.

(2003): *Étude contrastive des expressions figées françaises et espagnoles: une approche linguistique et socioculturelle*. Memoria de Licenciatura dirixida por M<sup>a</sup> Isabel González Rey.

## 1.4. Recursos:

GONZÁLEZ REY, M<sup>a</sup> I: *Parlons Idiomatique!* Manual de exercicios fraseolóxicos en 2 volumes, con 1 glosario nun volume á parte.

## 2. Universidade da Coruña

### 2.1. Proxectos de investigación

*Optimización de la indexación semántica por medio de información colocacional*. M. Alonso Ramos (directora) + 2 investigadores participantes. Financiado por Xunta de Galicia-Universidade da Coruña. [2002-2004].

*Extensión de Eurowordnet con información colocacional*. M. Alonso Ramos (directora) + 2 investigadores participantes. Financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología-Universidade da Coruña. [2002-2005].

*Extensión de Eurowordnet con información colocacional*. M. Alonso Ramos (directora) + 3 investigadores participantes. Financiado pola Xunta de Galicia-Universidade da Coruña. [2003-2005].

*Adquisición de conocimiento léxico-gramatical a partir de corpora para el enriquecimiento del Eurowordnet español con información colocacional*. Investigadores responsables: M. Antonia Martí Antonín (directora do equipo español) e Leo Wanner (director do equipo alemán) + 3 / 3 investigadores participantes. Financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología (Acción Integrada con Alemaña Ha2002-0089). Universitat de Barcelona, Universidade da Coruña e Universität Stuttgart. [2002-2005].

### 2.2 Teses de doutoramento

LAREO MARTÍN, I. (en elaboración): *Las colocaciones verbales en la historia del inglés*. Universidade da Coruña.

## 2.3 Recursos

ALONSO RAMOS, M.: *Diccionario de colocaciones del español (DiCE)*. Desenvolvemento dun novo recurso de enxeñaría lingüística: demo do DiCE en internet (<http://www.dicesp.com> e <http://www.colocacionesp.com>)

2.4 No I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica (A Coruña, 2004), organizado pola Asociación Española de Estudios Lexicográficos (AELEX) e a Universidade da Coruña, ademais dalgunhas comunicacións dedicáronse a asuntos directamente relacionados coa fraseoloxía tres sesións plenarias: “Para un estudio semántico y una clasificación de las paremias: lengua, metalengua, vulgatas y folklore” (Jean Claude Anscombe), “La colocación en el diccionario” (Igor Melèuk) e a presentación de REDES. *Diccionario combinatorio del español contemporáneo* (Ignacio Bosque e Concha Maldonado).

## 3. Universidade de Vigo

### 3.1. Traballos de fin de carreira

GIL RODRÍGUEZ, M<sup>a</sup> (2002): *O Demo na fraseoloxía galega e alemana*. Traballo de fin de carreira da Licenciatura de Tradución e Interpretación.

PEREIRA GINET, T. (2002): *Glosario paremiolóxico multilingüe (galego-portugués-castelán-francés-inglés-italiano)*. Traballo de fin de carreira da Licenciatura de Tradución e Interpretación.

## 4. Escola Oficial de Idiomas. Vigo

BARBEITO LORENZO, M<sup>a</sup> D.: *Expresións e refráns de Sta Marta de Ribarteme no concello das Neves*.

DÍAZ RODRÍGUEZ, M.: *Expresións e refráns de Flariz, no concello de Monterrei*.

HERMIDA ALONSO, A.: *Expresións e refráns de Matamá no concello de Vigo*.

LAGO ÁLVAREZ, M.: *Expresións e refráns dos concellos de Vigo e Verín*.

LÓPEZ BARREIRO, M.: *Expresións e refráns do Cachafeiro no concello de Forcarei*.

## 5. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

*Tesouro Fraseolóxico Galego* (en elaboración). Proxecto dirixido por Xesús Ferro Ruibal.

## 6. Traballos no prelo

ALONSO RAMOS, M. e MUÑIZ, E.: “Colocaciones y enseñanza del léxico” en *Actas de AESLA*. Valencia.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M<sup>a</sup>: “O tratamento lexicográfico dos verbos soporte no marco da teoría da metáfora” en *Actas do I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica*. Universidade da Coruña. A Coruña.

CONDE TARRÍO, G.: “La función represiva del refranero” en *Paremia*.

“El refrán y los tópicos: reformulación de su definición” en *II Congreso Internacional de Retórica en México ‘El horizonte interdisciplinario de la Retórica’* (2003).

- FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ, C.: “Fraseología metalingüística con ‘decir’. Análisis de algunas unidades que expresan acuerdo intensificado” en CASADO, M., GONZÁLEZ, R. e LOUREDA, O. (eds.): *Estudios sobre lo metalingüístico en español*. Peter Lang, Frankfurt.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, V. e GONZÁLEZ REY, M<sup>a</sup> I.: “La didactique des expressions figées en langue étrangère” en *Análisis del discurso: lengua, cultura, valores*. Universidad de Navarra, Navarra.
- FERRO RUIBAL, X.: “La fraseología, espejo de la historia de un pueblo. Notas gallegas” en PAMIES BERTRÁN, A. e LUQUE DURÁN, J.D. (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Método Ediciones-Granada Lingvistica, Granada.
- GONZÁLEZ REY, M<sup>a</sup> I. (ed.): *Le français en clichés*. Editorial AXAC, Lugo.
- “La fraseología de la música: la productividad y mutabilidad de sus expresiones fijas” en PAMIES BERTRÁN, A. e LUQUE DURÁN, J.D. (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Método Ediciones-Granada Lingvistica, Granada.
- “Aller retour entre les collocations et les expressions idiomatiques” en *Isla Abierta*. X Coloquio de la APFFUE. Universidad de La Laguna, Tenerife.
- “L'espace réservé à la phraséologie dans la didactique du F.L.E.” en *Espace et Texte*. XII Coloquio de la APFFUE. Universidad de Alicante, Alicante.
- “La noción de 'hapax' en el sistema fraseológico francés y español” en *Actas del Quinto Coloquio Internacional de Lingüística Contrastiva Alemán-Lenguas Románicas y Lenguas Románicas entre sí*. Universität Leipzig, Leipzig.
- “Siglaison et sigles: du procédé au produit” en *Actes du XXVIII Colloque International de linguistique fonctionnelle*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- LÓPEZ DÍAZ, M. e GONZÁLEZ REY, M<sup>a</sup> I.: “De l'opacité des séquences figées comme exception sémantique” en *Faits de langues* 23, Paris.
- MELLADO BLANCO, C.: “Los préstamos en la fraseología: de lo nacional a lo transnacional” en LÓPEZ DÍAZ, M. (ed.): *Actas del XXVIII Colloque International de Linguistique Fonctionnelle*. (Santiago-Lugo, 2004).
- RÍO CORBACHO, M<sup>a</sup> P.: “Paremiología Hagiográfica: santos y santas gallegos (II)” en *Paremia*.
- “Modos de expresar el aumento o disminución del día en las paremias hagiográficas” en *II Congreso Internacional de Retórica en México 'El horizonte interdisciplinario de la Retórica'*. (2003).



# Cadernos de Fraseoloxía Galega

## Notas para a presentación de colaboracións

1. O obxectivo dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* é difundir materiais fraseolóxicos galegos inéditos e reflexións teóricas sobre o feito fraseolóxico así como traballos aplicados á súa tradución e didáctica. Terán tamén cabida recensións de publicacións ou teses de doutoramento e tamén traducións de grandes contribucións fraseolóxicas que tiveron circulación restrinxida por razón da lingua orixinal ou porque nunca se reeditaron.
2. A lingua de publicación é a galega seguindo as normas da Real Academia Galega. A revista ofrecerá un servizo de tradución ó galego para aqueles traballos que solicite a investigadores que non poidan redactalos directamente en galego. A revista poñerá en contacto con tradutores competentes a aqueles investigadores que espontaneamente presenten traballos en lingua distinta da galega.
3. As seccións da revista son as seguintes: Estudos, Recadádivas, Recensións e Bibliografía. Os Estudos terán un peso cuantitativo maior cás Recadádivas e aquí inclúiranse todo tipo de traballos teóricos relacionados coa fraseoloxía. Nas Recensións presentaranse e comentaranse brevemente as publicacións fraseolóxicas máis recentes, mentres que a bibliografía dará conta de traballos fraseolóxicos igualmente recentes, aínda que inéditos.
4. Os traballos serán inéditos e a extensión máxima desexable é de 15 páxinas, aínda que se aceptarán colaboracións de menor extensión (tipo nota).
5. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que non afecten o contido. Nese caso solicitarase a autorización do autor ou autora.
6. O autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de texto máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.
7. No inicio do artigo deberá incluírse un resumo ou abstract en galego e inglés.
8. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor ou autora e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións encabezaránse coa ficha bibliográfica completa do traballo comentado. O nome do autor ou autora do traballo poñerase ó final do traballo.
9. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2...; 1.1., 1.2...; 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel de xerarquía.
10. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas inclúiranse no texto indicando entre parénteses o primeiro apelido do autor ou autora, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "... (Corpas 1996) ou (Álvarez 1999: 20)..." De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

11. Ó final dos artigos deben aparecer recollidas tódalas referencias bibliográficas, co seguinte formato:

### **Referencias bibliográficas**

BRAZÃO, José Ruivinho (1994): *Os provérbios nos cancioneiros medievais galego-portugueses: Estudo paremiológico e recolha de textos*. Universidade de Lisboa, Departamento de Literaturas Românicas.

CONDE TARRÍO, Germán (1998): "La verdad en el refranero: los refranes meteorológicos gallegos" en *Premia* 7, 1998, 61-68.

SANJURJO, Luis (2000): "Le vent et la mer à travers la parémiologie et les expressions idiomatiques françaises, espagnoles, galiciennes et bretonnes" en LAGO GARABATOS, Xesús e SANCHEZ, Jean-Pierre (eds.): *Galice - Bretagne - Amérique latine: Mélanges offerts à Bernard Le Gonnec*. Université Rennes 2, Laboratoire Interdisciplinaire de Recherche sur les Amériques / Centre d'Études Galiciennes, Rennes, 151-160.

12. Os orixinais en papel remitiranse para a publicación a:

Cadernos de Fraseoloxía Galega

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Estrada Santiago - Noia, Km. 3 - A Barcia

15896 - Santiago de Compostela

Galicia (España)

A copia electrónica débese remitir por correo electrónico a [paremias@cirp.es](mailto:paremias@cirp.es)

13. Os traballos recibidos que se axusten a estas normas serán revisados por especialistas do Consello Científico e do Consello de Redacción.

14. Os autores dos traballos publicados recibirán un exemplar da revista e 20 separatas. Trinta dos máis acreditados fraseólogos do mundo recibirán un exemplar da revista, que manterá intercambio con outras publicacións similares.

# CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

## 1. Bases de datos en liña (accesibles en <http://www.cirp.es>)

BILEGA: Bibliografía informatizada da lingua galega  
MedDB: Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa

## 2. Recursos en liña (accesibles en <http://www.cirp.es/res/index.html>)

CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaciae)  
CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual)  
Diccionario de termos literarios (na rede as letras A-D)  
Informes de literatura (anos 1995-2001, formato ZIP)  
Arrecada (TERMIGAL): Servicio de Terminoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega  
Cadernos de Fraseoloxía Galega 1,2,3,4,5 (formato PDF)

## 3. Publicacións

| Tipo         | Título                                                                                                                                                                                      | Nº publ. |
|--------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| Lingüística  | Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE (edición en lingua galega). PETER NELDE, MIQUEL STRUBELL e GLYN WILLIAMS                                    | 22       |
|              | Repertorio bibliográfico da lingüística galega. Francisco García Gondar (Coord.)                                                                                                            | 11       |
| Fraseoloxía  | Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía                                                                                                                                                   | 30       |
|              | Refrancero galego da vaca. Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal                                                                                                                      | 6        |
|              | As imaxes da lingua rusa. Ensaio histórico, etimolóxico e etnolingüístico sobre fraseoloxía. VALERII MOKIENKO (trad. de Ekaterina Lossik)                                                   | 50       |
|              | Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas. VALERII MOKIENKO (trad. de Ekaterina Guerbek)                                                   | 51       |
|              | Cadernos de fraseoloxía galega 1. Fraseoloxía do mar na mariña luguesa. PACO RIVAS                                                                                                          | 52       |
|              | Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refrancero galego. XESÚS TABOADA CHIVITE                                                                                                                  | 53       |
|              | Cadernos de fraseoloxía galega 3. Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego. M <sup>a</sup> DO ROSARIO SOTO ARIAS                                                 | 82       |
|              | Cadernos de fraseoloxía galega 4. Estudos e recadávias. VARIOS                                                                                                                              | 83       |
|              | Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refrancero galego e outros materiais de tradición oral. FRANCISCO VÁZQUEZ SACO                                                                            | 84       |
|              | Cadernos de fraseoloxía galega 6.                                                                                                                                                           | 102      |
| Terminoloxía | Formulario notarial (tamén en disquete) (TERMIGAL da Real Academia Galega). VICTORINO GUTIÉRREZ ALLER                                                                                       | 39       |
|              | Regulamentos municipais I (tamén en disquete) (TERMIGAL do Centro Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega). XOAQUÍN MONTEAGUDO ROMERO                                                       | 40       |
|              | Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos (TERMIGAL do Centro Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega). FERNANDO LAHUERTA MOURIÑO e FRANCISCO X. VÁZQUEZ ÁLVAREZ                      | 62       |
|              | Vocabulario multilingüe de acuicultura (TERMIGAL do Centro Ramón Piñeiro e da Real Academia Galega). FERNANDO LAHUERTA MOURIÑO, FRANCISCO X. VÁZQUEZ ÁLVAREZ e XOSÉ L. RODRÍGUEZ VILLANUEVA | 77       |
|              | Diccionario Italiano-Galego. Isabel González (Coord.)                                                                                                                                       | 63       |

|                   |                                                                                                                                                                                             |     |
|-------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Literatura</b> | Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Luís Alonso Girgado (Coord.)                                                                                                             | 38  |
|                   | Cantigas do mar de Vigo. Antonio Fernández Guíadanes, Fernando Magán Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, María Rodríguez Castaño, Xosé Xabier Ron Fernández e María del Carmen Vázquez Pacho | 34  |
|                   | Diccionario de termos literarios. EQUIPO GUILFO                                                                                                                                             | 37  |
|                   | Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani. Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradiñ (Coord.)                                                                                     | 4   |
|                   | Informe de literatura 1995. Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)                                                                                                                                 | 14  |
|                   | Informe de literatura 1996. Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)                                                                                                                                 | 25  |
|                   | Informe de literatura 1997 (tamén en CD-ROM, contendo este e os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)                                                                  | 36  |
|                   | Informe de literatura 1998 (tamén en CD-ROM, contendo este e mailos tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)                                                              | 46  |
|                   | Informe de literatura 1999 (tamén en CD-ROM, contendo este e mailos catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)                                                             | 61  |
|                   | Informe de literatura 1995-2000 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)                                                                                                          | 72  |
|                   | Informe de literatura 1995-2001 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)                                                                                                          | 78  |
|                   | Informe de literatura 1995-2002 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (Coord.)                                                                                                          | 93  |
|                   | Lírica profana galego-portuguesa. Mercedes Brea (Coord.)                                                                                                                                    | 19  |
|                   | Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico. M <sup>a</sup> DE LOS ÁNGELES RODRÍGUEZ FONTELA                                                 | 18  |
|                   | Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia. Úrsula Heinze de Lorenzo (Introducción, selección e traducción)              | 15  |
|                   | Antoloxía do conto neozelandés. María Fe González Fernández (ed.)                                                                                                                           | 57  |
|                   | Livro de Tristán e Livro de Merlin. Pilar Lorenzo Gradiñ e José António Souto Cabo (eds.)                                                                                                   | 71  |
|                   | Orixes da Materia de Bretaña ( <i>A Historia regum Britanniae</i> e o pensamento europeo do século XII). Santiago Gutiérrez García                                                          | 74  |
|                   | Sulco e vento. álvaro de las casas.                                                                                                                                                         | 94  |
|                   | As Cantigas de Loo de Santa María. Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e M <sup>a</sup> Xesús Botana Villar (equipo investigador).                                                     | 101 |
| <b>Facsímiles</b> | A gaita gallega (A Habana 1885-1889). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                                                             | 49  |
|                   | Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 - Vigo 1956). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                             | 8   |
|                   | Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol 1952-1960). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                                          | 2   |
|                   | Cristal (Pontevedra 1932-1933). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                                                                   | 29  |
|                   | Cultura Gallega (A Habana 1936-1940). (Edición dos anos 1936-1937). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                               | 43  |
|                   | Galiza. (Mondoñedo 1930-1933). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                                                                    | 41  |
|                   | Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela 1945-1946). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                          | 12  |
|                   | La Alborada (A Habana 1912). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                                                                      | 42  |
|                   | La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela 1949-1950). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                               | 20  |
|                   | La Tierra Gallega (A Habana 1915). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                                                                | 42  |
|                   | Plumas e Letras en <i>La Noche</i> (1946-1949). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                                                   | 13  |
|                   | Posío (Ourense 1945-1946). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                                                                        | 9   |

|                               |                                                                                                                                      |     |
|-------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
|                               | Posío, Arte y Letras (Ourense 1951-1954). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                  | 17  |
|                               | Resol (Galicia 1932-1936). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                                 | 28  |
|                               | Doutрина e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal. VICENTE RISCO. Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)                  | 54  |
|                               | La Primera Luz. MANUEL MARTÍNEZ MURGUÍA. Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)                                    | 59  |
|                               | A saudade nos poetas gallegos. RAMÓN CABANILLAS ENRIQUEZ e ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.) | 64  |
|                               | Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña <i>El Noroeste</i> . Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)                         | 68  |
|                               | Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana 1885-1890). Luís Alonso Girgado (ed.)                                    | 75  |
|                               | La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896). Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                    | 79  |
|                               | Aturuxos. RAMÓN ARMADA TEIXEIRO. Luís Alonso Girgado (ed.)                                                                           | 76  |
|                               | Tapal. Carmen Fariña Miranda (ed.)                                                                                                   | 86  |
|                               | Eco de Galicia. (A Habana 1917-1936). María Lojo Abeijón (ed.)                                                                       | 95  |
|                               | Aíres d'a miña terra (Bos Aires 1908-1909). Carmen Fariña Miranda (ed.)                                                              | 96  |
| Narrativa e poesía recuperada | A cruz do salgueiro. XESÚS RODRÍGUEZ LÓPEZ. Manuel González e María González (eds.)                                                  | 23  |
|                               | Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos. MANUEL LOIS VÁZQUEZ. Manuel López Vázquez (ed.)                                        | 26  |
|                               | Baixo do alpendre e outros relatos. M. P. AMOR MEILÁN. M <sup>a</sup> Teresa Araújo García (ed.)                                     | 27  |
|                               | Obra narrativa en galego. HERACLIO PÉREZ PLACER. Isabel Soto López (ed.)                                                             | 33  |
|                               | Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras. JOSÉ A. Y TRELLES. Gustavo San Román (ed.)                                             | 31  |
|                               | Salayos e outros poemas. MANUEL NÚÑEZ GONZÁLEZ. Amelia Rodríguez Esteves (ed.)                                                       | 35  |
|                               | Obra narrativa en galego. AURELIO RIBALTA Y COPETE. M <sup>a</sup> Eulalia Agrelo Costas (ed.)                                       | 55  |
|                               | A obra narrativa en galego. MANUEL LUGRÍS FREIRE. Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)                               | 56  |
|                               | Obra galega. XULIO SIGÜENZA. Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)                                                        | 58  |
|                               | Obra narrativa en galego. UXÍO CARRÉ ALDAO. Modesto Hermida García e Mario Romero Trillanes (eds.)                                   | 65  |
|                               | As noites no fogar e outros textos. ÁNGEL VÁZQUEZ TABOADA. Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)                     | 69  |
|                               | Relatos e outras prosas. ROQUE PESQUEIRA CRESPO. M <sup>a</sup> Teresa Araújo García (ed.)                                           | 70  |
|                               | Folla Bricia. Poesía galega Completa. XOSÉ CRECENTE VEGA. Ricardo Polín (ed.)                                                        | 80  |
|                               | O vento segrel. AUGUSTO M <sup>a</sup> CASAS. Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)                                      | 81  |
|                               | Folla Bricia. Poesía galega completa. XOSÉ CRECENTE VEGA. Ricardo Polín (ed.)                                                        | 91  |
|                               | Tratado de Albeitaria. José Luís Pensado Tomé (ed.)                                                                                  | 100 |
| Filosofía e Ensaio            | A filosofía krausista en Galicia. RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ                                                                                | 3   |
|                               | Castelao humorista. SIRO LÓPEZ                                                                                                       | 16  |
|                               | Ética xeral. RAMÓN DEL PRADO. Ramón López Vázquez                                                                                    | 47  |
|                               | Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao. ANXO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ                                                              | 44  |

|               |                                                                                                                                                                                 |    |
|---------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
|               | Hamlet e a realidade cunqueirana. ANXO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ                                                                                                                       | 10 |
|               | Historia do pensamento antropolóxico en Galicia. ALFREDO IGLESIAS<br>DIÉGUEZ                                                                                                    | 48 |
|               | O Padre Feixoo, escolástico. RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ                                                                                                                                | 7  |
|               | O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André. Do europeísmo ó<br>galeguismo, RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ                                                                            | 21 |
|               | Suma da lóxica. GUILLERME DE OCKHAM. Xosé Calviño Pueyo (trad.)                                                                                                                 | 45 |
|               | Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas. LUÍS REY NÚÑEZ.                                                                                                                  | 93 |
|               | Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica). RAMÓN LÓPEZ<br>VÁZQUEZ.                                                                                              | 98 |
| <b>Cine</b>   | Filmografía galega. Longametraxes de ficción. Ángel Luís Hueso Montón e<br>José M <sup>a</sup> Folgar de la Calle (Coords.)                                                     | 32 |
|               | Filmografía galega. Curtametraxes. Ángel Luís Hueso Montón e José M <sup>a</sup><br>Folgar de la Calle (Coords.)                                                                | 73 |
| <b>Outros</b> | Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos. VV. AA.                                                                                                                            | 1  |
|               | Ramón Piñeiro (video-libro). CARLOS CASARES MOURIÑO                                                                                                                             | 24 |
|               | Conversa con Ramón Piñeiro. MANUEL RICO VERA.                                                                                                                                   | 85 |
|               | Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas. ANXO<br>GONZÁLEZ FERNÁNDEZ e RAMÓN LÓPEZ VÁZQUEZ.                                                                     | 87 |
|               | Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas. LUIS<br>ALONSO GIRGADO e TERESA MONTEAGUDO CABALEIRO.                                                      | 88 |
|               | Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón<br>Piñeiro: unha contribución. LUIS ALONSO GIRGADO, MARÍA CUQUEJO<br>ENRÍQUEZ e TERESA MONTEAGUDO CABALEIRO. | 89 |
|               | Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel<br>Murguía. JOSÉ ÁNGEL GARCÍA LÓPEZ.                                                                 | 97 |
|               | Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo<br>Calero Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña<br>Miranda (eds.)                  | 99 |
|               | O libro das palabras (obra xornalística completa). CONSTANTINO GARCÍA.<br>Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)                                         | 92 |
|               | Epistolario galego de Miguel de Unamuno. ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA                                                                                                             | 66 |
|               | Escolma. MANUEL MARTÍNEZ MURGUÍA. Luís Alonso Girgado e Teresa<br>Monteagudo (eds.)                                                                                             | 60 |
|               | Eladio Rodríguez González. Escolma. Constantino García, Luís Alonso<br>Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)                                                             | 67 |
|               | Guía de alimentación. PEDRO BENAVENTE JAREÑO                                                                                                                                    | 5  |